



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

IX lexislatura
Número 162

Sesión Plenaria
13 de xullo de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei en Pleno

5.1 45530 (09/PNP-003290)

Grupo Parlamentario Mixto

Martínez García, María Consuelo

Sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.2 45653 (09/PNP-003301)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 590, do 27.01.2016

5.3 50312 (09/PNP-003690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 646, do 19.05.2016

5.4 50730 (09/PNP-003728)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Dorado Soto, Javier, e tres deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.5 50829 (09/PNP-003746)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e dezasete deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal. (Procedemento de urxencia).

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 652, do 01.06.2016

5.6 50993 (09/PNP-003765)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e dous deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado nos vindeiros procesos electorais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.7 51082 (09/PNP-003776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e sete deputados/as máis

Sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

5.8 51322 (09/PNP-003794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo, e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

Punto 6. Interpelacións

6.1 50842 (09/INT-001965)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ferreiro Vidarte, María de los Ángeles, e tres deputados/as máis

Sobre a aplicación en Galicia da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.2 50914 (09/INT-001972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o pechamento de camas nos hospitais do Sergas durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 652, do 01.06.2016

6.3 51679 (09/INT-002000)

Grupo Parlamentario Mixto

Fernández Rodríguez, Mónica, e Martínez García, María Consuelo

Sobre a política do Goberno galego en materia de estradas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 666, do 29.06.2016

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

7.1 51883 (09/POPX-000198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre o balance da política sanitaria do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

7.2 51892 (09/POPX-000199)**Grupo Parlamentario Mixto****Martínez García, María Consuelo**

Sobre as medidas implantadas polo Goberno galego ao longo da novena lexislatura para reducir o número de suicidios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

7.3 51902 (09/POPX-000200)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as oportunidades existentes para vivir dignamente en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 51898 (09/PUP-000284)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Soneira Tajés, María Soledad, e dous deputados/as máis**

Sobre a finalidade das subvencións convocadas no Diario Oficial de Galicia nº 120, do 27 de xuño, para concellos de menos de dez mil habitantes e asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

8.2 48879 (09/POP-004730)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela, e catro deputados/as máis**

Sobre a situación das negociacións co Ministerio de Facenda para dotar dun local de titularidade pública o Ateneo de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 626, do 06.04.2016

8.3 51547 (09/POP-005059)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción dalgunha medida para resolver a situación da autoestrada AG-55, no treito A Coruña-Arteixo, e eliminar a peaxe nel para todas as persoas usuarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 663, do 22.06.2016

8.4 51164 (09/POP-005025)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Sánchez García, Antón, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos danos ocasionados ao patrimonio arqueolóxico da comarca da Mariña con motivo da explotación forestal do eucalipto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 659, do 15.06.2016

8.5 46493 (09/POP-004378)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da situación da doazón e do transplante de órganos e tecidos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 599, do 11.02.2016

8.6 51900 (09/PUP-000286)**Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda****Solla Fernández, Eva, e cinco deputados/as máis**

Sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 671, do 06.07.2016

8.7 48018 (09/POP-004613)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis**

Sobre as principais conclusións do estudo realizado pola Consellería do Mar en relación coa evolución da clasificación microbiolóxica das zonas de produción marisqueira en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 613, do 09.03.2016

8.8 51037 (09/POP-005009)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Paz Franco, María Tereixa**

Sobre os resultados das medidas impulsadas polo Goberno central en relación coa situación do sector lácteo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 656, do 08.06.2016

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente desculpa a asistencia á sesión de don Abel Losada.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance da política sanitaria do Goberno galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas implantadas polo Goberno galego ao longo da IX lexislatura para reducir o número de suicidios en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as oportunidades existentes para vivir dignamente en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Martínez García (M)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 31.), *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 33.), *Sra. Quintas Álvarez (S)* (Páx. 34.) e *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 36.)

Nova intervención da señora Martínez García (M). (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 39.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 40.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. González Santín (S). (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Iglesias Sueiro (M) (Páx. 44.), Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 46.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 48.)

O Sr. Sánchez García (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Gallego Calvar (S) (Páx. 54.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 58.) e Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 59.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Rodríguez Arias) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Dorado Soto (P). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Martínez García (M) (Páx. 67.), Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 68.) e Sr. Pombo Rodríguez (BNG). (Páx. 70.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Sánchez Bugallo (S). (Páx. 72.)

O señor Dorado Soto (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 73.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Fernández Rodríguez (M)* (Páx. 77.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 79.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 80.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 82.)

Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S). (Páx. 84.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado para os vindeiros procesos electorais. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 85.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 86.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Oróns Baña (P)*. (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 90), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 91.) e *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 93.)

O señor Rodas Chapela (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 95.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 96.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 97.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 99.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (AGE)* (Páx. 101.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 102.) e *Sra. Acuña do Campo (S)*. (Páx. 104.)

O señor Núñez Centeno (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

O señor presidente comunica o aprazamento da pregunta 48018, do Grupo Popular. (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. García García (S)*. (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 111.), *Sr. Sánchez García (AGE)* (Páx. 112.), *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 113.) e *Sr. Blanco Paradelo (P)*. (Páx. 114.)

Nova intervención do señor García García (S). (Páx. 117.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de María Consuelo Martínez García, sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 118.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea: *rexeitada por 16 votos a favor, 54 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 119.)

O señor presidente anuncia que o autor da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego solicitou que se votase por puntos. (Páx. 119.)

Votación do punto un da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento: *rexeitado por 16 votos a favor, 54 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 119.)

Votación do punto dous da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento: *aprobado por 68 votos a favor, 1 voto en contra e ningunha abstención*. (Páx. 120.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta

de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia: *aprobado por 38 votos a favor, 16 votos en contra e 15 abstencións.* (Páx. 120.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado nos vindeiros procesos electorais: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 121.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria: *aprobada por 38 votos a favor, 14 votos en contra e 18 abstencións.* (Páx. 121.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 122.)

Interpelación de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación en Galicia da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Ferreiro Vidarte (S).* (Páx. 122.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Ferreiro Vidarte (S).* (Páx. 128.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 129.)

Interpelación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre o pechamento de camas nos hospitais do Sergas durante os meses de verán. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 131.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 134.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 139.)

Interpelación do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 141.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 144.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Rodríguez (M)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 148.)

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a finalidade das subvencións convocadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 120, do 27 de xuño, para concellos de menos de dez mil habitantes e asociacións de veciños, con-federacións, federacións ou unións de asociacións de veciños. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 151.)

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 153.)

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación das negociacións co Ministerio de Facenda para dotar dun local de titularidade pública o Ateneo de Ourense. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 155.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 156.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 157.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 158.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción dalgunha medida para resolver a situación da autoestrada AG-55, no treito A Coruña-Ar-teixo, e eliminar a peaxe nel para todas as persoas usuarias. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 159.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 160.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 161.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 162.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Ga-lega de Esquerda, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos danos ocasionados ao patrimonio arqueolóxico da comarca da Mariña con motivo da explotación forestal do eucalipto. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 163.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 164.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 165.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 166.)

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da situación da doazón e do transplante de órganos e tecidos en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Devesa Bouzas (P)*. (Páx. 167.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 168.)

Réplica da autora: *Sra. Devesa Bouzas (P)*. (Páx. 169.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 170.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de sanidade pública. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 171.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 172.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 173.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 174.)

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados das medidas impulsadas polo Goberno central en relación coa situación do sector lácteo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 175.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 176.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 177.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 178.)

Remata a sesión ás oito da tarde.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión, e antes quixera desculpar a asistencia á sesión de hoxe de don Abel Losada, desexándolle unha recuperación da súa doenza.

E comezamos co punto sétimo, preguntas –silencio, por favor– para resposta oral do presidente da Xunta, comezando pola de dona Patricia Vilán Lorenzo, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Patricia Vilán Lorenzo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance da política sanitaria do Goberno galego

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor presidente da Xunta.

Hoxe imos falar de saúde pública, de sanidade. Sabe vostede que, segundo o CIS, a cuestión social que máis preocupa aos cidadáns é a súa saúde, e vostede dirá que ten que ver a nosa crise actual, esta situación de crise, coa saúde. Dirémoslle que moito; ten que ver cos recortes, coa desatención ás persoas, coa súa estratexia de goberno en sanidade, coa súa ineficiencia e incompetencia para xestionar a sanidade pública. Os recortes en sanidade, señor presidente, páganse coa saúde das persoas.

Estamos en verán, e sabe vostede ben que hai un peche de camas, un 13 % de media de inhabilitación de camas, porque así o decidiu o Sergas, pola súa orde. Señor Núñez Feijóo, seica di o seu señor director xeral de Asistencia Sanitaria que en realidade as camas non se pechan, as camas están en *stand by*, porque os pacientes prefiren ir á praia –estamos en verán e é normal– e porque o persoal prefire ir de vacacións e vostedes de paso así non contratan a ninguén.

Iso si, todo isto, segundo o seu director xeral de Asistencia Sanitaria, chámase «redistribución de recursos», redistribución de recursos que provoca unha desatención ás mulleres. As mulleres que teñen que abortar porque o embarazo pon en perigo a súa saúde teñen que viaxar a Madrid para garantir, para poder exercer o seu dereito. Iso si, o Sergas non corre con todos os custos e só se pagan despois de feitos, 80 euros pola viaxe, nada de antibióticos prescritos –non vaia ser– nin nada de hotel, aínda que a intervención sexa ás cinco da tarde e teñan que volver dende Madrid a Galicia en coche.

Esa redistribución de recursos, señor Núñez Feijóo, supoño que non é necesario que lle lembre que provocou a morte de varias persoas por hepatite C e que dous altos cargos do seu Goberno están imputados por un presunto delito de prevaricación. Iso non se chama redistribución de recursos, señor Núñez Feijóo, chámase desatención, incompetencia e ineficiencia para xestionar a sanidade pública en Galicia.

Porque, como lle dixo vostede ao presidente Touriño nesta mesma Cámara o día 23 de abril de 2008, ¿a vostede parécelle razoable que haxa listas de espera en Galicia? ¿A vostede parécelle

razoable que a Valedora do Pobo, señor Núñez Feijóo, lle diga que o seu Goberno ten a obriga de xestionar as listas de espera con criterios máis complexos e con máis transparencia?

Señor presidente, ela pon en evidencia o desamparo dos colectivos máis desfavorecidos pola súa política sanitaria en materia de sanidade pública, exactamente igual que están en desamparo os nenos de 6 anos, que non teñen tripla vacina por desabastecemento do seu Goberno, exactamente igual que os bebés non tiveron vacina de meninxite B polo desabastecemento do seu Goberno, que aínda existe.

¿Como pode falar de novos centros de saúde, señor presidente da Xunta de Galicia, se dos 53 que prometeu vostede no ano 2009, agora mesmo, sete anos despois, hai 33 que non existen? ¿É iso eficiencia, como lle dicía vostede ao señor Touriño o día 23 de abril de 2008 nesta mesma Cámara?

Señor presidente, vostede, deses 53 centros de saúde, deses 20 que vostede vai por aí fachendoso dicindo que se inauguraron, o único que tivo que facer foi inaugurar 12, que xa viñan do anterior goberno, como o de Sarria ou como o de Sanxenxo-Vilalonga.

Señor presidente da Xunta, en resumo, ¿que balance nos pode facer vostede da súa política sanitaria?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, alégrome de que traia a esta Cámara a súa preocupación pola sanidade pública, e alégrome porque me dá a oportunidade de falar da sanidade pública galega.

Xa sei, señoría, que a sanidade pública, nin en Galicia nin en ningún lugar do mundo, é perfecta, pero creo que conta –estou convencido– con profesionais que dan unha excelente calidade á sanidade pública de Galicia, e por iso, como a maioría dos galegos, síntome orgulloso da sanidade pública de Galicia.

Efectivamente, señoría, os profesionais foron capaces, en época de recesión económica, non só de manter o excelente nivel da sanidade pública, senón de ofrecer mellores servizos na sanidade pública. E digo que me sinto razoablemente orgulloso por dúas razóns: primeiro, porque a maioría dos galegos non están de acordo con vostede e cren que a sanidade pública aumentou a súa calidade; e, en segundo lugar, porque seguimos mellorando a sanidade pública a pesar das dificultades.

Señoría, o barómetro sanitario de xuño de 2016 –é dicir, este mes–, o último publicado, reflicte que o 71,6 % dos galegos opinan que a sanidade pública é boa ou bastante boa, 8 puntos

por riba da valoración da media de España. Ese barómetro di que a maioría cre que a sanidade está igual ou mellor que antes; por exemplo, o 78 % dos galegos cremos que está mellor en atención primaria, o 65,5 cremos que está mellor nas consultas hospitalarias, o 66 e pico % mellor na atención hospitalaria, e así sucesivamente.

Incluso, señoría, esas asociacións da defensa da sanidade pública que vostedes sempre lembran pois acaban de dicir que Galicia subiu un escalón na valoración da sanidade pública; estamos no quinto lugar das comunidades autónomas de réxime xeral. Por certo, cando vostedes gobernaban, as asociacións da sanidade pública dicían que o Sergas estaba de número once no ano 2006 e de número trece no ano 2007.

Mire, señoría, a pesar do que vostede di, os galegos non estamos de acordo con vostede. Probablemente por iso vostede estea na oposición e a maioría dos galegos nos siga votando.

Señoría, digo que en Galicia hoxe hai máis infraestruturas sanitarias, hai máis dereitos dos pacientes e hai máis actividade. Hai máis infraestruturas sanitarias, porque temos un novo hospital en Lugo, e temos un novo hospital en Vigo, e entregaremos un edificio de hospitalización novo en Ourense, e ampliamos o hospital do Salnés en Vilagarcía, e empezamos as obras do hospital en Burela. Si, señoría, nótase que non vai por Vilagarcía desde hai tempo.

Mire, señoría, o número exacto de centros de saúde son 36, 25 novos xa construídos e 11 reformados. Neste ano entran en funcionamento 13 e estamos licitando 10. Resumo: o 70 % dos galegos no ano 2016 teñen ou un hospital novo ou un hospital reformado ou un centro de saúde novo.

¿Temos máis dereitos? A resposta é que si, señoría. Historia clínica, cen por cen; receita electrónica, cen por cen; consultas telefónicas en atención primaria, dous millóns; calendario de vacinas, o máis amplo de España.

Lei de prestacións de garantías sanitarias. Con vostedes non había tempo para aprobala.

Mire, señoría, voulle dar unha boa noticia a vostede, que vive en Pontevedra: este mes imos asinar co alcalde de Pontevedra o novo gran hospital de Montecelo, de Pontevedra; debería vostede de aplaudir esta proposta.

E voulle dar outra noticia máis, se é que lle interesa algo da sanidade pública: están a piques de saír os datos da lista de espera deste primeiro semestre deste ano 2016, son os mellores datos dende que hai rexistro de esperas.

Señoría, non soamente estamos mellorando a sanidade pública, senón que os profesionais foron capaces de mellorar, incrementar e facer máis infraestruturas que cando había bonanza económica. Espero, señoría, que se alegre igual ca nós.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señor presidente da Xunta, segue vostede vivindo no país das marabillas. Non se escude nos profesionais nin se escude nas asociacións sanitarias, sexa vostede valente. Vostede xa sabemos que é un mero xestor, pero non se escude en persoas que están a facer o seu traballo e o fan moi ben por certo, pese aos seus recortes e pese á súa ineficiencia e pese á súa incompetencia.

Non debe de ir tan ben a cousa cando en Vigo saíron 200.000 persoas para protestar pola súa política sanitaria, cando en Pontevedra –que ninguén sae á rúa a manifestarse– saímos case 30.000 para manifestarnos pola súa política sanitaria. Señor Núñez Feijóo, non deben de ir tan ben as cousas como vostede nos está a dicir.

Por certo, a súa herdanza, xa que a vostedes lles gusta tanto falar da herdanza de Zapatero, pois vai ser, desgraciadamente, que vostede nos vai deixar unha severa hipoteca que lle deixa ao país e aos gobernos futuros, porque vostede o que prefire é beneficiar as empresas privadas fronte á sanidade pública e a expensas dos cargos públicos. E o exemplo palpable é o hospital privado de Vigo.

Vostede decidiu en 2009 transformar un hospital que ía ser público nun hospital de xestión privada, adxudicouno a unha UTE da que –¡oh, curiosidade!, ¡oh, casualidade!– formaban parte Bankia, Rodrigo Rato –que estaba no seu partido, polo que eu sei (*Murmurios.*)– e tamén o ex conselleiro da Xunta de Galicia Agustín Hernández, cunha empresa súa –que tamén, curiosamente, parece ser que está no seu partido–. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Esa UTE entrou en concurso de acredores. O hospital perdeu camas, curiosamente –¡oh, casualidade!– as mesmas camas que ten Povisa. O hospital perdeu tamén o seu laboratorio central, que vostede decidiu adxudicar a Capio, empresa que está imputada no proceso de privatización da sanidade madrileña, tamén por casualidade. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: O custo total pasou de 458 millóns de euros a unha hipoteca... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...de 3.260 millóns, a pagar en vinte anos.

Esa, señor Núñez Feijóo, é a súa herdanza, a herdanza de reducir o orzamento sanitario de 2009 nun 18,3 %, a herdanza de ter que cesar unha conselleira tarde, mal e a rastro. A her-

danza á que, ademais, pode sumar os nove anos en que vostede foi presidente do Insalud, e o seguinte presidente do Insalud, tendo esa súa herdanza, o que tivo que facer foi pechalo. Esa é a súa herdanza, señor Feijóo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, non pensaba eu que fose capaz vostede de superarse, pero a verdade é que si se supera.

Mire, señoría, síntome bastante máis cómodo facendo un balance da política sanitaria dos últimos sete anos que vostede se tivera que facer un balance do seu único mes de portavoz do Grupo Parlamentario Socialista. (*Aplausos.*)

E non llo digo, señoría, porque vostede siga ofrecendo momentos gloriosos a este Parlamento, como o que acaba de ofrecer. Dígollo, señoría, porque entre a súa actitude e a miña hai unha gran diferenza. Mire, señoría, levo traballando bastante tempo por Galicia, o meu compromiso é seguir traballando catro anos máis se os galegos así o consideran oportuno. O que si lle digo é que para traballar por Galicia hai que traballar, primeiro, con humildade; segundo, cun mínimo de coñecemento; e, terceiro, cun mínimo de principio ético. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Por iso, señoría, para traballar por Galicia... (*Murmurios.*)

Comprendo, señorías, que vostedes se rían do que acabo de dicir, ningunha das tres cousas as teñen. (*Aplausos.*) Digo que para traballar por Galicia, señoría, para traballar por Galicia, (*Murmurios.*) fai falta un mínimo de coñecemento, e para traballar por Galicia, e concretamente para a sanidade pública de Galicia, fai falta un mínimo de humildade. E por iso eu me sinto humildemente satisfeito de que hoxe a sanidade pública galega estea mellor que cando chegamos ao Goberno, porque hai máis dereitos para os cidadáns, porque hai máis prestacións para os cidadáns, porque hai máis infraestruturas para os cidadáns e porque hai menos esperas para os cidadáns.

Hoxe temos maiores infraestruturas sanitarias, hospitalarias, tecnolóxicas e en primaria que cando chegamos ao Goberno. Hoxe temos menos esperas nas consultas e nas cirurxías que cando chegamos ao Goberno. Hoxe temos máis vacinas e máis calendario vacinal que cando chegamos ao Goberno. Hoxe temos, sen ningunha dúbida, unha sanidade pública mellor, non porque o diga eu, senón porque acaba de dicilo xustamente o barómetro –ese do que vostede fala– do CIS: o 71,6 % dos galegos estamos satisfeitos coa nosa sanidade, e a maioría, a inmensa maioría dos galegos cremos que a sanidade pública está mellor hoxe que o ano pasado, e así sucesivamente.

Mire, señoría, o noso balance admite opinións, por suposto –non sei se tantas opinións como hai no Grupo Parlamentario Socialista–, pero, dende logo, o noso balance si que admite opinións. ¿Sabe o que non ten ningunha discusión? Que vostedes nada aportaron en oito anos á sanidade pública de Galicia, salvo as mentiras, como as que agora acaba de contar.

¿E sabe unha cousa, señoría? ¿Sabe o que é bo de todo isto? Que o tempo pon a cada un no seu sitio. A sanidade pública –o seu presente e o seu futuro– está plenamente garantida polos excelentes profesionais e polo Goberno da Xunta de Galicia.

E no que respecta ao seu sitio, señoría, tampouco é moi difícil de prever: sobre o seu sitio soamente ten que mirar a faciana dos seus compañeiros para comprobar cal é o seu sitio.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta de dona Consuelo Martínez García, portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. Mixto, sobre as medidas implantadas polo Goberno galego ao longo da IX lexislatura para reducir o número de suicidios en Galicia

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, señor Feijóo.

Os suicidios son a primeira causa de morte non natural en Galiza e o seu número duplica xa o dos accidentes de tráfico. Segundo o INE, durante o seu Goberno, señor Feijóo, o número de persoas que se quitaron a vida subiu un 22 %, ata chegar a 371 casos en 2014, 394 segundo o Imelga; en 2007, o ano anterior ao comezo da crise, foron 304.

Miguel Anxo García, psicólogo clínico do Hospital de Santiago, advirte que dúas investigacións realizadas neste ano establecen a relación directa entre o incremento do suicidio en Galiza e a crise económica. Os recortes en servizos públicos, de protección social, de atención sanitaria e en políticas activas de emprego agravaron o efecto da crise sobre as persoas.

A OMS xa advertía en 2011 de que a crise afectaría a saúde mental e chamou a reforzar eses servizos para amortecer o seu impacto, e aconsellou tamén políticas orientadas ao alivio da carga de débeda das familias.

O seu Goberno, señor Feijóo, non seguiu estas indicacións. Os datos demostran que a saúde mental empeorou e que o indicador de sufrimento social insoportable como é o suicidio mantén dende 2011 un incremento progresivo; é dicir, en Galiza o incremento no número de suicidios está directamente vinculado co aumento da desigualdade social, da precariedade laboral e do desemprego.

Darei algúns datos, todos eles referidos a Galiza, que demostran esta afirmación. 591.826 persoas, que representan o 46,5 % das persoas que presentaron a declaración da renda correspondente a 2014, declararon ingresos inferiores a 12.000 euros ao ano. Galiza é a cuarta comunidade cos custos laborais máis baixos. O 31 % das 797.600 persoas asalariadas galegas perciben salarios inferiores ao salario mínimo. Segundo a EPA, Galiza gañou nun ano 21.700

ocupados, pero nunhas condicións salariais moito peores, polo que a Caixa da Seguridade Social gaña afiliación pero perde recadación.

A EPA desvela tamén que o 43 % das persoas desempregadas leva máis de dous anos en paro, cando en 2010 eran o 17,6. Hoxe Galiza ten 106.000 empregados a xornada completa menos que en 2010 e 18.900 máis a tempo parcial. Segundo o Ministerio de Emprego, a Axencia Tributaria e o INE, o 50,9 % das persoas desempregadas non cobrou en 2015 ningún tipo de prestación, é dicir, carecen de ingresos. O 73 % das prestacións non chegan a 1.000 euros e o 54,7 % das pensións son inferiores ao salario mínimo, mentres 1 de cada 3 fogares galegos está sustentado por un pensionista. A taxa de risco de pobreza medrou 4 puntos nun ano, ata chegar a 19,4, segundo o INE.

A crise dura máis do que a solidariedade das familias pode aguantar. As organizacións sociais falan da pobreza invisible, familias que viven cos avós ou persoas que non acoden aos servizos sociais por temor a perder a tutela dos fillos por carecer de medios de vida.

¿Que accións implantou o seu Goberno durante esta lexislatura para reducir esta dramática situación?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, o pasado ano, no mes de marzo, preguntábame vostede por este mesmo asunto. Voulle contestar en termos moi parecidos a un tema que é, evidentemente, o suficientemente serio e o suficientemente grave para que non andemos cambiando de opinión ano a ano.

E voulle lembrar o que dicía a Organización Mundial da Saúde ao respecto de como se debe tratar o problema dos suicidios. Coincido plenamente coa Organización Mundial da Saúde ao pensar que é un erro tratar un tema tan complexo con xeneralizacións.

Vostede, o pasado ano, tomando datos dunha organización, o Movemento Galego de Saúde Mental, que falaba de datos que non eran oficiais, interpelábame dicindo que en Galicia ocorreran 399 suicidios. Agora interpélame dicindo que o último ano foron 321. Vexo, señoría, que, en función do dato e a data da pregunta, van cambiando os datos. Pero eu insisto no que o pasado ano dixen. Teño moitísimo respecto polas persoas que perderon un familiar deste xeito e, dende logo, unha excelente valoración para os profesionais que traballan na saúde mental en Galicia.

Señoría, a Organización Mundial da Saúde cifra a media de suicidios no mundo por cada 100.000 habitantes nunha ratio de 16 suicidios por 100.000. E di a Organización Mundial da Saúde que o 90 % das persoas que cometen suicidio se atopan en trastornos mentais: depresión, abuso de substancias, trastornos psicóticos, trastornos de personalidade e trastornos de ansiedade. Evidentemente, tamén existen factores sociodemográficos e ambientais

que inflúen no suicidio, e, por suposto, non vou discutir que os problemas laborais e os problemas sociais inflúen no suicidio.

Pero, efectivamente, a Organización Mundial da Saúde dános unha serie de recomendacións que supoño que vostede coñece. Por exemplo, que as estatísticas deben de interpretarse coidadosa e correctamente; en segundo lugar, que deberán usarse fontes auténticas e fiables; que os comentarios espontáneos deben de manexarse con extraordinario coidado; que as xeneralizacións baseadas en cifras pequenas requiren dunha atención particular; que expresións tales como «epidemia de suicidios» ou «lugar con maior taxa de suicidios no mundo» deben de evitarse; e que debe opoñerse resistencia a informar do comportamento suicida como unha resposta entendible aos cambios ou á degradación social ou cultural.

Polo que vexo, señoría, ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde, nin na última pregunta nin nesta pregunta, vostede dálles un mínimo de valor.

Mire, señoría, claro que hai estratexias no Sistema Nacional de Saúde e no Sergas. No Sistema Nacional de Saúde, a Guía de práctica clínica, que están seguindo todos os profesionais da saúde mental; e no Sergas, por exemplo, na Estratexia do Sergas 2020, lea vostede a liña estratéxica número 3, que fala da elaboración dun Plan estratéxico de saúde mental 2017-2020, e aí hai unha liña específica para a atención ao suicidio.

Mire, señoría, creo que o tema que propón é demasiado serio como para tratalo coa lixeireza con que vostede o trata, e falar de datos estatísticos alegremente e relacionalos co tema económico ou social, ¿vostede sabe a taxa de suicidios dos países máis desenvolvidos do mundo, cun produto interior bruto e unha renda por persoa moi superior a Galicia? ¿Por que intenta facer unha relación como a que vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...fai na súa pregunta?

Mire, señoría, a sanidade pública galega funciona e os servizos de saúde mental funcionan, e por iso lle digo: o maior esforzo e a maior solidariedade coas familias que padeceron un suicidio é a solidariedade e o esforzo dos profesionais, do Goberno e do presidente da Xunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Mire, señor Feijóo, foi a primeira pregunta que lle fixen como voceira do Grupo Mixto e quería que fora a última, porque é certo que é un problema moi grande, é un problema tremendo.

Non son eu quen o relaciona coa crise. Foi a OMS e agora hai máis estudos que relacionan o aumento do suicidios coa crise, porque vostede di que son trastornos mentais, pero non explica por que están en aumento, por que dende o ano 2007, que tiñamos 304, pasamos ao ano 2014 con 371, segundo o INE, e 394 segundo o Imelga. Iso é o que vostede non explica.

Se é un problema de trastorno mental, como vostede di, está claro que os servizos de saúde mental galegos deixan moito que desexar, non teñen profesionais suficientes para facer o seu labor, non poden facer funcións de prevención.

Eu pregúntolle que fixo vostede nesta lexislatura e vostede remíteme a un Plan 2017-2020, é dicir, non fixo nada, e o peor é que nega a maior, cunha hipocrisía tremenda, falando da solidariedade coas familias que perderon ou coas persoas que perderon a xente do seu contorno por esta cuestión.

E eu non falo de solidariedade; efectivamente, hai que ser solidarios. Pero, sobre todo, do que falo é de que non haxa máis familias que teñan que sufrir isto, que dende o Goberno se poñan os medios para parar esta lacra. Eu non digo que teñamos a maior taxa de suicidios, digo que están en aumento alarmante e que miro que o Goberno galego nin fixo nada nin pensa facer, porque nega a realidade, e negar a realidade nunca é a solución para os problemas.

Vostede da outra vez, o ano pasado, cando me contestou, tivo ademais a desfachatez de facerse o ofendido, do sufrimento que esta pregunta lles xera ás persoas. Mentira. As mulleres sabemos, porque nos dixeron durante moitos anos que a violencia doméstica quedaba na casa, que denunciar a violencia doméstica chamaba a que os maltratadores maltrataran máis. Mentira. E isto ocorre o mesmo cos suicidios. Mentira. Denunciar unha realidade que se está dando debido á pobreza, á miseria, ás condicións precarias nas que viven as persoas do noso pobo non é chamar ao suicidio, é chamar ao Goberno a que actúe, a un goberno indolente que mira para outro lado, que xoga coa vida das persoas, que rebaixa impostos cando non se poden rebaixar impostos, porque a xente está pasando fame, cando o que hai que facer é repartir mellor a riqueza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ese é o seu problema, señor Feijóo: que vostede goberna para o Partido Popular, non goberna para o pobo galego.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Cada un elixe a forma de despedirse no Parlamento.

Mire, señoría, non o dixen eu, estou citando a Organización Mundial da Saúde, e, como cito a Organización Mundial da Saúde, a ratio é 16 suicidios por 100.000 habitantes. E a Organización Mundial da Saúde –reitero– o 90 % entende que se deben a trastornos mentais, e os máis frecuentes é a depresión e o abuso de substancias e os trastornos de personalidade e os trastornos psicóticos.

Por iso, señoría, cando vostede trae aquí os datos dunha forma deslavazada e fala do ano 2007, que se había no ano 2007 304 e agora hai máis de 370, ¿por que non di vostede que no ano 2010 foron 275? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estaba este goberno traballando. ¿Por que non di que no ano 2011 foron 306, inferiores ao ano 2007? ¿Por que omite todos estes datos, señoría? ¿É que acaso está vostede intentando relacionar un goberno coa taxa de suicidios nun país? Entón, ¿por que omite estes datos? ¿Por que non os conta, señoría?

¿E por que non di que en Xapón e en Rusia e en Finlandia e en Francia e en Estados Unidos hai máis suicidios que en Galicia, señoría? ¿Por que? ¿Por que omite vostede esta información, señoría? ¿Por que non di que en Xapón a taxa de suicidios é do 23 % e en Rusia o 22, e en Finlandia o 16,7, e en Francia o 15,6, e en Estados Unidos o 13,7?, todos por riba de Galicia, señoría. ¿E por que non di que a taxa de suicidios é similar a Suecia, a Alemaña? Señoría, pero ¿como se poden plantexar estas cousas desta forma? Dígollo con todos os respectos, señoría.

Sorprendeume a primeira pregunta. Non son capaz de buscar unha explicación para esta forma de despedirse vostede como parlamentaria nesta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta de don Antón Sánchez García, portavoz do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as oportunidades existentes para vivir dignamente en Galicia

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días, señor Feijóo.

Vostede acusou a voceira do Partido Socialista de superarse unha vez máis. Vostede si que se supera. Deu na súa contestación á compañeira Patricia Vilán un recital da soberbia, da prepotencia, da falta de respecto, que o caracteriza, si, señor. (*Aplausos.*) É máis, un recital... (*Murmurios.*) O Grupo Popular tamén dá un recital da súa forma de actuar, unha vez máis, unha vez máis..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non, formulo a pregunta se me deixan. Vostede solicítelle silencio ao Grupo Popular.

O señor PRESIDENTE: Xa llo solicitei a toda a Cámara.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: E vostede, nunha característica que tamén é moi súa, non se puxo colorado cando presumiu de ter principios éticos. Si, señor, o presidente do Partido Popular de Galicia presume de principios éticos; o que abraza a Baltar, coas actuacións que fixo o señor Baltar, o imputado señor Baltar, presume de principios éticos; o que fixo o que fixo con Marcial Dorado presume de principios éticos; o de Louzán, da Pokémon, da Pikachu... Moi ben, e non se pon colorado. Acaba de dar un recital unha vez máis do que é vostede, señor Feijóo.

Vostede vén repetindo nesta precampaña que Galicia vai polo bo camiño. Iso é máis ben unha estratexia de *marketing* que unha realidade que se palpe nos indicadores e nas estatísticas. Hai dúas semanas coñeciamos os datos definitivos de poboación de Galicia no ano 2015: perdemos 14.598 habitantes, e xa suman, desde que vostede goberna, case 80.000, señor Feijóo.

Eu non sei se vostede vai contestar ou non, pero sería bo que contestase se vostede opina que este enorme devalar demográfico terá algo que ver coa destrución de emprego, coa emigración da xente moza, coa precariedade e a temporalidade do traballo ou cuns servizos sociais insuficientes. Ou explíquenos –se pode contestar no último pleno e cambiar a tendencia tamén– se pode contestar por que ata o ano 2009 a poboación de Galicia medraba e dende que vostede chegou perde unha media de 14.000 habitantes por ano.

E eu creo que esa cifra é un síntoma, é dramática pero tamén é un síntoma. É un síntoma do fracaso das súas políticas, dunhas políticas que non son capaces de darlles condicións de vida dignas ás persoas e sobre todo á xente moza. Reflicte tamén o seu fracaso, a incapacidade para levar a adiante ningún proxecto de calado para o país de transformación; o seu fracaso no sistema financeiro galego; reflicte o seu fracaso nas políticas dos sectores produtivos, na destrución do agro, na non aposta por unha produción forestal de calidade; o seu fracaso, en definitiva, para transformar este país e darlle oportunidades á xente.

Eu creo que vostede dirá que houbo unha crise, e é certo: houbo unha crise, pero entón ten que explicar e contestar por que Galicia, neste contexto de crise que tamén sufriu o Estado español, tivo moitos peores indicadores que a media estatal en emprego, por que tivo peores indicadores en perda de riqueza en PIB ou en demografía. ¿Por que se comportou peor que a media estatal, señor Feijóo?

Vostede, coas súas políticas, estanos metendo nun pozo, nun círculo vicioso do que vai ser difícil saír. Este país necesita un cambio profundo, que vostede xa demostrou que non é capaz de dar. Por iso, nós si que apostaremos por democraticamente botalo de onde está, para que este país teña futuro e a xente poida disfrutar de condicións de vida dignas neste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Comprendo o seu posicionamento sobre Galicia e comprendo tamén o seu talante. Comprendo que teñan problemas, señoría, pero eu vou falar de Galicia.

Mire, señoría, creo que, en termos xerais, Galicia está hoxe mellor que no ano 2009. Xa sei que non é unha situación óptima, sen dúbida, pero hai moitas máis circunstancias esperanzadoras hoxe que no ano 2009. ¿Por que? Porque temos máis oportunidades para traballar agora que no ano 2009, porque temos os sectores produtivos con mellor saúde que no 9, porque temos máis capacidade para formar os nosos mozos, porque as familias teñen máis posibilidades sociais, porque os que máis o necesitan teñen unha axenda social única pactada entre todos os concellos e a Xunta e porque temos máis posibilidades de atender tanto a educación como a sanidade.

Mire, señoría, cando eu cheguei ao Goberno, a pregunta habitual é cantos parados e cantos afiliados menos tiñamos cada mes. Agora a pregunta é cantos parados temos menos e cantos afiliados temos máis. Señoría, agora, no último ano, en Galicia hai 21.700 parados menos; no último ano do Goberno anterior houbo 51.000 parados máis.

Cando cheguei ao Goberno, señoría, o último ano destruíranse 47.000 afiliacións á Seguridade Social; hoxe hai, no último ano, 14.000 afiliados máis. Si, señoría, cando cheguei ao Goberno, o número de ocupados no último ano baixara a 19.500 e este último ano subiu 33.600.

Mire, señoría, hai máis oportunidades para os sectores produtivos.

Cando cheguei ao Goberno, os estaleiros tiñan as gradas baleiras, e un preito dun comisario socialista europeo; agora hai 2.300 millóns de euros de contratos no sector naval.

Cando cheguei ao Goberno, a automoción tiña un futuro incerto; e agora a automoción ten un futuro certo, como mínimo, ata o ano 2020.

Señoría, cando cheguei ao Goberno, as taxas universitarias subían todos os anos; levan oito anos conxeladas.

Cando cheguei ao Goberno, o número de prazas de formación profesional era de 34.000; agora son 53.400, é dicir, un 53 % máis.

Cando cheguei ao Goberno, os que querían estudar inglés xa podían ir a clases particulares; agora estudan inglés 90.000 persoas, ademais da asignatura do inglés propio noutras asignaturas.

Señoría, cando cheguei ao Goberno, había 23.000 prazas menos de comedores escolares. E cando cheguei ao Goberno non había ordenadores nas aulas; hoxe hai 51.000.

Señoría, cando cheguei ao Goberno, había unha taxa de escolas infantís de 21 prazas por 100; (*Murmurios.*) agora superan os 33, e creamos 5.000 novas prazas de escolas infantís.

Cando cheguei ao Goberno, non había ningunha axuda para os bebés que nacían cada ano; e agora hai 1.200 ao ano e deducións para o segundo e o terceiro fillo.

Cando cheguei ao Goberno, non había o transporte gratuíto aos menores de 18 anos; e en setembro empezará o transporte gratuíto a menores de 18 anos. Tampouco había transporte metropolitano, señoría, non existía nin o concepto nin a bonificación; agora, na maioría dos concellos das áreas metropolitanas.

Señoría, cando cheguei ao Goberno, non había nin o alugueiro social nin os programas de vivendas baleiras, nin o *ticket* eléctrico, nin o protocolo para evitar os cortes da enerxía.

Cando cheguei ao Goberno, señoría, había 14.000 dependentes, e imos chegar a 50.000.

Cando cheguei ao Goberno, señoría, non había un só hospital público, nin en Vigo nin a ampliación do Salnés nin a Mariña lucense. (*Murmurios.*) Señoría, cando cheguei ao Goberno estíbbase construíndo o hospital de Lugo..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Compare o parque hospitalario de antes co parque hospitalario de agora. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, cando cheguei ao Goberno, atopeime con moitos problemas (*Murmurios.*), pero si cunha enorme dignidade: ser o presidente de todos os galegos e as galegas. E se non tivera a seguridade de que podo volver ser útil ao meu país, non me volvería presentar ás eleccións. (*Murmurios.*)

Señoría, valore vostede se foi útil ao seu país durante estes catro anos no Parlamento.

Máis nada. Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, vostede non valorou a utilidade para servir o país. Vostede, se tivera a seguridade de poder ser presidente en Madrid, non estaría aquí. (*Murmurios.*) Non valorou a utilidade, señor Feijóo. (*Murmurios.*)

Si, bueno, (*Murmurios.*) si, si..., (*Murmurios.*) si, claro. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, señor Feijóo, unha vez máis, non contestou. Era moi fácil, en vez de darme unha retahíla. Evidentemente, no Goberno algo fixeron. (*Murmurios.*), pero non o suficiente... (*Murmurios.*) Bueno, si, moi ben, están moi interactivos os señores do Partido Popular. (*Risos.*) Algo fixeron, ¡home!, algo fixeron, (*Murmurios.*), pero non o suficiente para evitar que Galicia perdese 80.000 habitantes. Porque, cando vostede chegou, había 80.000 habitantes máis en Galicia, señor Feijóo.

Cando vostede chegou, Galicia era o 5,33 % do PIB do Estado español; hoxe é o 5,18. Cando vostede chegou, o emprego galego era o 6,18 %; e hoxe, o 5,84 %, señor Feijóo. Cando vostede chegou, case chegaba ao 6 % da poboación; hoxe está no 5,4, señor Feijóo. E iso é sintomático. Vostede destruíu o dobre de emprego que no Estado español.

Vostede falaba do emprego que vostede creou. Mire, ¿acórdase do que dicía vostede no 2009 contra o Goberno de Touriño, acórdase, sobre o desemprego? Pois mire, naquel momento había un diferencial co Estado positivo para Galicia de 5,2 e hoxe está no 3,2, señor Feijóo. Vostede aínda tería que crear 120.000 empregos para ter a situación que tiña cando vostede chegou ao Goberno e esa situación que vostede xa criticaba dun xeito demoledor. ¡Fíxese que ben o fixo vostede no emprego!

E vostede falou tamén de que están en mellor situación os sectores produtivos –e tampouco se puxo colorado, claro–. Pregúntelles aos gandeiros como están nestes momentos. Pregúntelle ao sector do mar como están neste momento, señor Feijóo. Vostede destruíu 1 de cada 3 empregos do sector agrogandeiro e forestal, 1 de cada 3, non ten parangón en todo o Estado; vostede case triplica a taxa de destrución de emprego agrario do Estado español, señor Feijóo. Vostede é un auténtico desastre para este país, nós aquí sufrimos a crise e sufrimos os gobernos do señor Feijóo tamén.

Eu non podo desmentir un por un os datos que me deu, pero, señor Feijóo, só unha... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se me deixan tanto tempo como a el para falar, desmíntolles un por un, evidentemente, claro que si. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Xa está co tempo cumprido, pero remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, si, se podo, xa remato.

Señor Feijóo, e xa que non me contestou á pregunta que lle fixen hoxe, gustaríame tamén saber –porque está de actualidade– se vostede considera, como a Axencia Ferroviaria Europea, que o tramo Ourense-Santiago era de alta velocidade, ou considera, como Ana Pastor e o Ministerio de Fomento, que non era de alta velocidade, e se considera que a CIAF era un organismo independente para investigar o accidente de Angrois...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...como o considera a Axencia Ferroviaria Europea, ou considera, como a señora Pastor e o Ministerio de Fomento...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que non fai falta crear un órgano verdadeiramente independente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche. Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, moitas grazas.

Señoría, comprendo que teña vostede unha certa obsesión con Madrid. Probablemente, se non existira Madrid, vostede non sería o portavoz do grupo. *(Risos.) (Aplausos.)* Pero si, señoría, *(Aplausos.)* mentres algúns fan claros compromisos con Madrid, en canto teñen a mínima oportunidade vanse. Non sei se vostede non terá que irse, señoría, pero, en fin, é unha cuestión entre parénteses.

Mire, señoría, fala vostede da taxa de paro. Efectivamente, estamos en 3,2 puntos por debaixo –menos mal que o di–; cando cheguei ao Goberno, había 212.000 parados no ano 2009, agora hai 207.000. *(Risos.)* Non debería de rirse, señoría, foi un grande esforzo das empresas galegas e unha boa política económica. E, sen dúbida, que hoxe poidamos dicir que non só hai menos paro que cando os galegos deron 41 escanos a este grupo, senón que cando ganamos tamén no ano 9, debería vostede de tomar nota, señoría, porque creo que poucos gobernos en España poden dicir que finalizan o seu mandato con menos paro que cando empezaron hai oito anos; *(Aplausos.)* poucos gobernos, señoría; este goberno si o pode dicir. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, xa sei que perdemos 14.000 habitantes neste último censo. O que vostede omitiu é que 12.000 longos foron a diferenza entre as defuncións e os nacementos; polo tanto, realmente o que perdemos desde o punto de vista obxectivo foron uns 1.500 habitantes. *(Murmurios.)* Si, señoría, eu xa comprendo de todo, señoría. Falábase antes de suicidios e agora dun problema de natalidade e mírase para este grupo. *(Murmurios.)* Señoría, alá vostede e a súa responsabilidade, señoría, alá vostede.

Mire, eu o que lamento profundamente, señoría, é que lle estea afectando o mesmo mal que aos seus compañeiros, porque se manifestan dicindo cousas que non pasan. Miren, vostedes dicían que ían ser a primeira forza política e resulta que son a terceira. Dicían vostedes que a política había que practicala con sorrisos permanentes e agora que a practican con enfrontamentos permanentes. Dicían que serían o referente da democracia interna e agora resulta –segundo din os seus compañeiros– que son o referente das purgas internas. E dicían vostedes nada máis e nada menos que as decisións había que tomalas nas prazas. Non, señoría, as decisións en España e en Galicia tómanse no despacho do señor Pablo Iglesias. De prazas, nada; de sorriso, nada; e de rexenerar a vida política, cero. *(Aplausos.)*

Mire, señoría, non estou aquí, dende logo, para dicirlle que conseguimos darlles aos galegos todas as oportunidades, por suposto que non; se o conseguira, probablemente non me volvería presentar nestas eleccións. Para o que si estou aquí é para dicirlle que non lles minta aos galegos, señoría, porque hoxe en Galicia hai menos paro e hai máis crecemento económico, e hai máis produción industrial, e hai máis exportacións, e hai máis innovación. Estamos facendo máis barcos e máis coches, porque agora hai máis opcións para os novos sectores, como a biotecnoloxía e o aeronáutico, porque agora hai máis servizos públicos e hai máis axudas para os que o necesitan; e, por certo, porque agora tamén se pagan menos impostos.

Mire, señoría, hai máis oportunidades, a pesar da oposición e co pesar da oposición. A pesar da oposición, porque ¿cal é a súa colaboración? Agora que estamos probablemente no último pleno da lexislatura, ¿cal é a súa proposta, señoría? ¿Que fixeron por Galicia durante estes catro anos, salvo dividir e facer dous grupos parlamentarios na Cámara, señoría? Mire, señoría, e co seu pesar, ¿sabe por que? Porque lle gustaría que foramos peor, e iso é o que máis lamento. O que máis lamento é ver deputados e deputadas dun grupo aos que lles gustaría que Galicia fose a peor. E por iso, señoría, eu vou estar aquí, estiven nas duras e, se os galegos queren, quedo nas maduras. *(Murmurios.)*

Mire, señoría, *(Murmurios.)* sinto..., sinto... *(Aplausos.)*, se os galegos queren, señoría, *(Aplausos.)* si, claro, claro... *(Aplausos.)* Mire, señoría, *(Murmurios.)* Galicia, señoría, *(Murmurios.)* sigo pensando que é un gran país, demostrámolo nestes últimos oito anos, somos un gran país que somos capaces de levantarnos e poñernos en pé; *(Murmurios.)* e por iso, señoría, Galicia está no bo camiño. E creo sinceramente que a esta Galicia que avanza, lamentablemente, vostedes non a representan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Si, ¿para que quere a palabra, señor Sánchez? Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: É que me fixo preguntas, coma sempre, o señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Bueno, como vostede a el. ¡Veña, señor Sánchez! Por favor...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señor Feijóo, non imaxino nada peor ca vostede. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Proposicións non de lei. Entramos no punto quinto da orde do día.

Comezamos coa do Grupo Parlamentario Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego

Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, xa quedamos os que vimos almorzados da casa, podemos seguir co pleno.

En Galiza asináronse o ano pasado 874.643 contratos de traballo, o que supón un crecemento do 11 % respecto dos novos empregos creados no 2014, pero só o 4,9 % destes con-

tratos iniciais tiveron carácter indefinido, catro décimas menos que en 2014, segundo o IGE. O resto, 95,1 %, foron contratos eventuais. Ademais, tres de cada dez novos empregos tiveron unha duración inferior a unha semana e o 41 % non chega ao mes. Asináronse 91.500 contratos iniciais máis que en 2014; sen embargo, a afiliación media á Seguridade Social en Galiza no 2015 incrementouse tan só en 19.500 persoas, o que representa o 2,1 % sobre o ano anterior.

Por sectores, a hostalaría segue sendo o gran motor do mercado laboral; dous de cada dez contratos iniciais, o 21 %, asináronse en hoteis, bares e restaurantes. Séguelle, a unha gran distancia, a industria manufactureira, que xerou preto do 13,5 % do novo emprego. O comercio polo miúdo incrementou un 11 % as contratacións e o transporte, algo máis dun 9.

Dende unha perspectiva de xénero, os homes asinaron o 53 % dos novos contratos. Seis de cada dez novos contratos de traballo foron para persoas con estudos secundarios. Os que só teñen completada a primaria tiveron máis fácil colocarse ca os titulados universitarios.

É dicir, un sistema produtivo baseado na precariedade, na falta de innovación, non nun sistema produtivo 4.0. Nin sequera a campaña de Nadal serviu para baixar o desemprego en Galiza. O número de persoas desempregadas inscritas no Inem caeu no Estado no mes de decembro en 55.790 persoas, un 1,34 %, pero aumentou en Galiza en 3.650, a comunidade autónoma con maior incremento, o 1,62.

Un goberno cómplice da explotación laboral e do aumento do desemprego, no seu apoio incondicional ás grandes multinacionais e no seu desapego polos sectores produtivos tradicionais galegos e polas pemes, microempresas e entidades de economía social.

Un goberno que despreza a clase traballadora e a súa representación legal, os sindicatos. Así, comprobamos como as empresas concesionarias de obras ou servizos públicos, que perciben cuantiosas subvencións da Xunta, levan a adiante ERE, impagan salarios, vulneran a lexislación laboral, e o Goberno galego inhíbese de actuar, reducindo o problema a un asunto entre traballadores e empresa.

Estes datos evidencian a debilidade do noso sector produtivo e que a sostibilidade da economía galega está baseada no sector servizos, no baixo investimento en I+D+i, na precariedade laboral e nos salarios de miseria. Mentres, centos de titulados universitarios e persoal investigador están no paro, emigrados ou realizando traballos non cualificados.

O estudo da precariedade no mercado laboral galego de Comisións reflicte a deterioración das condicións laborais e de vida da clase traballadora, debido ás medidas neoliberais e austericidas que se aplicaron para responder á crise, entre elas as reformas laborais de 2010 e 2012. Segundo este informe, o 31 % das galegas e galegos asalariados cobra menos do salario mínimo interprofesional. A porcentaxe de accidentes de traballo é case o dobre nas persoas con contratos temporais que naquelas con contrato indefinido, un 4,5 % fronte ao 2,4.

O 91 % dos contratos rexistrados no primeiro trimestre de 2016 foron temporais e, ademais, deses contratos temporais, o 31 % teñen unha duración inferior a unha semana e o 37 % son

a tempo parcial. No primeiro trimestre de 2016 realizáronse 329.300 horas extraordinarias e as non remuneradas alcanzaban o 55 %.

Segundo Eurostat, as mulleres cobraron por hora traballada bruta en 2014 case un 18,8 % menos que os seus compañeiros varóns. Esta porcentaxe sitúa o Estado como o sexto con maior diferenza salarial entre os vinte e oito membros da Unión Europea, pero Galiza supera aínda máis esa porcentaxe do Estado do 18,8, chegando en Galiza a brecha salarial ao 20 %. As mulleres supoñen o 74,9 % das persoas asalariadas a tempo parcial, fronte ao 25,81 % dos homes. O 30 % das nais con emprego traballa a tempo parcial, fronte ao 6 % dos pais.

Segundo o informe do BBVA, a mellora da economía galega está baseada nos servizos públicos, actividades profesionais e técnicas e no comercio, transporte e reparación de vehículos. En conxunto, os tres sectores supoñen o 65 % do incremento da afiliación en 2015.

A taxa de ocupación medrou un 1,9 % en 2015, 1,1 puntos menos que a media do Estado, e o sector agrícola foi o único sector que destruíu emprego no ano 2015.

A contracción do 1 % que experimentou a poboación activa galega compensou a menor creación de emprego e permitiu a redución da taxa de paro.

Segundo este informe, Galiza segue enfrontando algúns problemas que requiren atención urxente, formación e retención do talento. Galiza presenta unha porcentaxe de mocidade entre 16 e 24 anos que nin estuda, nin traballa, nin teñen recibido cursos de formación, que é preciso atender, a través do deseño de políticas activas de emprego, especialmente cando a taxa de actividade foi 5,7 puntos inferior á media do Estado durante a crise.

A existencia dun tecido empresarial formado maioritariamente por microempresas. Os datos sobre exportación son sesgados debido á presenza dalgúns grandes corporacións.

A actividade exportadora, cando se corrixe polo número de empresas con presenza en mercados internacionais por cada mil habitantes, reflicte que Galiza se atopa entre as rexións con menor propensión exportadora; é dicir, cando se estudan os datos referenciados á poboación, aos sectores produtivos, e se analiza como son as exportacións, o que vemos é que vivimos, seguimos vivindo nun país de microempresas incapaces de competir coas grandes corporacións, que son as que realmente exportan, e un país que está creando a súa riqueza en función do sector servizos, é dicir, un sector que non é realmente quen vai ser motor económico deste país, mentres que a industria non acaba de despegar.

Por iso presentamos esta iniciativa, que pide presentar –dicía– neste período de sesións –na iniciativa evidentemente rematou–, pero cremos que é imprescindible presentar un plan industrial de Galiza, porque non vale ese discurso do Partido Popular de que non hai que presentar un plan porque todo pode ser un negocio.

Evidentemente, para o Partido Popular, si; por iso o gran negocio do Partido Popular é privatizar a sanidade, privatizar os servizos sociais, privatizar todos os servizos públicos, privatizar o ensino; privatizacións. Aí están vostedes creando negocio, cando eses servizos tiñan

que ser públicos e o que ten que mover, quen ten que ser o motor económico de Galiza ten que ser, como en todos os sitios do mundo, a industria. Fomentar a formación profesional con plans dirixidos ás persoas desempregadas e con contratos a tempo parcial.

Non hai, por moito que agora diga o presidente que hai máis prazas de formación profesional. Eu dígolles que na provincia de Pontevedra, por casos que coñezo directamente, foi imposible que moitas persoas traballadoras que querían fóra das horas do seu traballo seguir formándose puideran acceder a formación. Non hai formación para que os traballadores se reciclen, se formen e poidan mellorar a súa posición laboral.

Vincular –algo que levamos pedido toda a lexislatura– as axudas económicas ás empresas que teñen contratos coa Administración á transformación da contratación temporal en indefinida e á redución ou á eliminación da diferenza salarial entre homes e mulleres. Tamén, aumentar o número de xornadas a tempo completo e reducir o tempo parcial. Pero vostedes néganse a vincular a contratación da administración pública coas empresas a melloras de tipo laboral. Despois topámonos co que nos topamos, que, despois, os contratos acaban subindo de prezo, porque non dan para cubrir, e que as empresas incumpren os convenios impagando os salarios marcados nos mesmos.

Apostar pola igualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral. Onte falabamos do Plan estatístico de Galicia e eu reclamaba que se faga un estudo de como imos en igualdade, como vai avanzando a sociedade. É importante saber onde falla para poñer remedio, é importante. Non pode ser que máis da metade da poboación, porque as mulleres representamos máis da metade da poboación, sexamos pobres e esteamos condenadas a ser traballadoras pobres, esteamos condenadas a ser maiores pobres, pensionistas pobres.

Remato xa. Espero ter o apoio –supoño que do Partido Popular non–, pero supoño que cando estea na oposición virá copiando estas iniciativas para reclamar que as faga o novo Goberno. Non se preocupen, que eu espero que o novo Goberno que saia das eleccións de outono sexa un goberno de esquerdas que dea resposta a todas estas necesidades.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Eu quixera recoñecer que sempre me resulta difícil intervir e falar despois de que o faga o presidente. Creo que a soberbia e o triunfalismo son a peor compañía que pode ter un presidente, a peor compañía que pode ter un goberno, e sono en calquera momento, en calquera tempo, en calquera circunstancia, pero especialmente nos actuais, e especialmente no noso país, onde moitísima xente pasa por serias dificultades. Só como exercicio de básica solidariedade o presidente debера de cortarse un pouquiño nese exercicio de triunfalismo, porque exerce ademais un discurso tremendamente tramposo.

En política de emprego, por exemplo, o Partido Popular basea a súa política de emprego nunha trampa, nunha trampa na que se atopan atrapados milleiros de traballadores e de traballadoras do noso país. Un exemplo. Cada contrato indefinido a tempo completo cun salario de 1.500 euros convértese, transfórmase en tres contratos temporais a tempo parcial de 500 euros. Niso resúmese a política en materia de emprego do Partido Popular: contratos temporais a tempo parcial que se completan con xornadas, con horas extras que non se perciben e que se traducen en traballadores pobres.

Esa é a realidade que viven os traballadores no noso país. Hai 17.400 empregos que se realizan en base a horas ilegais, a empregos ilegais no noso país; contratos dunha hora, contratos dunha semana, contratos dun día, contratos precarios. Ese é o modelo laboral do noso país. E diso é do que non fala o presidente. Ese é o noso gran drama: que non fala da realidade do país; polo tanto, non pode abordar solucións.

No ano 2008 traballábanse en Galicia 46 millóns de horas semanais. Estes son os datos oficiais. No ano 2015 traballáronse en Galicia 35 millóns de horas semanais. Polo tanto, perdéronse, desapareceron 11 millóns de horas; máis do 20 % das horas traballadas no noso país desapareceron. Polo tanto, ¿como podemos dicir que en Galicia creceu, medrou o emprego se se traballan menos horas?

E o máis grave non é a perda do número de horas traballadas. O máis grave é que esa perda de empregos, empeoramento das xornadas e das condicións laborais, veu acompañada dunha política de emprego e de industria absolutamente desastrosa.

Se falamos de ferramentas financeiras, desaparición das caixas e venda a preza de saldo desa ferramenta financeira, parálise absoluta do Igape.

Se falamos do sector primario, peche de milleiros de explotacións agrogandeiras, os prezos do leite máis baixos de todo o Estado, sen mecanismos efectivos para pasar de ser un país meramente produtor a ser un país transformador e capaz de industrializar as súas materias primarias.

Se falamos do sector pesqueiro, dende o ano 2008 ao ano 2015, 134 barcos desguazados, subvencionados con 124 millóns de euros públicos. Política pesqueira, política do desguace.

Se falamos do sector forestal, monocultivo de eucalipto, que concentra a terceira parte de todas as hectáreas plantadas desta especie en todo o Estado, dedicadas especialmente á empresa, á industria da celulosa Ence.

Se falamos de ferramentas de ordenación e posta en valor do noso monte, locen pola súa ausencia.

Se falamos de emprego industrial, perda de 50.000 empregos no sector industrial, perda de máis de 1.000 empresas innovadoras, caída do índice de innovación do país do 1,06 % ao 0,77 % –datos oficiais–.

Se falamos dos servizos públicos (sanidade, educación), recortes brutais, non só de orzamentos, senón tamén de plantillas.

Se falamos de demografía, relacionada ademais con todos os indicadores anteriores, perda de 75.000 habitantes, e o señor Feijóo descoñece o censo oficial, porque rebate estes datos. 70 mozos e mozas galegas que marchan cada día do noso país. E todo isto sen un plan para rescatar investigadores, a xeración mellor preparada da nosa historia, sen un plan de emprego xuvenil, cun modelo de devaluación formativo baseado na transformación de graduados universitarios en titulados de FP para fornecer de man de obra barata os países de Centroeuropa.

¿Cal é o modelo de futuro do señor Feijóo, que se postula como triunfal novo presidente da Xunta de Galicia sen que aínda se celebraran as eleccións? ¿Cal é o modelo que hoxe tivo a oportunidade de reflectir en resposta ás preguntas da oposición? Pois ningún, triunfalismo, irresponsable triunfalismo.

Nós imos apoiar esta iniciativa, porque abre tan sequera unha ventá de por onde teñen que ir os tiros nunha política realmente efectiva en materia de emprego para o noso país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Bo día, presidente, e bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Efectivamente, esta iniciativa, que pecha –digamos– os debates a respecto da industria nesta lexislatura, fálanos de catro puntos básicos na situación da industria, que ademais temos debatido en reiteradas ocasións, e os datos son moi, moi clarificadores.

Tamén eu comparto as palabras do deputado Vázquez, que falaba agora de como o presidente pois nos debuxa sempre nas respostas á oposición os mundos de Yupi, e se imos polo miúdo a cal é a situación da industria galega despois de dúas lexislaturas e de oito anos: unha caída case como un castelo de naipes, unha perda de 50.000 postos de emprego industriais, unha baixada de 1.000 empresas de investigación tecnolóxica, cando en Galiza en oito anos se aprobaron tres leis a respecto da industria, da innovación, da investigación e recentemente sobre a economía social.

Por iso, cando vemos que se fala de I+D, se nos fala de que a Axencia de Innovación foi a grande aposta e se baixou do 1 % do PIB ao 0,82 %, cando os investigadores están pedindo que se poidan manter as súas carreiras investigadoras, nós entendemos dende logo que necesariamente ese plan industrial de Galiza ten que ir máis alá da Industria 4.0, ten que ir máis alá do RIS3, das palabras, da semántica e realmente comprometerse coa pragmática e co facer de todos os días. Por iso entendemos que o primeiro punto está moi ben traído a un plan industrial que teña a investigación e a innovación –os dous piares: investigación e innovación– como eixos fundamentais.

O segundo, só a respecto da formación profesional, un tema debatido tamén cando se nos falaba dende esta Cámara por parte do conselleiro de Educación dese investimento na for-

mación profesional –será na concertada–. Seguen os centros de ensino público pedindo e reclamando que teñan máis capacidade para seguir formando en formación profesional. E, bueno, eu creo que aquí, ademais, aínda pois está pendente o debate a respecto dos centros integrados e cal vai ser a súa funcionalidade e cal vai ser realmente o seu futuro.

A respecto dos dous puntos que nos quedan, vincular calquera axuda económica ás empresas, así como os contratos realizados coas mesmas ao mantemento do emprego, tamén foi unha constante desta lexislatura. ¿Cantas empresas vimos aquí das que os seus traballadores e traballadoras viñan manifestarse, pedir que se mantiveran os postos de traballo, tiñan concedidas axudas públicas a maioría?

Eu vou poñer un exemplo clarísimo, que, ademais, agora, recentemente hai tres anos que estes traballadores e traballadoras estiveron encerrados, como é T-Solar, unha empresa punteira, de novas tecnoloxías, de xente moza preparada e formada e con moitas axudas públicas, axudas que se perderon, empregos que se destruíron e a nave que está aí –sabe Deus, non se utilizará para nada–, aí en Ourense. Pois esa é a realidade.

E poderíamos seguir citando empresas con axudas públicas que pecharon as súas portas, o cal nos ten que facer revisar dende logo cales deben ser as políticas de subvención.

E xa o último. É certo que hai unha guía de boas prácticas en materia de igualdade na negociación colectiva. Eu aquí si que quero ser clara, porque, efectivamente, é moi difícil que se poñan en marcha. Aínda así, estamos agardando –e esta é unha constante– polo Programa galego de muller e ciencia –do que se aprobou unha iniciativa..., dúas iniciativas–, que chegaría a esta Cámara antes do final da lexislatura; non chegou; non sei se chegará mañá ou pasado ou durante o mes de agosto; xa damos por perdido que non vai chegar ese programa Muller e ciencia, onde, efectivamente, se asumirían estas cuestións en materia de igualdade, de I+D+i, das carreiras profesionais das mozas e dos mozos, da revisión dos estereotipos na investigación e na innovación.

O certo é que a fenda salarial neste momento entre homes e mulleres en Galiza é das máis altas de Europa, como xa explicou a ponente, e mírase para outro lado e nin tan sequera se aplica unha lei vixente, que é a Lei do traballo en igualdade de Galiza.

Por todos estes motivos, imos apoiar esta iniciativa.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Adán.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señora Martínez, o Grupo Socialista vai votar favorablemente esta iniciativa.

O portavoz de industria do Grupo Socialista, o señor Losada, en diversas ocasións, propuxo plans industriais de reactivación económica e puxo en valor a importancia do emprego na industria. Consideramos dende o Grupo Socialista que a política industrial do Goberno galego non ten solucionado absolutamente ningún dos problemas ao longo de todo este tempo que están plantexados na Comunidade Autónoma de Galicia, excepto para beneficiar os intereses particulares das grandes empresas amigas do Partido Popular.

Non hai ningún país desenvolvido economicamente no que o sector industrial non teña un peso absolutamente relevante na actividade económica, e iso é paralelo ao peso do produto interior bruto e paralelo á ocupación dos traballadores e traballadoras. Desde logo, non é o caso de Galicia. Non é o caso de Galicia, porque non se reflexa esa intención de desenvolvemento industrial con respecto á inversión que fan nos orzamentos nin na execución dos propios orzamentos nin na aposta pola innovación e o desenrolo.

O emprego industrial, como todos sabemos, é un emprego de mellor calidade e moito máis estable e moito menos sometido ás variacións estacionais que o emprego en servizos, que basicamente é o emprego..., os datos que pon por riba da mesa o presidente da Xunta é emprego en servizos, emprego que non é especialmente cualificado, emprego que é precario, emprego que os datos pon por riba da mesa que temos traballadores pobres, que realmente unha frase moi preocupante. É dicir, á parte de cantidade de homes e mulleres en desemprego, sen prestacións, á parte de cantidade de mozas e mozos que teñen que saír deste país, hai unha nova acepción que é o empregado pobre.

É certo que o emprego industrial pode dar maior estabilidade ao emprego que o emprego no sector servizos, pero hai unha falta de aposta por parte dos gobernos do Partido Popular por este tipo de emprego.

Non hai ningún Estado, por outra parte, tampouco en que a investigación e o desenvolvemento, a innovación, non xoguen un papel relevante e teña un tecido industrial forte. Por tanto, é paralelo tamén. Cando non hai aposta pola investigación e o desenrolo, non hai un tecido industrial forte.

A media da Unión Europea está no contorno do 16 % e hai un obxectivo dentro da Estratexia 2020 de chegar ao 20 % no ano 2020. Galicia está no contorno do 11 %, por tanto, absolutamente alonxada desta estratexia.

Hai tamén unha estratexia industrial europea a longo prazo, pero esa estratexia non contempla a rotación no emprego industrial, porque a rotación significa diminuír a posibilidade de innovación.

Os gobernos do Partido Popular ao longo das súas reformas laborais, acadando a debilitación da negociación colectiva, o que están acadando é un emprego absolutamente precario en todos os sectores.

Ademais, se a estas reformas engadimos as políticas de axuste fiscal por unha parte, a caída de inversión privada por outra, a perda de emprego de calidade –como dicía anteriormente–

e unha maior dificultade para integrar procesos innovadores, provoca unha maior dificultade para competir internacionalmente.

Non apostou o Goberno galego a pesar de... Hoxe pola mañá escoitabamos nas preguntas ao presidente e eu tiña a sensación de que o presidente nas súas réplicas de cada pregunta de cada portavoz tiña preparado practicamente eu creo que parecía o debate de investidura ou, desde logo, a apertura da campaña electoral.

Non apostaron, por tanto, por competir por unha vía de innovación, que sería o razoable e é unha aposta de calidade e de futuro. A realidade é que no único que se compite neste país, no único que se compite en Galicia é vía salarios, o que provoca unha ausencia de competitividade e, por outra parte, unha diminución do consumo. É dicir, despois dun longo camiño para ser competitivos en excelencia, retornamos a ser competitivos en man de obra barata, e ese non é o camiño. É unha regresión que non se pode xustificar pola crise económica exclusivamente. É unha regresión que só se pode...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...xustificar coa ideoloxía.

Estamos a niveis de ocupación industrial do ano 1996 e, desde logo, esta situación demostra que non hai estratexia na política industrial do Goberno galego.

Remato, como ao principio: imos apoiar esta iniciativa, porque consideramos que é importante para os homes e mulleres galegos.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor presidente, señorías.

A democracia é un réxime de contraste de opinións que avalía o pobo, ou sexa, non vou eu dicir aquí que temos a verdade absoluta, temos unha xestión, non unha verdade absoluta; a oposición, os distintos grupos da oposición teñen as súas opinións e valoracións. Discrepamos no diagnóstico, é dicir, no conxunto das cifras. A selección de cifras, a selección de datos que fixeron os portavoces da oposición nós non a compartimos. É dicir, en todo o seu diagnóstico non aparece ningún indicador de crecemento..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –¿perdón?– *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, non aparece ningún indicador de crecemento. É dicir, non vou insistir nisto porque este é un debate que xa tivemos en comisión e, dalgún xeito, o repetimos aquí hoxe. Foi unha proposición que presentaron á Cámara no presente período de sesións, un Plan industrial de Galicia, e, evidentemente, isto é unha imposibilidade case material. Pero imos discutir no fondo se houbo ou non política industrial, se houbo ou non política económica.

Entón, o diagnóstico nós non o compartimos, porque se están esquecendo os elementos positivos de frear a depresión. Porque aquí se esquece que estivemos anos en depresión, de caídas de PIB, esquecese iso, de destrución activa de emprego; agora crece, hai que explicar por que. ¿Non tivo nada que ver o Goberno do Partido Popular no conxunto de España a partir do ano 2011? ¿Non tivo nada que ver o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009? É dicir, ¿que pasa? Entón, é dicir, todos os factores de inversión dunha tendencia de depresión, de gran recesión, poden atribuírse na parte que depende do poder político ao Partido Popular. Esa é a defensa –por dicilo así– en termos de opinión, non un dogma, non unha ciencia, pero nós consideramos que iso non saíu no debate e debería saír.

Hai outra cuestión no fondo das propostas, é dicir, considérase que non hai nada de acción política directa. Eu realmente podería introducir aquí todos os elementos das axendas da competitividade, das mobilizacións etc., etc., da estratexia de especialización intelixente, das concertacións con sindicatos e organizacións empresariais para facer políticas de concertación, de todas as modificacións e cambios, de como se modifica a dinámica do sector naval cando entra a gobernar o Partido Popular, como está agora, como está o sector da automoción, como está todo o conxunto dos sectores. A infravaloración que se fai neste diagnóstico e realmente da importancia do conxunto de empregos, que en moitos casos non son idóneos, pero son moi superiores con respecto ás situacións previas de paro sen esperanza.

E hai unha cousa de fondo que ao meu xuízo está lastrando sempre os diagnósticos críticos absolutos e –por dicilo así– tan derrumbistas da oposición dese modelo; é dicir, isto derrúbase pola súa culpa, é dicir, hai problemas. É, polo tanto, unha indución de feitos sobre diagnósticos globais infundados. É dicir, todos os procesos de recuperación despois dunha gran recesión realmente pódese dicir que son case improbables se non existe unha política económica importante, unha política económica moi activa, uns cambios de regras de xogo, de dinamización, de asunción e de cambio con respecto ás situacións de crise que se deben a un proceso de gasto excesivo, de despilfarro económico en determinado tipo de sectores que son financiados con endebedamento exterior e deixan quebrados grandes sectores da demanda agregada, e, polo tanto, grandes sectores sociais sen capacidade de demanda e de produción. Isto é o que houbo anteriormente. Entón, iso estase conseguindo inverter; é dicir, non suficientemente, claro, non suficientemente.

Pero quen teña interese en analizar a historia económica, a historia das crises, os procesos de saída das crises, pode dicir que neste caso hai unha dinámica moi superior ás que se deron noutros tempos –pense na crise do 29, pense na crise do 81, pense noutras crises dos anos noventa doutros niveis–. ¿E que pasou nalgúns sitios? Incluso nalgúns sitios estiveron en procesos de estancamento crónico e de problemas estruturais gravísimos, que non é o caso. É dicir, e, polo tanto, a valoración española, a valoración galega no conxunto da economía internacional pode dicir que está recibindo uns niveis de aprobación moi significativos. Que nós non debemos dicir con triunfalismo que xa está todo feito, pero si podemos dicir que efectivamente se enderezou, se parou a depresión e se está nun proceso de recuperación de tipo continuo e esperanzador.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Arias.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidente.

Bueno, eu realmente creo que o Partido Popular se agarra a esas catro palabras desa lexislatura en plan propaganda: RIS3, Industria 4.0, pero a realidade vai por outro lado. A realidade é que a propaganda non soluciona os problemas, nin as grandes declaracións.

Dicía agora o voceiro do Partido Popular que para saír da recesión..., como se a recesión só afectara a Galiza. Porque eu estou facendo comparacións co resto do Estado, foi o que fixen, supoño que a recesión afectou a todo o Estado. ¿Por que Galiza ten peores resultados ao cabo destes catro anos que o resto do Estado? ¿Por que aquí segue incrementándose o desemprego mentres se reduce no Estado? ¿Por que aquí seguimos tendo os salarios máis baixos? En vez de ir confluindo co Estado, o que imos é distanciándonos do Estado. Iso é ao que o Partido Popular non contesta. Non contesta por que os nosos sectores produtivos son incapaces de despegar e de liderar a economía.

Pero tampouco dixó nada de por que non hai prazas de formación profesional. A vostedes écheselles a boca falando de que é necesario formar para ter traballadores e traballadoras máis cualificados e mellorar a produción. Pero o certo é que as persoas con traballo precario non poden acceder á formación, non hai formación fóra de horarios laborais, como existe no resto dos países civilizados do mundo, para que a clase traballadora poida seguir formándose e avanzar coas novas tecnoloxías.

Non me di vostede como non se poñen rubios de seguir mantendo esa brecha salarial superior á media do Estado entre homes e mulleres. ¿Por que seguen condenando a máis da metade da poboación a ser pobres, simplemente polo feito de ser mulleres? Non me dixó ningunha medida para impedir que sigan sendo as mulleres as que teñan a maioría dos contratos a tempo parcial, as mulleres as que teñan máis eventualidade.

Non puxeron nada a favor para que a conciliación sexa algo que afecte homes e mulleres. Non é normal que a maioría das reducións de xornada para coidado de fillos ou dependentes sexan as mulleres as que as collan, mentres que só o 6 % dos homes collen esa redución de xornada. E iso vén porque nas familias quen reduce a xornada é quen ten menor salario; polo tanto, son as mulleres. As súas medidas obrigan as mulleres a seguir sendo pobres o resto da súa vida.

Di vostede que a Unión Europea está abraiada do ben que o estamos facendo. Será por iso que imos ter que pagar un multón, por non saber facer as cousas, por intentar enganar non só o pobo senón tamén a propia Unión Europea.

E, para colmo de males, señores e señoras do Partido Popular, por se todo fora mal, vostedes dedicáronse a coller os fondos que viñan de Europa para cooperación, que viñan de Europa para desenvolvemento, metelo en paraísos fiscais, metelo en obras sen sentido, en aeroportos sen avións, en estradas que non levan a ningún lado.

Vostedes foron unha lacra para este país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...e eu espero que realmente poidamos este outono ter unha Galiza con futuro cando desapareza o PP deste Parlamento.

Nada máis, moitas grazas.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Martínez.

A seguinte proposición é do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento, que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Socialista.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación:

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

<<1.- O Parlamento de Galicia acorda, por resolución, declarar imprescindible o establecemento de límites na negociación do TTIP, centrados en salvagardar a capacidade regulatoria dos diferentes Estados; así como os estándares sociais, laborais e medioambientais da UE e, en particular, a calidade da provisión de servizos e bens públicos de interese xeral, como a sanidade, a educación e a auga, así como a protección das persoas consumidoras e usuarias.

2.- Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno de España que realice un estudo de impacto do TTIP para o noso país, como están a facer outros países europeos.

3.- Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno de España unha posición clara na negociación do TTIP con seguintes aspectos irrenunciáveis:

a) Preservación absoluta dos estándares de protección social e ambiental da Unión Europea, incluída a protección de dereitos laborais (liberdade de asociación, dereitos sindicais) e de dereitos das persoas consumidoras e usuarias (protección sanitaria e fitosanitaria).

- b) *Unha adecuada transparencia no proceso de negociacións. Partido dos Socialistas de Galicia.*
- c) *Que se incorpore un capítulo no Acordo que desenvolva os dereitos laborais que deben aplicarse en todos os niveis de Goberno e incorporar un mecanismo de resolución de disputas en materia laboral.*
- c) *Que se incorpore un capítulo no Acordo que desenvolva os dereitos laborais que deben aplicarse en todos os niveis de Goberno e incorporar un mecanismo de resolución de disputas en materia laboral.*
- d) *A protección e a privacidade de datos, antes da entrada en vigor do TTIP a Unión Europea debe contar cunha lexislación apropiada en materia de protección de datos, para que os cidadáns europeos reciban as mesmas garantías de protección que os cidadáns estadounidenses.*
- e) *O recoñecemento mutuo de cualificacións profesionais.*
- f) *A regulación dos mercados e servizos financeiros.*
- g) *A retirada do sistema de arbitraje para a resolución de conflitos entre investidores e os distintos Estados (ISDS).*
- h) *Que aparezan excluídas explicitamente da negociación a liberalización dos servizos públicos en todos os niveis da administración, incluíndo a local e o réxime de concesións.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días outra vez.

Bueno, traemos unha proposición para que o Parlamento de Galicia se posicione contra o TTIP, o Tratado transatlántico. Dixérasenos, cando estoupou a crise, que foi debida aos desmáns da economía especulativa, á voracidade do capitalismo, á desregulación do sistema financeiro, etc. Dixéronnos que había que regular máis o sistema financeiro, había que pórle freo ao capitalismo e había que facer unha paréntese. E, en cambio, oito anos despois, parece que se nos dá dende as institucións europeas a medicina contraria, é dicir, máis desregulación, máis cancha para desregular o sistema financeiro, máis cancha para privatizar os servizos públicos, máis cancha para rebaixar os estándares de calidade ambiental, etc.

O Tratado transatlántico e os seus defensores falan de eliminar barreiras para o libre mercado, pero falan disto cando hai un contexto onde os aranceis xa son en moitos casos insignificantes ou moi baixos. E cando se refiren a eliminar barreiras para o libre mercado, están falando nada máis e nada menos que de lexislación laboral, de lexislación ambiental e dos servizos públicos, e iso é moi perigoso.

Nós preguntámonos tamén se se fixo algunha reflexión acerca do triunfo do Brexit en Gran Bretaña, que se intentou caricaturizar dicindo que todos os que votaran a favor desa saída eran uns xenófobos, etc. E claro que había argumentos xenófobos, pero había moitos cidadáns que se vían con discursos nos que pedían máis democracia e máis soberanía, pedían decidir sobre as lexislacións que os afectaban a diario nas súas vidas. E ese é un argumento

que non deberíamos de esquecer se de verdade se quere construír unha Europa que funcione e non que vaia ao garete, como se está indo nestes momentos, precisamente pola falta de democracia, pola falta de poder decidir en cuestións que nos afectan diariamente.

E teño que dicir que non é cuestión do TTIP só. Nos últimos anos fomos sufrindo un proceso de perda de soberanía que nos afecta en moitas das cuestións diarias. Pois, por exemplo, se este Parlamento aprobase un imposto ás grandes superficies polo seu impacto que ten sobre o emprego ou sobre o medio ambiente, e destinalo como imposto finalista á potenciación do comercio local, unha decisión soberana dun Parlamento que quere definir un modelo comercial determinado, pois as autoridades europeas farían o que fixeron xa con outras comunidades autónomas que o tiñan aprobado: ameazar con sancións, ameazar con cobros con retroactividade, etc., por dicir que é discriminatorio coas pobres grandes superficies.

E a iso eu chámolle perda de soberanía. Ou perda de soberanía de Galicia, cando se aproba, a instancias das institucións europeas, a Lei de mercado único, que se aprobou ás caladiñas e sen un debate cidadán e social polo Goberno do señor Rajoy. Ben, esta progresiva perda de soberanía tería un fito moi importante de aprobarse tratados como o TTIP.

Recentemente, iniciouse o proceso de ratificación do CETA, que é algo similar pero cun acordo con Canadá. Afortunadamente, conseguíuse que se tiña que ratificar polos vinte e oito Estados da Unión Europea. Iso é unha noticia moi positiva. Pero nós tamén reclamamos que Galicia ten algo que dicir sobre a ratificación do CETA, porque, de aprobarse ese tratado, afectará de cheo moitas das leis que aprobamos neste Parlamento e que quedarían en papel mollado se se aprobase.

E o CETA é moi similar –como dicía– ao Tratado transatlántico, e nós cremos que esta Europa o que precisa é máis democracia e máis soberanía para decidir as políticas. E tamén nos preguntariamos se os cidadáns europeos consideran entre as súas prioridades rebaixar as barreiras para ese libre comercio, consideran prioritario este tipo de acordos e non aqueles acordos pois que loiten contra a desigualdade e contra a pobreza. Eu creo que, se verdadeiramente Europa funcionase con democracia, as prioridades da negociación serían outras e os axentes que negocian serían outros.

Porque ¿quen negociou este tratado durante anos? Pois as grandes multinacionais americanas e europeas. E ¿quen defende que non se aprobe este tratado? ¿Quen combate este tratado? Pois moitos traballadores e traballadoras americanos e europeos tamén, porque saben que é un instrumento que só beneficia esas transnacionais.

Crea, ademais, un órgano de resolución de conflitos específico para reclamacións de empresas, considerando que sempre a reclamación vén do lado das empresas fronte aos Estados cando aproban lexislación. É unha privatización da xustiza, como acaba de manifestar Xuíces pola Democracia, unha perigosísima privatización da xustiza.

Pretenden, ademais, que as empresas poidan pedir responsabilidades patrimoniais pois, por exemplo, se se incrementa o salario mínimo dos traballadores ou se se endurecen os criterios ambientais, etc. Iso é o que se pretende con este tratado.

Por tanto, cando se fala de harmonización normativa, cando falan de harmonizar a normativa entre Estados Unidos e a Unión Europea, isto o que significa é unha rebaixa dos estándares, non unha mellora, porque, cando se di que se queren eliminar barreiras, non é evidentemente para que en Estados Unidos se endurezan as normas contra os transxénicos, por exemplo, que están moito máis endurecidas na Unión Europea que nos Estados Unidos, ou por exemplo cos tratamentos fitosanitarios ou os tratamentos alimentarios.

Polo tanto, significará a rebaixa de estándares, e terá impacto na nosa agricultura, que é un dos poucos sectores que si que mantén uns elevados aranceis. E haberá que preguntarse se o que necesitamos en Europa, un continente excedentario en produción de alimentos, é reducir os aranceis, para que veñan alimentos de Estados Unidos máis baratos e fagan competencia contra os agricultores europeos, que xa están en perigo de desaparición –non sei se é iso o que queremos–, ou terá un impacto na lexislación ambiental ou nos servizos públicos, tamén onde se prioriza o interese privado, como tamén se prioriza o interese privado en moitas das leis aprobadas polo Goberno español nos últimos anos, deixando en papel mollado o artigo 130 da Constitución española, que subordina todo ao interese público.

Ben, pois este tratado prioriza todos os instrumentos que favorezan iso que chaman a liberdade de mercado, fronte ao interese xeral, que para nós está representado na soberanía dos Estados, e este tratado non considera os Estados algo imparcial, senón que considera parte e ademais considera inimigo dos seus intereses.

E, por último, tamén afecta os servizos financeiros. Eu non sei se o que se necesita aquí é outra vez darlle renda solta á actuación especulativa financeira dos bancos ou precisamos o contrario, que é regular esa actividade especulativa.

Polo tanto, estamos a falar dun tema que nos afecta moito, un tema moi importante e onde nós cremos que o Parlamento de Galicia debe de situarse do lado da democracia, da recuperación da soberanía nacional, polo tanto declarar Galicia libre do TTIP, opoñerse a este TTIP e unirse na loita a nivel europeo contra estes instrumentos contrarios á democracia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidente.

Señorías.

O que pide AGE nesta iniciativa é que a Xunta de Galicia declare Galicia país libre do TTIP. A isto eu faríalle dúas pequenas observacións. Primeiro, se se firma este acordo e Galicia queda fóra, ¿con quen imos comerciar? E a segunda: tendo en conta que este acordo está sen firmar e incluso se dubida de que poida firmarse nesta lexislatura do Parlamento Europeo que re-

matará no 2019, ¿de que tratado queremos saír? ¿Ou o que se está a plantexar é un proteccionismo económico e non o libre mercado?

Que non entremos no Acordo internacional de comercio traduciríase *de facto* nun illamento comercial, dificultándose gravemente as importacións e as exportacións galegas. Hoxe, o proceso de globalización é imparabile, e as empresas que queiran competir terano que facer no mercado mundial e non nun mercado circunscrito a un territorio. Polo que hai que loitar non é polo proteccionismo, senón polo comercio xusto.

Dende o noso punto de vista, polo que temos que pelexar é por facer un bo traballo e fixar uns estándares de calidade que se poidan transvasar a outros acordos. Se marcamos as regras cos países desenrolados, que teñen, de feito, maior protección laboral e medioambiental, poderemos exixir isto tamén cos países menos desenrolados. Nós traballamos para obter un bo acordo, para que España e Galicia teñan por obxectivo estimular o comercio e o investimento entre a Unión Europea e os Estados Unidos, eliminando barreiras arancelarias e non arancelarias.

O TTIP ten unha importancia xeopolítica que vai máis alá das cuestións puramente económicas. O recente cume de Asia-Pacífico demostrou o liderado global de China, que logrou un apoio ao seu plan de liberalización do comercio en Asia. Occidente non pode quedar atrás, Europa necesita recuperar o liderado no novo escenario mundial.

Este acordo é un proxecto tamén de enorme transcendencia económica, porque daría lugar á maior área de libre comercio do mundo, cunha poboación de 820 millóns de persoas, un PIB equivalente ao 60 % do PIB mundial e un volume de transaccións comerciais valorado na actualidade en 960 millóns de euros ao ano.

Os efectos económicos do TTIP, tanto para a Unión Europea no seu conxunto como para España, serían especialmente positivos. Este acordo aumentaría anualmente o PIB da Unión Europea ao redor de 120 millóns de euros e espérase que cree ao redor de 1,3 millóns de postos de traballo. España sería o cuarto país máis beneficiado do acordo, detrás de Reino Unido, Suecia e Irlanda, cun PIB per cápita que medraría un 6,5 %.

Os socialistas defendemos un acordo amplo e profundo entre a Unión Europea e os Estados Unidos, pero non calquera acordo, e isto quero que quede ben claro. A nosa posición definitiva definirase á vista dos resultados xerais das negociacións; en ningún caso aceptaremos un acordo cos Estados Unidos que supoña un prexuízo para os intereses da cidadanía europea, española e galega; repito: en ningún caso.

Os niveis de protección europeos non son obxecto de cambio, o elevado nivel de protección do que gozamos en Europa é innegociable, non asinaremos nada que poña en perigo o noso estado de benestar, e quero que isto quede claro.

As nosas principais reclamacións son: primeiro, preservación absoluta dos estándares de protección social e ambiental da Unión Europea, incluída a protección de dereitos laborais e de dereitos dos consumidores. Dous, unha adecuada transparencia no proceso de nego-

ciación; non pode haber negociacións secretas ou escurantistas. Tres, pedimos que o Goberno de España realice un estudo de impacto do TTIP para o noso país, para poder tomar decisións con datos. Catro, que se incorpore un mecanismo de resolución de disputas en materia laboral. Cinco, que se garanta a protección e a privacidade dos datos. Seis, o recoñecemento mutuo de cualificacións profesionais. Sete, a regulación do mercado e servizos financeiros, que non poida sufrir ataques de fondos de inversión a Unión Europea que poñan en xaque os gobernos. Oito, a retirada do sistema de arbitraje para a resolución de conflitos entre investidores e Estados, o famoso ISDS. Nove, hai que sinalar que está excluída da negociación a liberalización dos servizos públicos en todos os niveis da Administración, incluída a local, e tamén o réxime de concesións. Disto faremos *casus belli*, señorías, porque isto forma parte do noso ADN e non permitiremos que se altere o Estado de benestar.

Tampouco logro entender certas posturas políticas, xa que o 10 de maio de 2016 tivo lugar no Parlamento Europeo unha votación na que a Unión Europea se opuxo á concesión do estado de economía do mercado de China. Foi adoptada por unha amplísima maioría: 546 votos a favor, 28 en contra e 77 abstencións, co voto favorable de representantes de todos os grupos políticos que conforman o Parlamento, fóra dos euroescépticos e a extrema dereita. Esquerda Unida votou en contra e Podemos e Bildu abstivéronse. Isto é relevante, porque denota que tanto a Esquerda Unida como a Podemos non lles importa que se conceda o estatuto de economía de mercado a China, algo que afectaría en gran parte o comercio e a industria, posto que se poderían aplicar...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: ...– si, xa remato, presidenta– a China as medidas antesubvención e *antidumping* que a Unión Europea vén aplicando a día de hoxe. É dicir, Esquerda Unida e Podemos queren poñer trabas a Estados Unidos, que é un país con estándares laborais e ambientais relativamente altos, pero móstrase favorable a dar facilidades a China, que é un país con normas laborais e ambientais moito máis baixas. Sinceramente, non o entendo.

Nós, os socialistas, non imos ir por esa vía e apostaremos por un tratado coas características xa enumeradas. Que lles quede a todos moi claro.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Santín.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Bo día.

Grazas, presidenta.

O Tratado transatlántico do comercio e inversións é un acordo comercial entre a Unión Europea e os Estados Unidos co que se pretende equiparar as normativas a ambos os lados do

Océano. Antes de nada, sinalar que nos Estados Unidos os convenios da Organización Internacional do Traballo nin sequera son recoñecidos.

A Comisión Europea e o Goberno dos Estados Unidos e as grandes empresas están a vender-nos o acordo como un xeito de antídoto definitivo contra a crise. Din que promove o crecemento e que xerará postos de traballo, mais o que se está a negociar, en absoluto segredo, é rebaixar as normativas ambientais, laborais e sanitarias. Din querer eliminar as barreiras ao comercio para crear un grande mercado que beneficie as empresas e xere traballo, pero a verdade, a realidade, é que o que eles chaman barreiras son as normas que regulan... (*Murmurios.*) –Presidenta, por favor–...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Si, silencio, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...–grazas– e protexen os nosos dereitos sociais e ambientais. Se se permite que se asine este tratado comercial, suporá a maior transferencia de poder ás grandes corporacións que teñamos visto en moitas xeracións.

En completo segredo, dende xuño de 2013, e malia que todos os documentos das institucións europeas deberían ser públicos, as negociacións clasificáronse como confidenciais. Digo eu que será o medo ao forte rexeitamento por parte da cidadanía, se coñece o que é a realidade, como xa ocorreu co acordo transatlántico do ano 95, que tivo que ser descartado pola oposición social.

Este tratado do que estamos a falar plantexa, señorías, unha ameaza á democracia, ao Estado de dereito, aos dereitos laborais, á protección do medio ambiente e aos dereitos das consumidoras. É unha ameaza á democracia, porque o 92 % dos encontros auspiciados por Bruxelas tiveron lugar entre a Comisión Europea e os *lobbies* privados; só un 4 % contaron con representantes da sociedade civil; ou o que é o mesmo, 520 dos 560 encontros organizáronse co sector privado e só 26 con grupos de interese público. Isto imposibilita á sociedade civil o acceso á información e, polo tanto, a garantía de que os intereses públicos están a ser protexidos. Malia este secretismo, a filtración de varios documentos secretos demostra que a Unión Europea está disposta a negociar a liberalización dos servizos sociais e públicos, para ofrecer un acceso ilimitado ás multinacionais iankis nos mercados europeos.

Ademais de fomentar as privatizacións, este acordo limita a capacidade dos gobernos para regular os servizos públicos, en favor das multinacionais, ás que outorga novos privilexios e garantías, ofrecéndolles incluso a posibilidade de impugnar legalmente as políticas públicas. Así, os Estados perderán a súa soberanía á hora de recuperar a xestión destes servizos, aínda cando a prestación por parte das empresas non fora de calidade ou demasiado cara. E se as empresas que operan na Unión Europea consideran que a súa rendibilidade non é a desexada, terán a capacidade de demandar aos Estados exixindo indemnizacións millonarias a conta das arcas públicas.

Para acadar o obxectivo prioritario deste tratado, o incremento do comercio transatlántico, é necesario eliminar normas e regulacións para equiparar estándares de comercio entre a

Unión Europea e os ianquis. Unha destas normas que a propia Comisión Europea entende como barreiras ao libre comercio é o principio de precaución, vixente na actualidade.

Segundo este principio, que existan dúbidas sobre os efectos na saúde ou no medio ambiente é suficiente para que as autoridades restrinxan ou prohiban o uso dun produto ou dunha tecnoloxía. O principio de precaución é o que ata o de agora evitou o uso indiscriminado, por exemplo, de hormonas na carne ou a proliferación de certos pesticidas. Nos acordos, a empresas ianquis presionan para suprimilo, para aumentar as exportacións, e, á súa vez, as europeas, as grandes corporacións, cúlpano da debilidade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora IGLESIAS SUEIRO: ...de situalas –xa remato– en desvantaxe.

Alimentos, medicamentos e outros produtos non se someterán aos controis. Dependemos do noso medio ambiente, do aire limpo que respiramos, da biodiversidade que nos alimenta e depura as nosas augas. Non poderemos alimentarnos de petróleo, de augas contaminadas, tampouco do diñeiro que amasen as grandes empresas dos dous continentes que están presionando.

Así que o Grupo Mixto vai votar a favor desta iniciativa.

Grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Esta proposición, nos seus contidos básicos, é coincidente coa que se debateu en pleno o 29 de outubro de 2014, naquela ocasión por iniciativa do BNG, e tamén coa proposición defendida polo BNG na Comisión 3ª o 9 de abril de 2015. Dado que foron rexeitadas, agardo –creo que, evidentemente, nun exceso de optimismo– que a iniciativa de AGE corra mellor sorte. Porque, como manifestamos naquel debate, o TTIP non só compromete dereitos sociais e económicos fundamentais. Por comprometer, até compromete o futuro da democracia mesma, e dun principio intimamente vencellado a ela como é o dereito de todo o pobo a decidir libremente o seu futuro.

Comprométeo nas formas e comprométeo no fondo. Nas formas, porque se está a negociar en segredo, con total falta de transparencia e control democrático; e no fondo, porque o TTIP pretende perpetrar un auténtico golpe ao servizo das multinacionais.

A través do mecanismo de resolución de conflitos entre investidores e Estados, preténdese someter as discrepancias sobre investimentos exteriores a procedementos arbitraris privados. Xa hai precedentes noutros tratados bilaterais do que isto significa. Permí-

tanme que lembre exemplos que xa puxen naqueles debates. A República de Uruguai, por exemplo, foi condenada a pagar a Philip Morris unha indemnización millonaria por ditar unha norma obrigando a que figurase nos paquetes de tabaco que fumar prexudica a saúde. A multinacional Veolia demandou no seu momento o Goberno exipcio polo grave delito de elevar o salario mínimo en 31 euros, alegando que esta decisión afectaba o equilibrio económico do contrato de recollida de basuras en Alexandría, do que era concesionaria.

En definitiva, a través deste mecanismo, se un goberno desexa renacionalizar sectores privatizados ou introducir cambios regulatorios para protexer o sector público e o interese xeral, poderá ser denunciado ante estes tribunais.

O TTIP compromete o futuro dos servizos públicos e dos dereitos sociais e económicos fundamentais.

Miren, a pregunta é a seguinte: ¿como se pode crear un mercado único con marcos regulatorios tan distintos como os que existen nos Estados Unidos e na Unión Europea? E a resposta é sinxela: desregulando, achegando o modelo europeo ao modelo estadounidense, onde a regulación é moito máis lasa, aínda que para iso haxa que facer táboa rasa das lexislacións estatais, nacionais e da propia lexislación europea.

Un exemplo déunolo o señor Francisco Fonseca, daquela director da representación da Comisión Europea no Estado español. En Europa rexe o principio de precaución, como expuxeron a voceira do Grupo Mixto e o voceiro de AGE; se hai dúbidas sobre os posibles efectos negativos na saúde dun ingrediente, prohíbese a súa comercialización. Iso fai, por exemplo, que en materia de cosméticos en Europa haxa 1.328 substancias prohibidas e en Estados Unidos, 11. Solución que deu o señor Fonseca: que se poidan comercializar todos, establecendo unha advertencia na etiquetaxe. Segundo o señor Fonseca, isto é darlle a responsabilidade ao consumidor. Nós dámoslle outro nome: desregularizar, facer táboa rasa das lexislacións, incluso na protección á saúde, para servir as ansias de acumulación das multinacionais.

De materializarse estes acordos, imposibilitarán na práctica que os gobernos poidan aplicar políticas que se aparten dos principios imperialistas e neoliberais que latexan no TTIP. Estase negociando introducir elementos de privatización nos servizos públicos, establecendo unha lista reducida daqueles que non se poden privatizar. Estase negociando tamén un modelo de contratación pública deseñado á medida das grandes multinacionais a costa de sacrificar o tecido produtivo local.

No eido laboral a equiparación da regulación laboral europea e estadounidense significará establecer aínda máis límites ao dereito á sindicación, limitar aínda máis o alcance dos convenios colectivos, recortar aínda máis os dereitos laborais. Baste dicir que os Estados Unidos só subscribiron dous dos oito convenios fundamentais da OIT.

A harmonización nas políticas medioambientais terá tamén consecuencias negativas, dado que a lexislación europea é moito máis exixente.

E a liberalización no eido agrario fará que as nosas explotacións teñan que competir en inferioridade de condicións coas explotacións norteamericanas, máis intensivas e con menores custos sanitarios. A eliminación de todo tipo de barreiras na comercialización de produtos agroalimentarios acabará arrasando o noso modelo agrario.

E así poderíamos seguir, deputados e deputadas. En conclusión, o TTIP atenta contra o dereito básico dun pobo a ter unha base económica propia. O TTIP significa arrasar coa soberanía dos pobos. O TTIP ataca os alicerces da democracia mesma, ao situar por riba dos pobos decisións transcendentais no eido económico que condicionarán o benestar das persoas.

Por todas estas razóns, imos dar o novo voto favorábel a esta proposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Popular ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, hoxe falouse de humildade, falouse de coñecemento, falouse tamén de ética, e eu quería preguntarlle, señor Sánchez, se vostede se acorda cando dicía que o Partido Popular envelenaba con arsénico e níquel os coruñeses simplemente para beneficiar as contas dunha empresa. ¿Lémbrese vostede diso? ¿Lémbrese vostede diso? Esa é a súa ética.

Mire, todos os estudos existentes, públicos e privados, coinciden en sinalar que o acordo é positivo. O impacto económico do tratado para a Unión Europea cífrase en miles de millóns de euros en termos de crecemento económico: máis exportacións, máis actividade económica, máis creación de postos de traballo e maior incremento de salarios. Manter o noso modelo social exige que manteñamos tamén a nosa forza económica, e a oportunidade de chegar a un acordo global cos Estados Unidos é unha oportunidade histórica.

Por iso non se entende ben que esa oposición queira vivir de costas ao mundo. Non podemos ser vítimas de prexuízos, de mantras, de fobias da extrema esquerda (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) en contra de calquera acordo equilibrado coa primeira potencia económica do mundo, coa que, ademais, compartimos a defensa dun núcleo esencial de valores democráticos, que non comparten outros Estados, outros Estados onde vostedes van facer as súas prácticas.

Pero a vostede dálle igual o que eu lle diga, dánlle igual as conclusións de centos de informes ou as leccións que nos dá a propia historia sobre o comercio, porque –mírese por onde se mire– o aumento do comercio mellora a renda per cápita. Para vostede este acordo é unha imposición dun modelo de sociedade promovido por multinacionais desexosas de aumentar os seus beneficios. Non o di vostede, é verdade, non o di vostede, dío Marine Le Pen. Porque o capitalismo totalitario da extrema esquerda e da extrema dereita están unidos. Vostedes están con Le Pen, con Donald Trump, con Beppe Grillo, con Amanecer Dorado. Unidos contra o capitalismo, unidos contra o libre comercio, contra as liberdades, (*Aplausos.*) contra o Es-

tado de dereito, Estado de dereito liberal, contra a propiedade privada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Están vostedes unidos contra Europa.

Pero é que, ademais, están vostedes en contra da Asociación Transatlántica para o Comercio e a Inversión por prexuízos puramente ideolóxicos, polo peor dos sectarismos. Negan vostedes a realidade e usan sistematicamente argumentos falsos, argumentos inventados, argumentos ficticios.

Non é verdade que non existan límites á negociación, ¡claro que existen límites á negociación!, e se non, ¿de onde cre que saíu a emenda do Partido Socialista? Esta emenda non é máis que os límites que puxo o Parlamento Europeo e o Consello á Comisión. Esa foi a emenda que presentou o Partido Socialista.

É falso que este tratado poida afectar os servizos públicos básicos: a educación, a saúde, a seguridade social. Non hai ningún acordo comercial da Unión Europea que restrinxa ou limite a liberdade dos Estados a xestionar os seus propios servizos públicos. E, ademais, a Comisión Europea non ten o mandato para poder negociar sobre isto nin o está a facer.

Falan vostedes da desregularización e volven enganar, volven enganar. Porque non só é que enganen, é que para facer crible ese engano vostedes teñen que inventar escenarios ficticios. ¿Quen lles dixo a vostedes que no mercado americano non hai controis, ou que teñen exixencias ou estándares de calidade menores aos nosos? ¿Quen lles dixo iso? ¿Vostedes o saben? Non, e aí andan todos repetíndoo, como se fose unha cuestión de fe.

¿Saben vostedes que para exportar certos produtos agrícolas o procedemento de exportación dura máis de catorce anos? ¿Que ás veces as empresas españolas teñen que traer, pagando cos seus propios recursos, os inspectores de exportación para que certifiquen que esas exportacións poden ser seguras para eles? ¿Pensa vostede que é bo para o noso sector da automoción e o sector auxiliar que as nosas exixencias de calidade e seguridade non sexan suficientes para o mercado americano da automoción? ¿Pensan vostedes que os medicamentos que curan o cancro en Europa non son bos para curar os cancros alá? Pois iso, iso é o que está a pasar agora, e iso é o que se pretende precisamente corrixir co tratado. Iso, señorías, iso é harmonizar.

Falso, falso absolutamente todo o que vostede dixo do sistema de arbitraje. Invencións. Falso o que di sobre as denominacións de orixe, sobre os estándares de calidade medioambiental, sobre a perda de soberanía. Falso o que vostede di das multinacionais.

Vostedes están no bulo, vostedes están afincados no engano, na negación da realidade, pero por moito *marketing* que vostedes fagan...

–Benvido, señor Beiras, benvido. Xa é boa hora–. (*Aplausos.*)

Por moito *marketing* que vostedes fagan, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non son os do sorriso, nin son tampouco os da democracia, nin son vostedes os da participación...;

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ. ...son vostedes os do odio, non hai máis que ver a cara do señor Beiras. Pero sigan así, señorías, sigan así... *(Murmurios.)* A xente coñéceos, xa perderon un millón de votos e aínda van perder máis. Porque cando a xente sabe como son vostedes, cando a xente os vai coñecendo, non os volven votar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Trenor.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si.

En primeiro lugar, busque onde queira e a ver se atopa onde dixen eu que estaban envenenando a xente da Coruña con arsénico. Búsqueo, rétoo, porque mentiu. Nunca dixen iso, entre outras cousas porque, cando eu debatín con vostede diso –e creo que quedou escocido, por iso o trae a colación– aínda non estaba feito o proxecto de transvase; polo tanto, non puideron dicir iso; polo tanto, mente. Xa empezou mentindo, foi o primeiro que dixu. Busque onde queira, nas actas, nos vídeos, onde queira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben.

Despois, compárame vostede con Marine Le Pen. Mire, en España non hai o Frente Nacional porque existe o PP, e a extrema dereita está nese partido. Simplemente por iso. Vostedes son a extrema dereita, non fai falta ningún Marine Le Pen aquí. *(Aplausos.)*

Vostede falou de que o TTIP ten algo que ver coa curación do cancro. Mire, para curar o cancro o que fai falta é que vostedes non desmantelen a sanidade pública e non a privaticen. Para curar os cancros e outras enfermidades fai falta que non defendan precisamente o que pretende o TTIP, que é protexer as patentes das farmacéuticas. Para que non morra xente é básico que vostedes non fagan o que fixeron cos doentes da hepatite C, que están imputados, o primeiro goberno imputado polos recortes en sanidade, señor Trenor. Iso é o que fai falta, e non fai falta ningún libre comercio para protexer iso.

Precisamente, o método máis eficiente de protección da saúde das persoas e da dignidade das persoas foi o sistema público, de servizos públicos, sistema sanitario público. O que trouxo aquí que a xente puidera tratarse dignamente na sanidade foi a sanidade pública. O que trouxo que os fillos dos traballadores e traballadoras puideran estudar foron os servizos públicos de ensino, señor Trenor, non a privatización do servizo público de ensino, como pretende o Tratado de libre comercio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Por outro lado, eu creo que vostede si que non coñece os estándares e as exixencias nos alimentos en Estados Unidos e en Europa. Eu si, eu sei; e, entón, vostede está mentido. Cando fala de harmonizar, o que se pretende é rebaixar eses estándares, para facer o que leva pretendendo durante moito tempo, por exemplo, Monsanto, que é introducirse masivamente en Europa, e a resistencia cidadá fixo posible que por agora non se introduciran.

Mire, señor Santín, sinto ter que rebaterlle. Eu creo que no ADN do Partido Socialista non debería de estar a defensa do TTIP, eu creo que é ao contrario. ¿Vostede está falando dunha negociación entre Europa e Estados Unidos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non está traballando Europa e Estados Unidos. Estiveron negociando as multinacionais americanas coas multinacionais europeas, e os prexudicados van ser os traballadores e traballadoras americanas e os traballadores e traballadoras...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...europeas. Ese é o obxectivo.

Falamos de transparencia. ¿Onde está a transparencia na negociación? ¿Onde estivo a transparencia da negociación se aínda non se sabe en todos os termos que se negociou?

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Se me deixa, remato.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Si, remate.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O TTIP é afondar precisamente no que nos trouxo ata este momento. É afondar, precisamente, no que fixo que, por exemplo, Gran Bretaña renunciase a pertencer á Unión Europea, posto que hai unha petición de maior democracia e de maior soberanía. E opoñerse ao TTIP é defender a democracia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Sánchez, ¿sobre a emenda do Grupo Socialista?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non a aceptamos.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): De acordo.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Presentáronselle dúas emendas, unha do Grupo Socialista e outra do Grupo Popular.

(*O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 50312).*)

Emenda de modificación.

Débase modificar o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«1. Presentar un plan de recuperación e explotación dos saltos hidroeléctricos, que ante o remate do período de concesión das mesmas, incentive nas novas concesións a participación pública da Xunta de Galicia, contando para a elaboración do citado plan coa participación dos concellos afectados.»)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 50312).

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe traballando no estudo individual das opcións para a xestión dos aproveitamentos das concesións hidroeléctricas ao remate dos prazos concesionais, conforme ao disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas».)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei, a señora Adán ten a palabra.

A señora ADÁN VILLMARÍN: Moitas grazas, presidenta.

Bo día de novo, señoras deputadas, señores deputados.

Hoxe imos debater a respecto dun tema xa recorrente, pero imos facelo dende outra óptica. Nesta lexislatura que pechamos, levamos falado moito de produción eléctrica, de tarifa eléctrica, de pobreza enerxética e do deseño da produción eléctrica en Galiza. De feito, un dos argumentos fundamentais que utilizamos dende o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para exixir ou para demandar, ou para polo menos intentar que se estude e que se analice a posibilidade dunha tarifa eléctrica galega, é o propio deseño de produción eléctrica. O feito de que teñamos encoros, de que teñamos saltos, dende mediados dos anos cincuenta-sesenta do pasado século –moitos son anteriores pero os máis grandes, como despois argumentarei, son desa época–, feitos nese momento, ademais, con investimentos públicos, con cartos públicos, que despois foron traspasados a empresas privadas nos últimos vinte e cinco anos do século XX, fai que nós sexamos grandes produtores de enerxía eléctrica, non soamente polas eólicas, polas térmicas, senón fundamentalmente pola enerxía hidráulica.

É un deseño que no seu momento foi pensado fundamentalmente para abastecer de produción eléctrica a Madrid, algo que podemos ver simplemente se entramos nas páxinas oficiais da Rede Nacional Eléctrica e vemos como se produce e como se consume neste momento no Estado español.

Pois ese deseño da produción eléctrica hoxe queremos traer a debate, porque a enerxía eólica en Galicia é fundamental, pero a creación de presas e de encoros supuxo no seu momento desprazamento de persoas, asolagamento de vales, de casas, de aldeas; e tiveron e teñen grandes custos medioambientais. E a pregunta é, ¿cal foi a contrapartida? ¿Cales foron as cláusulas sociais que existían na creación deses encoros? ¿Ou cales foron as prestacións económicas para ter un abaratamento maior da enerxía eléctrica? Ningunha.

Ademais poden ir ás actas da Comisión 6ª, onde formulamos esta pregunta ao Goberno galego e contestóusenos literalmente que o único encoro que ten neste momento cláusulas sociais, o único, é o de Caldas, que é, ademais –quero recordar–, unha central mini hidráulica. De todas as centrais hidráulicas –que son exactamente 44 en Galiza–, ningunha ten cláusulas sociais que se coñezan. Pode ser que estean perdidas nalgunha letra pequena, pero, segundo contestación do Goberno, ningunha as ten.

E quero recordar que aí temos, por exemplo, centrais hidráulicas como a do Eume, en 1960, que neste momento está explotada por Endesa; ou, por exemplo, a do Ézaro, no río Xallas, desde 1957, por Ferroatlántica; temos Belesar desde 1963 –estou falando do ano de posta en marcha–, explotada por Gas Natural; a dos Peares, desde 1954, explotada tamén por Gas Natural; a de Montefurado, desde 1956, por Iberdrola. Estou facendo unha escolma por diferentes provincias. Se pasamos a Ourense, temos aí, por exemplo, San Estevo desde 1957, por Iberdrola; a de Castrelo de Miño, desde 1969, que seguramente todos temos na memoria o que iso supuxo, explotada por Gas Natural. Ou, por exemplo –por coller outra–, no Ulla, en Portodemouros, en 1967, por Gas Natural. Son unha escolma, e collín aquelas, ademais, que teñen unha potencia máis grande en quilovatios neste momento, dende a década dos anos sesenta –finais do cincuenta–; que foron construídas, efectivamente, con cartos públicos; que pertenceron ao INI e que despois foron traspasadas. Son as empresas que neste momento sacan maiores beneficios, porque é a produción enerxética que dá maiores beneficios ás empresas produtoras de electricidade. Vémolo en Endesa, Gas Natural e Iberdrola, por coller un exemplo.

Entón nós o que propoñemos nesta iniciativa non é algo digamos rompedor, pero si entendemos que é novidoso porque é un plan de recuperación. De moitas delas non temos as datas –porque aínda que foi pedida esa documentación non contamos con ela– de cando rematan as concesións, pero moitas están nos últimos momentos das concesións, porque foron a cincuenta ou a setenta e cinco anos. E entendemos que, cando esas concesións rematen, deben ser rescatadas para unha explotación pública, para que os beneficios estean no ámbito do público.

Por iso plantexamos a presentación dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos mediante a creación dunha empresa pública galega antes do remate do período de concesión das mesmas, contando para a elaboración do citado plan coa participación dos concellos afectados, porque, evidentemente, están afectados e deberían crear unha fonte de riqueza. Máxime cando coñecemos, xa digo, dende a pregunta que lle fixemos ao Goberno, que non hai cláusulas sociais, simplemente na mini hidráulica de Caldas, onde si que hai unhas cláusulas sociais que, segundo o Goberno, está cumprindo a propia concesionaria.

O segundo punto –bastante máis ambicioso que o primeiro– é proporcionar información sobre as condicións de concesión dos saltos hidroeléctricos. Que cando menos contemplen o ano de remate da concesión; e sería bo que fosen de dominio público as cláusulas sociais de concesión e cumprimento das mesmas. Solicitando –de ser preciso– a información pertinente ao Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente e á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, onde se concentra o maior número de centrais de gran hidráulica.

Eu traio aquí un mapa de Galiza para que se vexa como temos inzado o territorio, pero, ao non estar fotocopiado en cor, non se pode ver. Temos o territorio inzado de grandes saltos e de pequenas minicentrais, e non temos compensacións económicas de ningún tipo por eses custos medioambientais e tamén humanos e de desprazamento, e ademais pola xeración das liñas de alta tensión que despois teñen que transportar toda esa enerxía, que –como saben moi ben os señores deputados e deputadas– se consume en tempo real e, polo tanto, debe ser, inmediatamente de producida, transportada e, polo tanto, consumida noutro lugar.

Así que ben entrado o século XXI, no ano 2016, a revisión das concesións e a revisión dos beneficios que dan as centrais da gran hidráulica entendemos que é unha cuestión importante, unha cuestión para debater neste último pleno, e sería ademais de interese público para Galiza que puidéramos contar coa recuperación desas centrais para o público e que puidéramos contar tamén cunha argumentación máis á hora de poder defender a tarifa eléctrica galega, para poder defender ter un prezo diferente da luz.

É unha mágoa –así quero dicilo– que quede durmindo a ILP que foi aceptada para a súa tramitación o soño dos xustos –ou dos inxustos, non sei–, porque xa non será nin debatida nin analizada nesta lexislatura. É un traballo que queda aí, todo o traballo que fixemos conxuntamente a respecto da situación da pobreza enerxética e da situación da enerxía eléctrica en Galiza. Agardo que outras deputadas e deputados continúen con ese traballo e poidamos ver unha tarifa eléctrica galega e uns saltos hidráulicos recuperados –xa que fan uso dun ben público, que é a auga– tamén para a explotación pública.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, presidenta.

Bos días, señoras deputadas e señores deputados.

Preparando esta intervención –que fago en substitución do meu compañeiro Abel Losada–, lembrei que na pasada lexislatura, no Pleno deste Parlamento en tal día como o 8 de febreiro do ano 2011, chegamos a un acordo entre todos os grupos políticos, por unanimidade, que creo que foi un acordo importante, aínda que tamén é certo que, seguramente, a día de hoxe unha parte importante do mesmo está sen desenvolver. De feito, algunhas das cuestións que reclamaba a señora Adán na súa iniciativa, á que desde o Grupo Socialista lle pre-

sentamos unha emenda de modificación ao punto un, estaban xa incluídas naquel acordo unánime. Pero as administracións concernidas por ese acordo, que eran a autonómica e a central, non as levaron a cabo.

Daquela acordamos entre todos que recoñeciamos a sobreexplotación dos ríos de Galicia; que recoñeciamos que non se deberían de outorgar novos aproveitamentos hidroeléctricos, agás repotenciacións; que había que desestimar todos aqueles aproveitamentos hidroeléctricos que se concederan, nun goberno en funcións do señor Fraga, nos meses de xuño e xullo do ano 2005; que se tiña que evitar a construción das 33 novas centrais hidroeléctricas que figuraban no borrador do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa; que había que introducir no Plan hidrolóxico un réxime de caudais ecolóxicos para as concesións existentes, concertando coas empresas; e que había que declarar, entre outras cousas, os ríos de Galicia libres de novos aproveitamentos hidroeléctricos –insisto– agás as repotenciacións. Mágoa que este acordo importante, que se adoptou por unanimidade na pasada lexislatura, non estea aínda a día de hoxe desenvolvido, porque unha parte do que reclama hoxe a señora Adán na súa iniciativa xa non sería necesario reclamálo.

En calquera caso, desde o Grupo Socialista temos claro que, se Galicia dispuxera dunha política de enerxías renovables, hoxe non estaríamos na situación na que estamos. E debería de ter como obxectivo –que non o ten– electrificar o consumo da enerxía, porque Galicia debería de estar na vangarda de cumprir os protocolos internacionais en materia de protección ambiental e os obxectivos da Unión Europea para o ano 2020; é dicir, ir eliminando progresivamente o uso de combustibles fósiles, canto máis antes mellor. Deberíamos de estar producindo electricidade con enerxías renovables, que son as únicas que permiten producir sen consumo nin perdas de enerxías fósiles; ademais, o seu custo reduciuse tanto nos últimos anos, que xa poden competir co gas, co carbón e, máis aínda, coa enerxía nuclear.

Como consecuencia diso, poderíamos ter no noso país mellores servizos enerxéticos que os oligopolios actuais. Terían menor poder os países produtores de enerxías fósiles para impoñernos os prezos en orixe, e tamén terían menor poder as compañías petroleiras para impoñernos os prezos en destino. Pero para iso fai falta política enerxética que estea ao servizo do interese xeral, con obxectivos a medio e longo prazo e cunha estratexia para acadalos.

Galicia debería de estar aproveitando esa ventá de oportunidades que ofrecen os protocolos ambientais internacionais e a nosa posición xeográfica, que por unha vez é unha posición vantaxosa, cando menos nas enerxías renovables.

Debería de estar priorizando os intereses das persoas consumidores, apoiando os de menor capacidade económica e as industrias. E tamén debería de estar promovendo a innovación, para desenvolver todas as posibilidades de almacenamento das renovables. A enerxía renovable hidráulica tería que estar tamén revisando os seus plantexamentos. E a xestión das hidroeléctricas, que hoxe en día teñen un carácter basicamente de almacenamento máis que de produción, e que ademais empregan recursos públicos, debe estar ao servizo do conxunto do sistema eléctrico e detraer da súa remuneración os beneficios extraordinarios sobrevidos que lles produce o prezo marxinal determinado polos combustibles fósiles, polo que tamén terían que estar facendo todo este traballo. Pero como nin o Partido Popular nin o Goberno

de Galicia teñen interese en ter unha política sobre as enerxías renovables a medio e longo prazo, a día de hoxe temos ese acordo parlamentario sen cumprir e, ademais, as empresas hidroeléctricas non están deixando beneficios no noso país, de aí a nosa emenda.

A nosa emenda pretende sentar o mesmo precedente en canto ás empresas hidroeléctricas que se sentaba no concurso eólico. É dicir, que se presente un plan de recuperación e explotación dos saltos hidroeléctricos e que, antes do remate da concesión destas, se incentive nas novas concesións a participación pública...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR: ...da Xunta de Galicia, contando para elaboración do citado plan coa participación dos concellos. Insisto, un precedente que xa foi sentado no Plan eólico e que a día de hoxe aínda non foi tido en conta polo Goberno do Partido Popular.

Agardo que a señora Adán acepte a emenda que presentamos o Grupo Socialista ao punto 1, e dende logo, se así fose, votaríamos a favor do conxunto da iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Popular, ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, a produción de enerxía hidroeléctrica lévase a cabo mediante outorgamento de concesións de uso de dominio público hidráulico. A proposta é por iniciativa de empresas privadas que financian a montaxe das centrais e a súa posta en explotación. Iso si, coa previsión da súa futura reversión das obras á Administración unha vez que remata o prazo da vixencia.

Posto que o ben público é o uso de auga, a súa explotación, o aproveitamento hidroeléctrico, está suxeita a un estrito control por parte da Administración competente, xa sexa autonómica ou ben sexa do Estado. E como non podería ser doutro xeito, dende a Administración sempre se lles exige ás empresas eléctricas promotoras o cumprimento tanto das cláusulas e condicións concesionais como da lexislación vixente, non só da lexislación hidráulica, senón tamén da lexislación ambiental e urbanística.

Cada aproveitamento hidroeléctrico responde a unha situación diferente, derivada da súa situación concesional. Hoxe en día, como xa coñecemos grazas á resposta do director de Augas de Galicia na Comisión 2ª a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego sobre este mesmo tema, hai dous procedementos de tramitación para a declaración de extinción de concesións hidroeléctricas pola conclusión do seu prazo concesional, que se corresponden cos aproveitamentos denominados Fervenzas e Güimil, nos ríos Vexo e Lambre.

Nestes procedementos está pendente a emisión do informe técnico, no que debe adoptarse a decisión sobre a reversión das obras e instalacións e o modo da súa xestión, ou ben sobre

a súa demolición. Así mesmo, tamén vén de finalizar o pasado 17 de xuño o salto da Castellana no río Mandeo, e están próximos a finalizar, no 2017, os saltos de Ponte Inferno, Portochao e Fecha. É verdade que nestes dous últimos hai modificacións que contemplan un aumento do seu prazo concesional.

Respecto dos saltos da Castellana e Ponte Inferno, tal e como explicou o director de Augas de Galicia na comisión, iniciaranse os correspondentes expedientes administrativos para declarar a extinción das concesións.

Dito isto, supoño que ademais as súas señorías son coñecedoras do procedemento administrativo, pero quero lembrarlles que a extinción do dereito ao uso privativo da auga nunha concesión administrativa non opera de xeito automático, senón que é necesario tramitar un expediente administrativo que se finaliza coa resolución que declara de forma expresa a súa extinción.

É un procedemento complexo, onde hai que dicir si é posible e conveniente a continuidade do aproveitamento ou se, pola contra, se considera o aproveitamento inviable ou o seu mantemento contrario ao interese público. Nun caso, exixir á concesionaria a entrega dos bens obxecto da reversión en condicións de explotación, e noutro caso, pode exixirse ao titular concesional a demolición do construído.

Polo tanto, falamos dun tema complexo. Non é tan sinxelo como o plantexamento que fai o Bloque Nacionalista na súa iniciativa, posto que esta análise debe ter en consideración condicionantes tanto puramente xurídicas como tamén ambientais, sociais e económicas, con indicacións sobre a extinción da titularidade das instalacións e sobre a xestión do aproveitamento se se decide continuar a explotación; ou ben sobre a conveniencia da súa non continuidade, e, no seu caso, loxicamente, a demolición das infraestruturas.

En definitiva, o que temos que facer é efectuar unha declaración individualizada de extinción de cada título, segundo o seu período concesional. Hai que avaliar a conveniencia da continuidade da explotación hidroeléctrica e das condicións e circunstancias da súa pervivencia. E nos casos nos que poida proceder, ou nos que proceda, decidir tamén sobre a oportunidade de demolelo.

Iso é o que o meu grupo solicita na emenda: o estudo individual das opcións para a xestión dos aproveitamentos das concesións hidroeléctricas ao remate dos prazos concesionais, conforme o disposto no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Isto é o que tamén está a facer a Administración galega cos procedementos que xa ten iniciado e o que fará cos saltos que aínda non remataron o seu prazo de concesión. Cumprindo, por suposto, coa normativa vixente –como non podería ser doutro xeito– e velando sempre polo interese público da nosa Comunidade Autónoma.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Trenor.

Polo Grupo Mixto, ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Grazas, presidenta.

Hoxe eu quero falar un pouco de historia, e para empezar vou ler unha cantiga. Non a vou cantar porque nin o Partido Popular merece a tortura de escoitarme cantar a min, polo tanto, vouna simplemente ler. É unha cantiga que se grava por primeira vez no ano 1973, van aló 43 anos, e que seguramente todas e todos coñecemos.

Di así: «Miren, señores, que historia/ dun pobo do noso Ourense/ que ten xuíz, secretario/ e tamén señor forense./ Cheo de uva e de amor/ era un val tan fermosíño/ era en Galiza unha frol/ era Castrelo do Miño./ Ata que chegou un día/ nunha mañá moi fermosa/ en que chegou a Castrelo/ o Conde señor Fenosa./ Admiraba aquel conde/ non as ringleiras do viño/ senón o embalse futuro/ do meu Castrelo do Miño./ Cando en Castrelo se soubo/ das intencións daquel conde/ o pobo en irmandade/ ante a infamia responde./ Estas verbas di Fenosa: “Si les jodo, ¿que más da?/ A mi lo que me interesa/ es la electricidad”./ “Que el embalse se construya”/ dixo Paco entusiasmado/ e alí mandou os civiles pra impoñer o seu mandado./ Pedradas mandou o pobo/ que lles foron a perilla/ prós que enchen de auga Castrelo/ e lle dan luz a Castilla./ Fíxose logo o mandado/ pagaron a patacón/ a vila nun pedregallo,/ a xente na emigración./ Hoxe volven ás andadas/ máis encoros van facer./ Pobriños dos nosos ríos/ e de nós que vai a ser./ Esta foi a triste historia/ dun pobo do noso Ourense/ que ten xuíz, secretario/ e tamén señor forense.»

Esta cantiga concentra nos feitos acaecidos en Castrelo do Miño o rexeitamento e a loita do pobo galego contra a proliferación dos encoros en Galiza, que endexamais reverteron no seu beneficio. Esta presa comezou a construírse en 1964, e en 1966, en plena ditadura, rexístranse as primeiras mobilizacións das persoas directamente afectadas, apoiadas por un pobo que se preparaba para oporse ao poder absoluto.

O encoro proxectado asolaría 350 hectáreas de terreo de labradío de inmejorable calidade, afectando a 33 pobos. A meirande parte das fincas non precisaban de abono. A reducida velocidade con que discorren as augas do Miño sedimentaban bullieiro, con gran poder fertilizante, nas beiras do río. Preto de 8.000 persoas foron as afectadas polo atropelo do feudalismo hidroeléctrico de Fenosa, en acaída expresión de don Ramón Otero Pedrayo.

O pobo, naquel 1966, xa entendía que a política hidroeléctrica era escandalosa e desequilibradora, porque o prezo do consumo da electricidade era o mesmo que en calquera outro punto de España, mentres Galiza soportaba os sacrificios colectivos que supuñan estas construcións hidráulicas.

O paradoxo era tal, que a poucos quilómetros do salto de Castrelo había moitas aldeas sen alumeado, igual que acontecía na meirande parte do rural galego. Na loita campesiña de Castrelo de Miño, unha comisión de campesiños desprazouse a Madrid a falar co daquela ministro da Gobernación, Alonso Vega, e este ameazounos con mandarlles un rexemento militar se seguían coas mobilizacións.

Aínda así, o campesiñado non desistiu. Recorreron á vía xudicial pero tamén as mobilizacións; formaron os terzos de asalto, que queimaron as casetas da empresa construtora. A clase obreira e os intelectuais de entón solidarizáronse coa loita do campesiñado, pero a ditadura, igual que agora o PP, non atendeu a razóns.

As mellores terras do Ribeiro en Ribadavia quedaron asolagadas no ano 1969 por un encorosen pés nin cabeza. Sendo Ourense unha das provincias do Estado con menor renda per cápita, 7.893 pesetas no ano 1966, e unha renda familiar de 37.800 pesetas, Castrelo sobresaía con 25.500 pesetas de renda per cápita e unha renda familiar de 122.400 pesetas.

Hoxe a comarca do Ribeiro sofre un dos índices de desemprego máis altos de Galiza, o 22,43 %, fronte ao 18,2 % da media galega. A súa poboación, segundo datos do IGE do ano 2014, ascende a 16.817 persoas, das que só 5.120 traballan, o resto son pensionistas ou desempregados. Polo tanto, apoiaremos esta proposición non de lei do BNG porque os encoros endexamais trouxeron beneficio ao pobo, e xa é hora de que esta situación sexa corrixida e a desfeita que se fixo en Galiza sirva, polo menos, para que o pobo galego non sufra a pobreza enerxética.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa que as intervencións do señor Trenor –con acento na e– me dan pé a dicir algunha cousiña, vou empezar dicindo que, xa que falaba de extrema dereita, no río con máis saltos hidroeléctricos de toda Europa, que é o río Xallas, ten o señor Villar Mir dereito de pernada sobre el. Villar Mir é un ex ministro de Franco –gobierno de extrema dereita– e ten dereito de pernada sobre ese río Xallas polas concesións, fundamentalmente, doutro ex-ministro de Franco, o señor Fraga Iribarne, tamén ministro dun goberno de extrema dereita. Polo tanto, xa se ve quen ten relacións e quen non ten coa extrema dereita neste país.

E tamén é certo o que me dicía do transvase de Meirama a Cecebre para abastecer a zona da Coruña de auga. É certo, unha vez máis a Xunta de Galicia aforroulle moito diñeiro a Gas Natural, porque no proxecto orixinal Gas Natural tiña que facer toda a rexeneración da zona, e fíxolla, cos presupostos da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia, coa escusa de reforzar o abastecemento de auga da zona da Coruña, cando no propio plan de abastecemento de auga da Xunta de Galicia non constaba ningún problema, non constaba ningunha previsión diso. Iso foi outro favor máis que lle fixo a Xunta de Galicia a Gas Natural, como moitos que lles leva facendo.

Esta proposta nós cremos que debería ser estratéxica para os vindeiros anos nun goberno que defenda o interese xeral, porque sería tratar de ir restituíndo ao público e á cidadanía o que durante moitos anos foi un espolio dos nosos recursos. Unhas infraestruturas que foron feitas co favor do réxime franquista, feitas despois tamén co sufrimento de moitas xente, e

cuxo beneficio revertía fóra do noso país. Máis adiante, xa na democracia, coa liberalización do mercado eléctrico, estas infraestruturas, máis que amortizadas, aínda por riba cobraron uns prezos que os expertos din que tiveron que dar lugar a beneficios de máis do 500 %, polo sistema de fixación de prezo. É evidente que este espolio, un goberno que busque o interese xeral, en canto pode terá que restituírllo ao interese público.

Falabamos do Xallas. Aínda hai pouco que eufemisticamente lle deu unha autorización a Xunta de Galicia para unha repotenciación. Non, mentira, non era unha repotenciación, eran novas explotacións hidroeléctricas tratando de disfrazalas cunha repotenciación. E prometeran 700 postos de traballo nas obras desa repotenciación. ¿Saben cantos están traballando hoxe en día? Traballan 14 persoas, e se non, falen con algún empregado de Ferroatlántica, que llo dirá. ¡Catorce persoas!, e vostedes dixeron que ía haber 700 empregos. E falamos só durante as obras, porque estas infraestruturas se manexan cun ordenador dende Madrid, basicamente. ¡Cun ordenador dende Madrid! E ¿que queda aquí? Un pequeno canon hidroeléctrico, ¡faltaría máis! Pero é evidente que non hai ningunha explicación para que esas explotacións que non necesitan alta tecnoloxía, nin sequera unha plantilla de persoal elevadísima que teña un custo alto para as arcas públicas, non estean xestionadas ben polos concellos, ben por unha mancomunidade ou ben pola Xunta de Galicia. Non hai ningunha xustificación económica –repto– que diga que ten que estar xestionada por unha empresa privada; non a hai.

Iso de saber facer... iso sábeo facer calquera. De feito hai algún caso xa. Na zona de Aragón hai algún caso que se reverteu a unha mancomunidade de veciños. ¿Cal foi a consecuencia? Que o prezo da electricidade para os veciños se reduciu en $\frac{3}{4}$ partes. É evidente, porque o que están recibindo as empresas que explotan estes saltos son sobrerretribucións no prezo da electricidade.

Despois falaba o señor Trenor dun estrito control. Pois ¡vamos a contar mentiras, tralará...! ¿Que estrito control teñen as empresas por parte da Xunta de Galicia? Se se incumpriu a normativa franquista de que todos os saltos tiñan que contar con escalas salmoneiras e aquí non pasaba nada. ¿Que estrito control teñen estas empresas cando pasou o que pasou co salto do Ézaro? ¡Home!, ¿onde está ese estrito control? Máis ben ao contrario, como dicía antes, teñen dereito de pernada.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non hai ningunha explicación para que un goberno democrático se opoña á petición que fai hoxe o Bloque Nacionalista Galego. ¡Ningunha! Ningún argumento, só que se estean a defender os intereses privados de determinadas persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, presidenta.

Primeiro quero dar as grazas polo apoio tanto da Alternativa Galega de Esquerda como do Grupo Mixto, e felicitar á señora Martínez polo perfectamente que expresou o que é o sentir desta iniciativa. É dicir, como os encoros e as grandes eléctricas está facendo a expropiación dun ben público como é a auga, que no seu momento, ademais, se realizaron con cartos públicos, na época franquista, fundamentalmente.

Cremos que é de xustiza esta iniciativa. Ademais, como creación de riqueza para todos os galegos e galegas. Por iso imos mantela tal cal, e vouno explicar.

Primeiro, en canto á emenda que propón o Partido Popular de que se atenda á normativa xa vixente, entendemos que esa normativa vixente, efectivamente, nin está tan sequera vixiando, controlando e revisando esas concesións como se debera, non reverte nun ben público, e ademais non vai tendente cara a reducir o prezo da electricidade.

Segundo. Tampouco imos aceptar a emenda do Partido Socialista pola seguinte razón, porque rebaixa a creación dunha empresa pública para xestionar estes saltos, tanto as minicentrais como as grandes hidroeléctricas. Entendemos que o debate é un paso cualitativo e cuantitativo a respecto de como se están entendendo neste momento as concesións para as centrais, tanto as mini como os grandes saltos, por iso a imos manter. Pero para facilitar a votación imos facer a votación por puntos.

O primeiro punto, onde se fala da creación desta empresa pública e de reverter as concesións; tarde ou temprano veremos como se van reverter esas concesións. E a segunda, polo menos ter información, porque é que nin tan sequera sabemos nin temos información suficiente a respecto das cláusulas sociais: se as houbo, se se cumpriron, se as hai; nin tan sequera é fácil acceder aos anos en que rematan as concesións.

Aínda que nos pareza increíble, para a preparación desta iniciativa e para a súa redacción, tiñamos verdadeiros problemas para saber en que ano rematan esas concesións. Por iso, e para facilitar a votación, imos facela por puntos, pero queremos seguir mantendo a idea de que o lóxico e razoable para ter máis barata a electricidade e para ter maiores ingresos sería a creación dunha empresa pública, reverter as concesións e ser xestionadas dende o ámbito do Goberno galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Adán.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta proposición non de lei presentáronse tres emendas; unha do Grupo Mixto, unha do Grupo de AGE e unha do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Mixto, a través da súa voceira Consuelo Martínez García, ao abeiro no disposto do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1. Paralizar a venta dos últimos 15 pisos que o Concello de Vigo posúe na rúa Rosalía de Castro, incluíndo os mesmos baixo o réxime de alugueiro social.

2. Diseñar unha estratexia que coordine os diferentes recursos e servizos sociosanitarios, laborais e educativos para identificar as persoas en perigo de extrema exclusión social.

3. Realizar un estudo-diagnóstico sobre as persoas sen fogar e sobre os recursos de atención ás ditas persoas que permita coñecer cualitativa e cuantitativamente a poboación afectada, e establecer con precisión as características, as necesidades e o número de persoas que se encontran sen fogar en Galicia.

O estudo referirase tamén aos centros de atención, avaliando os servizos, prestacións, orientación, capacidade e ocupación, funcionamento, recursos humanos e financiamento.

4. Diversificar os recursos e programas para atender a singularidade das distintas e novas características e perfís das persoas sen fogar.

5. Presentar ante o Parlamento de Galicia un Plan de creación de servizos para a atención das persoas sen fogar en período de convalecencia e /ou desinstitucionalización sanitaria.

6. Realizar campañas de sensibilización, concienciación e información sobre a situación, necesidades e dereitos das persoas sen fogar para romper estereotipos.

7. Harmonizar a racionalidade lóxica do servizo coa idiosincrasia dos seus destinatarios, aos que lles costa someterse a regras, de modo que ningunha persoa quede desatendida e en consecuencia desalentado para integrarse.

8. Impulsar a lexislación necesaria para garantir o dereito constitucional a unha vivenda digna.

9. Dotar, a través dos orzamentos de Galici, dos recursos ás Administracións competentes para materializalo a favor dos e das cidadás que o necesiten.

10. Aumentar e reforzar o parque de vivenda pública en alugueiro, contando para elo coas vivendas da SAREB, as entidades financeiras e o FSV. Reservar unha porcentaxe das vivendas aos colectivos vulnerables e persoas con especial necesidade de vivenda

11. Definir e regular o concepto de vivenda baleira e impulsar o seu correcto inventario, dinamizar a posta a disposición no mercado de alugueiro das vivendas protexidas deshabitadas e, en caso contrario, adoptar medidas de intervención pública.

12. Aliviar o esforzo fiscal que deben realizar para manterse na vivenda as persoas que, por circunstancias sobrevidas non imputables a elas, non poidan facer fronte ás súas obrigacións tributarias.»)

(O G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García, presenta a seguinte emenda de engádega a esta proposición non de lei (doc. núm. 50730).

Emenda de engádega.

Débese engadir ao final da parte resolutiva os seguintes puntos:

4. Creación dun parque de vivenda social en aluguer merecente de tal nome, incrementando a porcentaxe de alugueiro público co obxectivo de confluír co nivel europeo.

5. Instar á modificación da Lei de arrendamentos urbanos para incrementar a regulación e control públicos sobre o mercado privado de alugueiro.

6. Tomar todas aquelas medidas sociais e económicas que eviten a chegada aos procedementos xudiciais.»)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Cosme Pombo Rodríguez e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 50730).

Emenda de adición.

Engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a propor a inclusión no Programa de Vivendas Baleiras das vivendas de propiedade autonómica necesarias para garantir a demanda de alugueiro das persoas e familias de Vigo.»)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Dorado Soto.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas, presidenta.

Moi bos días, señorías.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Fegamp asinaron, o pasado día 3 de maio de 2016, un convenio de colaboración para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan RehaVita; o Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellor acceso á vivenda no período 2015-2020.

Esta iniciativa fala especificamente do Plan de vivendas baleiras; un plan que trata de que vivendas que agora mesmo están baleiras, e que son de propiedade pública ou privada, sexan destinadas a familias desfavorecidas. Reunir un conxunto de vivendas desocupadas para facer unha bolsa de vivendas sociais que beneficien a aquelas persoas con menos recursos.

As vivendas, no seo deste plan, terán aseguradas por parte da Xunta, e sen custo para os propietarios, unha serie de coberturas fundamentais que dan garantía xurídica e seguridade xurídica ao longo de todo o arrendamento. Un seguro multirrisco do fogar, no que quedan cubertos todos os danos sufridos pola vivenda durante a vixencia do arrendamento. Un seguro de garantía de cobro de rendas, de mensualidades, impagadas. Asistencia xurídica e defensa xurídica dos arrendadores, etc.

Todas estas cuestións son garantías que blindan ao propietario e que evitan problemas como o que tivo Antonio, un veciño de Torrecedeira, na cidade de Vigo precisamente, que foi quen de perdoar unha serie de mensualidades que lle debían os seus inquilinos e, cando chegou á vivenda, estaba destrozada.

Isto evitaríase –como dicía antes– co Plan de vivendas baleiras que está levando a cabo a Xunta de Galicia. Polo tanto, evita inseguridades de xente que pode ter unha boa vontade de alugar o seu piso que ten baleiro, pero que se ven coa inseguridade de saber que podería pasar no caso de que algo fose mal. Creo que é importante.

Poderanse, polo tanto, acoller a este convenio –que, como antes reflectía, é un convenio entre a Xunta e a Fegamp– todos os concellos de Galicia que asinen o acordo de adhesión ao convenio pertinente. Os concellos proporán a incorporación de vivendas da súa propiedade ou de terceiros, sempre que estean libres de cargas e gravames, que sexan conformes á lexislación vixente, que estean desocupadas e que sexan susceptibles de uso. As vivendas serán adxudicadas aos demandantes que cumpran os requisitos establecidos no convenio, aos que logo farei referencia. E os concellos tamén proporán un proceso de selección de arrendatarios, así como a súa adxudicación posterior.

Para os demandantes, os requisitos son os seguintes. Deben estar nunha situación que supoña unha dificultade para acceder a unha vivenda de alugueiro no seu mesmo municipio. Deben ter uns ingresos mínimos ou axudas que lle permitan facer fronte ás obrigas económicas do contrato de arrendamento; non poden ter parentesco cos arrendadores, así como tampouco ningún tipo de vinculación no caso de que o piso sexa de titularidade dunha persoa xurídica; é dicir, non pode ter relación con esa persoa xurídica nin tampouco pode ter relación con ningún dos seus familiares ou persoas coas que teñan parentesco.

Neste caso hai colectivos preferenciais á hora de ser beneficiarios destas vivendas: familias afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que este procedemento tivera unha resolución xudicial; familias afectadas por un proceso xudicial de desafiuzamento por impago de rendas no alugueiro; familias con fillos menores, familias numerosas e monoparentais con fillos; familias nas que existan mulleres vítimas de violencia de xénero as cales teñan unha orde de protección ou medida cautelar vixente; familias con maiores de 5 anos ou dependentes; familias beneficiarias de axudas ao aluguer do IGVS que, vencido o prazo de percepción, permanezan en desprotección ou especial vulnerabilidade e familias con dificultades para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda por circunstancias imprevisibles ou sobrevidas, como pode ser un incendio, inundación ou calquera outra cuestión imprevisible.

Estes alugamentos terían unhas rendas máximas, que se dividen en tres zonas. Unha zona de prezo especial, que serían cinco cidades: Vigo, Santiago, A Coruña, Ourense e Pontevedra, que serían 350 euros. Unha segunda zona, que abrangue practicamente o resto das cidades, así como os concellos medianos de Galicia, que serían dun máximo de 300 euros por aluguer. E unha terceira zona, que son o resto dos concellos de Galicia, que sería dun máximo de 250 euros.

Con respecto a este programa, a situación hoxe é que xa hai diferentes concellos que firmaron o seu convenio. Concretamente, o primeiro foi a cidade de Ourense, o pasado día 6 de xullo. O segundo foi a cidade de Redondela o pasado día 8 de xullo. E hai outros 34 concellos pendentes de adhesionar, que xa solicitaron formalmente a súa adhesión e que se formalizará nos próximos días. Ademais, 19 concellos adicionais pediron información para adherirse nun futuro a curto prazo. En total, 4 destes concellos son da Área Metropolitana de Vigo: Pazos de Borbén, Gondomar, Redondela e Pontearreas.

Creo que é importante incidir na importancia deste programa. É para un período duns catro anos, 2016-2019. Pretende abranguer un total de 600 vivendas e conta con 690.000 euros de orzamento. É un programa amplo, un programa no que é salientable traballar e que pode dar importantes beneficios a aquelas persoas que hoxe non teñen acceso de maneira doada a unha vivenda.

Cómpre lembrar, ademais, que este programa de vivendas baleiras é perfectamente compatible co bono de alugueiro social, que –como é sabido– se trata de 200 euros ao mes –antes eran 150, incrementouse durante o último ano– durante un ano, prorrogable outro ano, que cobran aquelas familias que perden a vivenda e que non poden pagar o alugueiro, vítimas de violencia de xénero e beneficiarios do Plan Aluga que lles remata o prazo máximo de cinco anos de axuda. Polo tanto, é un plan cun alto contido social.

Así pois, a Xunta de Galicia dirixiuse hai xa tempo ao Concello de Vigo para que se sumara a este plan. Este plan foi ao Concello de Vigo, concretamente ao Pleno do Concello de Vigo, por iniciativa do Grupo Municipal Popular, e contou co rexeitamento, co voto en contra, do Partido Socialista e a abstención da Marea de Vigo. Polo tanto, nós estamos altamente preocupados con esta decisión.

Cabe salientar que Vigo é a cidade de Galicia cun maior número de desafiuzamentos e con máis familias que precisan dun fogar. Exactamente, no primeiro trimestre foron un total de 129 execucións; 129 nun trimestre. Mentres tanto, o alcalde de Vigo segue dicindo que en Vigo non hai desafiuzamentos.

Todas as vivendas das que dispón a Xunta de Galicia na cidade de Vigo, todas, están ocupadas; absolutamente todas. O colectivo Os Ninguéns, que moitos de vós coñeceredes porque foi en diferentes ocasións solicitar ao Concello que se adherise a este plan, xa lle informou concretamente ao Concello de casos particulares de xente que necesitaba unha vivenda; e incluso acudiu á Valedora do Pobo, quen no informe do pasado 3 de xuño recomendoulle especificamente ao Concello de Vigo que se adherise a este Plan de vivendas baleiras porque era considerablemente beneficioso para a cidade de Vigo.

Vigo ten pisos baleiros, pisos baleiros aos que non se lles está dando ningún tipo de uso, e nós pedímoslles que, se non son capaces de xestionar e non son capaces de poñelos á disposición das persoas que os necesitan, que por favor deixen que o faga a Xunta de Galicia, porque xa hai un programa para iso. Non lles pedimos nada máis que iso, nada máis que iso. Vigo é a única cidade de España, xunto coa cidade de Murcia, que carece dun organismo municipal de vivenda; ¡a única! E todo isto, señorías, contrasta co que está facendo a Xunta de Galicia, que é unha política activa de vivenda que se pode completar cunha serie de medidas que agora mesmo pasarei a relatar.

En todo caso, antes de rematar este punto gustaríame dicir claramente que a persoas como Ricardo, como Isabel, como Merche, que tiveron que acudir a un pleno do Concello de Vigo a relatar a súa experiencia para ver se o Concello de Vigo lles facía caso, e non lles fixo caso, tivo que ser a Xunta de Galicia a que lles ofrecera unha vivenda. Pero claro, non podía ser aos tres na cidade de Vigo porque a Xunta non ten á súa disposición vivendas baleiras; algunha delas tivo que ir a Moaña, por exemplo. E mentres, case 20 vivendas na cidade de Vigo gardando pó, esperando un inquilino, pero o Concello de Vigo decide telas pechadas.

Vou dicir, porque creo que é importante que se saiba, cales son as vivendas que ten o Concello de Vigo á súa disposición e que están baleiras. Ten 15 vivendas na rúa da República Arxentina, que as quere vender, e que a Xunta de Galicia xa lle pediu, por favor, que as puxera á disposición da xente que o necesita. Ten outras tantas na rúa Doutor Carracido que levamos tempo pedíndolle ao Concello que nos diga cantas e cales son. E ten 3, concretamente, na carretera de Camposancos, no barrio coñecido como Roteas, que foron cedidas –curiosamente, mire por onde– no ano 2012 polo IGVS ao Concello de Vigo, e resulta que o Concello de Vigo leva catro anos tendo a titularidade destas vivendas e non fixo absolutamente nada. As vivendas seguen baleiras, seguen sen utilizarse, e, máis alá diso, non paga a comunidade, non paga a luz e non paga a auga. É unha verdadeira vergoña o que está facendo o Concello de Vigo en materia de vivenda.

Por todo isto –xa se me acaba o tempo– nós pedimos, sinceramente, que por favor o Concello de Vigo, que é a cidade máis importante de Galicia e que ten necesidade imperiosa de dar solución ao problema de vivenda de moitas persoas, se adhira a este plan para que se lles poida dar unha solución a todas esas familias.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor DORADO SOTO: Non só é unha necesidade do Concello de Vigo, tamén o é de cidades como A Coruña. Por certo, hai unha moción no Pleno do Concello da Coruña que se aprobou, pero que non se lle trasladou á Xunta de Galicia. Pero concretamente esta iniciativa fala de Vigo porque en Vigo é onde máis se precisa, en Vigo é onde menos atención se está a poñer nesta cuestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Dorado.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Prensa do 12 de febreiro de 2016. Di: «Responsables de alto nivel do Instituto Galego de Vivenda e Solo explicaron á Plataforma Antidesafiuzamentos e a Os ninguéns que a escasa reserva de vivenda social coa que contaban se esgotou cos últimos casos. O Instituto Galego de Vivenda e Solo cifra en máis de 1.500 as demandas de vivendas sociais na cidade de Vigo.»»

Nestas condicións, trasladoulles que a única opción é lograr que o Concello se implique neste problema e difundir a existencia do bono alugueiro e outros programas da Xunta para evitar desafiuzamentos. O que agora vén pedir que aprobemos neste Pleno ante o rexeitamento das entidades sociais.

Os ninguéns e a PAD trasladaron á Xunta que o bono alugueiro non é unha ferramenta útil en supostos de familias sen ingresos desafiuzadas por falta de pagamento do alugueiro, pois unha axuda mensual de 150 euros –amais de non dar para pagar unha vivenda– non evita que ás familias desaloxadas ninguén lles alugue unha vivenda ao carecer de ingresos –é dicir, de nómina– e de diñeiro para facer fronte aos primeiros pagamentos e á fianza.

É indigno que o Partido Popular aproveite esta Cámara para amplificar a súa disputa política co alcalde de Vigo, ao tempo que fai campaña preelectoral para unha cidade que maioritariamente rexeita as súas políticas.

É indigno que veña agora a botar a culpa da falta de vivenda social aos demais, cando xa en febreiro era consciente da falta de vivendas sociais en todo o país e non fixo nada.

Agora o Partido Popular, ao final da lexislatura, preocúpase das persoas sen fogar, das mesmas persoas que foron expulsadas dos seus fogares coa necesaria colaboración das forzas de seguridade do estado, e a consecuente sanción ao persoal funcionario que se negase a colaborar nos desafiuzamentos.

Pero o seu compromiso cos dereitos das persoas desafiuzadas non vai máis alá do discurso nesta Cámara, as declaracións á prensa, as medidas de caridade cristiá e as fotos solidarias.

Así, o pasado xoves, 7 de xullo, achegueime ata Portonovo para solidarizarme con Leticia e ofrecerlle a miña colaboración no que estivera na miña man. Dende logo, o primeiro foi asinar o escrito de solidariedade que tiña enriba da mesa.

Leticia é unha nai solteira con dous menores a cargo e uns ingresos mensuais de 590 euros. Perdeu a súa vivenda habitual por mor dun préstamo persoal ilícito, xa que ía destinado ao pago do 20 % da vivenda que non cubría o préstamo hipotecario. Dun préstamo total de 108.000 euros, Leticia debe 17.000, e aínda así perdeu a súa vivenda.

Tras perder a vivenda, conseguiu por mediación da Xunta poder permanecer na mesma por un máximo de 3 anos, pagando un alugueiro social, pero Abanca segue a demandarlle o abono do préstamo persoal, desvinculándoo do seu carácter hipotecario. Evidentemente, estamos ante un caso de abuso da entidade bancaria e dunha administración que consente o abuso sen actuar.

Pois ben, o xoves, cando levabamos un bo rato varias persoas de Cerna e un concelleiro da oposición falando con Leticia, chegou o señor Telmo Martín, a señora Ethel Vázquez e outras persoas. Pediron facer unha foto. Nós despedímonos para que puideran falar con Leticia libres da nosa presenza.

Ao pouco tempo voltamos pasar xunto a Leticia, o resumo que nos fixo foi o seguinte: «Viñeron, sacaron a foto e marcharon». Nin preguntaron nada nin ofreceron nada nin se comprometeron a nada. Nin asinaron o escrito de solidariedade. É dicir, Leticia formaba parte da campaña preelectoral do Partido Popular. E hoxe esta PNL tamén forma parte da campaña preelectoral do Partido Popular

Vigo ten a maior demanda porque é a maior cidade, pero dá igual a cidade, dá igual a provincia, dá igual quen governe, o dereito a unha vivenda digna é un obxectivo que nos compete a todas e a todos, e moito máis aos cargos públicos. Ningunha organización política, e menos se goberna o país, pode pretender que o acceso á vivenda sexa un problema local que nada ten que ver coas políticas de vivenda da Comunidade Autónoma. Por tanto, non utilicen un tema tan sensible e dramático para dirimir as súas diferenzas co alcalde de Vigo. Sigán as recomendacións do informe sobre persoas sen fogar do Valedor do Pobo que eu recollo na emenda presentada, polo que conto que votarán a favor, porque todas son propostas do Valedor do Pobo.

Por iso a esquerda combate as políticas austericidas, é consciente da necesidade do cambio, de poñer fin a un ciclo que deteriorou a percepción social da política e das institucións a base de corrupción, de compravenda de intereses cos grandes grupos económicos...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...-remato, señora presidenta-. Hoxe, nesta miña probablemente derradeira intervención nesta Cámara, chamo á xenerosidade de todas e todos, á xenerosidade das organizacións para impedir que Galiza padeza outros catro anos de precariedade laboral, de destrución dos sectores produtivos tradicionais e de privatizacións.

Desexo e espero un cambio de Goberno que permita facer xustiza, garantir o dereito á vivenda, constituír unha comisión de investigación do accidente de Angrois, unha comisión de investigación das caixas de aforros e crear un sistema impositivo realmente redistributivo da riqueza.

A emenda xa a teñen vostedes por escrito.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Martínez.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, lamentamos a utilización do Pleno do Parlamento de Galicia para o xogo do *e ti máis* e para facer a oposición que o Partido Popular fai perfectamente no Concello de Vigo. Non é necesario facela aquí.

Estamos falando dun tema serio, e, dende logo, este grupo non quere que se volva repetir o esperpento de onte no debate entre PSOE e PP relativo á Área Metropolitana de Vigo.

AGE está en contra –claro– de que o Concello de Vigo venda as vivendas públicas que agora mesmo ten á súa disposición. De feito, tamén os compañeiros do grupo municipal da Marea de Vigo se teñen pronunciado en contra deste termo e teñen trasladado propostas para a creación dun parque público municipal de vivenda. Non hai xustificación para que isto se leve á práctica. Obviamente, estamos de acordo. O problema é que tampouco o Partido Popular pode vir aquí dando exemplo de nada, porque en sete anos non se fixo practicamente nada á hora de tratar o problema dos desafiuzamentos.

Xa trasladamos aquí en múltiples ocasións que, de 18.000 desafiuzamentos que houbo en Galicia, se realoxaron 45 por parte da Xunta de Galicia. No conxunto do Estado, dende o inicio da crise houbo 624.000 execucións hipotecarias e 397.000 desafiuzamentos en domicilios de aluguer, e, mentres tanto, 3,5 millóns de vivendas baleiras, un incremento do 22 % do custo do prezo da vivenda e un 31 % de ascenso no custo das subministracións, auga e enerxía. Esas son as consecuencias das reformas laborais, da desregulación do mercado de vivenda e da enerxía e tamén da aprobación do artigo 135 da Constitución que apoiaron os partidos maioritarios.

Só foi a loita da PAD, de STOP desafiuzamentos, doutros colectivos tamén a nivel local, como o que vostede nomeou aquí, para conseguir a sensibilización deste problema real, de incumprimento ademais da Constitución española, e a toma dalgunhas medidas. Se non fora por elas e eles, obviamente non chegaríamos a este punto.

En Galicia, como dicía, non houbo practicamente políticas neste senso. Ata o día de hoxe, non temos ningún dato real do presunto Plan Reconduce. Podería aproveitar vostede para dar algún dato relativo a ese plan; un fracaso máis da Xunta de Galicia.

Prometeron varios centos de vivendas, 500, para evitar os desafiuzamentos. ¿Onde están? Houbo 45 realoxos de 18.000. Gustaríame saber onde están.

Este grupo solicitou a regulación do mercado da vivenda e o Partido Popular votou en contra. Este grupo ten proposto a creación dun parque de vivenda pública a nivel autonómico, e o Partido Popular votou en contra. E agora que remata a lexislatura pretenden trasladarnos que van facer algo relativo a este problema e falan da ampliación do Plan Aluga, das axudas ao alugueiro, e din, ademais, que chegarán a 6.000 persoas. ¡Está por ver! Ademais, aínda que así fose, chegarían a menos do 1 % das persoas que están na pobreza ou en risco de exclusión social en Galicia. Agora que remata a lexislatura e non lles vai supor nada, volven prometer e piden o apoio dos concellos.

Nós, obviamente, estamos a favor de que os concellos se sumen a calquera medida que poida solventar ou intentar paliar esta problemática. Pero só con iso non van resolver vostedes absolutamente nada, non basta con isto.

A Xunta de Galicia non lles pode exixir simplemente aos concellos e non aportar. Polo tanto, entendemos que algunha desas medidas teñen que ser contempladas e propor unha emenda de engádega que sirva non só para exixirlles aos concellos que se poñan a traballar, senón tamén para exixirlle tamén á Xunta de Galicia que o faga: que se poña en marcha ese parque de vivenda pública a nivel autonómico, que se regule o mercado de aluguer en prol do interese social –como xa temos pedido tamén en comisión–, e que o Goberno se comprometa na realidade a tomar medidas preventivas, sociais e económicas, que eviten chegar ao procedemento xudicial; que non chegue esa orde de desafiuzamento porque se estean a tomar medidas para que as familias non teñan que chegar ata ese punto. E, obviamente, iso é incompatible coas políticas que nos levaron aos índices de pobreza que fan que agora máis de 600.000 galegos e galegas vivan en risco de exclusión social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señoras e señores deputados.

Veciños e veciñas presentes na tribuna.

Señor Dorado, a xeito de preámbulo, e falando dun tema tan serio como o de garantir o dereito á vivenda digna para todos os galegos e galegas, permítame dicirle tres apuntamentos.

O primeiro, que lle corresponde a Galiza a competencia exclusiva en materia de vivenda. Correspóndelle pois a este Parlamento legislar para garantir ese dereito fundamental, e, en todo caso, á Consellería de Infraestruturas e Vivenda realizar a política de vivenda e solo co fin de garantir o dereito fundamental a unha vivenda digna, cos orzamentos correspondentes.

Segundo apuntamento. Sabemos todos que no noso país hai máis de 10.000 familias que perderon o dereito á vivenda –na Galiza– durante o Goberno do señor Feijóo, e hai moitas máis familias que cada día van perder ese dereito porque non teñen o diñeiro suficiente para facer fronte ou a súa hipoteca –da vivenda– ou ao aluguer.

Evidentemente, a cidade de Vigo presenta o maior número de casos de persoas necesitadas de axuda para poder acceder a unha vivenda digna de aluguer. Este concello é a maior poboación de Galicia, ronda os 300.000 habitantes. No rexistro de demandantes de vivenda hai preto de 5.800 demandas, das cales preto de 3.000 corresponden a aluguer.

E o terceiro apuntamento. O Grupo Parlamentar do BNG, señor Dorado, ten demandado un compromiso activo deste Parlamento para asegurar o dereito das galegas e galegos a unha

vivenda digna e para rematar coa lacra dos desafiuzamentos. Dereito contemplado na lexislación, mais que non se cumpre na Galiza porque a política do señor Feijóo soubo moito nese tempo de recortar as inversións; máis de 725 millóns recortados en políticas de vivenda, no Goberno Feijóo, durante o seu mandato.

Lamentablemente, señor Dorado, o Goberno galego non foi quen nin de garantir o dereito á vivenda nin de atallar a emerxencia social nin de aprobar unha lei galega de vivenda que puidera resolver estes problemas e promover un parque social de vivendas suficiente para o alugueiro e público, en Vigo e en toda Galicia, porque o Goberno do señor Feijóo este ano adica ao acceso á vivenda 14,8 millóns de euros, cando no 2009 se adicaban 108 millóns de euros. O dito: había cartos e houbo cartos, 9.000 millóns para sanear a banca, pero non houbo máis que recortes de 725 millóns en políticas de vivenda para esas familias que son desahuciadas por esa propia banca que foi saneada.

Despois do preámbulo, para o Grupo Parlamentario do BNG, desde logo, resulta lamentable, en primeiro lugar, que o Grupo Parlamentario Popular da Galiza veña a este Parlamento galego facer política de oposición municipal ao Concello de Vigo.

Señor Dorado, polo respecto que merecen todas as familias, as de Vigo e as de Galicia, que teñen serias dificultades para poder acceder a unha vivenda en alugueiro, non debera continuar vostede e o seu grupo por ese camiño, polo camiño de utilizar o Parlamento galego para facer ruído, vender fume e non solucionar os problemas graves de acceso á vivenda de moitas familias de Vigo.

O Grupo Parlamentario do BNG xa se ten manifestado neste Parlamento a favor de mobilizar as vivendas baleiras de todo tipo –as do Sareb, as dos concellos, as de particulares, as das entidades financeiras–, todas, para favorecer o acceso á vivenda a colectivos especialmente desfavorecidos.

O Grupo Parlamentario do BNG entende tamén que esas vivendas das que hoxe nos falou do Concello de Vigo que dispón na República Arxentina e aquelas outras que estean baleiras e mais as que estean nesta situación que sendo de particulares poidan adherilas ao programa de vivendas baleiras, mais todos sabemos, señorías, que esas vivendas, eses pisos baleiros, non resolverán o problema de vivenda do concello de Vigo. O BNG, aínda sendo partidario da colaboración administrativa, tamén no programa de vivendas baleiras, é consciente de que deben ser as políticas da Consellería de Vivenda as que poidan e deban garantir o dereito a unha vivenda digna.

Por esa razón –e remato– presentamos unha emenda, para predicar co exemplo na colaboración e reclamar o compromiso da Xunta na inclusión das vivendas de propiedade autonómica necesarias para garantir a demanda de alugueiro das persoas e familias de Vigo que fan parte deses colectivos sociais especialmente desfavorecidos. Agardo que acepten esta emenda de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para tentar resolver as graves necesidades de vivenda en alugueiro para as familias especialmente vulnerables.

Señoras e señores deputados, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Pombo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Sánchez Bugallo.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

Eu tamén aproveito esta oportunidade –que seguramente será a miña última intervención nesta Cámara– pois para despedirme de todos e para agradecerlles a todos a colaboración que mantivemos ao longo deste tempo.

Pero, entrando na materia que hoxe nos ocupa e que motiva esta intervención, o primeiro que quero dicir é que a proposición presentada polo Partido Popular e sometida hoxe a votación é a transcripción literal dunha moción presentada polo Partido Popular e asinada por dona Elena Muñoz o día 20 de abril dos correntes no Concello de Vigo, moción que xa foi debatida e rexeitada pola Corporación Municipal de Vigo.

Polo tanto, desde o punto de vista do Grupo Socialista, imos votar que non e vou explicar as dúas razóns principais polas que imos facelo. O primeiro, porque nos parece absolutamente sorprendente e intolerable que desde esta Cámara se intente substituír a Corporación Municipal de Vigo na súa función de control político do goberno de Vigo.

Señorías, a nosa Constitución e a nosa lexislación é clara ao respecto: corresponde aos cidadáns de Vigo elixir a súa corporación, a esta designar o seu goberno, e, sempre que actúen dentro da lei, corresponde á propia corporación o seu control político. Esta Cámara ten outras misións asignadas, como, por exemplo, aprobar a lexislación de vivenda, impulsar a política de vivenda, que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

É absolutamente intolerable que o Partido Popular, utilizando a súa maioría absoluta nesta Cámara, intente suplantar a vontade dos vigueses, e é absolutamente sorprendente que o faga cando noutras ocasións, por exemplo ante situacións escandalosas da Deputación de Ourense, se acolleu ao respecto á autonomía das institucións locais para non afrontar nesta Cámara eses problemas.

En segundo lugar, señorías, quero reiterar –artigo 27.3 do Estatuto de autonomía, Lei de vivenda de Galicia–: a competencia exclusiva en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle á Xunta de Galicia. ¿Como responde a Xunta de Galicia a esa responsabilidade? Díxoo o señor Pombo, e dou os datos correctos.

En materia de acceso á vivenda, 108 millóns de euros era o que tiñan os orzamentos de 2009; cando chegou o señor Feijóo, 14.800.000 é o que hai para este ano 2016; descenso do 85 %. É dicir, cando maior necesidade hai, cando 2.400 familias cada ano, 200 cada mes, desde os 88 meses que leva gobernando o Partido Popular, é dicir, 18.000 familias perden a súa vivenda, a resposta da Xunta foi realoxar 45. Menuda ridiculez, iso si que daría vergonza a calquera.

E saca programas que, encima, teñen un nivel escandaloso de inexecución presupostaria. Eu non lle quero volver falar, pois xa o repetín aquí moitas veces, do programa de acceso á vivenda: no ano 2013, o 1,3 % de orzamento gastado, o 1,3 %, o 98 % sen executar e de promedio non chegou ao 50 %.

Falou o señor Pombo do que descendeu a dotación presupostaria. Pois mire, despois dese descenso, case 400 millóns de euros quedaron sen utilizar. É unha vergonza que parece mentira que o Partido Popular se atreva a requirir a ninguén sobre esta cuestión.

A partir de aí temos que falar do Concello de Vigo, que non ten competencias específicas nesa materia. Sen embargo, señorías, 1.358 familias de Vigo –1.358– reciben a súa axuda mensual para alugueiro de vivenda pagado polo Concello, 142 reciben a súa axuda mensual para pagar a súa hipoteca, 1.079 reciben a súa axuda mensual para pagar o gas e a electricidade e 1.100 para alimentos, asumindo o Concello de Vigo unha responsabilidade que correspondía á Xunta de Galicia.

En materia de vivenda quizais puidera dedicar máis, pero dedica 2.100.000 euros, o 1 % do seu orzamento. Contrastan cos 14.800.000 da Xunta, que é o 0,1 % do seu orzamento. É dicir, o que ten a competencia...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ BUGALLO: ...dedica dez veces menos que o que asume esa función.

E, por último –que xa non me queda tempo–, falando das vivendas de República Arxentina, saben vostedes de sobra que esas vivendas están destinadas ao realoxo especialmente nos casos de maltrato familiar, están dedicadas a funcións de tipo social, e están facendo demagogia.

Por último, señor Dorado, 5.000 persoas en listas de espera en Vigo esperando vivenda protexida. ¿Cantas iniciou a Xunta de Galicia nestes sete anos? ¿Quere que llo diga? Cero pata-tero. Sete anos igual a cero. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Sánchez.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Dorado, ten vostede a palabra.

O señor DORADO SOTO: Moitas grazas, presidenta.

Bueno, o primeiro, recoñecer o traballo dos emendantes, agradece-lo, porque foi un traballo laborioso. Nós imos aceptar como emenda de engádegas a emenda do Bloque Nacionalista Galego e rexeitar o do resto dos grupos.

Gustaríame contestar brevemente cada un dos grupos, concretamente comezando polo Grupo Mixto, que facía referencia a unha información do mes de febreiro. Teño que informalo de que dende o mes de febreiro cambiaron diferentes cousas en política de vivenda,

hai dúas principalmente ás que vostede non aludiu. Primeiro, o bono de alugueiro; o bono social pasou de 150 euros a 200; e, segundo, iniciouse este plan de vivendas baleiras, ao que nós estamos pedindo que se inclúa o Concello de Vigo e que a vostede parece que non lle fai nin o máis mínimo interese.

Segundo, señora Solla, representante de AGE, di vostede que a Xunta de Galicia non fixo nada. Mire, recomendaríalle, voulle deixar para que o coñeza o programa «Un fogar nas túas mans» doce medidas concretas que parece que non lle fan ningún interese tampouco ao seu portavoz parlamentario, que fala da dación en pago, de realoxo de afectados, de aprazamentos xudiciais... (*Murmurios.*) ¡Ah!, xa o ten, perfecto. Entón, ¿por que di que non se fixo nada se o ten aí? Estúdeo un pouco máis, porque ten aí as medidas, só ten que lelas. Perfecto.

Logo, o señor Pombo, do Bloque Nacionalista Galego, facía referencia á competencia de vivenda, que efectivamente a ten este Parlamento, e por iso se aprobou aquí hai uns meses unha Lei de vivenda. Polo tanto, nós estamos aquí debatendo sobre vivenda porque a competencia deste Parlamento, da Xunta de Galicia, é sobre vivenda, e polo tanto a nós preocupánnos os problemas que ten Galicia en vivenda, e os de Vigo, que Vigo tamén é Galicia, e hai que tomalos tamén en consideración aquí.

Con respecto ao señor socialista, ao señor Sánchez Bugallo, gustárame dicirlle, señor Sánchez Bugallo, que vostede se contradí absolutamente. Por unha banda, vostede alude á autonomía local para dicir que non somos ninguén para debater aquí isto e, por outro lado, dille á Xunta de Galicia que ten a competencia exclusiva en vivenda. Nós estamos a falar aquí, señor Bugallo, de vivenda, e Vigo é tamén vivenda, e o que estamos dicindo aquí claramente é o seguinte: que o Concello de Vigo non está a dar solución a aquelas persoas que están requirindo unha vivenda, que ten vivendas baleiras que están enchéndose de polvo e que a única solución habitacional que deu o Concello de Vigo nos últimos anos é ao Dinoseito, a ninguén máis que ao Dinoseito. (*Murmurios.*) Nós non só fixemos o PAU de Navia –si, hai que recoñecelo–, o PAU de Navia, 3.000 vivendas, acabamos de poñer en marcha a ampliación, outras 1.900 vivendas.

Facía referencia antes, señor Bugallo, ás Roteas, á carretera de Camposancos... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Gallego, silencio, por favor. Señor Gallego.

O señor DORADO SOTO: As vivendas que puxo á disposición a Xunta de Galicia do Concello de Vigo nas Roteas é que están baleiras, non se utilizan para nada, mentres a xente busca... (*O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.*)

¡Oia, por favor, señor Gallego! Mire, señor Gallego, respécteme, por favor. Señor Gallego...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Gallego, ten unha chamada á orde.

O señor DORADO SOTO: Señor Gallego, isto non é o Concello de Vigo, aquí tense que respectar a quen fala, señor Gallego.

(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Señor Gallego, señor Gallego, escoite: ten unha chamada á orde, non está no uso da palabra, por favor.

Continúe.

O señor DORADO SOTO: Grazas.

Dicía que mire se se fixeron vivendas que ata a Xunta de Galicia puxo á disposición do Concello vivendas que o Concello ten absolutamente baleiras. É por iso, exclusivamente por iso, polo que pedimos que, por favor, o Concello de Vigo deixe que a Xunta de Galicia exerza a súa competencia tamén no concello de Vigo. Non fai falta máis que entrar na web do Concello de Vigo para darse conta de que a vivenda non ocupa nin un só espazo en toda a páxina web, que non hai nin unha soa política de vivenda para o concello de Vigo, e xa que non a exerce, por favor, que a deixe exercer aos demais.

Eu, pola miña banda, nada máis.

E quixera rematar esta intervención –que vai ser a miña última intervención neste pleno– para recordar unha figura que é Miguel Ángel Blanco, da cal se cumpren hoxe dezanove anos da súa morte. Grazas a el moitos de nós estamos aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): Grazas, señor Dorado.

Proposición non de lei, do Grupo dos Socialistas de Galicia, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuizamento criminal.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuizamento criminal

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Arias): A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para formular a mesma ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, vicepresidenta.

Bo día, de novo, a todos e a todas.

<<Nos han generado un problema que no teníamos y se lo hemos explicado, pero no les entra en la cabeza>>. Esta é unha frase que deu un fiscal de Pontevedra, un fiscal especializado en cues-

tións de asuntos de corrupción, un fiscal que está escandalizado pola modificación que se fixo por parte do Partido Popular da Lei de axuízamento criminal.

O artigo 324, despois da reforma, di que a instrución, é dicir, a investigación no proceso penal, vai durar un prazo máximo de seis meses dende que se comeza, e se o instrutor, é dicir, o xuíz, declara a instrución complexa, pode incrementarse ata un máximo de dezaoito meses, e incluso o propio xuíz podería prorrogalo por un prazo igual ou por un prazo inferior a estes dezaoito meses.

Este artigo foi incluído nunha reforma que en outubro de 2015 fixo o Goberno en funcións agora de Mariano Rajoy e reducindo estes prazos para a instrución, para a investigación, de maneira que resulta imposible a súa terminación dentro dos mesmos.

Comezou a aplicarse o día 6 de xuño, é dicir, hai escasamente un mes, e o que din todas as organizacións, todos os sectores, todos os traballadores que teñen que ver coa xustiza é que esta lei, primeiro, esqueceu e non remediou a insuficiencia de medios materiais e medios persoais e os recursos económicos que necesitan os xulgados. E, precisamente, pola súa aplicación e a súa entrada en vigor, o que vai provocar é, na práctica, a amnistía das tramas de corrupción político-empresariais e a impiedade dos seus responsables, pola imposibilidade de poder rematar neses períodos a investigación.

É verdade, todos estamos de acordo en que unha investigación penal non pode provocar que haxa persoas –sexan persoas dedicadas á política ou non– que sufran esta imputación durante moitos anos. Esa espada da xustiza enriba da cabeza é inxusta para calquera cidadán, estea onde estea, e isto veu sucedendo dende hai moto tempo. Pero, entre os seis anos que pode durar algunha causa de media ou máis esperando a que se resolva unha investigación ata os seis meses dos que fala esta reforma, hai un abismo.

As consecuencias da aplicación desta reforma son que se vai aplicar para atrás –retroactivamente, dicimos os que temos que ver co dereito– a máis ou menos 1 millón de sumarios que estaban abertos antes da aprobación da norma.

A Fiscalía –que non é un órgano de parte e que non é un órgano que teña unha especial vinculación co Partido Socialista– di que impide reclamar novas probas fóra dos prazos establecidos, e as tres principais asociacións de fiscais –é dicir, de todo tipo de tendencia ideolóxica– din que é imposible revisar con garantías todas esas causas xudiciais abertas, e iso vai implicar, segundo a Unión Progresista de Fiscais –unha destas asociacións–, que o furor lexislador dun goberno terminal non vai recoller unha reforma a fondo do procedemento penal, que atribúa ao Ministerio Fiscal a dirección da investigación penal.

Fixar un prazo para rematar as investigacións xudiciais –din os voceiros desta asociación de fiscais– vai ter un efecto adverso para conquistar clarexar os feitos, e conquistar clarexar quen foron os seus responsables, e, sobre todo –o que é máis perigoso–, vai provocar a inmunidade dunha boa parte destes responsables, como consecuencia dun prazo taxado tan curto para a instrución, seis, dezaoito meses ou a posibilidade de ampliación, porque os dezaoito meses e a ampliación posterior van depender de que o diga un xuíz, non de que o pida só o fiscal.

Outra consecuencia foi que foi rexeitada esta reforma por todos os xuíces decanos, todas as asociacións de xuíces e fiscais, os secretarios xudiciais, o Consello Xeral da Avogacía, é dicir, todos os sectores relacionados coa xustiza. Ata os fiscais manifestan que a única solución sería provocar a suspensión deste artigo, fundamentalmente porque en Galicia calquera fiscal manexa, máis ou menos, entre mil quiñentos e dous mil asuntos de media, e non conseguen que os xulgados lles comuniquen cales son as súas causas, cales son as que teñen que levar, porque están pendentes, e tampouco o poden saber. E así o dixo precisamente o fiscal antidroga tamén da provincia de Pontevedra.

O que ocorre tamén, como consecuencia, é que se provoca, como dixen antes, unha amnistía para todo tipo de tramas de corrupción política e de corrupción empresarial que ateigan os xulgados.

Dada a evidente presenza destas tramas en cidades e concellos galegos, a Xunta debería sentirse interpelada –entendemos dende o Grupo Parlamentario Socialista– e non favorecer a impiedade, que vai lesionar aínda máis a confianza que teñen os cidadáns nas institucións públicas, e, en concreto, neste caso, na institución da Administración de xustiza.

E por iso nós entendemos que non é suficiente a suspensión deste artigo. Día a día, desde o 6 xuño, o 7 de xuño, o 8, o 9, o 10, este artigo estase a aplicar e os problemas vanse incrementando, e o que pedimos é que o Parlamento de Galicia –que non ten competencia evidentemente con relación á Lei de axuízamento criminal– inste o Goberno do Estado a que derroque este artigo 324, que se reformou por aquel señor que vai pasar como ministro de Xustiza á historia como un dos peores –ou o peor– da historia do noso país.

Pola nosa banda, nada máis, e agardamos que voten a favor.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Mixto, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

O Grupo Mixto si vai apoiar esta proposición non de lei do Grupo Socialista, e é urxente reclamar a derogación deste artigo da Lei 41/2015, de modificación da Lei de axuízamento criminal, para axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.

Esta lei, este artigo en concreto, ¿non?, ten truco, que é limitar o prazo máximo da instrución penal e deixar a posibilidade da súa prórroga en mans do Ministerio Fiscal. E é moi preocupante que só o Ministerio Fiscal, coa dependencia xerárquica coñecida do fiscal xeral do Estado, á súa vez nomeado polo Goberno, pode instar a que se declare a instrución complexa e a prórroga conseguinte dos prazos de instrución.

E parece ser que, neste caso, quen fixo a lei fixo a trampa, e non indican o feito de incrementar os medios humanos e materiais para conseguir estes prazos tan exixentes. E por se houberse dúbidas, a disposición adicional única sinala que as medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotación de persoal, nin retribucións, nin outros gastos de persoal.

Moitas das causas complexas son precisamente tramas de corrupción política, empezando sobre todo polas que afectan o Goberno do Partido Popular que está nestes momentos en funcións en Madrid.

E non só hai falla de medios, senón que tamén hai outros problemas de xestión, que son comúns a toda a Administración de xustiza. Tamén hai problemas que son específicos dos procedementos penais.

Si dicir que moitos dos procesos son garantistas, pois permiten infinidade de recursos sucesivos, e polo tanto son tremendamente lentos. Moitas causas son complexas, e dependendo de quen sexa a persoa imputada, que pode ter máis ou menos capacidade para pagar leccións de avogados, teñen tamén moito que ver con esta lentitude.

E si, hai moitos casos, a nivel sobre todo estatal, como poden ser os que xa coñecemos, como a trama Gürtel, a Púnica, os ERE, o caso Nós, o Madrid Arena, e está ben intentar evitar unha excesiva dilación no proceso penal, pero ao facelo só por medio do establecemento dun límite temporal no que ten que concluír a instrución para adoptar a decisión ben de continuar o proceso ou ben de sobresemento, sen ningunha mira complementaria, ao único que conduce é á impiedade, e por esta razón a maioría dos operadores xurídicos están en contra desta reforma.

Nas conclusións da XXV Reunión Nacional de Xuíces Decanos de España, órgano de representación dos xuíces, elixidos polos propios xuíces dun xeito democrático, a conclusión é que vai ter un efecto sumamente negativo o establecemento de prazos límite na instrución, medida de evidente carácter voluntarista que nada soluciona nin nada aporta, cando a súa causa radica, precisamente, na permanente escaseza de persoal e medios, así como en leis anticuadas que aplicamos ao proceso penal, que goberno tras goberno ninguén se atreve a modernizar.

E o que fan falla son precisamente medios humanos e materiais para intensificar a cooperación xudicial internacional. É inadmisíbel que a prórroga dos prazos apareza monopolizada pola persoa fiscal. E é importante indicar que, mentres nos procedementos administrativos de carácter sancionador, está prevista a posibilidade de suspender o cómputo dos prazos en determinadas circunstancias, por exemplo cando se piden informes, non ocorre así na instrución penal, dependente en numerosas ocasións da actividade de órganos que poden incluso estar situados fóra do territorio do Estado español.

E isto –como ben dixo a voceira do Grupo Socialista– é o máis parecido a unha amnistía encuberta para posibles delitos de corrupción política, por exemplo, nos máis dos casos.

E parece que agora o indulto para delitos de corrupción se está poñendo complicado. Entón, atopan esta vía para perpetuar a interesante tradición que existe neste Estado, e tamén en

Galiza, que permite que persoas de moito poder ou ben relacionadas teñan máis sorte que a media cando se enfrontan a un proceso penal, sobre todo cando falamos de prescrición.

Con esta lei, o Ministerio de Xustiza non dotou os xuíces, nin os fiscais, nin dos medios materiais nin persoais que exige dar o axeitado cumprimento da previsión legal. A provisionabilidade do Goberno actual favorece o estancamento de calquera medida.

E, para maior complicación, tamén outros novos sistemas que entraron en vigor este ano, como era o de comunicacións electrónicas da Administración de xustiza, que o único que fai é colapsar por falta de planificación e inversión para acometer a implantación dun sistema de tales dimensións, e que o que fixo, á parte das eivas tamén que se atoparon no propio programa, foi ralentizar e empeorar moito máis o sistema.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda. Señor Ron.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar esta proposta de derogación do artigo 324, da reforma da Lei de axuízamento criminal, porque, ademais, levamos insistindo ultimamente na Comisión de Xustiza, a través de distintas preguntas, sobre as consecuencias que tiña precisamente a disposición, onde se daban seis meses unicamente para revisar as máis de trinta e cinco mil causas pendentes existentes en Galicia, para saber cales poderían ser susceptibles de ter eses dezaoto meses como causa complexa e cales non.

Tivemos ocasión tamén de comprobar que a Xunta de Galicia non exerce de interlocutora coa xustiza, que mesmo unicamente se nos achegou información a través dos recortes de prensa, e, polo tanto, está claro que temos que estar fundamente preocupados ante o que pode suceder con todo este proceso xudicial.

Está claro que entre dilacións indebidas, que era a causa que dicía que motivaba esta aparición dos límites para o artigo 324, e a decisión do lexislador –da dereita, hai que dicilo– pois debe mediar a razón do equilibrio.

Está claro que a xustiza non pode actuar de présa e ten que actuar sen pausa, é dicir, sen présas e sen pausas, porque está claro que esta situación –xa o dixo a voceira do PSdeG, que trouxo esta iniciativa– pode conlevar claras mostras de impunidade.

A lei fíxose sen incrementar os recursos humanos e materiais, como consta ademais de forma explícita na disposición adicional única.

Preocupa, sobre todo en tempos de corrupción política, que sabemos que sacude a partidos políticos como o Partido Popular, que sexa o Ministerio Fiscal, dependente xerarquicamente

da Fiscalía Xeral do Estado, o único que poida instar a que se declare instrución complexa e á prórroga conseguinte dos distintos prazos de instrución.

Hai xuristas que afirman que o artigo 324, sen os recursos humanos e materiais necesarios, pode implicar –xa se dixo tamén– unha amnistía encuberta para posibles delitos de corrupción política, pola imposibilidade material de terminar as instrucións en prazo coas debidas garantías para abrir un xuízo oral.

Repetimos: a nós esta situación parécenos perigosa. Os fiscais están alertando, e non só os fiscais progresistas. Álvaro García Ortiz, da UPF, ou a Asociación de Fiscais, que é máis conservadora, todos, todos contribuían a dicir, con respecto a eses seis meses de prazo para revisar todas as causas pendentes, que era imposible cubrir os prazos, que o único que se favorecería era o incumprimento da lei, e mesmo o Consello Fiscal, nun escrito do 19 de maio de 2016, asumía que, de feito, non se poderían revisar todas as causas pendentes.

E, de feito, na resposta que nos deu o representante da Xunta de Galicia, pois manifestaba, efectivamente, que tampouco coñecía como estaba o estado da situación, unicamente a través dos recortes de prensa, e a nós cóstanos que hai feitos preocupantes, e gustaríanos saber cantas das causas pendentes a 6 de decembro de 2015 non puideron ser revisadas polos fiscais con data 6 de xuño de 2016, saber a que tipoloxía pertence cada un dos expedientes, que porcentaxe representa cada tipo sobre o total dos que non puideron ser revisados polos fiscais e cantas causas foron instruídas que foron declaradas complexas.

Son aspectos estes que aínda non coñecen unha resposta fidedigna nin boa por parte da Xunta de Galicia, nin se quere dar, porque dise que non hai capacidade nin competencia, nin desde logo interese nin poder de interlocución. Polo que se ve, non sabemos para que figuran de feito os responsables a este respecto en Galicia, na consellería, porque, sempre que se lles pregunta, a resposta é unha fuxida da responsabilidade.

Polo tanto, nós avogamos por que, polo ben da xustiza e polo ben de que nas causas complexas non exista ningún tipo de impunidade e que non se dean casos de amnistía encuberta, pois se derroque este artigo 324 da Lei de axuízamento criminal.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ron.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Segundo se establece no preámbulo na exposición de motivos da lei que modificou a Lei de axuízamento criminal no seu artigo 324, un dos obxectivos desta modificación vén derivado de que se ten constatado unha excesiva lentitude, unha excesiva demora na resolución das

dilixencias penais, que conleva pois unha disfunción da Administración de xustiza.

Aínda que pareza un tópico, tense repetido en moitas ocasións que unha xustiza lenta non é xustiza. É máis, no que atinxe á corrupción e a moitos outros asuntos, pero tamén á corrupción, os delitos graves, os delitos complexos, o que introduce esa demora no funcionamento da Administración de xustiza e, polo tanto, a demora na posíbel imposición dunha sanción penal fronte a esas actuacións, diso deriva unha percepción de inmunidade non só por parte da sociedade a respecto deses delitos, senón tamén das propias persoas imputadas neses delitos.

Porén, o Goberno do Estado optou por unha solución que, lonxe de atallar os problemas que motivan ese atasco que provoca demoras inasumibles na instrución de procesos penais complexos, o que provoca e, como xa se dixo, o que pode provocar, como xa se dixo en intervencións anteriores, é incrementar precisamente esa impunidade, porque hai desde logo con esta nova normativa moitos asuntos penais que poderían ser susceptibles dunha condena que van quedar fóra desa sanción por parte da Administración de xustiza.

Hai outra consideración a respecto desta modificación legal, e é que nesa mesma disposición adicional na que se modifica o artigo 324 da Lei de axuízamento criminal non é que non se estableza a dotación de medios para a Administración de xustiza, senón que se establece, explícita e prescritivamente, que iso, esa modificación legal, non pode comportar, non é que non vaia comportar, senón que non pode comportar o incremento de medios materiais nin persoais nin ao servizo das fiscalías nin ao servizo da Administración de xustiza. E claro, efectivamente, estamos *en el rollo este* de que non se poden gastar máis cartos; entón, xa se pon para curarse en saúde que a lei non vai comportar incremento de gasto.

E miren, señoras e señores do Partido Popular, ao longo da lexislatura anterior, o Partido Popular, nomeadamente no Ministerio de Xustiza, aínda que noutros ministerios tamén, conseguiu unanimidades en relación con actuacións do Ministerio inéditas en toda a historia da democracia española. Conseguiron poñer de acordo en contra de decisións do Ministerio de Xustiza todos os operadores xudiciais, cidadáns, fiscais, xuíces, maxistrados, todas as asociacións profesionais de maxistrados e xuíces, todas as asociacións profesionais de fiscais, porque son auténticas aberracións desde o punto de vista xurídico.

Desde logo, como en case nada, nisto tampouco hai receitas máxicas, pero, desde logo, si que hai avaliado de forma moi seria e moi rigorosa por parte de integrantes da propia Administración de xustiza e da Fiscalía que un dos elementos que podería contribuír a resolver o problema desas macrocausas que levan anos e anos de instrución nos xulgados de instrución sería, desde logo, establecer algún tipo de medida relacionada cos medios persoais, coa existencia de peritos xudiciais en materias en que hoxe non existen, como, por exemplo, en delitos financeiros, en branqueo de capitais, etc., etc., que son elementos que están presentes na maioría das macrocausas que se nos poden vir á cabeza a calquera de nós, e mesmo o establecemento de xulgados especiais para xulgar o que se chaman causas derivadas de delincuencia ou de delitos complexos, que son precisamente todos estes baseados en grandes entramados delituosos.

E, en lugar diso, o Goberno do Estado polo que opta é por botarlle terra encima. O importante é quitarnos as causas de encima. O irrelevante parece que para o Goberno do Estado era se

esas causas, se como consecuencia desas causas se depuraban as verdadeiras responsabilidades que podían derivar das mesmas e polas cales se tiña iniciado.

Polo tanto, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego está de acordo en que hai que instar o Estado a que se derroque ese artigo, porque cremos que toca –case poderíamos dicir que de forma mortal– o dereito penal no Estado español e pon en entredito a Administración de xustiza, e pon, non como administración senón como xustiza en si, en entredito que os responsables de cometer delitos fundamentalmente graves contra o conxunto da sociedade teñan a sanción penal que lles corresponde.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Ben, grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Eu, en primeiro lugar, quero cuestionar e dende logo mostrar a miña desconformidade con esta falta de rigor coa que se vén tratar este asunto, non tanto dende o punto de vista de crítica política –que o podo entender–, pero si dende o punto de vista procesual, que noutros casos tamén o podo exculpar, menos no caso da señora Vilán.

Aquí véñse de falar de cuestións como amnistía, indulto, cuestionando, poñendo en cuestión a profesionalidade dos operadores xurídicos, que eu en ningún caso podo respaldar, e dende logo aproveito, en primeiro lugar, para poñer en valor esta revisión que se leva feito destas causas penais que estaban incoadas con anterioridade á entrada en vigor desta reforma que levou a revisión de miles de causas, un traballo efectuado polos fiscais, polos xuíces, polos letrados da Administración de xustiza, tamén polos funcionarios, que hai que poñer en valor, e tamén o traballo feito pola Xunta de Galicia, que dotou de todos os medios solicitados pola Fiscalía para levar a cabo esta revisión.

Que non sexan capaces de poñer en valor esta revisión feita non é entendible. Señora Vilán, vostede sabe que había moitas causas na xurisdición penal que levaban anos en fase de instrución, sen que se fixera actuación ningunha. ¿Como explicarlle a unha persoa que leva nesa situación moito tempo que non están vostedes conformes con que se revisaran esas causas, con que se tomaran decisións, con que se arquivaran aquelas que estaban en sobresemento provisional, con que se resolvera a práctica de dilixencias cando eran necesarias, cando había lugar ao arquivamento, o arquivamento, e cando non, a fase intermedia, ese procedemento, ou tamén a declaración de solicitude de causas complexas, como así ten acontecido en preto de 4.000 causas na nosa comunidade?

Ben, vostedes insisten na derogación do artigo 324. Os seus argumentos é que non dá tempo a levar a cabo a instrución. Miren, antes existía –antes da reforma– un prazo tamén que era

inoperable, un prazo dun mes, ben, que ademais non tiña consecuencias procesuais. Agora establécense prazos razoables, que non son arbitrarios, porque veñen establecidos polas propias estatísticas dos xuíces e dos fiscais, e ademais teñen consecuencias procesuais.

¿Que estamos a dicir? Mire, imos acoutar o tempo no que se vai facer averiguación dos feitos e tamén de quen son os responsables, e ímolo facer así porque, miren, o que non poden é estar as causas abertas indefinidamente.

Esta reforma di vostede que abre problemas que non tiñamos, ou que non había problemas. Mire, esta reforma permitiu que, para empezar, os atestados onde non había autores coñecidos non chegan aos xulgados, co cal vén de informar o Consello Xeral de que hai unha redución da carga do traballo nos xulgados do 30 %. Pois ben, eu creo que os xusticiables van agradecer que se concentren os operadores xurídicos precisamente nesas cuestións que precisan dunha instrución con rigor, e, ademais –quérolle dicir– nunha xurisdición como a penal, que duplica a carga de traballo respecto doutras xurisdicións.

Falan vostedes de impunidade dos delitos, falan de amnistía. Mire, os prazos ofrecen todas as garantías procesuais. A lei establece as regras para adecualos á realidade da instrución, mesmo interrompéndoo en caso de segredo, en caso de sobresemento. Pero hai que dicir que, en ningún caso, o arquivamento de causas se vai producir polo mero transcurso dos prazos; nunca, se non se dan os requisitos necesarios.

E tamén hai que dicir que non só se establece un prazo para as causas sinxelas de seis meses, prorrogados a dezaioito nas causas complexas. É que, ademais, cabe a posibilidade de abrir prazos especiais no caso de que así se considere, pois, por suposto, por causas xustificadas, que terá que valorar o xuíz, por suposto, porque se non estaríamos ante un acoutamento dos prazos que sería inútil. Pero mire, eu apelo á profesionalidade, e confío absolutamente na profesionalidade dos operadores xurídicos nese sentido.

Mire, ¿sabe onde está o risco da impunidade? O risco voullo dicir eu. Miren o que din os fiscais galegos. Din: *«Los fiscales advierten de que la dilación ilimitada en el cierre de los sumarios perjudica la eficacia del proceso y alimenta los errores, hasta el punto de poder causar su anulación. Más tiempo significa no en pocas ocasiones sumarios con más puntos débiles. Para evitarlo, apelar al sentido común y separar la causa en piezas. Eso, además de eliminar problemas de dilaciones indebidas, según apunta el Ministerio Fiscal, ejerce una función de intimidación y de presión sobre las propias organizaciones criminales, que ven cómo se llega rápido a un juicio aunque no todas las piezas avancen por igual.»*

¿Saben onde está o risco de impunidade, señorías? ¿Saben onde está? Está nas sentenzas que se ditan anos despois por unha instrución moi dilatada, que nin son exemplarizantes, porque son extemporáneas, que ademais cabe o risco nesas instrucións tan dilatadas de que os responsables queden impunes. ¿Por que? Precisamente porque se poden producir erros ou fallos na instrución que dean lugar á invalidez total ou parcial da causa. E, sobre todo, sen olvidar os danos a todas esas persoas que permanecen en situación de imputación –agora, investigación– durante anos e que despois de todo ese período pois resulta que son declarados inocentes ou resulta que a súa causa é arquivada.

Ben, aquí falouse de amnistía e de indulto. A min paréceme unha absoluta irresponsabilidade. ¿Por que? Porque confío –como dicía e reitero– na profesionalidade dos operadores xurídicos, fiscais, xuíces, letrados da Administración de xustiza, funcionarios e por suposto os letrados das partes.

Miren, nós compartimos esta reforma, que persegue acoutar no tempo a investigación dos feitos e a determinación dos seus responsables. Do que se trata é de que o responsable sexa condenado con rapidez e quen non o sexa, tamén sexa absolto ou declarada a súa inocencia con dilixencia. E, por tanto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...nós perseguimos con esta reforma unha xustiza áxil, unha xustiza máis eficaz, máis eficiente, e por ese motivo, señorías, non imos apoiar a súa proposta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Grupo autor da proposición non de lei. Señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Non me gusta falar en primeira persoa, pero, como se me citou a min en primeira persoa, pois a voceira do Partido Popular, que sabe que lle teño aprecio. Eu, se me caracterizo por algo –e sábeno ben os meus compañeiros–, é porque moitas veces teño defendido cuestións que teñen que ver cos xulgados que non coinciden precisamente coa doutrina do meu partido. Polo tanto, eu si creo absolutamente na profesionalidade de todas as persoas que traballan no mundo da xustiza; eu, persoalmente, creo absolutamente en todos e en cada un deles.

Pero aquí son os fiscais os que protestan, porque son os que teñen que facer as revisións, e din que nos lles dá tempo, porque levamos un mes e un día –que parece unha condena, e os seis meses parecen unha condena–, o día 15 de xullo vai haber moitos xuíces que marchen de vacacións ata o 15 de agosto, en agosto vai haber moitos xuíces e moitos fiscais que vaian de vacacións, teñen as vacacións de verán moitos funcionarios, e non lles dá tempo a facer esa revisión nestes seis meses, e o que vai pasar é que se van pechar. Ese é un problema, ese é o problema, un problema real.

Eu non dixen indulto, non utiliceei esa palabra. Eu citei a Unión Progresista de Fiscais, que fala de impunidade e amnistía. Eu non dixen indulto en ningún momento, porque indulto é outra cousa, é outra figura diferente. O que si me gustaría é citar o propio Ministro de Xustiza, agora en funcións, Rafael Catalá, que di o seguinte: «*No. Hay dos canales distintos para obtener información sobre las causas penales en fase de instrucción*»; é dicir, non pode saber cantas hai abertas.

Di tamén: «*El hecho de que no coincidan me preocupa, porque no coinciden los sistemas de gestión que utilizan los fiscales y los jueces; son diferentes; por tanto, ni siquiera tienen comunicación entre sí. A mí me preocupa. Pone de manifiesto la necesidad de contar con sistemas de información comunes para todos y para todas las comunidades autónomas y que no tengamos estas divergencias que a veces tenemos*». Parece que está falando doutra cousa, pero é o ministro de Xustiza o que está a dicir estas cousas tan graves. E non se pode acceder entre si, non poden comunicarse, porque os sistemas son diferentes.

Hai un exemplo moi bo que un fiscal puxo, que é o seguinte: «*Si el presidente de El Corte Inglés quiere saber cuánto se vendió ayer en sus tiendas en toda España, pulsa un botón y ya lo sabe.*» Os xuíces ou os fiscais non o poden facer, porque ese botón non existe, e se existe, non coincide o dun co do outro; nin sequera o ministro de Xustiza sabe cantas causas están abertas.

Polo tanto, é moi complicado que en seis meses poidan facer revisión de nada, nin en seis nin en dezaoto, para empezar en seis meses. «*Tenemos un problema*», di o ministro de Xustiza. Pois se temos un problema, ¡Houston!, pare vostede, derroque vostede este artigo –que, por certo, non o fixo vostede, que o fixo outro–, derróque e empecemos de novo.

Quero rematar a miña intervención citando a alguén que sabe de xustiza moito, moito, moito, que é José Antonio Martín Pallín, que, efectivamente, dicía que a xustiza, para ser xusta, ten que ser áxil, ten que ser rápida e sen dilacións indebidas. Efectivamente, é así e, ademais, é un dereito fundamental. O que non se nos pode facer é tomarnos o pelo cun artigo que lava a cara, que lava a cara, e que vai provocar –repito– a impiedade, non o indulto, pero si a impiedade e a amnistía para moitas persoas que no seu momento poderían ser condenadas por corrupción política e por corrupción empresarial, simplemente por un artigo que é pura maquillaxe.

O que podemos facer, o que se podería facer –e así é o que pedimos–, é instar á derogación deste artigo, porque *tenemos un problema*, segundo di o ministro de Xustiza, e comezar de novo con cousas serias, non con cousas para tomar o pelo á poboación.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e dous deputados máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado para os vindeiros procesos electorais.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado para os vindeiros procesos electorais

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei (50993(09/PNP-003765)).

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Español co obxecto de demandar unha modificación normativa electoral vixente a través das correspondentes solucións técnicas para o persoal embarcado en buques pesqueiros, da mariña mercante e da armada, a fin de permitir o exercicio do voto aos mariñeiros desde os propios buques, coa elaboración dunha argumentación específica para estes supostos que garanta o segredo e a liberdade do dereito ó voto.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición ten a palabra o señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Bo día a todas e a todos.

O sector do mar, como saben, sofre unha situación insostible, condicionada pola entrada no Mercado Común, pero tamén por outra serie de medidas que poñen en evidencia a incapacidade do Partido Popular de defender este sector como estratéxico para a economía de Galiza.

A modo de exemplo, aí está a discriminación na repartición de cotas por Estado, a aplicación dun modelo de dereitos de pesca individuais que concentra nunhas poucas embarcacións as cotas mentres á maioría non se lle garante nin a viabilidade económica nin o emprego. Un modelo de miticultura condicionado polas grandes conserveiras, que provocan enfrontamento e desregulación de prezos, con situacións tan anacrónicas como o cuestionamento da DOP. Ou o marisqueo, que sofre directamente un comprometido e nunca rematado Plan integral das nosas augas. Ou unha pesca artesanal, sometida a cupos e cotas, como se fose este segmento o responsable da sobrepesca, e non un modelo, un verdadeiro exemplo de emprego e sostibilidade.

A todos estes males debemos de engadirlle o desleixo e o abandono por parte do Estado durante todo o período democrático, a incapacidade de garantir que os mariñeiros galegos embarcados na frota de altura e grande altura ou mariña mercante, plataformas petrolíferas, etc., poidan exercer o dereito fundamental do voto. Un problema que afecta a máis de 10.000 traballadores do mar, que o BNG centraliza no voto dos mariñeiros, pero que vai moito máis aló, xa que, dos case 37 millóns de persoas con dereito a voto no Estado español, case 2 millóns de persoas son residentes no exterior, dos cales apenas 10.000 persoas chegan a votar.

O BNG leva con esta iniciativa máis de vinte anos, e a desgraza é que nada se ten avanzado. A última reforma da LOREG, no 2011, levada a cabo polo Partido Socialista e apoiada polo Partido Popular, en vez de contribuír a mellorar o proceso, xustamente fixo o contrario, empeorouna. Non hai máis que ver os datos. Antes da reforma, votaban aproximadamente o 32 % e, agora, unicamente un 5,75 %, o que evidencia a urxencia de modificar esta lei electoral.

A actual lexislación non é realista nin aplicable ao persoal embarcado en buques de pavillón español, dado que exige, durante o período comprendido entre o momento da convocatoria das eleccións e o da celebración, que o buque debe ter previsto atracar nun porto previamente coñecido do territorio español e avisalo. E isto é case imposible para os nosos mariñeiros; moito menos factible resulta para todos aqueles traballadores embarcados en buques de pavillóns estranxeiros. Pensemos por un momento no imposible que é achegarse a un porto español para a frota que pesca fletán en Terranova, a que pesca nas illas Malvinas, ou a do palangre, que pesca no medio do océano Pacífico, no medio do océano Índico ou no Atlántico.

Igualmente desproporcionado resulta cumprir os requisitos para poder exercer o voto de residentes no exterior, dado que inscribirse no Consulado pode requirir grandes desprazamentos, ao que hai que engadirle a obriga de comunicalo previamente ou o atraso na chegada dos papeis. A modo de exemplo, un mariñeiro do palangre que atracara pois na illa Martinica tería que desprazarse nada máis e nada menos que a París para poder realizar os trámites.

O noso país conta na actualidade con 440.000 votantes de residentes no estranxeiro, que co procedemento actual se ven impossibilitados maioritariamente de poder exercer o seu dereito a votar por quen consideren, un dereito fundamental que debe ser extensible a todos os cidadáns, pero especialmente para aqueles que vivan en países estranxeiros ou que as súas actividades os obriguen a estar fóra do seu país no momento en que se realizan as eleccións.

Unha obriga urxente por parte do Estado de pór os medios e facilitar que este dereito se poida levar a cabo. Unha situación anacrónica e vergonzante que nos debería levar a reflexionar, pois nada temos avanzado dende a transición, a pesar dos diferentes acordos neste Parlamento, das diferentes cámaras lexislativas do Estado, os compromisos e os estudos comprometidos, e incluso os grupos de traballo que se implementaron, incluso certas declaracións.

Mais o único certo é que os mariñeiros galegos tampouco non puideron votar, nin o 25 de maio de 2014 nas eleccións europeas, nin o 24 de maio de 2015 nas eleccións municipais, nin o 20 de decembro de 2015 nas eleccións estatais, nin sequera agora na segunda repetición destas eleccións, e que, de seguir todo igual, proximamente tampouco poderán votar nas eleccións ao Parlamento galego para decidir os designios deste país, pero sobre todo para decidir que moitos de vostedes volvan recuncar e volvan estar aquí a representar o pobo galego.

Ademais, algo que cun pouco de vontade é perfectamente subsanable, pois na actualidade existen países que contan con modelos máis avanzados, que, cando menos, nos buques de pavillón propio teñen modelos que se lles permite a constitución de mesas electorais a bordo das embarcacións, o denominado método sueco, garantindo a participación e exercer o sufraxio universal.

Pero tamén hai outros, a través de medios telemáticos ou Internet, que se ten utilizado en eleccións gobernamentais, no Reino Unido, en Estonia ou Suíza, en eleccións municipais en Canadá ou en primarias en Estados Unidos ou Francia, a través de marcadores electrónicos de papeletas, algo habitual no actual modelo de participación das organizacións políticas, algo que ademais está de moda e que ten o seu modelo máis avanzado no denominado modelo estonio, para o cal se pode votar dende calquera ordenador con tal de ter un carné de

identidade electrónico e un lector electrónico onde se introduce o carné para comprobar a súa firma, e que ten un custo aproximado de 5 euros. Na actualidade, incluso hai plataformas de voto seguro por Internet, onde o votante que desexa participar se identifica por medio de acceso PIN ou por medio dun certificado dixital.

Non pode ser que neste mundo de tan alta tecnoloxía sexamos capaces de localizar o fletán a máis de dous mil metros de profundidade e pescalo e o Estado sexa incapaz de articular un procedemento que garanta o máis sagrado da democracia, o dereito a poder votar. Non pode ser que os astronautas poidan votar dende a lúa e os militares dende Afganistán, e os nosos mariñeiros dende unha embarcación non o poidan levar a cabo.

Dende o BNG consideramos que é hora de reclamar e exixir esta demanda histórica, de pór as ferramentas tecnolóxicas ao servizo da cidadanía, xa que en pleno século XXI é preciso garantir o dereito ao sufraxio universal dos nosos mariñeiros, pero tamén de todas aquelas persoas que por causa do seu traballo non poden estar no seu país no momento das votacións.

Polo tanto, cando menos pídolles adoptar o acordo unánime para rebrandecer as consciencias dos que van ocupar os escanos do próximo Congreso nesta nova lexislatura, para que non se esqueza o que demandan os cidadáns e, en particular, o que levan anos demandando os nosos mariñeiros galegos. Pero tamén pídolles complicidade ás súas señorías, sobre todo daquelas que volverán ocupar esta Cámara, sabedores de que están en débeda cos tripulantes da frota galega e con moitos cidadáns que por múltiples razóns teñen a residencia, a súa residencia, no exterior. Esperamos contar co seu apoio.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodas.

Grupo Parlamentario Popular, autor da emenda. Señor Oróns.

O señor ORÓNS BAÑA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Sen lugar a dúbidas, a normativa que rexe os procesos electorais presenta aspectos que son manifestamente mellorables. Entre outros, por suposto, o de garantir que todos os mariñeiros embarcados e os membros da mariña mercante poidan exercer o seu dereito ao voto en condicións idénticas ao resto dos cidadáns. Esta reivindicación compartímola todos. Así se puxo de manifesto no acordo que esta Cámara adoptou por unanimidade en abril de 2007.

A regulación actual é insatisfactoria. O Real decreto 605/1999 contempla os aspectos específicos sobre o dereito de sufraxio en situacións especiais, entre outras, a do persoal embarcado; unha normativa, sen embargo, insuficiente para garantir o voto efectivo de moitos traballadores do mar, que pasan meses sen arribar a porto. Nunha democracia non existe goberno nin partido político ningún que se opoña a que os seus cidadáns voten sempre, estean onde estean.

Si que nos sorprende que o BNG sempre presente esta iniciativa en período preelectoral. Entrevemos certo oportunismo. Con cada proceso electoral rexistran preguntas, pero non sempre as tratan. Atribúense o papel de voceiros cando están na oposición, pero vostedes tamén foron goberno, e o voto dos mariñeiros embarcados caeu da súa axenda, dunha formación que tanto presume de defendelos. Díganme entón cales foron as xestións que realizou o Bipartito e díganme que resultados concretos alcanzou nesta materia, porque, que eu saiba, non tiveron nin xestións nin resultados.

O BNG adoita apadriñar problemas, pero escasas solucións, porque é difícil articular un sistema que conte con todas as garantías. No seo da Comisión Constitucional do Congreso creouse, precisamente, unha subcomisión para o estudo de posibles reformas neste ámbito. Saben tan ben coma min en que quedou esa cuestión: no caixón, ante a importancia das eivas técnicas para a activación deste tipo de dispositivos ao voto.

Estamos falando de garantir a limpeza do proceso e a identificación do elector, dos mecanismos de seguridade na votación e da transparencia de resultados. E existen dous informes solicitados expresamente para a reforma da LOREG, un do Consello de Estado e outro da Xunta Central, contundentes, moi contundentes con respecto aos problemas que suscita o voto electrónico. Trátase dun mecanismo que xera dúbidas e interrogantes sobre a conveniencia da súa implantación, e a fórmula do voto por Internet aínda ofrece maiores problemas ante un acto persoalísimo e secreto.

Dende o Partido Popular e o Goberno galego seguiremos defendendo a necesidade de contar cun sistema que lle permita ata ao último dos nosos mariñeiros, por moi lonxe que estea, poder exercer libre e autonomamente o dereito ao voto. Iso si, contando coas máximas garantías.

Nese senso, o noso grupo propón unha emenda baseada no acordo adoptado por unanimidade no ano 2007, na que se insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español con obxecto de demandar unha modificación da normativa electoral vixente e que se adopten as correspondentes solucións técnicas para o persoal embarcado en buques pesqueiros, da Mariña Mercante e da Armada, a fin de permitir o exercicio do voto aos mariñeiros desde os propios buques, coa elaboración dunha regulamentación específica para estes supostos que garanta o segredo e a liberdade do dereito ao voto.

Vostedes seguen a insistir en que non se fai nada. A Xunta deu traslado a Madrid da nosa posición nun problema que afecta particularmente a Galicia polo peso específico que ten a frota galega no conxunto do Estado e mesmo na Unión Europea. Pero non defenderemos sistemas sen todas as garantías. Quero lembrarllas que, postos a repartir responsabilidades, no ano 2007 vostedes, o BNG, eran socios preferentes de Zapatero, a súa muleta orzamentaria, e temos constancia de que se cambiaron aspectos desta lei electoral, en cambio nese momento non se lembraron dos mariñeiros galegos para nada.

Ademais, teñan en conta que vostedes falan dunha reforma urxente da lexislación electoral, cando esta, por ser unha lei orgánica, non pode acometerse por este procedemento, e menos no momento no que nos atopamos, cun goberno central en funcións, sen capa-

cidade lexislativa nin executiva, e sen previsión de cando terá lugar a nova investidura dun novo goberno.

Creemos que a nosa emenda supón recuperar aquilo no que estamos todos de acordo, tendo en conta, ademais, que vostedes volven traer unha proposición non de lei un tanto enganosa, que queda moi ben cara á galería, pero non se atreven a poñerlle o cascabel ao gato.

Díganos cal é ese cascabel que hai que poñerlle. Díganos claramente cal é a fórmula que se empregaría para emitir ese voto dos mariñeiros embarcados con totais garantías, xa que todas xeran moitos problemas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Oróns.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Grazas, presidente.

Estarán de acordo comigo, señorías, en que o dereito a votar é un dos dereitos fundamentais nunha democracia asentada, pero resulta que hai moitos galegos e galegas que non o poden facer, que non poden exercer este dereito, o dereito ao voto, porque para facelo teñen que superar unha serie de obstáculos que son insalvables.

Trátase en concreto, nesta iniciativa, das traballadoras e dos traballadores do mar cando estes se atopan cumprindo o seu labor en –valla a redundancia– alta mar e acontecen as convocatorias electorais. É un sector da clase traballadora ao que se lle exige pasar longas tempadas sen máis contacto co mundo que o teléfono e as equipas de internet.

A Lei electoral, que regula o voto por correo para o persoal embarcado en buques da frota pesqueira de altura non está adaptada á realidade deste colectivo. Para poder votar, os buques con bandeira española deben achegarse a un porto español, pero antes de facelo deben cursar por radiotelegrafía a solicitude de inscrición no censo electoral. Nesa mensaxe, segundo recolle a lei, faranse constar: o nome, os apelidos da persoa solicitante, o seu DNI, profesión, idade e buque no que se atope embarcado, o municipio no que está censado, con especificación de rúa e número. Tamén deberán informar do porto ao que arribará o seu barco e cando o fará.

Os servizos de radiotelegrafía, que neste caso actúan como unha dependencia delegada do servizo de correos, serán os encargados de que a delegación provincial do censo remita a documentación ao porto no que o barco vai arribar. Finalmente, se todo vai ben, o navío debe chegar ao porto sinalado na data solicitada, para que os mariñeiros poidan exercer o seu dereito ao sufraxio. ¡Un pouquiño complicado si que resulta! É bastante imposible ou totalmente imposible de levar a cabo cando, por exemplo, se atopan cerca de Terranova ou en Namibia ou en pleno océano Pacífico. E os resultados que nos dá o Instituto Nacional de Estatística así o reflicten. No 2004 votaron 2 mariñeiros; no 2008, 7; no 2011, 3.

Resulta evidente a necesidade de adaptar a lei electoral ás necesidades deste sector, por exemplo, co voto telemático ou con mesas electorais no mesmo barco, baixo responsabilidade da autoridade nese momento, que é o capitán.

Ademais, segundo o deputado do Partido Popular, no 2007 aprobouse –cos votos do PP e do PSOE– unha PNL –así me consta a min– no Parlamento de Galiza para resolver o dereito a exercer o voto, pero despois resulta que, ao levar esta iniciativa ao Congreso dos Deputados, os mesmos partidos a rexeitaron, cousa que me estraña. ¡A ver se alguén mo pode explicar despois!

Hai que ter en conta que na totalidade do Estado traballan neste sector unhas 100.000 persoas, das que a meirande parte son galegas, porque no noso país a importancia do sector pesqueiro é moita.

Apoio e agardo que a totalidade desta Cámara o faga, para facer realidade unha xusta e democrática reivindicación: a do dereito ao voto.

Grazas. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e a todas.

Nosoutros imos apoiar a iniciativa que plantexa hoxe o Bloque Nacionalista Galego porque é unha reivindicación absolutamente lóxica.

En 1977 chegaba a primeira elección democrática logo da ditadura a este país, pero non así a democracia na súa totalidade. É evidente que a día de hoxe son moitas as eivas democráticas deste país, e unha das fundamentais é non garantir un dereito básico como é o dereito á participación política a través da elección dos representantes nas diversas cámaras a través do sufraxio universal do voto, feito este que non está garantido para aqueles que traballan na Mariña Mercante ou na pesca de altura, que –como xa moi ben se explicou aquí– en moitos procesos electorais non poden intervir.

É tanto así que nas pasadas eleccións de decembro apenas 3 destes traballadores e traballadoras puideron exercer o seu dereito a voto. Tres, dos 10.000 ou 15.000 que nese momento estaban embarcados e enrolados. Polo tanto, estamos ante unha eiva democrática que cómpre subsanar canto antes.

Parece que o Partido Popular chegou hoxe aquí a dicir que se preocupaba, que era moi importante mellorar estas situacións, pero ao Partido Popular non lle interesan todos os votantes por igual, el ten unha certa predilección por aqueles que están mortos e poden votar polo Partido Popular, ou aqueles que, tendo dificultades para discernir onde están ou como están, son carretados por parte do Partido Popular. Así, hai un proceso xudicial iniciado en

Lugo, e, por exemplo, todos coñecemos o que aconteceu durante esta campaña electoral en Cambados, onde membros do Partido Popular carretaban persoas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...que en moitos casos non sabían onde estaban cando ían votar.

Iso é o que fai o Partido Popular: facilitar os votos cando o voto... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Imos ir con calma, que quedan poucas horas para que acabe esta lexislatura.

O señor FAJARDO RECOUSO: Aínda vou ter eu a culpa desta vez tamén.

O señor PRESIDENTE: Non, señor, vostede non ten culpa ningunha.

Tranquilo que terá vostede o seu tempo. Agora non ten vostede a culpa, o que pasa é que me colleu falando co señor Puy e colleume despistado, home. (*Risos.*)

Prosiga cando queira.

O señor FAJARDO RECOUSO: A verdade é que, se non tiveramos este presidente, habería que inventalo, porque nos dá momentos únicos.

Resulta que estaba despistado, ¡polo carallo se despista cando estou eu falando aí na Cámara! (*Risos.*)

Continúo. Decía que o Partido Popular, moi acostumado a carretar, se preocupa por ese tipo de votantes, pero non se preocupa porque traballadores exerzan o seu dereito ao voto.

Polo tanto, nosoutros cremos que esta continxencia que afecta a numerosos tripulantes, que poden ser entre 10.000 e 15.000 en cada proceso, pode subsanarse cun elemento tan sinxelo como pode ser directamente a implantación do voto telemático, que a pesar do que aquí se dixo é un elemento que se pode facer con seguridade xa neste momento, porque existen elementos técnicos para facelo, o que pasa é que non hai ningunha intención.

E miren, non é cuestión de a quen beneficia ou a quen prexudica este tipo de voto, nin quen son eses votantes, iso é o de menos. O dereito ao voto é un dereito fundamental e, polo tanto, hai que garantilo, con independencia de que iso sexa ou non daqueles que están no Goberno en cada momento. Así, por exemplo, non acontecerían cousas como aconteceron durante estas últimas eleccións, cando ¡que casualidade! os votos de En Marea non aparecían nos sobres de correos de aqueles que, estando en Europa, solicitaran o seu voto, e precisamente... (*Murmurios.*) ...precisamente eses votos non apareceron. Soamente eses non aparecían...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor FAJARDO RECOUSO: ...nos sobres que chegaban ás casas das persoas que pedían o voto.

Polo tanto, nós estamos pedindo que se faga canto antes unha reforma que ademais foi votada por unanimidade nesta Cámara en dúas ocasións, e xa nesta Cámara se dicía que era máis fácil votar sendo membro da Santa Compañía que sendo un mariñeiro embarcado.

Polo tanto, nós estamos absolutamente de acordo coa iniciativa e non entendemos a hipocrísia dun Partido Popular que bota culpas a quen non gobernou en Madrid, como aquí botou culpas ao BNG, que que eu saiba non gobernou nunca en Madrid, cando eles, despois desa proposición unánime do 2007 tiveron oportunidade suficiente de facer o posible para que isto mudase, pero, unha vez máis, demostran a súa capacidade para o trilerismo político, dicindo nesta Cámara unha cousa e exercendo en Madrid outra distinta.

Polo tanto, esperemos que, dunha vez por todas, a coherencia nos actos impere no Partido Popular, aínda que sabemos que habitualmente non é así, porque non era nin a primeira nin a segunda nin a terceira vez que unha proposición unánime sobre este tema se aproba nesta Cámara e no Estado e o Partido Popular, cando goberna, non fai nada.

Esperemos que cando volva ser vicepresidente do Goberno, ou secretario de Estado, o señor Jorquera teña a ben atender esta iniciativa (*Risos.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas e señores deputados, a verdade é que me sorprende un pouco o que dicía o señor Oróns con respecto á pouca seguridade do voto electrónico ou por medios telemáticos.

Mire, a miña experiencia, dende que se pode xestionar todo desde internet, é que só me arrimo aos caixeiros automáticos para sacar cartos en efectivo; eu non me arrimo a ningunha oficina bancaria. Transferencias, pago de facturas, fago todo na miña modesta economía, imaxine vostede o que fan as empresas, movendo millóns e millóns de euros.

¿Que significa iso? ¿É máis seguro mover capitais, co que se xoga, que mover a vontade dunha persoa, que ademais ten dereito constitucional, artigo 23 da Constitución... nunha democracia, claro, noutros réximes tanto dá, ¡que máis dá! Non sei se en Burkina Faso hai ese dereito.

Dende logo, aquí isto é unha democracia, teoricamente no primeiro mundo, pero resulta que os nosos mariñeiros no Índico teñen que levar vixilancia armada pagada pola propia empresa, teñen que estar sometidos a unha tensión tremenda e nunhas condicións de traballo terribles, e por encima o seu Estado, todos nós, que temos a capacidade, negámoslle na práctica. Non llelo negamos formalmente, pero na práctica dicímoslles: ademais, a vostede

retíraselle o dereito constitucional a votar e a elixir os seus representantes. É así, e non hai máis voltas.

E claro, cando establecemos o voto rogado... Eu aquí quero ser xusta. É certo, pacto de dous partidos en Madrid, dos maioritarios, coa opinión en contra do Partido Socialista de Galicia, e tamén me consta que do Partido Popular de Galicia. Eu non sei os líos que tiveron eles cos seus en Madrid, eu sei os que tiven eu, e cal era a posición dos socialistas de Galicia ao respecto. Non o compartimos, e, evidentemente, témolo que asumir porque é lei.

¿Que fixo o Bipartito? Home, eu sei que non todo o mundo ten por que ter obrigación de coñecer todo o que se fixo nesta Cámara, pero eu creo que hai unha obrigación, polo menos de didáctica pedagóxica, do grupo maioritario para dicir o que se fixo, porque precisamente a señora Yolanda Díaz, a señora Paula Prado e máis eu mesma defendemos nas Cortes Xerais unha proposición de lei acordada e aprobada neste Parlamento, que foi aceptada nas Cortes Xerais para o seu debate, e que segue durmindo o sono dos xustos.

Mire, o voto rogado. Só lles vou dar tres datos porque ademais teño pouco tempo.

No 2008 votou o 34,8 % dos residentes fóra. No 2011, o 4,2 %, desde que se introduce o voto rogado. No 2015, o 2,52 %.

Imaxinen vostedes que, por unha reforma legal que introducísemos neste Parlamento, só puidesen votar menos do 3 % dos cidadáns de Santiago que tiveran dereito a voto. Eu creo que nos corrían a gorrazos, je terían razón! Porque estabamos privando ao 98 % dos cidadáns de Santiago de Compostela de exercer o seu dereito a elixir os seus representantes. E estámolo facendo por encima con trampa. Facendo imposible o dereito a exercer un dereito constitucional.

Hai outras fórmulas. O capitán dun barco atuneiro no Índico pode casar o xefe de máquinas e o pesca, *dos fornidos marineros, lo asienta en el diario de a bordo, y es legal*. E, sen embargo, un capitán do mesmo atuneiro, no Índico, resulta que non pode identificar a súa tripulación, meter unha urna e transmitir pola radiotelegrafía o resultado do escrutinio. Igual que o mandamos dende unha mesa electoral de aquí. ¡Non pasa nada! ¡Non pasa nada! Simplemente é unha cuestión de vontade. ¿Como que non, home? ¿Como que non? ¡Pero se xa se está facendo!

Mire, o Estado buscou fórmulas, coa mesma lei electoral, para que as nosas tropas que están en misións humanitarias –nalgúns casos non tan humanitarias, que acabamos de descubrir que nós a Irak fomos a desfilar y a bailar la cumbia, porque disque non fomos a guerra, iso dixo Trillo... Home, por favor, por favor. Entón ¿de que morreu a nosa xente alí? ¿*De la emoción del desfile?* ¡*Hombre, hombre, hombre!* ¡Non insultemos a intelixencia dos seres humanos!

Se se buscaron fórmulas para que os nosos soldados en Bosnia, no Líbano, en Irak, puideran exercer o seu dereito constitucional a votar, pois non é tan complicado buscar fórmulas para que os nosos mariñeiros, estean onde estean, poidan exercer o seu dereito constitucional a elixir os seus representantes. Nós non presentamos emendas porque isto témolo debatido aquí ata a saciedade, xa se dixo.

Temos iniciativas promovidas por nós, polo Grupo Popular, polo Bloque Nacionalista Galego... Xa perdín a conta de todos os grupos que presentamos aquí iniciativas e que chegamos a consensos ao longo das distintas lexislaturas. E en Madrid –lamento ter que dicilo porque case é un slogan nacionalista, e eu nacionalista non son– dá a impresión de que en Madrid non nos entenden, non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Rodas.

O señor RODAS CHAPELA: Coincido coa señora Soneira en que, efectivamente, en Madrid non se entende a realidade de Galiza.

Falaba o señor Oróns de que hai aspectos mellorables. ¡Pois mira que levamos tempo, eh! Levamos tempo con este tipo de iniciativas. Vostede alcúmanos a nós de oportunistas. ¡Mire se vostede non podía transformar ese oportunismo nunha realidade! Porque dentro de pouco vai facer máis de dez anos dende que o BNG trouxo aquí esta iniciativa e foi aprobada polo conxunto desta Cámara.

E mire, señor Oróns, unha cousiña ben clara. O BNG nin apadriña os problemas nin é incapaz de dar solucións. Tivemos unha experiencia curta, pero unha experiencia onde deixamos en evidencia que nós traíamos propostas transformadoras deste país, como o concurso eólico, o banco de terras ou a prensa en galego, ante o cal vostedes foron unha auténtica apisonadora.

Polo tanto, estamos nunha situación, en que ¡vale xa de predicar!, o que queremos é avanzar e conseguir cuestións concretas. No nome do BNG, podería pedir desculpas por non alcanzar durante estes últimos vinte anos o apoio suficiente para axudar a conquistar os dereitos dos mariñeiros, pero tamén lles pido aos mariñeiros que sexan críticos con quen no seu día aprobou neste Parlamento esta iniciativa e durante vinte anos non fixo nada. Sobre todo con quen leva representando a Galiza os últimos sete anos diante do Goberno español. Pero tamén de quen ostentou unha maioría absoluta no Congreso dos Deputados, para que dunha vez por todas se resolvese este dereito pendente.

Podemos coincidir todos en que os requisitos da actual normativa a atracar en determinadas datas nun porto do Estado é totalmente imposible de levar a cabo. Resulta ríxido e totalmente formalista. Pedimos, pois, que se leve a cabo unha revisión crítica, xa que o actual disuade á gran maioría dos incluídos nos seu ámbito de aplicación, logrando unha nula aplicación.

E dado que hai ferramentas tecnolóxicas con programas avanzados que permitirían resolver este problema e garantir o dereito universal a fomentar a participación con solucións aínda máis acaídas que o que vostede expresou, que é o método sueco. Ou incluso moito máis acaídas que o método [...], nós o que plantexamos é que iso se vexa, se estude e, se se pode, que se vaia moito máis alá. Porque xa o dicía a señora Soneira, se xa facemos a declaración de Facenda por internet, se xa compramos e vendemos, se facemos todo tipo de transaccións económicas, ¿como non imos utilizar esas ferramentas para que a cidadanía galega, e en particular os mariñeiros embarcados, poidan conquistar un dereito universal?

Polo tanto, a súa emenda é totalmente restritiva, é volver ao pasado, e nós o que lles pedimos é avanzar e que os dereitos se axusten á realidade da demanda que están facendo os nosos mariñeiros, e é que nas próximas eleccións... Por iso pedimos urxencia, porque durante máis de dez anos non se foi capaz de levar iso a cabo. O que pedimos é que máis que declaracións, e que máis que apoios nesta Cámara, en Madrid se avance para conquistar que os dereitos sexan realidades.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto.

(O G.P. Mixto, a través da súa deputada Mónica Fernández Rodríguez e ao abeiro no disposto do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei (doc. núm. 51082).

Emenda de substitución.

Proponse substituír a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza, insta a Xunta de Galiza a:

- Estender progresivamente a Plataforma É-Saúde a disposición do conxunto da cidadanía galega indicando o cronograma de implantación, e formar ao mesmo tempo as persoas profesionais sanitarias para aceptar e adaptarse aos cambios de rol das persoas pacientes, sen afectar a calidade do seu traballo e se fose preciso aumentar o cadro de persoal profesional.

- Facer un seguimento por escrito dos resultados de onde se vai implantando para avaliar a súa eficacia e posíbel mellora.

- Procurar que a plataforma sexa elaborada con recursos propios do Sergas.

- Facer públicos todos os proxectos postos en marcha pola consellaría de Sanidade e os cartos a eles destinados se empreguen correctamente tendo en conta a opinión das persoas profesionais do sistema e as prioridades que estes marcan e non favorecer negocios privados.

- Maior investimento en I+D+I e estabilidade laboral do persoal investigador da sanidade pública.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días ou boas tardes, señorías.

O Grupo Parlamentario Popular presenta hoxe neste hemiciclo unha proposición non de lei en positivo que ten que ver coa introdución das novas tecnoloxías na prevención da saúde das persoas e na facilidade de acceso aos seus datos, historia clínica, citas e informes de alta hospitalaria.

O Servizo Galego de Saúde está a traballar desde o pasado ano na Plataforma É-Saúde para a mellora da alfabetización sanitaria, definida como a capacidade dos individuos para obter, procesar, comprender e aplicar a información sobre saúde, e tomar así as decisións máis axeitadas en relación con ela.

En concreto, trátase dunha nova ferramenta tecnolóxica de personalización de servizos para as persoas, que fai que dende calquera lugar e dispositivo –un teléfono móbil, unha tablet ou un ordenador– os cidadáns poidan acceder a servizos e contidos personalizados en función do seu perfil, sexa unha persoa enferma ou calquera outra sa, que teña interese en colaborar activamente na mellora da súa saúde e na prevención de futuras enfermidades, incluíndo consellos e datos para o diagnóstico precoz das mesmas.

O Servizo Galego de Saúde, pretende coa Plataforma É-Saúde desenvolver novidosos modelos de comunicación coa sociedade, impulsando a dispoñibilidade de canles de comunicación dixital e propiciando unha actitude proactiva dos cidadáns que permita conseguir servizos máis eficientes e cidadáns mellor informados, máis implicados e, polo tanto, máis autónomos en relación coa súa saúde.

En prol de favorecer a participación activa dos pacientes co fin de mellorar o proxecto, desenvóléronse distintos talleres sobre a plataforma, durante o pasado ano, con representantes do Consello Asesor de Pacientes.

A Plataforma É-Saúde está actualmente en desenvolvemento e pilotaxe en distintas áreas sanitarias, cun aumento progresivo do tamaño dos grupos de usuarios.

Abordouse nun 80 % con fondos Feder, e o 20 % restante foi achegado pola sanidade pública galega, dentro do marco da normativa das iniciativas Hospital 2050 e Innova Saúde, e está relacionada co Fogar Dixital, outro dos proxectos que se están a poñer en marcha desde o Servizo Galego de Saúde.

A plataforma estase a desenvolver por unha comisión liderada desde os servizos centrais do Sergas, na que participan a Subdirección de Atención ao Cidadán e á Calidade, a Dirección de Saúde Pública, a Dirección de Sistemas de Información e a Dirección da Asistencia Sanitaria, co soporte tecnolóxico da empresa adxudicataria do proxecto, a través de procedemento aberto.

Doutra banda, existe unha comisión técnica integrada por profesionais sanitarios do Sergas de moitos e diferentes ámbitos, como profesionais médicos hospitalarios e de atención pri-

maria, persoal de enfermería e farmacia, documentalistas do Sergas, expertos en metodoloxía da calidade e pacientes. como xa se mencionou, que están a participar activamente neste proxecto.

¿Como funciona a plataforma? Esta dispón de distintos niveis de acceso, mantendo a seguridade, a confidencialidade e o rigor necesario aos distintos usos que se fagan da mesma. Calquera cidadán galego previamente identificado, e cun máximo nivel de seguridade, poderá acceder á súa historia clínica, imprimir os seus informes de alta, probas radiolóxicas ou resultados de analíticas. De forma máis aberta, e sen necesidade de identificación previa, os usuarios que o desexen poderán entrar na plataforma e atopar páxinas web relacionadas cun determinado problema de saúde, así como acceder a fichas informativas, asociacións de pacientes, foros e chats de comunidades e toda a oferta formativa da Escola Galega de Saúde para cidadáns, e incluso vídeos sobre campañas sanitarias.

A tecnoloxía 2.0, desenvolvida na Plataforma É-Saúde, permitirá identificar as necesidades e intereses do paciente segundo o seu perfil, propoñéndolle material que poida ser do seu interese, de acordo con buscas previas ou características propias.

A intención do Sergas é que o coñecemento xerado en calquera dos seus distintos departamentos, como guías, procedementos ou recomendacións para pacientes, sexan facilmente accesibles para os cidadáns galegos a través dun buscador.

Comunicarse con outros pacientes e con profesionais a través de comunidades virtuais e establecer alertas, recordatorios, metas e obxectivos de saúde para o coidado da súa propia saúde serán algunhas das actividades que poderán levar a cabo os usuarios desde calquera dispositivo electrónico.

É-Saúde permitirá aos pacientes acceder á axenda de citas actualizadas en atención primaria ou especializada, o que lles permitirá completala con citas e eventos persoais. Dese modo, o usuario poderá consultar desde o seu propio smartphone cando debe de recoller unha receita na farmacia, cando debe de acudir a unha consulta médica, a realizar probas diagnósticas ou a facer actividades de promoción da saúde. Tamén poderá consultar servizos e participar nas comunidades co seu médico e enfermeiro, e con asociacións de pacientes para compartir dúbidas ou recomendacións de hábitos de vida.

Os usuarios dispoñerán da garantía de que toda a información estará aloxada no servidor do Servizo Galego de Saúde, coa conseguintes seguridade xurídica e tecnolóxica que isto supón.

Recentemente puidemos ler na prensa que: «Galicia lidera un plan europeo para trasladar la innovación tecnolóxica al trato al paciente. En el proyecto participan entidades de Alemania, Polonia, Italia, País Vasco, Holanda y Escocia.» Foi a semana pasada, o día 5 de xullo.

Galicia coordinará un plan europeo, xunto con outras sete entidades de toda Europa, para o intercambio e a implantación de sistemas tecnolóxicos no ámbito da saúde, centrado principalmente no envellecemento activo da poboación.

No proxecto TITAN –que son as siglas en inglés dunhas verbas que eu que non son tan valente como o presidente non me vou atrever a pronunciar–, a Axencia de Coñecemento en Saúde liderará un equipo no que participan organismos do eido da innovación en saúde. O plan, seleccionado entre 261 candidaturas, conta cun orzamento de 1.700.000 euros procedentes de fondos europeos, e o Goberno galego achega 380.000.

Entre os obxectivos do programa, está o traslado de iniciativas xurdidas do ámbito sanitario e mercado, e vivecersa, así como fomentar accións que implican os cidadáns, como por exemplo a Plataforma É-Saúde, que se encontra en fase de pilotaxe e que permite aos cidadáns a consulta do seu historial clínico, ou o tratamento de citas e informes médicos a través dunha aplicación para teléfonos intelixentes.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular de Galicia pensamos que esta plataforma vai representar unha ferramenta importante para a accesibilidade dos cidadáns aos seus informes, probas diagnósticas e datos da súa historia clínica, sempre coas condicións de seguridade precisas para a identificación da persoa que accede aos datos, e tamén como canle de información sanitaria e participación da cidadanía, con ou sen problemas de saúde, para a súa alfabetización en saúde e que mellore os seus coñecementos e a súa implicación sobre as distintas enfermidades, a súa prevención e o seu diagnóstico.

É por iso polo que presentamos esta iniciativa, instando a Xunta de Galicia a que, unha vez avaliados os resultados da pilotaxe, estenda progresivamente esta plataforma ao conxunto da cidadanía galega.

Esperamos o apoio dos distintos grupos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Parlamentario Mixto. Señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Dicir que a proposición non de lei que trae hoxe o Partido Popular aquí, así, aparentemente, é moi fermosa; vémoslle un envoltorio, pero non lle vemos o contido.

Cando falamos da Plataforma É-Saúde, que se di que supón un gran cambio na participación das persoas, falamos da plataforma da futura telemedicina. Si, é certo que aparentemente nos vai permitir acceder a máis información e a ter unha mellor comunicación.

Vostede fixo unha descrición máis ou menos dende as tecnoloxías, dende o móbil, dende o smarphone, unha tablet ou ordenador. E falamos da filosofía mHealth, que parte de que calquera persoa galega poida acceder a todos os servizos existentes que ten o Sergas sobre ela.

Tampouco vou entrar en toda a descrición que fixo porque, máis ou menos, creo que a maioría dos presentes xa a escoitou. Si dicir que parece ser que este proxecto partiu da participación de todas as persoas e pacientes que estaban convocados por medio do Consello Asesor.

O deseño da propia ferramenta, que tivo lugar o ano pasado, estaba formado por un comité multidisciplinar, liderado pola Subdirección de Atención ao Paciente e á Calidade e servizos de información do Sergas, e a propia empresa adxudicataria do concurso público, que é unha das grandes multinacionais. O proxecto, que foi pilotado inicialmente a finais do ano 2015, sobre 200 persoas, usuarias controladas, e en marzo de 2016, con cupos de dous profesionais no Centro de Saúde Fontenla Maristany, da estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.

Neste mes fálase de que houbo unha participación de 3.000 persoas, e sei que se fixo un chamamento a varias asociacións de pacientes. Tamén se fixo a presentación na propia estrutura organizativa de Vigo, incluso apareceu alí a que fora ex conselleira de Sanidade. Dise que este ano se vai implantar a toda a cidadanía galega; non está, a verdade, demasiado claro.

Teño tamén as miñas dúbidas sobre o que é a xestión da información clínica sobre todas as persoas pacientes. Sabemos que hoxe o servizo do historial médico depende dunha empresa privada, que leva todo o traballo. E falan, incluso, de que unha persoa sen ser usuaria pode acceder a algún tipo de información. Isto responde a un problema que ten Galiza fundamentalmente, e tamén todas as europeas e os europeos, que é o incremento dos custos sanitarios derivados do envellecemento da poboación, co conseguinte coidado dun número crecente de pacientes crónicos, de mantemento e mellora da calidade asistencial.

Estamos nun momento no que houbo un grave e gran retroceso cualitativo na sanidade pública, coa privatización da maioría dos servizos; cunha política mercantilista e neoliberal que pon a saúde como negocio, e en risco para moitas persoas enfermas, que parece que andamos a negociar con criterios económicos o que son os tratamentos.

Fálase de que está subvencionado cos Fondos Feder, dos que falarei a continuación, pero tampouco se especifica unha cantidade; hai unha gran escuridade sobre este tipo de financiamento.

Si é certo tamén –e aquí apoia a Organización Mundial da Saúde– que case o 90 % da poboación mundial pode beneficiarse das oportunidades que ofrecen as tecnoloxías móbiles e a un custo relativamente baixo. Pero sabemos que tamén hai unha grave eiva social sobre o acceso á Internet na poboación en Galicia, no territorio galego. E cando falamos da terceira idade, tamén sabemos que hai un grave problema da xente para o acceso, porque tampouco o sabe. Entón, isto conleva outra serie de cousas.

Gustaríame mencionar tamén, antes de dar paso á emenda que presento, un dato. Hai cinco anos fíxose a nivel estatal unha plataforma, que era a mHealth, que foi pioneira. E tamén quero dicir que este tipo de aplicacións hoxe son un gran negocio. De feito, estímase que de cara ao ano 2018 teña un valor de 61.000 millóns de euros; é dicir, que é un pastel moi goloso.

Comentar que a aplicación sobre a que falaba se puxo a proba no hospital universitario de Torrejón, que é público e privado, xestionado por un seguro privado; e aquí falan incluso do

gran aforro económico que fixeron. O que si quería subliñar sobre a emenda que presento é que a plataforma está moi ben, pero iso non ten que ir contra o que é o persoal profesional sanitario, porque eu creo que tamén vai ser unha escusa para aforrar en persoal. Este tipo de plataforma non sabemos exactamente que incidencias tivo. Sabemos, si, que contribuíron os pacientes a elaborala. O que si cabe pedir é que sexa elaborada con recursos propios do Sergas, e tamén que os cartos que se abonan do Feder sexan investidos dun xeito coherente e non tirando cartos, como se fixo co famoso Hospital bus, e outras salas –que ao final eran coñecidas como salas de festas–, e tamén maior investimento en I+D+i e unha maior estabilidade, porque si que hai que apostar pola investigación e pola tecnoloxía, pero cun criterio coherente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Ningún problema ten este grupo coa existencia de ferramentas da información e ferramentas educativas. Somos, de feito, defensores da transparencia e da educación. Pero esta iniciativa podería considerarse mesmo unha falta de respecto para a atención primaria e para a sanidade pública, vindo de quen vén. Dígoo porque a educación para a saúde deberá ser pilar fundamental do sistema público sanitario, pero, desgraciadamente, sabemos que a educación para a saúde ten o seu máximo expoñente na atención primaria. Non é a través dunha ferramenta informática, é a través dos profesionais de atención primaria onde se fai educación para a saúde, fundamentalmente da enfermería, tamén da medicina, e, sobre todo, tamén xerada ou relacionada coa sanidade deseñada para a comunidade. Sen embargo, pensamos que con trasladar unha ferramenta informática resolvemos o problema dos recortes en materia sanitaria referente á atención primaria.

O Partido Popular eliminou en sete anos o 20,5 % do orzamento de atención primaria. Temos os centros de saúde cada vez con menos profesionais, cada vez con máis carga de traballo, cada vez con menos recursos, e mesmo con peche dalgúns dos centros. Polo tanto, a verdade, resulta increíble que vostedes, os mesmos que recortan a atención primaria, que é a base da educación para a saúde e da saúde comunitaria, traian unha iniciativa precisamente para educar e formar. Por iso facía referencia a que resultaba practicamente insultante, porque, efectivamente, para poder educar en saúde hai que ter unha atención primaria engraxada, imbricada na comunidade e, obviamente, con recursos humanos e materiais.

O Partido Popular amortizou 1.154 prazas en atención primaria en dúas lexislaturas. Vostedes se están cargando o modelo sanitario baseado na prevención e na promoción da saúde; polo tanto, resulta insultante que traian esta iniciativa aquí. E claro que estaba a señora Farjas na presentación, porque como quedou sen traballo dende decembro de 2014, que renunciou ao seu posto cando entrou o señor ministro Alfonso Alonso, agora mesmo había que colocala, e vostedes colocárona a xestionar este programa.

Ademais é case insultante porque toda a información –e o temos denunciado aquí– está practicamente privatizada. Cada vez é máis difícil que os profesionais sanitarios poidamos acceder aos datos relativos á xestión sanitaria e aos datos relativos á sanidade, para facer mesmo estudos, aplicación do uso de medicamentos, por poñer un exemplo. É practicamente imposible acceder a todos os datos porque están en xestión privada.

¿Por que non integran vostedes –témolo proposto nalgunha ocasión– o Centro Oncolóxico na saúde pública? ¿Por que todos os datos do cancro de Galicia están en mans do Centro Oncolóxico e non en mans do Servizo Galego de Saúde? ¿Por que non o integran? ¿Por que non integran vostedes tamén os institutos biomédicos? ¿Por que seguimos coa historia clínica en mans privadas, en mans de Indra? ¿Por que seguimos coas bases de datos privatizadas? ¿Por que continuamos coa receita electrónica privatizada? ¿Por que segue sendo privada a central de chamadas? ¿Por que continuamos cunha teleasistencia privada?

Vostedes están facilitando a privatización de todos os datos relativos á saúde das galegas e dos galegos. Están investindo centos de miles de euros, millóns de euros provenientes de Europa –deses fondos Feder, efectivamente–, en sistemas de información e innovación. Centos de miles de euros que van parar ás empresas privadas. E o peor de todo é que ese investimento non reverte na nosa saúde nin tan sequera no noso sistema público, porque, finalmente, non somos nós os que temos os nosos propios datos nas nosas mans, senón que todas as innovacións, todos os sistemas de información, están en mans privadas.

Obviamente, cada vez é máis difícil acceder aos datos. Dígame se eu podo acceder a través dalgunha plataforma sanitaria aos datos de espera relativos á espera non estrutural. Dígame, porque todos os datos que pedimos continuamente en catro anos non están accesibles. Dígame se podo, como profesional, acceder aos datos de farmacodinamia dun medicamento sen ter que estar nunha plataforma de innovación para facer un estudo. Dígame.

Vostedes saben que aí está o grande negocio da sanidade, por iso se están privatizando todos os sistemas de información, todas as innovacións. Todo iso xa non é público, polo menos a súa xestión non é pública, e saben vostedes, ademais, que a compra de software ou a compra de materiais informáticos ou de hardware non está reñida con que a xestión posterior sexa directa, sexa pública. Polo tanto, recuperen o investimento en atención primaria, inicien a recuperación dos sistemas de informática e de información na sanidade pública e poderemos falar de estender ese tipo de ferramentas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Señor deputado do Partido Popular, é de agradecer que veña vostede aquí a lernos a nota de prensa da Consellería de Sanidade respecto deste tema. Sempre é, máis interesante que lelo, escoitalo da súa voz.

Eu dígolle isto sen acritude, pero é que a verdade é xa demasiado recorrente que o Partido Popular veña unha vez tras outra con exercicios de publicidade, de propaganda, de publi-rreportaxe, traendo iniciativas de cousas que a Consellería xa ten en marcha, que xa ten publicitado, que xa o ten presentado en roldas de prensa e diante de profesionais. A verdade, a vostedes pareceralles normal, a min paréceme unha falta de respecto a este Parlamento, porque aquí hai que facer un labor de control e de impulso, pero pedir que se impulse ou que poñan en marcha cuestións que xa teñen publicitado que van facer, dende logo non parece moi respectuoso para os que aquí estamos. Dígollo con toda franqueza.

Trae hoxe aquí a Plataforma É-Saúde, a Sanidade 2.0, a sanidade virtual; de novo o Hospital 2050, de novo Innova Saúde, e baixo ese paraugas de fondos europeos, de Fondos Feder, cáptaos a consellería do Partido Popular e entrégallo directamente a empresas privadas para que presenten produtos e queden coa información. Proxectos con fondos europeos dos que logo, nunha parte moi importante deles, nada se sabe. Veñen aquí, preséntanos aos medios de comunicación, e logo, ¿en que incidiu na saúde ou na calidade de vida das persoas ás que teoricamente vai dirixida esa sanidade virtual? Poucas veces ou ningunha se trae esa avaliación. Preocúpanos este xeito de facer as cousas.

¿Que sabemos, a estas alturas, que pasa con estes proxectos tecnolóxicos? Sería bo que sobre unha das cuestións traídas aquí, como aqueles autobuses flotantes, esa sanidade en autobús, sobre rodas, na que se investiu unha cantidade importante de cartos, nos dixera en que estado está, por exemplo.

O que si sabemos é que detrás destes proxectos tecnolóxicos hai empresas que se forran, e sabemos as conexións desas empresas. Esa é unha información que si temos. Sabemos que, ano tras ano, hai un aumento exponencial nos orzamentos da Xunta dedicado a esas empresas de información, informáticas, e a esas empresas tecnolóxicas.

Segundo dato. Sabemos que a Consellería de Sanidade está chea de proxectos tecnolóxicos deste tipo. Sabemos que neste caso é un bo sitio para ocupar a unha das ex conselleiras. A outra parece que tamén anda alí, pola consellería, nalgunhas cuestións. Sabemos que é un bo xeito de colocar as pezas o Partido Popular.

O que si sabemos –e preocúpanos enormemente, señoras e señores do Partido Popular– é a transferencia continua de información a estas empresas tecnolóxicas. Preocúpanos altamente esa transferencia continua da información pública, da información dos doentes, da información da sanidade a estas empresas tecnolóxicas sen garantías.

Sabemos, e preocúpanos, da transferencia de datos cruciais do sistema sanitario público a mans destas empresas privadas, porque a información é poder, e o Partido Popular na Xunta de Galiza, na Consellería de Sanidade, estalle trasladando ese poder da información sistematicamente a empresas privadas, que son logo as que deciden que saúde temos e que é o

que se fai. E, ¿con que nos encontramos? Con que cada vez a sanidade pública ten menos capacidade de decisión, e, pola contra, hai maior capacidade para as empresas privadas e tecnolóxicas, como xestoras dos programas e da información.

O que sabemos é que hai moitos interrogantes e moi poucas certezas. Sabemos e tememos que o que hai é, cada vez máis, unha brecha no acceso á sanidade, a esta sanidade tecnolóxica, señor Núñez Centeno, que hai importantísimos déficits de accesibilidade.

Está moi ben que nos digan que queren facilitar o acceso á formación e á información en soportes tecnolóxicos, pero supoño que son conscientes de cal é a realidade dunha inmensa parte da poboación galega, que non ten acceso a eses sistemas tecnolóxicos, ou, se teñen acceso, teñen moi pouca capacidade de manexarse logo con eles. Entón, aí vén a miña segunda pregunta. ¿Que van facer para eliminar esa brecha ou esa dificultade de accesibilidade para esa parte importante da nosa poboación envellecida no rural, que non ten capacidade de acceso a esa parte tecnolóxica? Porque sabe que hai un importante colectivo de persoas que non a van ter. ¿Como van solucionar esa dificultade de accesibilidade? ¿Van dotar de recursos a atención primaria para que os profesionais sexan os auténticos xestores da poboación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...nese transcorrer pola sanidade? ¿Ou van substituír a atención primaria, os profesionais, por sistemas tecnolóxicos?

Son cuestións que vostedes terían que explicar aquí antes de traernos este tipo de cuestións.

¿Que van volcar nesa plataforma? ¿A información real, a información real das listas de espera, as listas estruturais?

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente. ¿Ou vai ser simplemente a información da publicidade e propaganda do Partido Popular?

Entonces, en tanto non conteste a estas preguntas e non teñamos certezas, eu agradeceríalle que usen este Parlamento, realmente, para cuestións de impulso ao Goberno e non para vir aquí con publicidades e propagandas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Centeno, vostede sabe que eu lle teño aprecio no persoal, por iso a verdade é que lamento que o seu grupo o obrigue a traer iniciativas deste tipo; iniciativas inútiles que só serven para publicidade e propaganda.

E tacho esta iniciativa de inútil, señor deputado, porque analicemos o que pide vostede nela.

Pídelle ao seu Goberno que, unha vez avaliados os resultados da Plataforma É-Saúde, de ser estes positivos, se estendan progresivamente ao conxunto da cidadanía galega.

Pero é que resulta, señor deputado, que hai xa dous meses en Vigo o señor conselleiro –por certo, da man da señora Farjas, agora como coordinadora, precisamente, desa Plataforma É-Saúde– anunciaba a bombo y platillo que este dispositivo informático –leo textualmente– era todo un éxito e que en breve se implantaría en toda Galicia.

Logo, señor deputado, ¿para que serve a súa iniciativa? Díganos. Eu preguntollo a vostede, pero a quen lles preguntei foi aos nosos compañeiros e compañeiras. Si, a eses profesionais que vostedes defenden tanto pero que despois teñen tan machacados.

Pregunteilles que lles parecía esta Plataforma É-Saúde, e voulle repetir aquí, textualmente, o que me contestaron. Dixéronme: iso é un conto chino. Iso é un conto chino. E a continuación pedíronme, e así llo traslado, que lles dixera ás señorías que estiveran no debate neste hemiciclo que probaran a buscar información sobre a situación das listas de espera do Sergas. Proben, señorías. Por favor, proben. Ou a localizar, tamén me dixeron, a memoria da actividade dos centros sanitarios e dos hospitais do Sergas. Proben, proben vostedes.

Por certo, tamén me fixeron ver unha cousa. Para que unha persoa poida consultar a súa historia, ou ese resultado analítico, a través dun dispositivo electrónico, esa historia e ese dato analítico ten que estar informatizado, ten que estar metido na rede. E creo, señorías, que hoxe por hoxe ningún hospital público nin ningún centro sanitario galego ten totalmente informatizadas as súas historias. Dato que comprobei... Non se poña nervioso porque o comprobei cos profesionais da documentación clínica. Ao mellor están todos equivocados, pero a min aseguráronme que son eles os que o están facendo en moitos hospitais, e dixéronme que non o tiñan completo.

Por certo, chegaronme a dicir unha frase que vou repetir aquí porque me gustou. Dixéronme que no único sitio onde está asegurado e xeneralizado o uso da Plataforma É-Saúde é como salvapantallas dos ordenadores dos que dispomos no Sergas. Esa foi a resposta que me deron.

Ademais, criticaron duramente –creo que isto é interesante– algo que tacharon como manía. Entroulle a manía ao Goberno de priorizar o deseño da enxeñería informática sobre o criterio da utilidade clínica. Segundo eles, existe un divorcio entre os informáticos e os clínicos por falta de comunicación, o que provoca que eses dispositivos, e moitos outros que se lles están facilitando, na práctica nin resolvan nin resulten útiles. Dixéronme que parece que só van ser útiles para as empresas privadas, que cobrarán por eses pouco prácticos deseños.

E se iso me dixeron, señor deputado, os profesionais e as profesionais, non lle conto o que me dixeron os usuarios e usuarias das asociacións de pacientes, que tamén llo vou repetir.

Mire, pedíronme que lles trasladara o seu enfado –directamente enfado– por virilles con esa plataforma –foron moi correctos– cando seguen sen ter agullas de insulina adecuadas para

pinchar os seus nenos, cando –e repito o que eles me dixeron– teñen dificultades para acceder aos tratamentos médicos –estou lendo textualmente– e cando están a sufrir anos de espera para facer probas ou para operarse, por exemplo, de cataratas. E chegaronme a dicir con moito humor: ao mellor, o dispositivo serve para recordarnos a fecha, porque como pasa un ano, moitas veces, cando chega o día da consulta, esquécelles, porque claro, ¡despois dun ano...! E din, a ver se lle poñen unha alarma e, tras dun ano, nos recorda a cita da consulta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Señor deputado, temo que esta é a realidade, así que comprenderá que non podemos apoiar unha iniciativa inútil, de autobombo e, sobre todo, electoralista, a pesar de que se trate dunha iniciativa que se refire á saúde dos galegos e das galegas.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Grupo autor da proposición non de lei. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Lamentamos o non apoio do Grupo Socialista. Do resto dos grupos non podo lamentar nin agradecer, porque descoñezo o sentido do voto.

Señora Acuña, isto é a pantalla que supoño que vostede di que é o fondo de pantalla, pero estas son pantallas de atención sanitaria, profesionais asignados, xestión de citas, consulta de lista de espera, folla de medicación activa, plan de dispensación... Eu creo que isto está na páxina, e creo que non mirou a plataforma.

Non sei tampouco que persoal é ao que vostede coñece, non o sei, porque a verdade é que din unhas cousas un tanto estrañas.

Con respecto ao Grupo Mixto, quérolle recordar, señora Fernández, que a señora Farjas é funcionaria e non quedou no paro, por se non o sabía. Os institutos de investigación son públicos, e en ningún caso as empresas son propietarias da información.

Señora Solla, eu nunca intentaría faltarlles ao respecto aos profesionais de atención primaria porque eu son profesional de atención primaria, e creo que non sería moi axeitado.

Dende logo, o que si é Galicia, señorías, é a primeira e única comunidade autónoma que ten unha plataforma de comunicación e servizos *on line*.

Fixéronse moitas sesións teóricas de formación entre profesionais, non deben de ser os amigos da señora Acuña. Ten un sistema de seguridade que é a base do DNI electrónico ou o sistema chave; un sistema de seguridade que se pode activar a través da páxina web, ou pronto nos propios centros de saúde. Está en Facebook, en Twitter, en Google Plus, ten un

canal de video.

Este contrato licitouse no ano 2014 e adxudicouse no ano 2015. Todos os cartos que se invisten nel son públicos. Os contratos coas empresas –que na emenda se fala disto– foron absolutamente transparentes, como non podería ser doutro xeito, e publicados en distintos boletíns e diarios oficias, incluídos os da propia Comunidade Europea, e adxudicados por concurso público. Xa no ano 2011, señorías, Galicia foi pioneira na captación, por primeira vez, de fondos públicos tecnolóxicos da Unión Europea para proxectos de servizos públicos de saúde.

Eu, desde logo, sempre recordo os problemas que se lle poñían ao Ianus. Eu xa traballaba cando empezou o Ianus e todo eran protestas. Era moi bo un programa que había, que era doutra comunidade autónoma distinta da nosa, e propiedade dela, e aquilo era malísimo. E agora resulta que é unha referencia a nivel estatal, e incluso europeo, do que é historia clínica, que por certo é propiedade do Servizo Galego de Saúde. Eu supoño que nuns anos da Plataforma É-Saúde dirase o mesmo que se está a dicir agora.

Con respecto á emenda, señora Fernández, non imos aceptala. Pensamos que o primeiro punto xa se está a cumprir. O cronograma depende de múltiples factores tecnolóxicos e profesionais, é difícil poñerlle unha data exacta. Estase a facer a avaliación, e eu creo que non haberá problema en que a Consellería informe por escrito, aínda que eu dubido persoalmente do beneficio desa publicación.

A plataforma faise con recursos económicos propios, e no tema tecnolóxico eu supoño que vostede entenderá que participara unha empresa, previo concurso absolutamente transparente. Está ben, eu non sei se queren que nacionalicemos en Galicia Telefónica, non o sei.

No desenvolvemento e implantación da plataforma xa participaron profesionais e cidadán. E sobre o último punto pensamos que non ten nada que ver co tema que estamos a falar.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Comunico o aprazamento da pregunta 48018, do Grupo Popular.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas.

Suspéndese a sesión ás tres da tarde e retómase ás catro.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Traemos hoxe aquí unha iniciativa que fala dun sector en Galicia que, sen dúbida, baixo o noso punto de vista, vertebra económica e socialmente algunhas comarcas deste país. É verdade que igual que outros sectores agrarios, incluso moito máis amplos e moito máis grandes, pero non menos importante que outros.

Tamén é verdade que isto non significa practicamente ou absolutamente nada para este Partido Popular nin para o seu presidente, para o señor Feijóo. Esa idea de que precisamos sectores produtivos agrarios fortes e rendibles para que siga existindo o mundo rural non vai nin con este Partido Popular nin con este presidente e, fíxense que digo ben, nin con este partido que vostedes agora representan nin con este presidente, que todos, por desgraza, padecemos.

Para o señor Feijóo o concepto de crer no mundo rural empeza e remata coa súa reiterada frase de que el é un rapaz dos Peares. Efectivamente, parece que iso foi así, que é un rapaz dos Peares, e seguramente foi así porque precisamente nin sequera Feijóo pode elixir onde nace; polo tanto, iso non foi unha decisión del. Non me cabe ningunha dúbida de que se puidera determinar onde tiña que nacer e puidera decidir onde tiña que nacer non elixiría, baixo ningún concepto, ter nacido nos Peares –diso non me cabe absolutamente ningunha dúbida–, porque renega dese mundo e renega politicamente. Non sei por que feitos pasará á historia este presidente, pero sen dúbida non pola defensa –eu podo ter a miña versión– nin por ningún aspecto relacionado co que poida ser un defensor do noso mundo rural.

Supoño que por ese problema de concepto para el –para este goberno e para el– o mundo rural é algo bucólico, é algo que serve para poñer nos discursos, para facer poesía –os mil ríos, os verdes bosques, o rumor dos pinos e todo este tipo de cousas–, pero pensa tamén que ese mundo rural se mantén así ou que se pode vivir alí a base diso, de poesía e de facer discursos, non de xerar actividade, non de que a xente que vive alí precisa todos os días de algo do que vivir e se non deixará de vivir alí.

Se falamos do viño, a política levada a cabo resúmese tamén, ou poderíamola resumir, en moitas frases, eu resumiríaa no que di Mariano Rajoy, naquilo de: «*Viva el vino*». Y aí acaba todo o que se refire á viticultura. (*Murmurios.*)

O sector do viño en cifras en Galicia –por dar algunhas cifras–: 35 millóns de litros, catrocentas e pico adegas, 17.000 postos de traballo; é dicir, creo que non podemos dubidar da importancia que ten. Iso si, é unha produción pequena baseada na calidade dos nosos viños. Obviamente, Galicia non pode competir con outras rexións vitivinícolas nin estatais nin europeas no modelo de cantidade; é dicir, somos unha pequena copa nesa cuba grande do terceiro produtor europeo.

Esta iniciativa fala, polo tanto, precisamente diso, de algo sencillo pero que nos diferencia claramente a nós de vostedes. A diferenza deste goberno deste Partido Popular... É que nós

pensamos que, por exemplo, cando analizamos os datos de calquera denominación de orixe, ou cando a propia directora xeral vén á comisión a responder, ou a pedir resposta do Grupo Popular, a facer unha análise, un balance, dunha denominación de orixe, pois cóntanos os datos da exportación, os investimentos da Consellería, a produción, ata o clima día a día que se deu nesa determinada zona desa denominación de orixe ou os viños producidos e exportados para cada un dos países do mundo, pero, sen embargo, non dá o dato de a como cobrar unhas uvas aos viticultores. É máis, despois, cando este voceiro, na seguinte comisión, volve preguntar exactamente a mesma pregunta que fixo o PP, simplemente dicíndolle que se olvidou dicir no seu balance de a como lles pagaron as uvas aos viticultores, ten que recorrer a unha estatística do Magrama, que non é estatística, que é unha simple enquisa porque non ten datos. É dicir, nas cinco denominacións de orixe do viño que temos neste país, sabemos todos eses datos, ata que temperatura está facendo neste momento. A señora conselleira sábeo, ten mecanismos para facelo. Sen embargo, a señora conselleira é incapaz de saber ao final de cada campaña a como lles pagan as uvas aos viticultores, non dispón deses datos. ¿Por que? Porque non son absolutamente relevantes para este goberno nin para este país.

É dicir, a conselleira, por exemplo, habilitou hai tres anos os mecanismos para que houbera contratos homologados de compravenda de uva en dúas das cinco denominacións de orixe, na da Ribeira Sacra e na de Rías Baixas, e nunha denominación de orixe non houbo nin un só contrato homologado; nin un só, en tres anos nin un só. A recompensa foi que o presidente do consello regulador hoxe é deputado do Partido Popular en Madrid; é dicir, iso denota claramente a visión que ten este partido da viticultura deste país.

Nunha reunión, ese mesmo presidente –antes de que fora deputado–, dos cinco presidentes das denominacións de orixe, nun foro que fixeron en Santiago, coincidía só en dúas cousas –e vounas ler textualmente porque creo que é importante–: primeiro, en que o verdadeiro risco que existía para a calidade dos nosos viños, para que seguiran sendo eses viños de calidade, era a desaparición do modelo de compra de uva aos viticultores, aos pequenos viticultores. E o segundo elemento tamén no que todos coincidían –tamén o que foi deputado despois do Partido Popular– é en que o envellecemento dos viticultores condicionaba seriamente o propio futuro do sector; é dicir, que non quedaban viticultores. ¿Por que? –¡vaia pregunta!, ¿por que non quedan viticultores?– ¡Home!, o principal problema é porque non lles pagan as uvas. Quizais a partir de aí por moitas outras cousas nas que poderíamos estar máis ou menos de acordo, pero o principal problema é porque non lles pagan as uvas.

E, polo tanto, a día de hoxe –e por iso diso vai a nosa iniciativa– non hai articulado ningún tipo de mecanismo nin de interlocución nin de mesa para que de cara á vendima, cando chegue setembro, haxa unha negociación previa e se poidan articular ese tipo de contratos. De tal maneira que pasará o mesmo que veu pasando nos sete anos anteriores do Goberno Feijóo: chegará a vendima, os viticultores terán que entregar as uvas porque as uvas non as podemos conservar nin metelas nun conxelador, senón que cando cumpren o seu ciclo teñen que vendimarse, e despois xa mirarán como se lles paga, cando se lles paga e a canto se lles paga por parte dos adegueiros uns meses despois.

E nós propoñemos aí unha das medidas –hai moitas máis–, unha medida clara e concreta, superrevolucionaria, trotskista, leninista, que era algo tan sencillo, que ninguén

discute: que se invistan cartos públicos e moitos cartos públicos. Vostedes todos téñenme escoitado aquí –os que me escoitan, (Risos.) claro, só os que me escoitan– queixarme da diminución das partidas que hai para Medio Rural; por exemplo, de que a Consellería do Medio Rural nestes anos de crise, igual que todas as consellerías, sufriu unha merma grande na asignación das súas partidas. Sen embargo, só hai unha partida que en todos estes anos non decreceu nin un euro, que é a partida dedicada precisamente a axudar as bodegas a que exporten os viños; cousa coa que eu coincido, e non fixen nunca unha emenda para quitar eses recursos, porque é importante que os nosos viños, posto que son viños de calidade e teñen que competir nun mercado fóra do nacional, precisan desas axudas para exportar. O único que pedimos nós –e que nós fixemos cando nos tocou e volveremos facer cando nos toque– é algo tan sencillo como que a vostede, que lle imos dar cartos públicos para que venda viño fóra, que menos que exixirlle que despois teña un contrato para comprarlles as uvas aos viticultores e poidan negociar con vostede o prezo das uvas.

Pois algo tan sinxelo como isto e tan revolucionario e tan que non hai ningunha norma que o prohiba –non hai ningunha norma que teñan que cumprir para que non sexa así–, este Partido Popular e este goberno –e incido por terceira vez, este Partido Popular e este goberno, porque non todos os partidos populares nin todos os gobernos fan iso nin fixeron iso, nin sequera neste propio país–, só este Partido Popular, este goberno e este presidente son incapaces de facelo; algo tan sinxelo coma protexer esa viticultura, ese modelo que para Galicia creo que é fundamental de que sigan existindo viticultores e non de que as adegas, as grandes adegas, e o que é peor, as grandes empresas vinícolas, de fóra de Galicia, se estean facendo con cartos públicos con grandes plantacións e, polo tanto, xa non necesiten, para marcar o prezo no futuro, para nada que haxa viticultores; é dicir, os que eran viticultores ou aqueles que deberíamos intentar que seguiran ou se incorporasen a ser viticultores como moito poderán ser xornaleiros, pero nunca poderán ser viticultores. E iso é o que este Partido Popular, este goberno e este presidente levan sete anos practicando. E o peor de todo é que non teñen complexo, é que non queren dicilo claramente, porque, como lle teño dito moitas veces, é outro modelo radicalmente distinto do que defendo eu. Pero teñan valor, non teñan complexo de ser o Partido Popular, non teñan complexo de ser de dereitas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...defendan o seu modelo. O que é realmente escandaloso é que o estean facendo coas súas decisións políticas todos os días e non o admitan.

Supoño que xa sairá aquí un portavoz a dicir que, efectivamente, iso entra dentro da liberdade, entra dentro do libre mercado. Isto non é libre mercado nin liberdade, isto é que, se queremos protexer o noso modelo de viticultura tal e como o temos hoxe neste país – e parece que todos coincidimos e os presidentes tamén coinciden en que é un modelo a defender, posto que temos que competir en base á calidade e non á cantidade–, ten que haber viticultores...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...e vostedes están subvencionando, defendendo e promovendo a eliminación dos viticultores para que as adegas e as grandes empresas vinícolas de fóra de Galicia queden cos viñedos deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor García.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS SUEIRO: Boa tarde, presidente. Grazas.

A falla de acordos de prezos nas cinco denominacións de orixe na Galiza sen que a Consellaría impulsara mesas de negociación nin mediara nos desacordos deixa o sector produtor –un sector identitario do noso país– indefenso ante o sector industrial, que é quen fixa os prezos, pero unilateralmente, o que trae como consecuencia unha grave perda nas rendas ás produtoras.

O prezo da uva é coñecido que leva varios anos por baixo do custo da produción. Esta perda constante de renda, sumada á inxusta repartición de subvencións e de dereitos de produción están expulsando as pequenas explotacións familiares, así como a posibilidade de renovación das mesmas, destruindo un importante tecido económico do noso castigado medio rural. ¿A que lles soa isto?

Paralelamente, só empresas da Rioxa, por exemplo, presidentes de clubs de fútbol, adegueiros e especuladores con cartos de dubidosa procedencia son os que se están a facer cos dereitos de produción e axudas comunitarias para facer grandes plantacións nos montes comunais coa conseguinte desorde territorial e deterioración medioambiental. A Galiza carece dun marco estable de negociación para acadar acordos económicos e de prezos dunha repartición xusta das axudas comunitarias, porque lles son denegadas as subvencións aos pequenos viticultores polo minifundio das súas parcelas.

Creouse hai bastantes anos a Mesa do Viño por un acordo parlamentario, pero ninguén se acorda xa sequera da última vez que foi convocada, e os consellos reguladores non son transparentes nin democráticos e noméase o presidente ou presidenta a dedo, amparando prácticas nada legais que distorsionan a oferta e a demanda.

É preciso, señorías, recuperar o prezo da uva, que leva anos por debaixo do custo de produción. Tamén fai falla un marco estable, interprofesional, de negociación, para fixar o prezo das producións; transparencia informativa no Rexistro Vitícola, que conte coa inscrición de todas as viñas da Galiza sen custar para as produtoras por non perder nin unha hectárea de dereitos de produción. É indispensable, como xa dixen antes, unha repartición xusta –xa lle tocará, señora Oubiña– de subvencións para que todas as viticultoras poidan acceder ás axudas para replantar as súas viñas, mellorando a calidade, diminuindo os custos de produción e preservando o medio ambiente. E tamén democratizar os consellos reguladores cun funcionamento transparente para que sexan unha auténtica garantía tanto para as consumidoras como para a renda dos pequenos produtores. Un novo modelo de viticultura para

Galiza, para defender a renda das pequenas explotacións familiares, que son a maioría das que configuran o tecido económico das distintas denominacións.

Grazas pola súa atención. Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boa tarde.

Vou ser bastante breve.

É un tema que xa temos debatido en moitas ocasións, pero que tampouco difire do que fai o Partido Popular e do que está a facer en Galiza o Partido Popular nos sectores produtivos; nomeadamente, debatemos máis veces do sector lácteo, e isto non deixa de ser algo similar, que é a desprotección do primeiro eslabón da cadea por parte das administracións, que debían de garantir a supervivencia da pouca agricultura que queda neste país. E simplemente sería cumprir as leis que o propio Partido Popular aprobou. Teñen que cumprir a lei da cadea alimentaria, que aprobaron vostedes no 2013, que di que hai que garantir un correcto equilibrio nas cadeas entre a produción, a industria e a distribución, que hai que protexer cando se produce a venda a perdas e que hai que pagar a uva en 30 días. ¿Onde se cobra a uva en 30 días? ¿Onde? ¿Que papel xoga a Xunta de Galicia cando hai produtores que están dous anos sen cobrar? ¿Que iniciativas fixo nos últimos anos a Xunta de Galicia para garantir ese cobro?

Bueno, pois estamos falando diso, estamos falando de priorizar a supervivencia da pequena agricultura, cuestión pola que vostedes non apostan; non teñen vontade política de garantir a pervivencia da pequena produción, que para nós ten moito sentido nun país onde o medio rural está a sufrir unha sangría e onde o sector vitivinícola ten un potencial enorme para crear valor engadido neste país. Ben, pois iso é o que está acontecendo. Garantir tamén un prezo mínimo, que cubra os custos de produción, que non se está cubrindo en moitas das denominacións de orixe, e a defensa real dos contratos homologados. Hai anos a Xunta de Galicia facía bandeira dos contratos homologados, agora abandonou esa bandeira.

Tamén conviría que o portavoz ou «portavoza» (*Murmurios*.) do Grupo Popular nos explicase cales foron os resultados dos acordos –por exemplo, en Rías Baixas– dos últimos anos, se se cumpriron eses contratos e se se están a cumprir, e, no caso de que non se estean a cumprir –como denuncian os propios produtores–, saber que é o que está facendo a Xunta de Galicia para facelos cumprir.

Eu estou de acordo tamén en que hai que vixiar, cando se dota de subvencións a determinadas industrias, aínda que sexan vinícolas, que polo menos cumpran coa lexislación, cumpran coa lei da cadea alimentaria e que non fagan prácticas de abusos sobre o sector máis débil da cadea alimentaria.

Por todo isto, nós imos apoiar a proposición non de lei do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Dicía o señor Sánchez na súa intervención que, malia a importancia que ten o sector vitivinícola, foi pouco tratado no Pleno do Parlamento, non así en comisión, e talvez a explicación sexa que as premuras no sector agrogandeiro do noso país eran tantas noutros ámbitos que o sector do viño, que foi sen dúbida o que mellor resistiu a crise, e tamén o que mellor resistiu as políticas do Partido Popular en relación co sector agrario, foi o sector que mellor resistiu, fundamentalmente por dúas cuestións: a primeira, porque se apostou xa hai bastante tempo por unha liña de traballo que consistía en referenciar os nosos viños como produtos de calidade, cunha moi boa correlación prezo-calidade, e iso permitiu apostar polos mercados internacionais, que foi o que salvou o sector vitivinícola da queima das políticas do Partido Popular.

Permítanme poñer só de manifesto un par de características á parte das que dixen do sector vitícola en Galiza:

Primeiro, que practicamente é a única orientación produtiva que queda en comarcas moi importantes do noso país, e que na provincia de Ourense, que está a ermo, o único sector produtivo que queda no sector agrario que poida darlle vida son as catro denominacións de orixe do sector do viño que temos alí. E o sector vitícola galego, a pesar da súa atomización, ten unha característica da que non só deberamos estar orgullosos, senón que deberíamos aproveitala para dinamizar o medio rural, que é de toda a Unión Europea o que ten unha maior capacidade de creación de unidades de traballo, de tal forma que non representando o sector máis do 2 %, nin da produción, nin das hectáreas do Estado, representa máis do 14 % dos empregos que se crean no sector vitícola do Estado, e a Xunta de Galiza pasa olímpicamente deste sector porque de momento lle vai máis ou menos ben.

E a outra característica: é practicamente o único sector vitivinícola do Estado español que non produce viño de mesa para comercialización, e moito menos para destilación ou para outros subprodutos do viño, como ocorre noutras denominacións de orixe ou noutros territorios. Aquí practicamente toda a produción de viño dos nosos viticultores é de viños de calidade e están amparados por denominacións de orixe.

Polo tanto, ¿retos que temos como país para garantirlle o futuro ao sector vitivinícola? Os que están na iniciativa que presenta o señor García; sen dúbida, contractualización. Dende logo, se un elemento contribuíu a darlle estabilidade ao sector e a permitir que entre o ano 2006 e 2007 se incrementara nun 60 % a exportación de viños galegos a terceiros países da Unión Europea foi precisamente esa paz que levou ao sector á existencia de contratos ho-

mologados, que non só garantía como, cando e a canto cobraban os viticultores o seu produto, senón que mesmo lles permitía tanto aos viticultores como ás adegas como ás industrias de transformación facer unha planificación –polo menos anual– das súas contas de resultado, que é a única forma de poder operar en economía.

O segundo elemento que debemos ter en conta. A Unión Europea avanza na política agraria común inexorablemente cada día cara á liberalización. O que pasou no sector lácteo xa empezou tamén no sector do viño. Xa se decretou na última reforma da PAC a liberalización dos dereitos de produción, é dicir, que non dependan das denominacións de orixe, e iso para o sector vitivinícola galego é letal. Afortunadamente, conseguimos unha pequena moratoria, que é que até o 2030 en lugar de funcionar con base en dereitos de plantacións, se funcionará con base en autorizacións, pero a partir de 2020 aquel dereito que non estea convertido en autorización perde todo o valor.

E non podemos consentir como país que o Estado español non defenda ante a Unión Europea, e que a propia Xunta non defenda ante a Unión Europea, que hai que volver atrás esa decisión de liberalizar tamén o sector, porque xa esa aterraxe suave que se decretou de que cada ano se pode incrementar un 1 % a produción non sometida a dereitos de plantación é letal para os nosos viticultores.

Polo tanto, a Xunta de Galiza o que debería facer –como dixo a señora Iglesias– é retomar un instrumento recoñecido por todo o sector, desde os sindicatos ata as cooperativas. Chegou a haber un escrito da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: ...pedíndolle, implorándolle, á Xunta de Galiza que fixera un contrato homologado para poder firmar cos seus produtores. Que restitúan a Mesa do Viño con todo o valor, con todos os cometidos e con todas as competencias que tivo algún día como un elemento para garantir que entre todos e todas poidan traballar polo futuro deste sector, que, insisto, é o único sector produtivo que queda en partes moi importantes do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Bueno, ¡pois menos mal que estabamos a falar dun sector que evoluciona positivamente, que ten bos datos de produción, de comercialización e de exportación!, porque, se non, ¿que

estariamos, dende logo, ouvindo?

Mire, señor García, levamos catro anos debatendo na comisión. Esta incluso penso que é a novena vez que debatemos esta cuestión, e as dúas últimas no mes de xaneiro e de maio, e vostede fainos, desde esa posición da verdade absoluta... Desde logo, o que si que teño que dicirille é que no medio rural non se vive desde a demagogia, que é o que fai vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, a Xunta defende o sector do viño... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilo, tranquilo!

Imos rematar o pleno tranquilos, pola súa saúde e a de todos –incluída a súa–. ¡Por favor, tranquilidade!, pola súa saúde e a de todos.

Imos rematar o pleno. ¡Xa queda pouco! Queda pouco para que rematen os plenos, señor Beiras, *(O señor Beiras pronuncia palabras que non se perciben.)* quedan unhas horas. Tomemos isto con calma. Déixelle rematar ao señor Blanco Paradelo a súa intervención. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* É unha intervención... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois, se non lle gusta, xa sabe o que ten que facer.

Prosiga. Non quero hoxe chamar á orde a ninguén neste último pleno. Xa está.

Prosiga.

O señor BLANCO PARADELO: Grazas, presidente.

Eu dicía que a Xunta de Galicia apostou por este sector durante todos estes anos, poñendo unha gran cantidade de cartos para axudas para a mellora da produción e comercialización, para a reestruturación e reconversión do viñado, para a elaboración e modernización das adegas, para a promoción dos viños, tanto no mercado nacional como internacional, para as accións promocionais, feiras, eventos, concursos, campañas de difusión, e, desde logo, tamén para axudar ao mantemento dos consellos reguladores. Polo tanto, iso son realidades.

Respecto do tema dos contratos homologados, vostede sabe que a Consellería do Medio Rural é defensora deste tipo de modelo; promoveunos, impulsounos e favoreceunos, ademais, a través de múltiples reunións, pero tamén vostede sabe que non se poden impoñer nin se pode obrigar a iso cando algunhas das partes non está de acordo.

Falan vostedes novamente de establecer prezos mínimos das uvas. Eu quero recordar que vostedes saben que as sociedades de competencia non ven iso coa legalidade recomendada. A única vez que pasou foi no Bipartito –e sei que, se llelo digo, lles molesta–, no Pladimega, polos prezos do mexillón, e trouxo consigo, por establecer prezos mínimos, unha sanción de 3,9 millóns de euros, onde 1,8 millóns de euros foron para os produtores e 2,1 millóns para

os conserveiros. Nós non queremos levar o sector a sancións económicas. E o mesmo sucedeu coa mazá da sidra en Asturias, co viño de uva en Xerez ou coa papa en Gran Canaria.

A nós tamén nos preocupa o tema de que os viticultores poidan cobrar as uvas, por suposto, e non é certo o que di vostede de que non lles pagan as uvas. De feito, a lexislación española, tanto a que establece as medidas para a morosidade como as medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, obriga a que nas transaccións por importe superior a 2.500 euros exista un contrato por escrito e o pago da mercancía se faga como máximo nun mes despois da entrega da uva.

Tamén quero dicirlle, porque vostede non o dixo, que a Xunta, a través do Igape, aprobou unha liña de apoio financeiro a tres anos para a compra e pago de uva, destinada a aquelas bodegas que subscriban contratos homologados.

Sobre axustar o rendemento da produción nas denominacións de orixe, vólvelle dicir que vostedes queren intervir o libre e democrático funcionamento que teñen os consellos reguladores. É a eles a quen lles corresponde establecer os rendementos por hectárea, e non, desde logo, facelo desde aquí ou impoñelo arbitrariamente desde aquí.

Sobre o modelo de viticultura, non nos puxemos de acordo, está claro. Vostedes –ignorando a realidade social de Galicia– queren rematar co modelo tradicional galego de viticultores a tempo parcial, con pequenas explotacións familiares que reciben ingresos como un complemento a outras actividades e ás rendas no medio rural. Nós defendemos que este modelo sexa compatible coa presenza cada vez máis de viticultores profesionais, sen desprezar nin marxinar os viticultores a tempo parcial, por iso nas axudas de reestruturación e reconversión primase as persoas mozas viticultoras e tamén as persoas viticultoras profesionais, na procura dun aumento da profesionalización dos viticultores, ao mesmo tempo que se potencia o relevo xeracional.

Pregúntolle, señor García, ¿que ten vostede contra as adegas? Non o entendo, de verdade, porque as adegas xeran postos de traballo, tanto a tempo parcial como, neste caso, a tempo completo. E ademais as adegas funcionan dun xeito tamén cooperativista, é dicir, comprando, mercando a uva aos viticultores. Polo tanto, nesas liñas de axuda tamén se prima que esas axudas teñan contratos homologados. Pero nós non queremos marxinar nin excluír neste caso a ninguén.

Eu quero rematar, señor presidente, dicindo que a min me parece que non están acertados no seu diagnóstico e que os leva a conclusións equivocadas. Sirva como exemplo o último informe do Foro Económico de Galicia, coordinado polo ex presidente González Laxe, que realiza unha análise detallada e en profundidade do sector do viño. Para nada e nin sequera nomea nin fai referencia ao tema dos homologados, que parece que para vostede é o principal problema ou a principal solución. Pola contra, fala da grande evolución do sector relevante para Galicia e cun aumento das exportacións en máis do 34 %. E nas súas conclusións coincide neste caso co que pensamos nós, que hai que seguir avanzando nos procesos de innovación, en avances tecnolóxicos, que hai que ter en conta o minifundismo, que hai que tamén reforzar o proceso de concentración parcelaria, da diversificación e a complementariedade,

por exemplo, con temas como no turismo, no que tanto leva traballado a Xunta de Galicia – boa mostra son esas rutas dos viños e esas rutas tamén por tren –, e de seguir mellorando a calidade dos viños e potenciar estratexias de internacionalización. E por aí, desde logo, pensamos que está o futuro e as grandes posibilidades deste sector. E sempre facelo como ata agora da man do sector, porque os datos responden a políticas públicas tamén e indican que se está indo polo bo camiño.

Nós, e xa remato, non queremos desde logo intervir o funcionamento democrático dos consellos reguladores, non queremos incumprir a lei con imposicións contractuais, nin queremos levar o sector a que lle impoñan sancións por fixar prezos mínimos, nin queremos tampouco excluír a ninguén das axudas nin que desaparezan os viticultores tradicionais galegos.

E, se me permiten antes de rematar, convidalos a todos, pois esta fin de semana en Valdeorras é a Feira do Viño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor Blanco, eu sempre escoitei na miña casa, xa con meus avós e con meus pais, que sempre fomos unha familia pobre pero que nunca fomos cutre, e foi unha cousa que sigo intentando facer. Polo tanto, eu intento tamén non ser cutre. Se eu fose cutre, como foi o presidente da Xunta hoxe á mañá, pois tamén faría unha intervención igual de miserable que fixo o presidente da Xunta hoxe á mañá. *(Aplausos.)* Pero non o vou ser, aínda que crea que vostede merece unha intervención igual de cutre e miserable que a que fixo hoxe o señor presidente.

Mire, primeiro, por dicir algunhas cousas das que dixó, das máis graves: as denominacións de orixe están excluídas da norma de que non poida haber prezo mínimo, iso é para os produtos xeneralistas. Dígoo por dicir unha das cousas. É dicir, eu non dixen en ningún momento aí prezo mínimo, pero, en todo caso, en calquera denominación de orixe pode haber prezo mínimo.

Segundo, si se prima con dous puntos, efectivamente, ás adegas que firman contratos homologados, ou con cinco puntos, pódennles dar corenta. ¿Que pasa? Que as adegas todas se poñen de acordo; todas as adegas se poñen de acordo para que ninguén os teña e, polo tanto, non priman a ninguén. Polo tanto, non funciona.

Defenderon, promoveron e foron defensores a ultranza dos contratos homologados. Repítolles, no Ribeiro nin un, e o presidente é deputado do PP. Para ser defensores e promovedores dos contratos homologados e en tres anos non ter nin un, pois vaia defensores e promovedores que temos.

Mire, señor Blanco Paradelo, xa o temos dito na comisión: ¿que ten de malo, onde está o problema de condicionar as axudas públicas? Eu non estou nin sequera dicindo que temos

que obrigar, que podería ser, podería ser pola Lei de cadea alimentaria obrigar as adegas a que formalicen contratos cos produtores, senón que dicirlles que se lles imos dar cartos públicos para que vostedes exporten os viños, que por iso exportan os viños, ¡que menos que lles exixamos que unha vez que exportan os viños despois lles paguen as uvas aos produtores! ¿Que ten isto de revolucionario?, ¿por que nos temos que opoñer a esta medida concreta e clara?, ¿onde está o problema disto? Non é xusto, non é lóxico e ademais non ten sentido.

Díganos con verdade: o problema é que vostedes non queren que existan viticultores. E vostedes o que queren é mediante os cartos dos que vostede fanfarroneou de dereitos de plantación, que lles están dando a Freixenet e a outras empresas para que planten viñedos en Galicia, e que xa non necesitamos viticultores. Iso é o que vostedes levan facendo sete anos, señor Blanco Paradelo. E eu o único que lle pedín sempre foi que saíra aí como un tío do PP como Deus manda e o recoñecera e dixera: E si señor, ¿e que pasa? E diga que ese é o seu modelo, porque o meu é o outro, e eu defendo o meu; pero vostede non o defende.

¿Por que non recoñecen iso? Que o seu modelo é Falcon Crest ou bodega propietaria de viñedos, e que os viticultores deixen de ser viticultores e pasen a ser xornaleiros. E non lles falo de tempo parcial nin tempo completo, fálolles dun modelo de viticultura que existía en Galicia, que cada vez, se vostedes seguen no goberno, quedará menos, onde existía xente que tiña viñas e non por iso tiña que ter bodega, e vendíalle a uvas á bodega. *Y ustedes eso se lo quieren cargar*. Tamén é verdade porque case todos os insignes do PP tiñan bodega no seu momento. Vostedes é que xa non son do PP nin son nada, porque xa nin bodegas teñen.

Moitas grazas. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos ás votacións.

Comezamos votando, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario Mixto, sobre presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Mixto, por iniciativa de María Consuelo Martínez García, sobre a presentación por parte do Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan industrial, e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora, en segundo lugar, a do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en

relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento, que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea.

Xa manifestou o ponente que non aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Tratado transatlántico de comercio e investimento (ou TTIP), que están a negociar os Estados Unidos de América e a Unión Europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento.

Non acepta as emendas do Grupo Parlamentario Socialista nin do Grupo Popular, pero o propio autor pide votación por puntos.

Como ten dous puntos, votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro. Votamos.

Votación do punto un da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 16; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto un desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto dous desta proposición non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Si, si, era o que nos facía falta agora, ¡veña, vamos! *(Murmurios.)* Imos aquí acabar o pleno tranquilos hoxe. *(Murmurios.)* Quieto, non... Por favor, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, unha broma é unha broma e outra cousa é outra cousa.

Votación do punto dous da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de María do Carme Adán Villamarín, sobre a presentación polo Goberno galego dun plan de recuperación e explotación pública directa dos saltos hidroeléctricos existentes en Galicia ao remate da súa concesión, así como a información referida ás condicións establecidas para o seu outorgamento.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68; votos en contra, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto dous desta proposición non de lei.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: *¿Ningunha abstención? (Murmurios.)*

Comprendo que levamos moito tempo aquí e é normal esta confusión.

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo... (Murmurios.)

Atendan, porque se non non saben de que vai.

Non, é que estamos votando unha que é sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para a súa adhesión ao Programa de vivendas baleiras da Xunta de Galicia.

Non se acepta a emenda do Grupo Mixto nin a emenda do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, e acéptase a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádega. ¿Correcto? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pois entón votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Javier Dorado Soto e tres deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo da súa adhesión ao Programa de Vivendas baleiras da Xunta de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 16; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal.*

Non hai emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e dezasete deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co artigo 324 da Lei de axuízamento criminal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado nos vindeiros procesos electorais.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non foi aceptada. Votamos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio. Silencio, por favor.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Daniel Rodas Chapela e dous deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central de medidas para garantir a participación dos traballadores galegos embarcados en augas fóra do Estado nos vindeiros procesos electorais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega por parte da Xunta de Galicia dunha Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria.

Non aceptan a emenda do Grupo Mixto. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e sete deputados/as máis, sobre a posta á disposición do conxunto da cidadanía galega, por parte da Xunta de Galicia, da Plataforma É-Saúde, desenvolvida polo Sergas para mellorar a comunicación cos pacientes e coa cidadanía, así como para incrementar a alfabetización sanitaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 14; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario Socialista, sobre actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección dun modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas públicas ás adegas.

Non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo García García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa produción e compravenda de uva nas diferentes denominacións de orixe, a protección do modelo de viticultura de Galicia e a concesión de axudas publicas ás adegas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Abrimos as portas e pasamos ao punto sexto da orde día.

Abran as portas para que poida entrar o conselleiro. (*Murmurios.*)

Tranquilidade, tranquilidade, que estamos acabando.

Interpelación de D^a María de los Ángeles Ferreiro Vidarte e tres deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación en Galicia da Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Ferreiro.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Benvido, señor conselleiro. Por fin témolo aquí para falar dun tema do que non quixo nin acudir a unha comparecencia nin a ningún outro debate sobre este tema. Debe de ser que o tema do aborto non lle gusta moito ao Partido Popular e pretende seguir na súa hipocrisía de actuar e negar o contrario.

Realmente, é un tema que preocupa a moitas mulleres. Estamos a falar dunha interrupción do embarazo en mulleres que desexan ter un fillo pero que por distintas razóns, ou ben enfermidade da nai ou ben malformacións no feto, teñen que interromper ese embarazo. Non son moitas mulleres, pero teñen o mesmo dereito que todas as demais mulleres e homes a recibir unha asistencia sanitaria correcta e adecuada.

Xa houbo aquí distintas intervencións, distintas propostas, distintas iniciativas para tratar este tema. Pediuse a comparecencia do señor conselleiro, aínda a estas horas despois de varios meses non apareceu. Pediuse a comparecencia da directora xeral, e tampouco compa-

receu. Parece ser que tamén á directora xeral lle interesan outros temas de mulleres pero non as mulleres que sofren este problema por ter que interromper un embarazo desexado. Eu láméntoo moito pero as mulleres de Galicia terán que ter en conta o que fixo o Goberno do PP con respecto ás mulleres que teñen que interromper un embarazo.

Fixemos distintas interpelacións –dicíamos– con respecto a este tema, non só nós senón outros grupos parlamentarios. Pedimos que se cumprisen os protocolos internacionais para poder realizar estas intervencións nos hospitais públicos de Galicia. E, en todo caso, se non podía ser iso en todos os hospitais, que se fixeran en dous hospitais –un no norte e outro no sur– para que as mulleres non tiveran que ir a Madrid ou a Barcelona en determinadas circunstancias, dependendo de que tipo de aborto se ten que facer, e poder facelo na nosa comunidade autónoma, que é o mínimo que se pode pedir. Ben, pois negáronse a todo, absolutamente a todo, negaron ata os feitos.

Menos mal que na prensa as mulleres que tiveron que padecer esta situación fixeran clara e contundente denuncia do que estaba pasando. Pero todas estas mulleres están aí, e elas explicárono, se non podía ser algo que parecía que o fixeran –diciámolo nós ou dicíao a plataforma– en favor do aborto, pero non, aquí están as mulleres que tiveron que interromper o embarazo, desprazarse a Madrid, etc. Non só non fixeron iso, senón que agora prometeron unha investigación –supoño que hoxe aproveitando esta interpelación darán resultados desa investigación–; investigación que, evidentemente, xa sabemos en que vai quedar, posto que se o que fixeron foi ir a todos os servizos de Xinecoloxía dos hospitais de Galicia, pois diríanlles que todo está moi ben. E entón o que nos vén dicir hoxe aquí é o contrario, ou sexa, o contrario do que din as mulleres que pasaron por esa experiencia, e o contrario do que din os profesionais que interviñeron nesta deriva das mulleres ás distintas clínicas ou hospitais. É todo o contrario do que pasa na realidade o que nos veñen dicir aquí, pero imos esperar os resultados.

Ben, resulta que rexeitaron todas as propostas, non fixeron absolutamente nada, e si dixeron que ían aumentar os profesionais que ían atender as mulleres. Evidentemente, fixérono: nomearon determinados xinecólogos que son os responsables de cando unha muller teña que ser intervida nun hospital, pero eses responsables que nomearon nin aparecen nin se pode contactar con eles. Temos un caso moi recente no hospital da Coruña, onde se tardou unha semana exactamente en falar co responsable dunha intervención que lle houbo que facer a unha muller, ¡unha semana!, cando xa a muller debía de estar na casa e recuperada.

Ben, pois todo isto neste momento, en momentos preelectorais, todo se arranxa con cartos, hai subvencións para arranxar os cuartos de baño, as cociñas, hai cheques de todo tipo. Hai cartos para todo, excepto para crear os profesionais adecuados ou habilitar os hospitais adecuados para que as mulleres poidan interromper o seu embarazo sen ter que desprazarse a Madrid, para esas non hai nada. Ou sexa, encima de que están pasando por unha mala situación, encima hai que castigalas. Porque o seguinte que pasou despois dos debates feitos aquí nesta cámara foi que se restrinxiron as achegas económicas que a estas mulleres se lles dá por parte do Sergas para desprazarse a Madrid ou a outro sitio. Si, señoras e señores deputados, restrinxíronselles as achegas económicas para poder desprazarse.

Pero eu quero que contesten ás preguntas e que respondan por que. Porque antes esas achegas xa non eran as mesmas; na Coruña dábase unha cantidade, en Lugo dábase outra e noutros sitios distinta. E eu manifestaba noutras intervencións a tremenda desigualdade de acceso das mulleres en todos estes casos da interrupción do embarazo. Ben, pois agora que nos digan polo menos se hai unha mesma igualdade para todas e por que se restrinxen esas axudas ás mulleres.

Por todo iso, a deputada que asina quérelle facer as seguintes preguntas:

Primeiro, os resultados da investigación que se comprometeron a facer.

Segundo, ¿cales son as achegas que o Sergas facilita ás mulleres que teñen que desprazarse fóra da comunidade autónoma para interromper a súa xestación de máis de catorce semanas?

¿Que número de mulleres interromperon a súa xestación de máis de catorce semanas nos cinco primeiros meses do 2015 e do 2016? –Non me digan que estes datos non os teñen, supoño que os terán aínda que o ministerio non os deu. Pero eu supoño que os hospitais de Galicia terán un rexistro destes datos–.

¿Que número delas se fixeron en hospitais galegos e cantas derivaron fóra de Galicia?

¿Por que as condicións económicas non son as mesmas en todas as provincias nos casos de desprazamento a outra comunidade? ¿Que é o que vai facer o Goberno para corrixir esta desigualdade?

¿Por que mudaron as achegas económicas do Sergas ás mulleres que teñen que desprazarse fóra de Galicia?

¿Ten algo que ver o debate que tivo nesta cámara hai uns meses? ¿Ou é porque precisamente se reclamou isto agora encima non se melloran as condicións e encima castíganse por denunciálo? ¿Estas mulleres necesitan un castigo por parte do PP?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, señores deputados, señora Ferreiro, moi boas tardes a todos.

A verdade, señora Ferreiro, non quería entrar neste debate, pero parece que teño que dicir algo, porque está claro que a que fala de período preelectoral (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) é vostede, cando trae un tema tan sensible e está dicindo o que di, dicindo que é un castigo do Partido Popular.

O que está facendo a Consellería de Sanidade en todo momento é traballar pola mellora da calidade do servizo sanitario. Iso é o que está facendo a Consellería Sanidade, onde, por certo, hai excelentes profesionais.

Tamén é certo que é difícil vir aquí e poder comentar algo sobre esta situación cando xa fai prexuízos de valor, dicindo que hai unha investigación, pero seguro que a investigación vai dicir que todo está ben. É dicir, a investigación tiña que dicir o que vostede di e a investigación terá que dicir o que é a realidade.

E paréceme que falar de cartos, de que todo se tapa con cartos creo que non vén a conto. Pero si, dentro do que dicía, o conselleiro de Sanidade está preocupado por este tema e por outros moitos. E teño que dicirlle que mentres vostede estaba falando deste tema tan importante, sen embargo, a maior parte da bancada súa do seu partido non estaba atendendo ao que estaba comentando vostede.

Mire, estamos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, porque vostede mesma, a portavoz do grupo, estaba falando por teléfono, ou sexa, claramente que non estaba interesada no tema que comentaba unha deputada do seu grupo.

Mire, é un tema moi sensible, por iso parécenos que non ten razón de ser que se falen de forma gratuíta esas palabras, que son duras e ademais son mentira.

As actuacións levadas a cabo nos nosos centros, nos abortos acaecidos no segundo trimestre da xestación, son iguais en todo tipo de interrupción do embarazo. Non hai diferenza en se se trata dun aborto espontáneo ou voluntario, solicitado ao amparo dos artigos 14 e 15 da Lei orgánica 2/2010. Os dereitos reprodutivos abarcan non soamente o dereito para decidir sobre a reprodución, senón tamén o compromiso para garantir a atención sanitaria e prenatal e posnatal apropiada. Ademais, un dos dereitos básicos das mulleres en materia de saúde reprodutiva é o dereito á información e a decidir libremente. Isto implica ofrecer ás mulleres as alternativas baseadas na evidencia científica para que poidan tomar decisións informadas e de forma autónoma.

Nestes procesos, como en calquera outro, do que se trata, en definitiva, é de adaptar os protocolos e recursos existentes ás necesidades asistenciais da cidadanía, cos adecuados niveis de calidade e de seguridade. Non esquecemos tampouco que as consecuencias psicolóxicas e emocionais dun aborto natural poden ser moi dolorosas para a muller e tamén para a súa parella cando esta estivera con ela. Esta dor tamén aparece tras unha interrupción voluntaria. Desde o sistema sanitario debemos velar para que a atención prestada a estas doentes, tanto antes como durante e despois do proceso, sexa a mellor desde o punto de vista asistencial. E non dubiden de que traballamos e traballaremos con este fin.

O protocolo do proceso obxecto da súa interpelación esencialmente, en resumo, é o seguinte –dígoo porque ás veces parece que non o coñecemos, prefiro que aquí quede constancia diso–:

En primeiro lugar, facilítaselle á muller información sobre as opcións recollidas dentro da lei, entregándolle os documentos de consentimento informado, e explícanse as técnicas que eventualmente se realizarán. Durante todo o proceso o equipo de psicólogos está á disposición das necesidades que presente a paciente. Loxicamente, cada paciente é diferente e a situación persoal tamén é moi diferente.

Cando é precisa a hospitalización, a paciente ingresa na Unidade de Xinecoloxía en habitación individual cun acompañante. O xinecólogo informa do procedemento e no que proceda realízase a prescrición farmacolóxica correspondente, sexa esta profiláctica, analxésica, intervencionista ou calquera outra que fose precisa durante a súa estadía ou a alta. Realízase tamén o seguimento na etapa previa durante o postaborto.

O persoal de enfermería, tanto as enfermeiras como os técnicos en coidados e auxilios da enfermería da planta, dálles ás mulleres as instrucións e recomendacións necesarias da unidade. A enfermeira establece o plan individualizado e coidados baseándose nas necesidades que presente a paciente, tanto físicas como psicolóxicas.

Cómpre destacar que o proceso é realizado afastado fisicamente da área de dilatación e partorio por razóns psicolóxicas. En caso de necesitarse legrado actúase segundo o protocolo establecido para ese procedemento. Vixíase a evolución da paciente en planta, atendida tamén por facultativos e persoal de enfermería. Realízase unha revisión médica postaborto previa á alta.

Finalmente, emítase un informe de alta médica onde se indican as recomendacións, tratamentos e seguimento necesario, e ademais da continuidade de coidados de enfermería para continuar en atención primaria cos coidados que precise.

Tentarei dar resposta ás preguntas que vostede fai; algunhas son concatenadas e, desde logo, non aceptando o que pode ser unha resposta, porque xa nas seguintes preguntas vai negando o anterior.

En primeiro lugar, pregunta vostede cales son as achegas económicas que o Sergas facilita ás mulleres que teñen que desprazarse fóra da comunidade autónoma para interromper a súa xestación aquelas que son de máis de catorce semanas. Este aspecto está regulado. As achegas por desprazamentos fóra de Galicia fanse agora e antes segundo a Orde do 30 de marzo de 2001, pola que se regulan as prestacións por desprazamentos previstas no artigo 12 do Decreto 42/1998, do 15 de xaneiro.

Pregunta tamén polos resultados das investigacións que iamos facer nos hospitais da Seguridade Social –entendo que se refire ao Sergas, a Seguridade Social utilizábase anteriormente– acerca das condicións nas que se levan a cabo as interrupcións legais das xestacións. Tal e como se informou nunha interpelación previa –non sei se estaba vostede presente– neste mesmo Parlamento, tras determinadas informacións aparecidas nos medios de comunicación relativas á suposta falta de garantías para a atención das interrupcións voluntarias do embarazo e os abortos espontáneos ou diferidos, a partir do mes de febreiro do presente ano a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acre-

ditación dos Servizos Sanitarios programou a realización de visitas de inspección ás sete estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. A súa finalidade era comprobar tres aspectos: existencia de reclamacións das persoas usuarias dos centros; segundo punto, recursos humanos e materiais existentes nos centros; e, terceiro, comprobación da existencia e aplicación dos protocolos asistenciais adecuados aos devanditos procesos.

O equipo inspector que realizou as visitas de inspección estaba formado por dous inspectores médicos. Das actuacións realizadas nas sete xerencias de Xestión Integrada, en resumo, conclúen: un, non se constata a existencia de reclamacións realizadas polas persoas usuarias; dous, os recursos humanos e materiais dedicados á atención das interrupcións voluntarias dos embarazos, abortos espontáneos ou diferidos adecúanse aos estándares establecidos; e, tres, aplícanse os protocolos en vigor establecidos para as interrupcións voluntarias do embarazo, abortos espontáneos ou diferidos.

Pregunta ademais polo número de mulleres que interrompen a súa xestación de máis de catorce semanas nos cinco primeiros meses do 2015 e 2016, e cantas delas o fixeron en hospitais galegos e cantas foron derivadas fóra de Galicia. Con respecto á primeira, en Galicia nos cinco primeiros meses do ano 2015, unhas 89 mulleres xestantes de máis de catorce semanas interromperon o seu embarazo, das cales cinco foron de máis de vinte e dúas semanas, corenta foron realizadas na comunidade autónoma e corenta e nove fóra. Hai que sinalar que estes datos son provisionais, aínda non son cifras oficiais, xa que hai que ter en conta, entre outras cousas, que os datos de IVE realizadas fóra de Galicia dependen do peche doutras comunidades autónomas e do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que aínda non os publicou. De 2016 podemos responder que se realizaron cinco IVE de máis de vinte e dúas semanas, todas fóra da comunidade. Non estando aínda dispoñibles os datos entre catorce e vinte e dúas semanas.

En definitiva, señorías, o obxectivo do Sergas é garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios, de todos os servizos, con medios e ao seu alcance. No caso da interrupción voluntaria do embarazo, o Sergas establece os circuítos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei 2/2010, de saúde mental e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Quero finalizar esta primeira intervención subliñando que hai un feito claro que sempre se ten presente neste tipo de intervencións: o obxectivo principal de todos os sanitarios que acompañan as pacientes que teñen que pasar por esta situación é o seu confort e benestar tanto físico como emocional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica, señora Ferreiro.

Tamén pode facela dende aí, se quere.

A señora FERREIRO VIDARTE: Grazas, presidente.

Efectivamente, señor conselleiro, parece que non me equivoquei moito cando dixen que xa sabía algunha resposta de antemán.

¿Como vai haber reclamacións nos hospitais dunhas mulleres que están nunha situación que o único que queren é que lles resolvan o problema de interromper o seu embarazo, e o que menos teñen é ganas de ir denunciar e de presentar reclamacións ante unha institución da que dependen para poder seguir sendo atendidas? ¿Pódeselles pedir a esas mulleres o esforzo de presentar denuncia? ¡Bastante teñen con arreglalo e bastante teñen con ter que acudir á consulta psicolóxica polas consecuencias desa intervención que tiveron en moitos hospitais! E iso dígollo porque son profesional dun centro de planificación familiar onde atendemos todas esas mulleres e temos datos das consecuencias psicolóxicas negativas desa atención. Elas mesmas o dixeron e o seguen dicindo.

Pero este conselleiro non só non responde ás preguntas, senón que ademais se fai o tonto, pregunta el para colmo dos males. Eu creo que, señor conselleiro, a estas alturas debера ter aprendido que aquí ao que ven é dar resposta ás preguntas, non a facer preguntas vostede.

Polo tanto, quedan sen responder as achegas económicas que o Sergas facilita ás mulleres. Fala dun decreto lei, pode falar de corenta. Ese decreto lei voulle dicir eu o que di, e voulle dicir eu como están establecidas estas cuestións. Ese decreto lei ao que se achegan agora cambia con respecto ao que estaban facendo antes dos debates. Antes de presentarse nesta cámara os debates, a unha muller que acudía a Madrid ou a outro sitio –dependendo da distancia– as achegas que se lle daban eran de 0,36 euros por quilómetro. Iso era o que recibían as mulleres, ida e volta, e a súa parella tamén; sen necesidade de máis nada. Iso é o que se lles estaba dando na Área Sanitaria da Coruña, xestionada por min e de boa tinta. Se viaxaban en tren, pagábaselles 426,40 euros para ela e o acompañante. Neste momento, e a partir dos debates que aquí se fixeron, págaselles ás mulleres 0,12 euros por quilómetro, señor conselleiro, dende o domicilio á clínica, ou sexa, 154 ida e volta. Se van en tren, o custo do billete para ela, e se alguén quere ir con ela, que é o normal, ten que o médico facer un informe e dicir que necesita acompañamento. En avión pasa outro tanto.

Na primeira dábanselles os 426,40 euros para ela e para o acompañante, fosen en tren ou fosen en avión. ¿Por que esta diferenza? O decreto é o mesmo, segundo vostede dixo. O decreto xa é de hai varios anos, polo tanto, non tiña que haber esta diferenza. Polo tanto, séguese castigando ás mulleres e quítanselles as axudas que necesitan.

Segundo tema. Non digo mentiras, ningunha mentira, nin é o mesmo un aborto diferido, nin é o mesmo un aborto espontáneo, nin é o mesmo un aborto de máis de catorce semanas. Non confunda as cousas. Non hai a mesma atención, porque as mulleres xa o dixeron moi claramente: déixaselles, interrómpeles o embarazo, pero alí están na habitación ou onde sexa sen unha atención. O psicólogo nin pasa pola habitación, absolutamente en ningún caso viron o psicólogo nin polo forro, señor conselleiro. Iso é absolutamente mentira.

Non hai máis que ver as preguntas que faltan por contestar:

¿Que vai facer o Goberno para corraxir esta desigualdade?

¿Vai dar algunha posibilidade a que se fagan estes dous centros de referencia no norte e no sur para evitar o custo que está supoñendo o desprazamento a Madrid de todas estas mulleres? ¿Vostedes non se dan conta de que se se poñen eses hospitais, que eu creo que os hospitais en Galicia teñen a suficiente capacidade e o suficiente persoal para poder facelos aquí, iso podería evitar o desprazamento de moitas mulleres, que ao mellor non saíron da súa casa nunca e teñen que ir a Madrid, a un sitio fóra, onde quitando a viaxe, o que son dietas, o que son comidas e o que son taxis lles supón uns 400 euros, dos cales vostedes lles pagan 154 euros?

¿Vostedes cren que iso é atender as mulleres? Se vostedes o cren así, señor conselleiro, as mulleres de Galicia cando cheguen as eleccións xa saben o que teñen que votar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ferreiro.

Rolda de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, señores deputados.

Señora Ferreiro, a verdade é que me parece que a súa intervención rematou da forma que empezara: pedindo o voto para as próximas eleccións autonómicas, cando aínda nin o presidente puxo data para as mesmas.

Pero paréceme impresentable, sinceramente, paréceme impresentable utilizar algo tan sensible, algo tan importante na saúde de moitas mulleres como elemento preelectoral, dicindo exactamente: «xa saben as mulleres galegas o que teñen que votar». Iso é o que vostede di.

E tamén me preocupa que vostede alardee de información que ten, polo que di vostede da situación profesional súa. Eu é o que entendín, dixo vostede iso. Preocúpame tamén, preocúpame. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Mire, o problema é que vostede pertence a un partido que gobernou en Galicia, que non modificou a orde de traslados, e seguramente vostede tampouco leu a orde exactamente. Perdón, eu creo que non a leu. Non leu o artigo 15, e o artigo 15 na parte final di aquilo que queda excluído e di unha cousa, di: «A planificación, organización e supervisión, así como os gastos ocasionados polos traslados descritos» –onde entran exactamente estes dos que estamos a falar– «poderán ser asumidos polo Servizo Galego de Saúde, sempre que concorrán circunstancias que así o aconsellen e exista crédito presupostario dispoñible». É dicir, que é cada xerencia a que decide nestes casos o que corresponde, se ten que ir con parella, se non ten que ir con parella; vese caso a caso e analízase caso a caso.

Por iso, tristemente, vostede que di que traballa no sistema sanitario, creo que o primeiro que tiña é informarse, saber exactamente o que hai en cada un destes casos, e non dicir noticias sen sentido.

E eu veño aquí contestar, dicir exactamente o que estamos a facer e o que imos seguir facendo durante moito tempo, pero non veño a que me chamen «tonto», ¿eh?, como dixo vostede para empezar. E veño contestarlle a cada un dos momentos e dar as informacións que temos, e, desde logo, dicir claramente que as mulleres en Galicia están cun bo servizo sanitario, cumprindo todos e cada un dos protocolos que se fixan; non por un capricho dun conselleiro, senón por equipos de profesionais que saben disto –eu creo– máis ca min, seguramente, pero creo que tamén máis ca vostede.

En Galicia, ata as vinte e dúas semanas de xestación as IVE lévanse a cabo nas EOXI da Coruña, de Vigo, de Santiago, de Lugo e de Pontevedra. A partir das vinte e dúas semanas envíanse a outros centros: en Madrid –como vostede dicía– ou en Barcelona. ¿Por que? Porque, como noutros centros de referencia, queremos que sexan os centros de maior calidade os que traten as nosas pacientes. E cando o número non é suficiente, os profesionais necesitan un número suficiente para tratar da mellor forma posible. Este é un caso deles, e facémolo porque cremos que melloramos a calidade do servizo, neste caso concreto, a estas pacientes.

A atención ás mulleres que realizan interrupcións voluntarias do embarazo nos centros sanitarios públicos de Galicia está debidamente protocolizada. No manexo destas pacientes interveñen facultativos especialistas en Obstetricia e Xinecoloxía, persoal de enfermería, auxiliares de clínica e psicólogos. No caso das interrupcións voluntarias do embarazo, as mulleres acoden, en primeiro lugar, aos centros de orientación familiar, onde asinan un consentimento informando en relación con este procedemento, e son informadas, loxicamente, puntualmente. Así, as pacientes son informadas por un médico e insíteselles en aspectos psicolóxicos que poidan estar ligados á interrupción da xestación.

Unha vez no hospital, tanto no caso dos IVE como dos abortos espontáneos, cando chegan á planta reciben todas as instrucións, recomendacións necesarias por parte da enfermería. O proceso realízase afastado da área de obstetricia, dilatación e paritorio –como dicía– por razóns psicolóxicas, non por castigo. E ingrésanse nunha habitación individual, acompañadas por un familiar ou achegado que en todo o momento así o desexen.

Convén sinalar tamén que a utilización de novos fármacos no proceso de dilatación cervical ten acurtado sensiblemente –como antes indicabamos– o proceso de expulsión fetal. A analxesia máis empregada nestes casos é a convencional, con opiáceos ou derivados dos mesmos, con bos resultados, se ben tamén está contemplada a analxesia epidural nos casos en que sexa preciso.

En definitiva, nestes casos, como no resto de procesos asistenciais, seguiremos traballando conforme os protocolos e a evidencia científica, con rigor, efectividade, seguridade e equidade, pensando sempre na mellor alternativa para os nosos pacientes e, dende logo, non pedindo o voto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Señor conselleiro, eu non percibín na expresión da señora Ferreiro que quixera insultalo a vostede directamente, eu creo que foi unha expresión coloquial, foi o que percibín. Creo que é así, señora Ferreiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vale? Pois moitas grazas.

Interpelación do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre o pechamento de camas nos hospitais do Sergas durante os meses de verán

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

Moi boa tarde, señor conselleiro. Hai un mes, eu preguntáballe neste mesmo parlamento a respecto de aspectos da sanidade pública deste país, en concreto, a respecto de estando a sanidade nunhas condicións de auténtica emerxencia, con listas de espera disparadas, como vostede tomaba a decisión de non ter operativos todos os recursos e, moi polo contrario, se permitía o luxo de pechar dispositivos, camas, quirófanos e demais durante catro meses de verán. Vostede dixo naquel momento que sempre preguntamos o mesmo, e eu agardo que hoxe vostede sexa quen de contestar algo diferente, sexa quen de contestar algo diferente e cando menos contestar, dar a información que se lle pregunte.

E, antes de chegar ao punto en concreto, vaime permitir que como é tan sistemático, e a verdade tan dificilmente de aguantar o discurso continuado, que hoxe o presidente do Goberno se volveu atrever a verbalizar nesta cámara, dicindo textualmente que a sanidade está mellor que cando el chegou ao goberno no ano 2009. Atreveuse a dicir que hai máis dereitos, máis prestacións, máis infraestruturas, menos listas de espera, máis vacinas, máis calendario vacinal, é dicir, todos e cada unha das cuestións que, por activa e por pasiva, foron obxecto de denuncia, de mobilización, de queixas sistemáticas de profesionais, de doentes, de nais e pais no caso das vacinas, incluso de concellos que demandan, sistematicamente, as infraestruturas prometidas e non construídas.

E tamén dixo o presidente, Núñez Feijóo, que o balance admite opinións. Eu non vou opinar, señor conselleiro, vou darlle unha serie de datos, porque, polo menos, xa que con esas cuantiosas axudas unha inmensa maioría das veces os medios non recollen as cuestións que aquí dicimos, polo menos que queden aquí na acta deste Parlamento.

E mire, realmente, o balance dese período 2009-2016, de volta ao Goberno do Partido Popular, é redución do orzamento sanitario público en máis dun 18 %. Eses son datos. Hai que coller o orzamento do 2009, coller o orzamento do 2016 e de deterioración ou redución de máis do 18 %, do cal a atención primaria se leva a palma; na atención primaria reduciron o orzamento por encima do 22 %.

Recortes en persoal. Reduciron a partida destinada a persoal máis do 34 %, e o orzamento destinado a persoal en Galiza é máis do 24 % inferior á media do Estado. Esas cifras que sempre lle gusta dicirnos: aquí estamos, somos os campións do mundo mundial. Eu supoño que desde a mañá a aquí, e cando acabe esta intervención, terémonos convertido en campións dalgunha outra cousa, o sorprendente será que non sexa así. Pero a realidade é que un

trinta e catro e medio por cento de baixada no orzamento destinado a persoal é un vinte e catro e pico por cento por debaixo da media do Estado.

Redución de máis de 2.000 profesionais, redución de máis de 2.000 profesionais 2009-2015, señor conselleiro. Recorte de camas. Neste período desapareceron do sistema público da sanidade de Galiza máis de 600 camas. Si, demóstrame vostede con datos que non é así, señor conselleiro. Esas camas que se pechan no verán e logo, chegado setembro, non se volven abrir.

É certo que vostede xoga con vantaxe, porque o BNG, os profesionais, os sindicatos, temos que conseguir os datos preguntando de un en un, porque vostedes transparencia cero, transparencia cero. Non hai xeito de que haxa uns datos claros, veraces, transparentes, a respecto de cales son os dispositivos, pero os profesionais sábeno, están alí, traballan e saben que camas estaban operativas un ano e cales xa non deixan de estar, pois 600 camas menos.

Suspenderon o Plan de mellora da atención primaria. Vostedes, os deputados do Partido Popular, os voceiros, cánsanse de dicir que na atención primaria tes a porta de entrada á sanidade pública, mais despois o único que fan é reducirlle persoal, porque deses dous mil e pico de profesionais que eliminaron da sanidade pública, bastantes máis de mil foron precisamente en atención primaria; nesa porta de entrada tan importante foi onde máis reduciron.

Privatización do laboratorio central de Galiza, privatización da alta tecnoloxía a través desa figura do socio tecnolóxico. Esa figura que lles permite ás empresas decidir como, cando, de que xeito e que probas se fan, que aparatos se compran, señor conselleiro. Privatizaron a investigación, externalizaron e privatizaron recursos de servizos estratéxicos para o Sergas, como son o servizo de ambulancias. Entregáronlles, aínda máis, a empresas de capital-risco, a empresas de fóra de Galiza, a empresas nas que están á fronte persoas directamente vinculadas ao Partido Popular, a fondos de investimento, a historia clínica electrónica, a plataforma electrónica, a cita previa, o servizo de subministración e loxística; foron desmantelando todo o mantemento, unha parte estaba privatizado, e, fundamentalmente, tamén polo Partido Popular, pero seguiron, aceleradamente, nesa liña.

Inventáronse aquel tema de privatizar a subministración enerxética, de auga e demais, do Hospital do Salnés, centros de saúde, Hospital de Vigo. É dicir, deixan hipotecada a sanidade pública nos orzamentos durante anos para que, teoricamente, ese déficit, do que supoño que despois virá vostede aquí presumir dicindo que vostedes cumpren co déficit, facendo trampas, tamén, por outro lado. Pois, tamén, o servizo de catering dos hospitais, radioloxía, a esterilización..., ¿quere que lle...? Os centros móbiles, eses autobuses, eses camións, que tamén me gustaría que me dixera onde foron parar. Pregunteille á mañá ao deputado do Partido Popular e non me contestou. A teleasistencia domiciliaria... Bueno, podo seguir. Eses son datos. Iso é máis dereitos, máis prestacións, máis infraestruturas.

Se quere, fállolle das listas de espera, aumentaron un 25 %. Xa sei que Núñez Feijóo, pola mañá, dixo aquí que se ía sacar agora o último dato das listas de espera antes das eleccións, e resulta que vai ser o mellor do mundo mundial, o mellor desde que hai rexistro, ¡que casualidade! ¡Que casualidade!, ¿non? Que casualidade que estiveran, xusto antes de pechar o rexistro, vostedes entusiasticamente chamando a todo o mundo para dicirlle: ten vostede un oco para operarse

neste centro privado, neste privado, neste privado. ¿E que pasa cando a xente di que non? Pois que quedan neses caixóns e saen das listas de espera para facerlles cadrar os números e poder presentarse nunha rolda de prensa dicindo que as listas de espera xa están mellor.

Bueno, pois neste contesto, señor conselleiro, non lle chega con este desmantelamento, con esta privatización, con todos estes datos –que podería desglosar aínda máis, pero só lle dixer os máis importantes–, senón que, ademais, se permite o luxo de non ter operativa toda unha parte moi importante do dispositivo da sanidade pública durante catro meses. Permítese o luxo de pechar, outra vez, arredor de mil camas, e volvo dicir arredor, porque non teñen a valentía de dar os datos reais nin de publicalos, de mil camas, co que iso significa de menos persoal contratado, co que significa aumentar as listas de espera, co que significa de maior dificultade de acceso ás prestacións sanitarias, co que significa de que non hai unha mellor sanidade pública, senón moi ao contrario.

Entón, eu volvo facerlle as mesmas preguntas, señor conselleiro, e agardo que vostede mas conteste.

A primeira que lle fago é... Neste contexto tamén se quitaron da manga 5 millóns de euros para un plan de redución das listas de espera. Entón a min –como non temos información, como se negan a dar esa información– gustaríame que me explicara como van facer, cando van facer esa entre autoconcertación e a sanidade concertada, por favor, que me diga canto en cada parte, como van operativizar esa autoconcertación, quen a vai decidir, en que especialidades se van decidir, cando se van poñer en marcha esas peonadas –autoconcertación, peonadas son, señor conselleiro–, esas peonadas quen decide quen as fai e de que xeito. E sígolle preguntando cantas persoas derivan...

Todas estas preguntas tenas vostede aquí por escrito, señor conselleiro, e agardo que sexa quen de contestarmas, que sexa quen de contestarmas, que non se vaia polos cerros de Úbeda e que me conteste cantos profesionais, desglosados por categorías, vai contratar o Sergas para cubrir as vacacións do persoal.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: A estas alturas seguimos sen saber eses datos, se vai seguir derivando doentes á privada mentres ten pechadas esas mil camas, pechados quirófanos, ¿vamos seguir derivando?, ¿en que cantidades? Seguimos sen saber os datos, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Remato, señor presidente.

A repercusión do peche de camas, ¿que aforro vai significar? Pois todas estas preguntas que ten aquí por escrito e que –insisto– me gustaría... –xa que este vai ser o último pleno onde vou poder preguntarlle cal é a situación da sanidade pública deste país–, que sería bo –xa que é a súa última contestación tamén a esta deputada– que tivera a ben facer non un exercicio de demagogia, senón, por favor, datos. ¡Datos! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Señora Prado, a verdade é que hoxe é o día da repetición, desde a mañá que estivemos aquí, ata agora, e creo que despois, imos seguir repetindo todas as preguntas desde hai uns meses, exactamente.

Vostede dicíame que lle contestara algo distinto, pero para contestarlle algo distinto ten que preguntarme algo distinto, se non, loxicamente, teño que dicirlle (*Aplausos.*) a realidade, e a realidade é a mesma, exactamente a mesma.

Tamén di vostede que os medios de comunicación non poñen o mal que está a sanidade porque teñen axudas. Chámame a atención ese comentario.

E quero dicirlle..., a última vez, di vostede. Eu estou disposto a repetirlo cando queira. O tema da privatización é un lema que está moi ben para unha pancarta, para ir a unha manifestación, pero, realmente, cando vostedes gobernan utilizan sistema de xestión indirecta exactamente igual que utilizamos nós. Na sanidade o sistema sanitario é público para os funcionarios estatutarios, todos formados con nós e traballando con nós. E os servizos que non son os sanitarios os realizan outras empresas, con excelentes traballadores, como ocorre no Concello de Pontevedra, que vostede coñece moi ben.

Eu creo que hai un alcalde que leva traballando moito tempo, pero que ten xestionado de forma indirecta –se quere vostede privatizados– servizos do concello. E vostede cando formou parte do Goberno bipartito eu non vin ningún cambio para atrás do que chama vostede privatización. Entón, son lemas electorais; sabemos que hoxe é un día electoral, preelectoral, como vostedes queiran dicir, pero eu teño que seguir dicindo as mesmas cousas, e creo sinceramente que é certo, que teño que dicir que o sistema sanitario –como dixo o presidente– está moito mellor agora que hai sete anos, cando entrou no goberno, clarisimamente. E canto máis viaxe vostede, pode dicir con máis razón que o sistema sanitario galego é bo ou moi bo.

E poño sempre un exemplo, que creo que é paradigmático, e non falo do sistema americano, que hai algúns neste país –xente de esquerdas– que cando vén Obama o recibe de pé quince minutos e non protesta, todo o contrario, faise *selfies*, e, sen embargo, o sistema sanitario americano é moito peor, moitísimo peor, que o noso. E, sen embargo, o sistema alemán, que ten un bo sistema sanitario, a todos os pacientes alemáns maiores de idade, cando están ingresados, o que fan é cobrarlles dez euros por cada día de ingreso. Iso en España, desde logo, non o temos, e en Galicia non o temos.

O que quero dicirlle, pois a súa pregunta vai polo tema das camas, que –como digo– creo que é un tema xa decimonónico. Nós estamos na actualidade falando doutras cousas, nós

estamos falando dos servizos, da actividade, de servizo ao cidadán, é algo que non ten razón ningunha.

Nós cumprimos o noso deber de xestionar con eficiencia os fondos públicos que a cidadanía galega pon á nosa disposición. Facelo doutra maneira, como parece pretender, sería un derecho dificilmente xustificable.

Como mostra, no pasado 2015 máis do 86 % do total de camas dispoñibles nos centros hospitalarios da rede pública estiveron operativos e cun índice de ocupación do 75 %. É dicir, 1 de cada 4 camas operativas estivo desocupada. Neste 2016 a previsión é manter operativas o 87 % das camas, é dicir, serían inoperativas un 13 %.

Unha vez máis teño que insistir en algo que oíron moitas veces, tanto nesta Cámara como na Comisión 5ª: a decisión sobre o alcance desta programación tómase tendo en conta a responsabilidade principal da sanidade pública galega de garantir, en todo momento, a seguridade e calidade asistencial dos pacientes. Ademais de seren necesarias por motivos asistenciais, as camas non utilizadas poden activarse en calquera momento.

Asemade, esta programación permítenos xestionar, de modo eficiente, as vacacións regulamentarias dos profesionais. O verán, como sucede noutros sectores, é o período máis demandado polo persoal para as súas vacacións, e nós respectamos ese dereito. Isto condiciona, evidentemente, a necesidade de substituír os traballadores. Esta substitución non é posible en determinadas especialidades de persoal facultativo, o que implica que quedarían incompletos os equipos asistenciais necesarios para realizar determinadas funcións.

En calquera caso, o Servizo Galego de Saúde realiza esta actuación seguindo, como non pode ser doutro xeito, a súa política de mellora da eficiencia na xestión e no uso racional dos nosos recursos físicos e humanos, mantendo toda a actividade clínica que resulta posible e, fundamentalmente, garantindo a atención naqueles procesos que non admiten demora.

A planificación baséase na reestruturación das unidades de hospitalización para que os pacientes teñan á súa disposición os recursos que precisen e os profesionais poidan traballar de maneira máis racional e cómoda.

Na época estival, habitualmente, os índices de ocupación hospitalaria diminúen, e isto sucede porque é tamén a estación do ano na que se observa unha maior redución de determinadas patoloxías, como as respiratorias, responsables no esto do ano dun elevado número de ingresos hospitalarios, isto é un feito. E tamén é habitual que se aproveite esta época, na que hai menos ingresados, para facer intervencións de mellora e obras de mantemento nos centros, nas áreas que o precisan.

Por outra banda, quero lembrarlle, señoría, unha vez máis, que o recurso cama non é o que determina o grao de eficiencia do sistema. Nos últimos anos incrementamos a actividade de xeito moi significativo en áreas como os hospitais de día, a hospitalización a domicilio ou a cirurxía ambulatoria. De feito, a cirurxía ambulatoria xa hai en moitos hospitais que é maior en número ca a cirurxía con ingreso. Estas prestacións están enormemente valoradas pola

ciudadanía e permítennos atender máis pacientes sen facer uso do recurso cama; ao mesmo tempo, a tendencia na duración das estadias é a diminución.

Ademais, hai que subliñar que esta redución se produce tamén no conxunto da Unión Europea en cifras superiores ao que ocorre incluso en España. Pode explicarse pola diminución –como dicíamos– das necesidades de hospitalización, consecuencia de progresos tecnolóxicos e o crecemento da actividade sen internamento, especialmente –como dicía– a cirurxía ambulatoria. As cifras están aí, de maneira global a diminución do número de camas no territorio da Unión Europea na última década é do 9 %, en España no mesmo período decrece un 5 % e en Galicia está en torno a un 3,8 %.

En definitiva, señorías, asistimos nos vindeiros anos a un proceso irrefreable de ambulatorización da atención domiciliaria, de utilización intensiva das tecnoloxías para o seguimento remoto dos pacientes. De feito, dicía vostede que non houbo ningún cambio nos últimos anos, en concreto: a hospitalización a domicilio, algo que a cidadanía nos demanda porque é eficaz, mantén o paciente na súa casa, coa súa familia e cun tratamento. E un seguimento de especialistas crece en dúas unidades que non tiñan, que van ser Verín e Monforte de Lemos; exactamente en dúas novas unidades crecemos non só en máis recursos, senón nun servizo novo e, desde logo, de alta eficacia.

Por outra banda, e no que á xestión de persoal se refire, teño que dicirlle que se efectúan todas cantas substitucións resulten necesarias para garantir idéntica calidade na asistencia sanitaria da que se vén dispensando ao longo do resto do ano. O procedemento é coñecido, para garantir o funcionamento continuado e permanente das súas institucións o Sergas dá cobertura ás necesidades asistenciais da poboación mediante a formalización de nomeamentos temporais, co obxecto de atender as ausencias do seu persoal de cargo que, con carácter urxente ou programado –como ocorre nas vacacións–, se producen nos distintos servizos e unidades en que requiren de cobertura.

É un proceso claro e transparente, os nomeamentos formalizados para o persoal temporal son efectuados de conformidade coas normas que rexen a selección temporal no noso organismo, aprobadas pola Mesa sectorial de negociación de forma unánime por todas as organizacións sindicais e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 9 de maio de 2011.

Tal normativa articula o procedemento de xestión, de chamamento sobre a base da existencia dunha lista ordinaria e varias listas especiais pull e área especial, previstas nestas últimas para dar cobertura a chamamentos urxentes e non programados de duración non superior a catro días. A lista pull é para a cobertura de necesidades en áreas de especial sensibilidade e alta cualificación, desde o punto de vista asistencial –como quirófanos, críticos, urxencias hospitalarias ou transplantes–, de duración non superior a 60 días, lista de área especial.

Como amosa a magnitude desta cuestión, teño que sinalar que en 2015, no mes de xuño, a porcentaxe de plantilla de vacacións foi de 4,8 en xuño, en xullo de 23,6, en agosto case un 29,9 %, e en setembro un 11,1. En definitiva, trátase de que a reordenación dos recursos de especialización teña a mínima repercusión sobre a calidade da asistencia sanitaria.

E quero, en calquera caso, agradecer desde aquí o traballo da maioría dos profesionais que sempre –tanto nos momentos bos como cando hai dificultades– son capaces de dar o mellor de si mesmos polos pacientes e a organización. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Bueno, pois vostede persiste nesa cuestión de que a realidade non lle estropee o titular, señor conselleiro. Porque pode repetir vostede e pode repetir Núñez Feijóo todas as veces que queiran que esta é a mellor sanidade do mundo mundial, mais logo non se compadece coa realidade, nin moitísimo menos.

Mire, a min gustaríame que vostede me dixera por onde queda ese país e esa sanidade pública que vostede vén aquí falar dela, porque me gustaría que me dixera por onde queda para poder ir vela, porque a que vemos os galegos e galegas é que non se parece en nada ao que vostede aquí describe.

E, mire, se esa sanidade está tan ben, ¿como é posible que o Informe do Valedor do Pobo, que onte veu aquí expoñer, deixe quedar en tan mal lugar a sanidade pública, a súa consellería, señor Almuíña?

Supoño que vostede, despois de ver o Informe do Valedor –que supoño que llo fixo chegar–, unha valedora nada susceptible, nin moitísimo menos, de intentar aumentar o nivel de desgusto dos galegos e galegas a respecto da sanidade pública, porque é a súa valedora, é dicir, a valedora posta polo Partido Popular, co cal, dende logo, non é nada susceptible de facer informes nunha dirección contraria se puidera evitalo.

Entón, claro, cando di que a Consellería de Sanidade, primeiro, é a máis obstrucionista, a que máis entorpece o traballo do Valedor do Pobo, cando ese informe o que di é que tivo que reiterarlle en 131 ocasións que lle trasladara a información que lle pedía, será que vostede fai o mesmo que cando vén aquí a este Parlamento, que non dá información, non dá os datos nin cando se lle piden por escrito nin cando os demandamos desde esta tribuna.

Eu pedinlle unhas cuestións concretas: ¿cantos pacientes?, ¿cantos profesionais? E vostede segue sen dar esa información. Entón, evidentemente, teño que volver facerlle as preguntas, porque eu teño a obriga das persoas que me votaron para que eu estea aquí de que faga un seguimento da súa actuación de goberno, estou aquí para iso. E vostede ten a obriga de contestarme a min, porque son aquí mediadora cos cidadáns, e debería ter a obriga de contestar vostede, e o resto, e contestar por escrito a canto se lle pide; pero non fan unha cousa nin a outra, e tampouco o fan coa valedora. 131 peticións reiteradas, a punto de declarar hostil a consellería, señor conselleiro, a punto de declarala hostil... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O Informe do Valedor, cando queira, o Informe do Valedor, insisto... (*Murmurios.*)

¿Sabe que di tamén o informe, señor Almuíña? Pois que é necesario que as listas de espera sexan absolutamente transparentes, é dicir, é necesario; con iso quere dicir que non o son,

señor conselleiro, ¡que non o son! Quere dicir que teñen que ser áxiles, de xeito que o cidadán saiba en cada momento a que aterse, canto ten que agardar, cal é a súa situación. Iso é a súa obriga, como conselleiro, de que esas cousas sexan así.

Vostede vén aquí é non dá a información, vén aquí e describe un mundo que non existe e segue sen contestar ás preguntas que lle fixen. Eu hai un mes pregunteille: ¿como vai poñer en marcha ese Plan de diminución das listas de espera con 5 millóns de euros, con menos camas, menos persoal, dispositivos pechados e demais? Vostede non contestou, hoxe non volve contestar.

O que sabemos é que esa autoconcertación –que peonadas son, insisto– vai significar que cartos públicos, en lugar de servir para mellorar estruturalmente a sanidade pública e ese círculo vicioso de que menos recursos e menos persoal signifiquen máis listas de espera, en vez de investir eses cartos en melloras estruturais, vostedes van entregarlos directamente á sanidade privada; en vez de capitalizar a sanidade pública, van volver entregarlos á sanidade privada. Ou van facer esas peonadas dun xeito escurantista, como fan sempre, porque a día de hoxe nin nas organizacións sindicais nin, dende logo, aquí, neste Parlamento, sabemos como fan esa autoconcertación, quen a decide, que profesionais se chaman, cal é o prezo que cobran.

¿Cobran os profesionais o mesmo prezo nun hospital que noutro?, ¿dun servizo a outro cobran o mesmo prezo, señor conselleiro? ¿Por que non nos quere informar de todos eses datos?, ¿que destino van ter eses 5 millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ... para a redución das listas de espera? Dende logo, ao BNG gústalle sabelo.

Non teño máis tempo, pero, dende logo, a vostede voulle poñer só un exemplo do Hospital Meixoeiro de Vigo, señor conselleiro, onde a súa política sanitaria –en toda a área sanitaria, pero non teño tempo– pecha 180 camas de 343. 180 camas, plantas enteiras de medicina interna, de cirurxía, plantas enteiras de unidade de mama, de uroloxía, de rehabilitación.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É dicir, neste contexto, pechando todos estes dispositivos, desmantelando a sanidade pública, resulta que veñen cun plan que logo non nos queren explicar de 5 millóns de euros para rebaixar as listas de espera.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: E vostede pretende enganar os galegos e as galegas, enganar os deputados e deputadas que aquí estamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...enganar o Valedor do Pobo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Mire o reloxo, señora Prado, ¡por favor!

A señora PRADO CORES: ...e describirnos –remato, señor presidente– un... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Mire o reloxo, por favor!

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Mire o reloxo, señora Prado, por favor!

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Prado, por favor!

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Non ten xa a palabra, señora Prado. Un minuto e vinte máis. Así imos.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuiña): Señor presidente, eu creo que dicía que era a última vez que vai intervir, por iso igual é necesario.

Tiña, a verdade, un argumentario completo, pero case vou facer apreciacións e tratar de contestarlle a cousas que non estaban na pregunta, pero que vostede parece que ten necesidade de saber.

O primeiro que a min me chama a atención é que vostede na primeira intervención, e agora na segunda, acaba con dous –eu creo– piares básicos que temos na organización galega, que son os medios de comunicación –dos que dixó que polas axudas que recibía que igual non describían a realidade– e agora o Valedor do Pobo.

Ou sexa, a valedora do pobo –que segundo vostede non é imparcial– fai un informe que, segundo vostede, vai contra o poder, ou sexa, non entendo nada; por un lado, debería ser imparcial, por outro lado, vai contra quen a nomeou. Mire, lea completo o informe, creo que non o leu convenientemente desde o inicio; poña datas a esas palabras que aparecen aí, a eses escritos, porque non o di. Precisamente di que a Consellería de Sanidade é das máis colaboradoras con todas as administracións, falando de concellos, deputacións, de todas. A Consellería de Sanidade é das que máis está colaborando co Valedor. Respectamos profundamente as institucións de Galicia e, desde logo, nós imos colaborar sempre con elas.

¿A transparencia das listas de espera? Sempre co mesmo. A transparencia é tal que teñen un decreto e di como teñen que rexistrarse, como teñen que estar incluídos os pacientes en todo

momento. E para a semana fanse públicas, como ocorre desde hai moitos anos, incluso cando gobernaban vostedes tamén se facía. E verán –como dixo o presidente esta mañá– que van ser os mellores datos desde que hai rexistros; é así, e é así porque temos un gran sistema sanitario.

E dicía vostede, ¿que teño que facer para ver ese mundo tan bonito? Pois, mire, viaxe a Europa ou a Estados Unidos, e despois volva e vaia a un centro de saúde de Pontevedra, e xa verá o bonita que é a sanidade galega.

Podemos falar, xa digo, de moitísimas cousas, pero todo o que estamos traballando é precisamente para mellorar o servizo sanitario. E falaba da transparencia das listas de espera que os pacientes necesitan saber. Imos aprobar –estamos en tramitación cos informes correspondentes– a única parte que nos queda, porque temos liberdade de elección de médico de cabeceira, de enfermeira, de hospital, de tempos máximos. Vai aparecer dentro de moi pouquiño tempo, para que sexamos dos primeiros que en España o saibamos, e saibamos en todo momento canto imos tardar desde que entramos no sistema sanitario ata que resolvamos o problema. Iso para min é moi importante.

Mire, para dicirlle que é un tema preelectoral de campaña veraniega, voulle ler un artigo que hoxe estaba na prensa –un parágrafo nada máis, non crea que vou ocupar moito tempo– e que me chamou a atención pensando que era Galicia, pero non era Galicia. E falaba das camas pechadas, porque agora hai unha campaña que fala de camas pechadas. Eu entrei nun hospital e nunca vin unha cama pechada, o que vin é que se utilizaban –o que era necesario, por certo– no Hospital Meixoeiro de Vigo –que é un gran hospital e forma parte do Complexo Hospitalario de Vigo– as camas que di vostede que están pechadas, que case serían todas, pero non é así; evidentemente, é unha porcentaxe segundo a actividade. Porque neste momento é o hospital de Galicia que máis cirurxía fai, fundamentalmente ambulatoria, pero é o que máis fai. E iso significa que hai grandes profesionais con moi boa dotación.

Léolle, ante esta denuncia, camas pechadas, 2.600 camas din que hai en Andalucía pechadas, e o Servizo Andaluz de Salud di: *«Acusó ayer al sindicato –que fuera– de lanzar una campaña de alarma con datos falsos, intereses desconocidos, en un discurso catastrofista –no lo digo yo–, por denunciar el cierre de camas en los hospitales en verano. En otro comunicado, el Sistema Andaluz de Salud replicó, al sindicato correspondiente, que mantiene todas sus camas a disposición de la población, por lo que no puede hablarse de camas, cierre de camas, y asegura que todo paciente que necesite un ingreso hospitalario lo tiene garantizado.»*

En Galicia, debido a que fomos das poucas comunidades que cumprimos o déficit, temos o que chamamos o superávit da responsabilidade, e ímolo utilizar durante todo este ano para mellorar as condicións e o servizo sanitario galego, para que todavía sexa mellor.

O primeiro resultado vaino ter a semana que vén, cando vexa as listas de espera perfectamente transparentes cos datos, cos mellores datos que temos na autonomía dende que hai rexistro nese sentido.

Dicir, tamén, que o que di vostede do rexistro de pacientes, daqueles que non aceptaron centros concertados, están rexistrados, non están en ningún caixón, e actúase e opérase segundo

o criterio correspondente de cada un dos hospitais. Pero, como digo, sinceramente, señora Prado, creo que non ten argumentos, utiliza argumentos de hai uns meses para volver sacalos e ter algo que dicir; pero, sinceramente, dígolle que o sistema sanitario galego é dos mellores sistemas que temos, desde logo, a nivel europeo, sen ningunha dúbida.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Estes datos son datos que estamos falando do que a sanidade é valorada polos cidadáns, datos tamén recollidos esta mañá polo presidente, onde é o servizo público, dende logo, máis valorado, e que os nosos obxectivos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...se conseguiron..., perdón, perdón. Acabo, nada máis.

O señor PRESIDENTE: Pasouse un minuto, é que o reloxo este engana.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Perdón, perdón. (*Risos.*)

A reordenación asistencial modifícase permanentemente en cada xerencia, en cada centro de saúde do Sergas, para adaptarse ás súas necesidades asistenciais e ás súas prioridades. Pero o que ten que quedar claro é que ningún paciente en Galicia, nin en verán nin ningún momento do ano, vai quedar sen atender...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...sen a súa cama e sen o seu sitio no hospital de día para poder tratar a doenza que padece.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas e desculpe, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación do G.P. Mixto, por iniciativa de D^a Mónica Fernández Rodríguez e D^a María Consuelo Martínez García, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas.

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Boa tarde, señora conselleira.

Bueno, no que vai ser a miña primeira e última interpelación, ou mellor dito miniinterpelación, porque non imos ter –creo, polo que teño entendido– a oportunidade de facer a moción, de podela substanciar, quería falar sobre a política do Goberno en materia de estradas.

A Xunta vén de publicar recentemente no DOG, con data do 20 de xuño, o Regulamento que desenvolve a Lei de estradas de Galiza, adaptado ao noso territorio, para xestionar a súa rede autonómica de estradas.

Neste documento clarifícanse, e concrétanse, algúns dos aspectos da lei que foi aprobada en xullo do ano 2013, onde se contempla, tamén, todo o referente ao financiamento das estradas de titularidade autonómica.

O novo regulamento consagra o uso gratuíto das vías da Xunta, agás se se establece unha taxa polo seu uso. A normativa estatal abre a porta á posibilidade excepcional de impoñer taxas polo uso, e a Comisión Europea recomenda que os textos legais sexan o suficientemente xenéricos para que non se peche a porta ás novas fórmulas. Neste caso, falan de financiamento das propias infraestruturas, pois cada vez son máis avultados os presupostos públicos que se dedican ao mantemento das propias vías.

O regulamento desenvolve a capacidade do Goberno galego para eliminar ou rebaixar peaxes con limitacións que impón a Lei de concesións, e que obriga á compensación automática á adjudicataria da concesión, pois a Administración é responsable indirecta do equilibrio financeiro destes negocios, disque.

Esta posibilidade non estaba contemplada normativamente, e naqueles treitos das estradas onde se establece un pagamento de peaxe ou taxa polo seu uso, a Administración poderá establecer medidas ou procedementos compensatorios. Tamén incluso anular o pagamento directo da persoa usuaria, o que supón unha mellora no desenvolvemento da área ou comarca na maioría dos casos onde hai tarifas moi elevadas.

E, bueno, traemos hoxe a este pleno, cando estamos rematando a segunda lexislatura da era Feijóo –e non quería deixar de traela aquí, ao propio pleno–, o que é a política de autoestradas da Xunta de Galiza. E falamos –sempre se anuncia con moito autobombo, cando falamos das estradas autonómicas, a AG-55, entre A Coruña e Carballo, ou a AG-57, de Val Miñor–, fálase das reducións que se levan facendo nos últimos tempos, incluso dos descontos, incluso se nos puntualiza a cantidade exacta.

Sempre presumen que son as máis baratas do Estado, parece que esquece –e non me cansarei de repetilo– que Galiza é o país que ten o nivel de vida máis baixo, e falamos de salarios dun 12 % con respecto ao Estado. Estes son datos do INE, que foron publicados recentemente, a finais do mes de xuño.

Falando da autopista que vai da Coruña a Carballo, foi unha peaxe que nun principio non estaba incluída, que se puxo ao ano de inaugurarse, e que supón un freo para o desenvolvemento

mento metropolitano e a área económica da Coruña, da Costa da Morte. Nos últimos tempos, si é certo que se levan manifestado diferentes gobernos locais sobre a supresión das taxas de peaxe. Incluso o propio Concello da Coruña, recentemente, presentou instar a Xunta á eliminación da peaxe, e incluso a Deputación da Coruña tamén fixo o mesmo. Incluso houbo algún alcalde do Partido Popular que, neste tempo, tamén se apuntou ao tema de reivindicar a anulación da propia taxa.

Tamén comentar que neste último tempo –aínda que non é autoestrada– se vén de inaugurar a autovía da Costa da Morte, que de 45 quilómetros iniciais, pasamos a 27 despois de oito anos.

Tamén cando falamos, por exemplo, da autopista AP-53, que ten, por así dicir, un tráfico bastante irregular, sobre todo, tamén, polo tema da peaxe, que é unha das máis elevadas do conxunto do Estado. E falamos, sobre todo, cando a cifra de usuarias e usuarios cae en picado no quilómetro 37, despois de pasar a peaxe de Silleda, antes do polígono industrial de Lalín, e que despois si se ve incrementado en dirección cara a Ourense. Cando falamos dunha autoestrada que, bueno, viña vertebrar o que ía ser o centro ou o corazón de Galiza.

E, claro, evidentemente, nas datas que estamos, e despois da nova que soubemos onte, tampouco vou deixar de comentar o interese que hai por parte dun fondo de investimento para adquirir o que é a concesión da AP-9, de Globalvia, que estamos falando de fondos de investimento estranxeiros, o USS, OPTrust e PGGM, que presentaron unha carta de interese, e agora mesmo estamos falando de cifras económicas entre 1.000 millóns e incluso pode chegar a 1.500 millóns. Aínda que tamén ten unha débeda, 3.000 millóns, que está refinanciada.

E estamos falando dunha entidade estranxeira que pon os ollos nunha autoestrada que segue sendo, parece ser, unha mina de ouro, estamos falando tamén nos últimos tempos dun pequeno repunte do tráfico, e tamén parece ser que é moi atractiva polos anos que dura esta concesión –todavía nos quedan 34 anos– e pola propia evolución da inflación. Estamos falando dunha participación que sería comprada a Abanca, que ten un 23,8, a Sacyr un 15,5 e Liberbank. Por outro lado, falamos da norteamericana Corsair, na que está, incluso, incluída Kutxabank.

Entón temos esa pequena traba. Si que é certo que ao señor Feijóo non se lle enchía, xa dende o ano 2013, que era si el pedía a transferencia, mais a día de hoxe todavía non temos nada. O pasado 15 de marzo o propio Parlamento galego aprobaba o ditame da Comisión de Ordenación Territorial para reclamar a transferencia da titularidade da competencia da AP-9 do Estado á Xunta, e que foi remitido ao Congreso dos Deputados e das Deputadas, Isto, evidentemente, vai tardar un tempo, falamos de dous ou tres anos.

Tamén, sobre a autoestrada, eu creo que xa está practicamente falado case todo, pero si seguir lembrando que segue sendo un atraco, creo que está máis que amortizada, e á parte tampouco ofrece os servizos polos que hai que pagar, iso é bastante importante.

E, desgraciadamente –porque nunca houbo unha aposta seria pola vertebración territorial, nin unha preocupación pola comunicación no territorio galego, sexa dentro e cara fóra–,

segue a ser a vía de comunicación máis importante que ten a nosa terra, e parece ser que Fomento non a quere deixar, porque parece ser que é unha vía de comunicación internacional. Esa é unha da escusa, pero eu creo que segue sendo unha falta de interese político por parte do Goberno da Xunta.

Bueno, tampouco falemos do que son as autovías de peaxe encuberto, que incluso a Xunta, que tivo que pagar, lles tivo que facer unha inxección; agora volven superar o tráfico, polo que a Xunta se viu obrigada, cando tivo un descenso a, en certa maneira, compensalos.

Entón, por todo isto, a pregunta de que propósitos de actuación ten o Executivo galego no tocante á política de peaxe nas autoestrada galegas, e se está prevista a eliminación da peaxe de competencia autonómica nas autoestradas que mencionei.

E das futuras autoestradas, ¿que cronograma habería en caso afirmativo?, ¿que van facer coa transferencia da AP-9? Eu creo que é importantísimo que a Xunta se faga co control desta autoestrada.

E, se van garantir a igualdade de condicións e comunicacións nas vías galegas a toda a poboación, ¿cal é a alternativa de financiamento? Se non se cobra peaxe e se, realmente, o Goberno galego vai apostar polo transporte público por estrada e intermodal.

Vale, de momento nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Ten agora a palabra a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señorías, boa tarde.

Como ben dicía vostede, o pasado 20 de xuño publicábase no *Diario Oficial de Galicia* o novo Regulamento xeral de estradas de Galicia, que dota a comunidade, que dota a Galicia, dun novo marco normativo completo en materia de infraestruturas viarias.

É un regulamento que xorde da necesidade de que contemos cun novo marco normativo para poder prestar máis atención ao ámbito da xestión pública, como son as estradas, porque as estradas teñen, directamente, moita importancia na calidade de vida dos nosos veciños, pero tamén no desenvolvemento económico e social de Galicia.

Por ese motivo, xunto coa Lei de estradas, dotan a Galicia dun sólido corpo normativo propio adaptado á realidade galega, para ofrecer unha mellor xestión da nosa rede de estradas, de titularidade da Xunta de Galicia, titularidade autonómica e tamén das entidades locais. Un regulamento que reforza a seguridade xurídica dos nosos cidadáns, mediante o establecemento de criterios obxectivos, e tamén procedementos regrados, fomentando a transparencia. Tamén se avanza nunha maior coordinación entre as diferentes administracións, das diferentes que teñen titularidade de estradas, e tamén nunha xestión máis acorde coa realidade territorial galega.

Un regulamento de estradas que se centra en tres obxectivos: o primeiro, atender as singularidades de Galicia. Sabe vostede a dispersión dos núcleos de poboación, a existencia dos núcleos rurais, os grandes quilómetros que temos de travesías e tamén a densidade de rede de estradas que temos en Galicia. O segundo obxectivo é ter unha ferramenta que asegure a adecuada xestión do dominio público. E, terceiro, salvagardar os intereses da cidadanía nas súas relacións coas administracións, regulación detallada, procedementos detallados, e tamén fomentando a transparencia, maior transparencia para asegurar e salvagardar os intereses da cidadanía.

E un fito importante, señora Fernández: é a primeira vez que Galicia conta cun Regulamento de estradas propio, o primeiro Regulamento de estradas propio en Galicia. Polo tanto, deixamos de aplicar xa o Regulamento do Estado, que non atende ás singularidades propias da nosa comunidade autónoma, porque ao ter en conta as peculiaridades do territorio galego vamos permitir dende logo facer unha mellor xestión, unha mellor xestión da rede de estradas, adecuada ás necesidades dos nosos veciños, adecuada ás necesidades dos galegos e das galegas. Eu póño-lle un exemplo: o Regulamento de estradas do Estado non tiña en conta a existencia dos núcleos rurais, o noso si; importantísimo en Galicia.

Pero tamén este Regulamento xeral de estradas de Galicia recolle cuestións de grande interese, por suposto que si, que é a posibilidade de rebaixar ou eliminar as peaxes que están aboando os usuarios pola utilización das estradas. O capítulo II do título III é así de claro «Financiamento das actuacións levado a cabo en materia de estradas»: con carácter xeral as vías da Xunta de Galicia serán gratuítas para o usuario. O artigo 75.2, podemos lelo todos, di que o regulamento vén reforzar a práctica habitual deste goberno, da Xunta de Galicia, en canto ás peaxes de autovía. Recolle explicitamente medidas ou procedementos para reducir ou eliminar os pagamentos das peaxes.

Señoría, os números non enganan, non enganan a ninguén, e este goberno conseguiu avances sen precedentes en plena recesión económica en épocas de moitas dificultades. Ao final desta lexislatura teremos aumentado nun 66 % as vías de altas prestacións. Máis de douscentos novos quilómetros de vías de altas prestacións, e nin un só quilómetro con peaxe, os douscentos quilómetros libres de peaxe.

Podo darlle dende logo máis datos, porque este goberno foi o primeiro, e o único, por suposto, en implantar bonificacións de peaxe aos usuarios. Dende o ano 2009, os galegos e as galegas aforrámonos máis de 246 millóns de euros grazas a esas políticas de bonificación das peaxes, e seguiremos apostando por facer autovías libres de peaxe. A autovía da Costa da Morte, este mesmo mes en servizo e, por suposto, libre de peaxe; a autovía do Morrazo, libre de peaxe, están en execución o treito 1 e o treito 2, e tamén impulsaremos este mesmo ano o treito 3. Dúas autovías executadas por distintos mecanismos de contratación; sabe que unha é concesión, outra vía orzamentaria. Pero que son posibles grazas á determinación deste goberno e, por suposto, que grazas á capacidade dos funcionarios, que quero aproveitar para agradecerlle todo o seu traballo. (Aplausos.) E todo a pesar dos paus que algúns grupos políticos poñen ás rodas.

A nosa aposta é a execución destas vías de altas prestacións, destas novas autovías, por vía orzamentaria. É o modelo polo que apostamos para o futuro e polo que apostamos dende o Goberno

galego. O certo é que o sistema concesional dende logo que puido adiantar a execución de moitas infraestruturas viarias, pero a nosa aposta é construír infraestruturas libres de peaxes e facer o que podemos pagar. Porque consideramos que o modelo concesional está esgotado e a maior garantía para facer as autoestradas e as autovías e as vías de altas prestacións é a vía orzamentaria.

En canto ás autoestradas A Coruña-Carballo, AG-55, e Puxeiros-Val Miñor, AG-57, como dicía vostede, construíuse mediante concesión e cobro ao usuario. Mais hoxe grazas ás bonificacións deste goberno, por suposto que ten as tarifas máis baixas de España. Non sei se lle molesta a vostede, pero é algo que é evidente, que é certo e que temos que dicilo, porque este goberno foi o primeiro e o único en implantar bonificacións no ano 2010. Estas permitiron aforros aos usuarios, aos galegos e ás galegas, que usaron esas dúas autoestradas de 2,5 millóns de euros e deixámolo blindado ata o ano 2019, para que sigan desfrutando de bonificacións das peaxes; ata o ano 2019 investindo 2,4 millóns de euros máis para que poidan desfrutar desas bonificacións.

Ademais destas bonificacións, nos últimos tres anos conxeláronse as tarifas, máis aínda no ano 2017, e nalgúns treitos baixaron. Polo tanto, o primeiro Goberno que foi este en conxelar e incluso baixar as peaxes das autoestradas autonómicas da AG-55 e AG-57.

En canto á AP-9, sabe que esta é de titularidade estatal, e nestes momentos correspóndelle ao Ministerio de Fomento a súa xestión, a viabilidade do seu rescate. En calquera caso, no Goberno galego sempre demostramos interese e gran preocupación pola AP-9, polo seu funcionamento e, por suposto, por esta AP-9, porque vertebra a fachada atlántica da comunidade, conecta cinco das sete grandes cidades e, polo tanto, conecta o 60 % da poboación galega. Por iso mantemos unha política activa na AP-9, demandando de forma continua, de forma insistente a mellora da prestación do servizo, a calidade do servizo, e defendendo nos foros que corresponden para facer viable a transferencia da AP-9. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Transferencia da AP-9 que consideramos posible e necesaria; necesaria porque consideramos que a xestión pode ser máis directa, polo tanto, unha xestión próxima á realidade galega, para ofrecer un maior e un mellor servizo.

Témolo manifestado en moitísimas ocasións, deixámolo claro na Comisión Mixta de Transferencias, deixámolo claro alegando ao Plan de infraestruturas, transporte e vivenda do Ministerio de Fomento, e deixámolo claro alegando tamén á Lei de estradas estatal do ano 2015. E todos os grupos políticos tamén nesta cámara, e apoiado polo grupo parlamentario que dá soporte ao Goberno galego, por unanimidade, todos aprobaron esa Proposición de lei de transferencia da AP-9.

E non lle caiba dúbida, señora Fernández, de que dende o Goberno galego seguiremos a traballar por velar polo bo funcionamento da AP-9 e tamén por asumir esa competencia dende a Xunta de Galicia, e así poder estudar diferentes mecanismos de abaratamento das tarifas e tamén da calidade do servizo. Mentres, seguiremos defendendo, por suposto, a optimización das peaxes e que se apliquen peaxes aí onde haxa marxe.

E preguntaba vostede moi ao final sobre o transporte público. Por suposto que apostamos decididamente polo transporte público. Ningún goberno eu diría que con tanta contundencia.

O Plan de transporte metropolitano, xa en cinco das sete grandes cidades en marcha, en breve serán seis –xustamente a semana pasada Vigo incorporábase a ese Plan de transporte metropolitano, que xa estaba a funcionar en doce concellos na área–, permitirá polo tanto aforros aos usuarios de transporte público de 1.000 euros ao ano. Este mesmo verán, Ourense.

Polo tanto, estamos tamén a impulsar as estacións intermodais, a traballar nos proxectos na parte que nos toca, que son as terminais de autobuses, e os fondos están garantidos. Os fondos están garantidos porque hai xestión, porque hai implicación apostando polo que cremos que é bo para Galicia. Porque a nós non nos pasa como a algún alcalde das Mareas de Podemos, que non entende a estación intermodal como boa para os seus veciños nin para a súa cidade. Nós, dende a Xunta de Galicia, por suposto que entendemos que as estacións intermodais son claves para Galicia, son claves para a área metropolitana e son claves para os veciños da cidade que as acolle.

Traballaremos decididamente por dar alternativas de mobilidade aos galegos, que para iso traballamos; alternativas de mobilidade máis rendibles, máis sostibles, en detrimento da utilización do vehículo particular.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: «Nada novo baixo o sol» –dise–. Vou marchar desta sesión plenaria realmente sen levar case contestado todas as formulacións que facía.

E ¿cal é o propósito de actuación que ten o Executivo no tocante á política de peaxes das autoestradas galegas? Volvo repetir e, de feito, xa o incluí na miña primeira exposición: sei que hai descontos, pero tamén sabe que Galiza ten unhas peculiaridades que non ten nin Madrid nin País Vasco nin Cataluña, por exemplo. Aínda así, paréceme moi grave o feito de que teñamos que usar case unha vía, que non hai demasiada alternativa, para ir traballar ou para ir estudar, e que nos graven por iso. Supoño que vostede como conselleira de Infraestruturas que é, que ten esa responsabilidade, sabe que en moitos países de Europa, á parte de que moitos non teñen taxas de peaxes, outros teñen unhas taxas moi específicas, pero incluso naqueles que non hai taxas ao mellor si que hai que pagar puntualmente por certa viaxe que non é por obrigación. Entón, si que me parece bastante grave. Aínda por riba para ir traballar, para facer un servizo, para poder dar vida, sobre todo, a nivel económico e social, pois aínda por riba gravamos, penalizamos.

E vese que o Goberno galego segue sendo súbdito en Madrid. Din esta expresión de «querer é poder», pois non, porque non é só ter intención, hai que demostralo. Pasaron uns cantos anos e realmente non se fixo realidade. E paréceme increíble porque quedamos supeditados ou como vasalos de intereses estranxeiros que só se van vir aquí lucrar. E moito me temo que á parte de non eliminar a peaxe da AP-9, pois, seguramente, van incrementar o seu prezo. Non sei cantas veces teremos que pagar iso.

E despois referente ao número de vías que fixeron, pois si, paréceme ben. Pero eu creo que tamén Galiza vai, máis que dicir con anos de atraso, con décadas de atraso con respecto a outros puntos. Entón, claro, agora ao mellor vén todo de súpeto.

E tamén nomear que o mérito non é mérito, é unha obrigaición dun goberno que leva practicamente máis de trinta anos no poder. Máis que mérito, é unha obrigaición. Están vostedes aí para gobernar para as galegas e para os galegos.

Vai quedar pendente o da AP-9, non sei para cando o veremos. Neste goberno que está re-matando, nesta segunda lexislatura, non.

Despois, de garantir a igualdade de condicións e comunicacións nas vías galegas a toda a poboación, pois de momento non, e tampouco se ve de cara ao futuro inmediato unha transformación da sociedade.

Sigo botando moito en falta políticas serias, investimentos serios sobre o transporte público. Aínda parece que está vetado falar doutro tipo de transporte, o transporte ferroviario. Paréceme increíble que practicamente dentro do territorio galego esteamos incomunicados, e practicamente as maiores comunicacións por frecuencia sexan para fóra. Non sei se iso é unha indirecta de que nos temos que ir buscar a vida fóra, porque aquí está bastante negra.

E despois non me comentou nada sobre a alternativa ao financiamento se non se cobra peaxe. Paréceme non sei se dicir incluso escandaloso sobre as porcentaxes que levan as empresas, que levan a AG-11, a do Salnés, a AG-41 e a de Celanova, AG-31. Bueno, as cifras das que se fala no informe e do que nos custa a todas as galegas e os galegos son bastante escandalosas; sobre todo, en ter que pagar ese tipo compensacións a este tipo de empresas.

E sobre o último, transporte público por estrada. Realmente, na práctica, é o único que interesa, que é favorecer –eu supoño que son as empresas dos amigos construtores– moitas estradas. Así que temos que mirar cara ao futuro. Creo que Galiza ten un gran potencial, que no día de hoxe aínda non se soubo explotar. Parece ser que ás veces incluso hai que ir fóra para dar mérito ao que temos dentro.

E, sobre todo, si que me gustaría a ver se nesta segunda intervención me pode aclarar un pouco máis, porque me vou ir coas dúbidas e practicamente cun folio en branco, como se fose un exame sen respostas, a este final de lexislatura.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández.

Rolda de peche, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Fernández, ao escoitar a súa intervención, eu creo que hai algo que obvia dende logo que polo menos a min me parece importante: temos unha alternativa á AP-9, e ademais é máis sustentable, temos o eixe atlántico, eixe atlántico que é o verdadeiro metro de superficie en Galicia e, polo tanto, unha auténtica alternativa á AP-9.

Entrando xa na materia do Regulamento xeral de estradas, que é o que nos traía hoxe aquí, a Xunta elaborou e aprobou un primeiro, o primeiro Regulamento xeral de estradas de Galicia, adaptado á realidade territorial, co convencemento de que, por suposto que o dicía vostede, non somos iguais todas as comunidades autónomas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ademais de dotar de seguridade xurídica, adaptala á realidade galega, a aposta é clara, e deixeiña clara na miña intervención: non impoñer novas peaxes consagra o uso gratuito das vías da Xunta, e alí onde existen as peaxes aposta por reducilas, por establecer medidas ou procedementos para minorar ou incluso anular o pagamento. Iso é o que di o propio Regulamento de estradas, e precisamente é o que fixemos e o que estamos a facer no Goberno da Xunta. Esta Xunta non impuxo ningunha peaxe, nestes anos de crise fixemos unha grande aposta por vertebrar Galicia con autoestradas, vías de altas prestacións libres de peaxe.

Díxeno na miña primeira intervención: incrementamos de aquí ao final da lexislatura en 210 novos quilómetros de vías de altas prestacións, todos eles libres de peaxe. E tamén as autoestradas autonómicas, a AG-55 e AG-57, importantes esforzos, bonificacións do 50 % incluso. E foi este o primeiro e único Goberno en implantar estas bonificacións, que implicaron aforros de 2,5 millóns de euros aos galegos e ás galegas que utilizaron esas autoestradas, conxelando as tarifas por terceiro ano consecutivo. E grazas a iso temos as autoestradas, competencia da Xunta de Galicia, máis baratas de España.

Dito isto, lembrarlle unha cousa: unha cousa é construír vías de peaxe e bonificar as existentes, e outra moi distinta é liberar unha peaxe rescatando unha concesión. Liberar unha peaxe supón destinar centos de millóns de euros. Non sei se a súa aposta é que esta Administración, que ten as competencias en sanidade, en educación e importantes tamén en servizos sociais, que deixe de investir neses servizos básicos para destinar a rescatar unha concesión. Nós, dende logo, aos servizos públicos esenciais non lles imos sacar ningún peso máis. ¿Sabe vostede, por exemplo –que non me preguntou–, o que supón rescatar a AG-55 e a AG-57? Pois son 235 millóns de euros o que supón o rescate desas dúas autoestradas. Non sei cal é a súa aposta, pero, dende logo, eu teño moi claro que para meter nun sitio hai que sacar do outro. Entón, ¿cal é a súa aposta?, ¿de onde sacamos os 235 millóns de euros?

En calquera caso, en relación coa AP-9, eu creo que o interese inequívoco da Xunta de Galicia por asumir a titularidade é incuestionable; seguiremos traballando por iso, pois pensamos que é xuridicamente posible. Pensamos que é o mellor para o país, e por iso seguímolo reclamando, porque ademais en Galicia só temos unha AP-9, e por iso podemos centrarnos nesa AP-9, en España para o Ministerio hai vinte e seis AP-9. En calquera caso, velaremos por un mellor funcionamento, cunha política activa para a AP-9, e tamén solicitando a igualdade de oportunidades coa igualdade das peaxes.

En canto á mellora da mobilidade, eu fixen na miña primeira intervención unha aposta clara pola promoción do transporte público e pola intermodalidade. O Plan de transporte metropolitano non sei se se decatou, pero é un auténtico plan social que permitiu aforros importantísimos aos veciños das áreas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo e Vigo. Estamos a falar de aforros dende que se implantou de 45,5 millóns de euros aos usuarios que utilizaron o transporte público nesas áreas onde o temos implantado. E ímolo reforzar cunha nova medida social: transporte gratuíto interurbano aos menores de 18 anos, a tarxeta metropolitana de Galicia de xente nova, con 2 millóns de euros máis.

Nas estacións intermodais –eu creo que non hai xa dúbida–, transporte público máis moderno, máis sustentable e máis ordenado. Unha aposta clara polas estacións intermodais para intercambio de transportes áxiles e seguros.

Eu quero resumir –e pecho xa, non me estendo máis–. Creo que a política deste goberno en materia de peaxes está absolutamente clara: bonificacións en plena crise económica, que supuxeron aforro de 145 millóns de euros aos usuarios que teñen a obriga de empregar as autoestradas; máis de douscentos novos quilómetros de vías de altas prestacións, todos libres de peaxe en plena crise económica; e ofrecer un transporte público de calidade, con aforros aos usuarios de máis de 45 millóns de euros dende que se implantou. Iso creo que é unha clara aposta sen precedentes por parte deste Goberno galego.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pasamos ao punto oitavo da orde do día, que se corresponde co de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a finalidade das subvencións convocadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 120, do 27 de xuño, para concellos de menos de dez mil habitantes e asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María Soledad Soneira Tajés, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a Xunta de Galicia levou a cabo unha modificación de créditos, cuxa información nos acaba de facilitar o Parlamento nestes días, por un importe total de 5 millóns de euros. Traspasaron vostedes dunha partida que se chamaba «Imprevistos e funcións non clasificadas», en Presidencia, a outra partida de «Administración local». E repartiron vostedes esa partida en 2 millóns para «Melloras de infraestruturas e equipamentos municipais» e 3 millóns para «Actuacións en asociacións veciñais». Iso está amparado por dúas ordes que firma vostede, que curiosamente establecen que se fan en concorrencia non competitiva para concellos de menos de dez mil habitantes e para as asociacións, federacións, unións de veciños, etc.

A nosa pregunta di literalmente: ¿que finalidade política perseguen estas subvencións? Porque, primeiro, é en concorrencia non competitiva, dan vostedes un mes de prazo, no mes de xullo. Significa iso que é un mes onde moitos profesionais xa colleron as vacacións, concellos de menos de dez mil habitantes que non teñen a infraestrutura necesaria en moitos casos para a redacción de proxectos. E débolle confesar unha cousa: un dos que me chamou para que preguntara por isto foi un alcalde seu. Porque o que me dicía era: é que aquí na Xunta hai alcaldes meus e hai outros que son *míos míos*; é dicir, os que están avisados terán os proxectos a tempo, presentaranos nese prazo, e quedarán fóra todos os da oposición evidentemente –que non sabían nada desta cousa que sacou vostede– e algúns que non son *suyos suyos*.

E despois están os fondos destinados ás asociacións de veciños. E ademais vostede, señor Rueda, neste caso distribúe os 3 millóns nunha repartición provincial, que lle dedica á Coruña, 950.000 euros; a Lugo, 500.000; a Ourense, 500.000; e –o curioso– a Pontevedra, 1.050.000 euros. Será porque é a súa circunscrición electoral, será porque alí está a *bicha* política –enténdese– que vostede necesita controlar por vías interpostas, léase asociacións de veciños «domesticadas» –entre comiñas–, próximas ao poder, facilmente controlables, para facer oposición desde fóra e o que non se pode facer ou non se sabe facer desde dentro das institucións.

Señor Rueda, a nosa pregunta vai por aí: ¿que finalidade política persegue que se saque esta orde en plenas vacacións para moitos despachos profesionais, en concorrencia non competitiva e primando ademais en lugar dos concellos, que son...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora SONEIRA TAJES: ...os lexítimos representantes dos cidadáns, entidades lexítimas, evidentemente, pero, neste caso, qué quere que lle diga, cos antecedentes que ten o seu partido pois son un pouco sospeitosas?

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Soneira, mire, é o último Pleno da lexislatura, é a última pregunta que me pode vostede facer, entón vou pensar que a fai a título informativo e volve dar información obxectiva.

E a primeira información obxectiva que teño que dar é que debe de haber alcaldes socialistas que son meus e non seus, porque sendo por concorrencia non competitiva, dos primeiros que pediron son alcaldes socialistas. Fíxese vostede, debe de ser que me preguntan a min e non lle preguntan a vostede. Se é por iso fíxese que curioso que das primeiras solicitudes que houbo foron de concellos gobernados polo Partido Socialista, co cal ese primeiro argumento cáeselle.

Pregúntame vostede que finalidade política teñen. Supoño que leu a orde –ou ao mellor non–, se me permite, eu voulle ler o obxecto que está nas dúas ordes de subvención, no caso dos concellos e axudas específicas para «investimentos destinados aos concellos de Galicia para a mellora de infraestruturas e equipamentos coa finalidade de contribuír á mellora da calidade da vida local» –esta para concellos–. E respecto a asociacións veciñais, «axudas específicas para investimentos destinados ás asociacións veciñais de Galicia coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal». Esta é a finalidade política; loxicamente todos os gobernos actúan cunha finalidade política e esta é a finalidade política destas subvencións.

Pero para todo o mundo, a razón de que sexan non competitivas é precisamente para que non haxa outro criterio, que é que se vaian pedindo. ¿Anuncios? Todos os do mundo. Á parte de do DOG fixéronse dúas roldas de prensa, aínda están en prazo as asociacións veciñais para pedilo. Ou sexa, que calquera que teña interese, supoño que despois de tres semanas o que non teña polo menos pedido ou solicitado información é que non ten interese en pedila, vai poder acceder a unha subvención, señora Soneira. Eu non sei de que cor son cada unha das asociacións veciñais que poden pedila.

Pódolle dicir unha cousa, que me preguntaba por que en Pontevedra hai unha cantidade un pouco maior que a da Coruña. Porque hai máis asociacións veciñais. É que isto vai por censo. Se lera a orde vería que pedimos estar inscritas no censo da Xunta de Galicia, e resulta que se respectan escrupulosamente as porcentaxes de asociacións veciñais que hai en cada provincia, e en función diso distribúense os fondos. En Pontevedra –fíxese tamén que casualidade– supoño que estarán especialmente agradecidos porque a Deputación de Pontevedra –joh!, casualidade este ano, supoño que a Deputación de Pontevedra e a súa presidenta si que pensan que as asociacións veciñais non deben ser moito da súa cor– suprimiu absolutamente o Plan de acción comunitaria. Xa non hai ningún tipo de subvención para ningún tipo de asociación veciñal, todo vai a cargo dos concellos, a Deputación non está nin para iso; non está nin para axudas aos temporais, nin para axudas a asociacións sen ánimo de lucro de carácter social, non está para nada. Polo tanto, a estas se hai que atendela que as atendan os concellos, eles non dan nada.

Pedíronnos moitas tamén do Partido Socialista –supoño que tampouco controladas por vostedes, senón tamén lle contarían– que fagamos algo para que poidan ter algún tipo de axuda porque se non non poden facer moitas cousas.

Pregúntame de onde veñen os cartos. Moi fácil tamén. Efectivamente, houbo que facer unha modificación orzamentaria, do superávit de responsabilidade que vén de cumprir o déficit público, que vén de ter as contas públicas saneadas, e agora podemos facer estas cousas. Supoño que en autonomías gobernadas polo Partido Socialista isto non o poderán facer, lamentoo moito, ter levado ben os cartos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: Mire, señor Rueda, como a vostedes lles mentan a *bicha* e entran como foguetes, que se diría. Claro, ou Andalucía, ou Abel Caballero e Carmela Silva, en Pontevedra, é unha cousa...

Pero vamos ver, señor conselleiro, se é en concorrencia non competitiva, ¿por que compatibilizamos por provincias? Porque que haxa maior número non significa que pidan máis, nin significa que teñan os proxectos, ou poida que signifique que non teñen esa necesidade. Porque se hai máis necesidades, poñamos por caso en Ourense ou en Lugo –tal e como vostede as sacou–, teñen un orzamento moito menor e ao mellor teñen que quedar fóra, porque se esgotou a partida, asociacións, colectivos e concellos que teñen máis necesidade, e resérvase para outras que non o piden, ¿cal é a razón?

Claro, vostede fala aquí de que a Deputación de Pontevedra non abordou os danos por temporais. ¡Oia!, esa é unha competencia súa. Si, e pedíaa o señor Feijóo cando estaba na oposición, literalmente reclamábao na prensa dicindo que era unha competencia da Xunta, que non era dos concellos, porque é de Augas de Galicia o abandono absoluto no que están. E vostedes aproveitan esta orde no mes de xullo para... porque é un criterio, eu xa sei o que pon o papel –e tampouco son tan ilusa que pense que vostede que me vai contar as razóns ocultas–, pero eu xa teño a experiencia da asociación Xesteira. Aínda que vostedes nos reivindicán os gobernos Fraga, un tal Rogelio Aramburu, delegado de Agricultura na provincia da Coruña, na Costa da Morte montou este mesmo dispositivo, porque como alí vostedes non ganaban en case ningún concello querían gobernar incluso desde as comisións de festas e dábanlles subvencións. Señor Rueda, comprenderá que –¿como se di?– o gato mollado... –¿como é o conto?– queimado, a auga fría bótalle medo, ¿non? Pois ¿que quere que lle diga?

E vostede, que é un señor intelixente, moi intelixente, vostede non dá puntada sen fío. Polo tanto, mentámoslle a provincia de Pontevedra e salta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SONEIRA TAJES: E vostede saca estas ordes porque as saca.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora SONEIRA TAJES: Vostede non me vai contar aquí nin recoñecelo para que quede nas actas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

A señora SONEIRA TAJES: ...a intencionalidade política de fondo, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Soneira.

Rolda de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Soneira, entón ¿que hai que facer? Cando unha asociación veciñal pida unha subvención, ¿eu preguntolle se é favorable ao Partido Socialista?, ¿se son amigos seus? E entón

non lle dou nada, porque como esta orde é só para os do PP non lle podemos dar nada. Entón, ¿hai que preguntar a afiliación política de cada asociación veciñal? ¿Non hai que fixarse polo criterio máis obxectivo que é a orde de petición? ¿Preguntámoslles entón de quen veñen sendo, que é o que vostede está suxerindo –supoño que se tivera oportunidade o faría–, e se son do Partido Socialista non lle damos absolutamente nada? Pódoo facer e cando protesten dígolles: oian, a señora Soneira fíxome unha pregunta no Parlamento e díxome que había que facelo así, porque isto está feito sen dar puntada sen fío –como vostede di– e, polo tanto, só é para os do PP. ¿Dáse conta vostede da incongruencia que está facendo? Se quere fágoo e cando protesten remíttollos a vostede e dígolles –como vostede aquí utilizou esta linguaxe– que dos que son amigos si e dos que non son amigos non.

¿Dáse conta, señora Soneira, de que se fixeramos isto –que supoño que é o que farían vostedes– pois resulta que non habería obxectividade? Eu poderíalle dicir que cando cheguei á consellería no ano 2009 me encontrei con que o 70 % das subvencións da miña consellería ía para o 30 % dos concellos socialistas, e o 70 % dos concellos do PP só tiñan o 30 % das subvencións. Podería telos suprimido segundo o criterio seu, pero non, respectámolo, porque eu partín da base de que vostedes estas cousas non eran capaces de facelas. Agora vexo que si, que, efectivamente, as subvencións se dan pensando na cor de cada un.

Mire, señora Soneira, se fixeramos isto, os concellos afectados polo temporal tampouco terían axudas. Vostede di que isto é competencia da Xunta de Galicia. ¿Pero de onde saca iso? Por certo, non falei do señor Abel Caballero, falou vostede. Podería falar, é o que di que as asociacións veciñais non valen absolutamente para nada e que hai que suprimirlles as subvencións. E suprimíullelas, ¡abofé que o fixo! Non teñen as asociacións veciñais, salvo algunha que é claramente partidaria do señor Abel Caballero, ningunha subvención en Vigo; suprimíronse todas. A Federación das asociacións veciñais en Vigo non ten ningunha subvención. Era un movemento potentísimo, pero, como non eran afíns ao señor alcalde de Vigo, desapareceron as subvencións; non hai ningunha agora mesmo. Supoño que pedirán, e terei que verlles tamén o carné, preguntarlles, e, se algunha é afín ao señor Abel Caballero, ¿non darlle nada? Esa é a súa teoría, iso é o que facían vostedes, e, vendo a porcentaxe coa que eu me atopei cando cheguei á Consellería, empezo a pensar que si. Agora me explico moitas cousas de cando facían as subvencións como as repartían vostedes. (*Murmurios.*)

Nós non imos facer iso, señora Soneira. Pedimos uns requisitos, que eran: menos de 10.000 habitantes, non recibir máis de 20.000 euros do Fondo de Compensación Ambiental e cumprir, iso si –porque, se non, isto sería unha broma–, unha serie de requisitos fiscais para acreditar que aqueles concellos que teñan unhas contas saneadas poidan acceder a subvencións. Os outros, sexan do PP, sexan do Partido Socialista, sexan doutro partido, pois non poderán. Se empezamos a buscar criterios políticos, empezaremos a asemellarnos ao que farían vostedes, por iso probablemente estean na oposición –xa levan uns anos– e nós estamos no Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a Noela Blanco Rodríguez e catro deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación das negociacións co Ministerio de Facenda para dotar dun local de titularidade pública o Ateneo de Ourense

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Boa tarde tamén á directiva do Ateneo de Ourense que hoxe nos acompaña neste hemiciclo. E tamén a aqueles que nos están seguindo a través da páxina web, aos socios e socias do Ateneo de Ourense.

Por repasar un pouco a historia do Ateneo, hai que recordar que no ano 69 o que coñecemos en Ourense como edificio da Torre era un edificio que tivo numerosos problemas urbanísticos. Derivado deses problemas urbanísticos, cedeuse á cidade a entreplanta do edificio da Torre, onde se asentou esta entidade; unha entidade que se puxo en marcha nun momento de declive do franquismo, nun momento que foi para a cidade, que foi para a nosa provincia, un reduto para debater en liberdade, un reduto de tolerancia.

O Ateneo de Ourense fixo, entre outras moitas cousas, de catalizador no ano 1974 –e a min gústame recordalo sempre–; foi un movemento catalizador da sociedade civil ourensá para impedir que se instalara una celulosa na miña cidade. Unha celulosa que podería hoxe ter os mesmos problemas que a da ría de Pontevedra se non fora polo fincapé e polo traballo que se fixo entre aquelas paredes. Este é un espazo onde escritores insignes da nosa cultura como Risco ou Blanco Amor estiveron alí; un Blanco Amor que lía, segundo me confesaron hai pouco algúns membros do Ateneo, unha obra tan insigne da nosa cultura como *A esmorga*, un Blanco Amor que confesaba a algún dos seus membros o que daquela aínda era un segredo, que era a súa paixón pola fotografía. Estaba tamén o señor Xaime Quesada, un insigne pintor do que temos moitas obras nesta Cámara.

Coa chegada da democracia o Ateneo seguiu exercendo a súa función, unha función importantísima. Alí reuníronse as plataformas cidadás, e foi e seguiu sendo un encontro para o mundo da cultura e para a vida social e política da nosa cidade. E foino ata que en novembro de 2011 foron desafiuzados. Aquel día recórdano os membros do Ateneo con mágoa. Ese día non soamente saíron caixas desa sede, non soamente saíron caixas e mobles con documentación, ese día desafiuzouse unha parte importantísima, señor conselleiro, da vida política, da vida social e da vida cultural da cidade de Ourense neste contexto, e fíxose nun contexto de intereses urbanísticos, nun momento en que esta comunidade autónoma estaba gobernada polo Partido Popular.

Neste escenario, o pasado 9 de marzo aprobábase unha iniciativa nesta Cámara para topa solución a este problema e dotar dun local o Ateneo de Ourense...;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...unha iniciativa que foi aprobada por todos os grupos parlamentarios. Eu preguntolle, señor conselleiro: ¿en que punto se atopan as negociacións para dotar o Ateneo de Ourense dun local?

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora deputada, eu tamén me alegro de que estea connosco a directiva do Ateneo. Concordo con vostede no papel histórico que ten desenvolto esta institución, igual que outras institucións semellantes noutras cidades de España, e neste caso concreto como un foco de cultura, como un lugar de encontro social. E dicía que me alegro de que estea aquí a directiva, que nos alegamos, porque non me deixará mentir. E voulle presentar un relatorio dos feitos respecto do que vostede nos pregunta aquí.

Vostede pregúntanos aquí dando resposta, como ben dixo, a unha iniciativa impulsada polo Grupo Socialista e aprobada o 9 de marzo onde se plantexa un acordo, e vou ler literalmente o acordo. O acordo parlamentario dinos: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Hacienda do Estado español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local o Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro, garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes». Isto é o que se aprobou de xeito literal nesta Cámara.

Pois ben, esta encomenda no Parlamento leva e impulsa a que a Consellería medie ante a Administración do Estado para que o Ateneo puidese dotarse, puidese ter, un novo local, para que houbera unha cesión dun novo local.

Permítame sinalar que este acordo parlamentario aos poucos días deu xa un paso. Aos poucos días os representantes do Ateneo de Ourense solicitan por carta unha entrevista, neste caso á Consellería, que foi derivada á secretaría xeral técnica da Consellería. Esta reunión, en función das axendas, das persoas que ían participar, tivo lugar o 8 de abril. Nesa reunión, dous representantes do Ateneo trasládanlle á secretaría xeral a necesidade de espazo que necesitan para desenvolver as súas actividades. É dicir, definen as características do espazo para dar cumprimento a este acordo. Poucos días despois, a Consellería dá traslado á delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria unha carta pedíndolle e comunicándolle esta cuestión. En concreto, o 12 de abril pídesse que se plantexen aqueles locais baleiros que ten a Administración do Estado para que poidan ser usados polo Ateneo, e pídesse nese caso que haxa unha cesión. Quizais vostede xa saberá –que seguro que tamén os representantes do Ateneo xa o saben– que o 20 de abril a Consellería recibe unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunica que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que ten neste caso a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense, non dispón de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas.

Posteriormente, un día só despois deste día, o 21 de abril, por parte da Consellería, neste caso nominalmente o secretario xeral, nunha conversa telefónica, informa a directiva, as

persoas, neste caso a presidenta do Ateneo, da resposta recibida dende a Administración do Estado.

Este é o relatorio dos feitos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Estes feitos queren dicir que a Consellería deu cumprimento ao mandato parlamentario, seguiu o mandato do Parlamento e fixo a xestión pertinente ante a Administración tributaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica. Señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

«Somos conscientes da existencia de locais de titularidade pública pertencentes ao Ministerio de Facenda. É por iso, señora Blanco, polo que se di nesta emenda do Partido Popular que se negocie co Ministerio de Facenda». Estas non son palabras miñas, señor conselleiro, estas son palabras do señor Fernández naquela Comisión 4ª. Entón, unha de tres: ou o señor Fernández lle mentiu á Consellería nas negociacións que tiveron ese día ou me mentiu a min ou vostede me está mentindo hoxe a min e lles está tomando o pelo –e perdóeme a expresión– a todos os ourensáns e ourensás. Está vostede incumprindo claramente un acordo parlamentario. Non hai respecto, señor conselleiro, polos acordos que se toman nesta Cámara –non é a primeira vez que pasa–, neste Parlamento. E máis a Ourense, porque, mire, voulle recordar: neste Parlamento tomouse tamén unha decisión con respecto ao Museo Arqueolóxico de Ourense, que leva pechado décadas. Señor conselleiro, están vostedes privando a sociedade ourensá do disfrute dos seus espazos públicos, de espazos que, como lle dicía na miña primeira intervención, son un referente para todos os ourensáns e ourensás, e fano vostedes sen ningún tipo de pudor.

E vén vostede aquí dicir que cumpriron vostedes perfectamente a resolución da proposición. Por favor lle pido, señor conselleiro, que non soamente non nos tome o pelo; por favor, acabe o seu mandato sendo digno para Ourense, e dígollo así: sexa digno para a nosa cidade e devolva algo que vostedes lle arrebataron. E voulle dicir, señor conselleiro, e voulle recordar, porque lle recordo perfectamente que aquel construtor do edificio da Torre, aquel construtor moi amigo dalgúns do Partido Popular, hoxe está implicado na trama Gürtel. Aquilo non foi casualidade, señor conselleiro, aquilo foi unha complicidade que o Partido Popular permitiu, un pelotazo urbanístico que o Partido Popular permitiu. Aquí tivemos unha oportunidade de ouro para devolver algo que é dos ourensáns e das ourensás e vostede acaba de desbotalo.

Eu simplemente quero...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...agradecer aquí, na casa de todos e de todas as galegas, o traballo que a directiva do Ateneo de Ourense leva facendo durante todos estes anos e que en ningún momento parou de facelo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Pois, señora deputada, alégrome moito de ver a súa exposición, de ver o seu ton, de ver como, ante un relatorio obxectivo, con datas, duns feitos obxectivos –e estou seguro de que os señores representantes do Ateneo, da directiva do Ateneo, coñecen–, verán eles e poidamos preguntar quen ten e quen non ten razón, quen está aquí sobreactuando e quen está aquí pintando unha paisaxe que realmente non ten que ver coa realidade.

E creo que vostede, sendo do Partido Socialista e sendo de Ourense, que nos veña aquí falar de intereses urbanísticos raia un pouco o chiste. Vostede dinos: unha de tres. Eu diríalle que unha de dúas. Mire, voulle dicir, unha de dúas: xestionouse ante a Administración tributaria a dispoñibilidade duns locais. Existen locais, obviamente, pero agora hai que ver se eses locais que existen cumpren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á Consellería. Se non os cumpren, pois, señoría, non se pode poñer á disposición algo que non cumpre coas expectativas neste caso do Ateneo.

E voulle dicir outra cuestión. Poderalle gustar ou non e poderá darse conta ou non do cumprimento do mandato parlamentario, porque, claro, vostede aquí alegremente está cuestionando un proceso de negociación e de xestión entre a directiva do Ateneo, a Administración autonómica e a Administración estatal. Pois voulle dicir que a Administración autonómica, neste caso a Xunta, a consellería que eu dirixo, non só se dirixiu ao Estado, senón que se dirixiu tamén á Facenda autonómica para saber se había locais dispoñibles e coas condicións requiridas. Desgraciadamente non puido ser así. Agora, se vostede intenta, dalgún xeito, apuntarse un tanto cunha cuestión que realmente non ten ningún percorrido, pois permítame dicirlle que cada un escolle a forma de facer política que quere, pero ao final os tempos e as realidades poñen a cada un no seu sitio. E por iso dixeron que me alegraba moito de que estivese aquí a directiva do Ateneo, porque esta directiva poderá certificar se eu minto ou se vostede, ao non gustarlle a miña resposta, sobreactúa para intentar dalgún xeito cuestionar a actividade e a acción política neste caso da Xunta de Galicia.

O que si non lle podo permitir –permítame que llo diga dun xeito moi amable– é que vostede cuestione o apoio político que existe, neste caso, por parte da Xunta de Galicia, á cultura en Ourense, ou que dalgún xeito vostede intente trasladar unha responsabilidade á Administración autonómica que non é dela. Porque ao final esta consellería e esta Xunta de Galicia, con Ourense, con este goberno municipal e co anterior, tiña un compromiso claro e ten ese

compromiso claro. Co cal, señoría, eu lamento que ao final os feitos a deixen a vostede en mal lugar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e, insisto, alégrome moito de que estea aquí a directiva do Ateneo, que poderá certificar se o meu relatorio é certo ou se as súas palabras simplemente son un pouco máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da adopción dalgunha medida para resolver a situación da autoestrada AG-55, no treito A Coruña-Arteixo, e eliminar a peaxe nel para todas as persoas usuarias

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, eu tamén vou falar de peaxes, porque hai un clamor social exixindo a supresión da peaxe na AG-55, a única autoestrada autonómica, xunto coa AG-57, pola que hai que pagar peaxe.

Son moitas as razóns que xustifican esta reclamación. O tráfico que pode absorber a AG-55 é un tráfico maioritariamente de cercanías. Moitas persoas fan esta ruta a diario; incluso por razóns laborais moitas até catro veces ao día.

A AG-55 naceu como alternativa para desconxestionar as estradas convencionais, pero estas seguen saturadas porque ter que pagar peaxe é algo que a maioría non se pode permitir. Un problema, ademais, agravado pola dependencia do vehículo privado, pois o transporte público é moi deficiente. En definitiva, a peaxe fai que a AG-55 non resolva as necesidades de mobilidade das comarcas que conecta.

Outra razón é que a AG-55 de autoestrada só ten o rótulo; semella unha estrada desdoblada, con tramos nos que hai unha sucesión continua de curvas moi pechadas e fortes pendentes.

E hai unha razón máis, señora conselleira, a outra razón é a noticia que coñecemos estes días: a oferta de fondos voitre por comprar Itínere, a concesionaria da AG-55 e tamén da AP-9; unha autoestrada –esta última– totalmente amortizada, máis de 2.500 millóns de beneficios en 22 anos. E mentres os galegos pagamos peaxes abusivas, outros lúcranse con operacións especulativas, que ademais teremos que pagar todos, señora conselleira, porque

a amortización se calcula polo custo da compra, non polo custo real que tivo a construción da AP-9 e o seu mantemento.

Pero, volvendo ao tema, señora conselleira, a posta en servizo da autovía de acceso ao porto exterior da Coruña é unha razón máis para levantar a peaxe na autoestrada A Coruña-Carballo, a AG-55. Froito do convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galiza –concesionaria desta autoestrada e pertencente ao grupo Itínere–, dáse unha situación autenticamente absurda: pódese circular sen pagar peaxe entre Arteixo e o porto exterior da Coruña e á inversa, ou entre A Coruña e o porto exterior e á inversa, mais non entre Arteixo e A Coruña e á inversa.

Por iso, señora conselleira, ¿vai arbitrar algunha solución para eliminar a peaxe na AG-55? ¿Vai arbitrar algunha solución en particular para eliminar a peaxe da Pastoriza en Arteixo?

Sexa explícita na súa resposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Jorquera, eu creo que coincidirá comigo en que a apertura do vial que dá servizo ao porto exterior é unha boa nova, unha boa nova para A Coruña, unha boa nova para a comarca, para a provincia e para toda Galicia. Reforzará o potencial do porto exterior, tamén gañará operatividade e competitividade, favorecerá, polo tanto, a actividade e traerá investimentos e emprego, dende logo, a toda esta zona.

Pero eu creo que debe saber –e seguro que o sabe, estou segura– que foi deseñada polo Goberno Zapatero e respaldada polo Goberno bipartito; incluso vostede foi aliado, porque estaba no Congreso, co seu voto a ese Goberno Zapatero que apostou por ese trazado.

Porque, teño que ser sincera, a min o trazado, ese deseño ao porto exterior, non me gusta nada, pero temos que ser responsables en beneficio dos intereses. Asumimos os erros precedentes, buscamos a mellor solución, porque o certo é que non era motivo para bloquear a posta en servizo dun vial de acceso ao porto exterior que necesitaba e necesita ter operatividade. Se empezamos de cero, tamén lle digo que non elixiríamos, dende logo, ese trazado, tamén lle digo como enxeñeira.

En calquera caso, o trazado que está implica percorrer a AG-55, e non nos parecía lóxico acceder ao porto exterior pagando unha peaxe. Por iso promovemos un convenio para a posta en servizo desta infraestrutura sen peaxe para os tráfico que accederan ao porto exterior e sen custo para a Administración.

Señoría, estamos a falar dun acordo entre Xunta e Ministerio que permitiu poñer en servizo unha nova estrada rematada, un compromiso do Goberno de España de asumir esa peaxe para que os tráfico que se dirixiran ao porto exterior non pagaran peaxe. Outra cuestión é prolongar o acceso ao porto exterior cara á terceira ronda, e que sabe que se toma en fase de estudo informativo.

Eu creo que existe marxe para reflexionar, para o diálogo e, por suposto, para falar desta conexión. Sempre apostamos polo diálogo fronte a condutas irresponsables. A min non me parece responsable e non me parece unha solución exixir que se impida a posta en servizo dunha infraestrutura que dá acceso ao porto exterior.

En calquera caso, disposición de dialogar para crear, co novo Goberno, unha mesa de traballo para estudar esa viabilidade respecto da peaxe que me comentara vostede. E vexo que soamente quere a liberación da peaxe ata Pastoriza. Eu non sei se hai galegos de primeira e de segunda, porque ata Carballo, Val Miñor...

En calquera caso, ¿cal é o seu plantexamento, que non me quedou claro?: ¿quere que poñamos en servizo unha nova estrada acabada?, ¿quere deixar sen acceso o porto exterior? Se ese é o seu plantexamento, dende logo que eu non o comparto, e o que fixemos foi favorecer a entrada en servizo e libre de peaxe ao porto exterior da Coruña.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señora conselleira, conselleira é vostede, polo tanto, o que ten que quedar claro é o seu plantexamento, e da resposta non quedou en absoluto.

Mire, no debate da interpelación vostede apelou ao custo para o erario público de rescatar peaxes. Puido acordarse diso cando resolveu o contrato de concesión de obra pública entre Baio e Berdoias a medida dos intereses da concesionaria e non do interese xeral.

Pero permítame que lle dea unha serie de informacións como ex ministro de Fomento que fun.

A AG-55 naceu sen peaxe, señora conselleira. Foi un goberno do PP quen a implantou, como foi un goberno do PP quen decidiu prorrogar a concesión da AP-9 até o ano 2048, e incluso cambiou a lei para permitir operacións especulativas como as que estamos coñecendo estes días.

Por tanto, o problema creárono vostedes; compéttelles a vostedes buscar unha solución. Unha solución, primeiro, para acabar coa marxinación de Bergantiños e da Costa da Morte, señora conselleira.

Tendo unha renda, a media tiñan que pagar peaxe, mentres outras comarcas disfrutaban de autovías gratuítas para conectar coas cidades máis próximas. E, segundo, para ter un mapa

de vías de alta capacidade racional que atenda as necesidades de mobilidade e evite o despilfarro de recursos públicos.

Mire, este verán abrirase o tramo entre Carballo e Baio, un tramo exento de peaxe. ¿Ten sentido que mentres tanto siga existindo peaxe no tramo de máis tráfico, onde as estradas convencionais son travesías continuas e están saturadas de tráfico? ¿Ten sentido que Fomento proxecte prolongar a autovía de acceso ao porto exterior da Coruña até conectala coa AC-14 para evitar ter que pagar unha compensación polo uso da AG-55 cando esa prolongación ten un custo moi superior ao da supresión da peaxe da Pastoriza? ¿Non sería máis racional optimizar as infraestruturas existentes?

¿Sabe cal é a nosa posición, señora conselleira? Levantar a peaxe da Pastoriza primeiro e levantar o resto das peaxes entre Carballo e A Coruña despois.

Vostede o que ten que facer é atender a demanda social e negociar e acadar unha solución, porque esa é a súa responsabilidade mentres siga sendo conselleira, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Jorquera.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Bueno, eu reitérolle que estamos abertos a analizar e a dialogar o que propón vostede, que tamén é o que demanda o alcalde de Arteixo, e reitérolle que, co novo Goberno, por suposto que traballaremos para crear unha comisión, un grupo de traballo, cos informes técnicos correspondentes, porque é como se fan as cousas, para liberar a peaxe, para minimizar os custos da peaxe.

En calquera caso, eu creo que compartirá comigo que a liberación da peaxe da AG-55 non se libera dándolle a un botón; se non, teríano feito vostedes durante o Bipartito, digo eu. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Creo que non se libera dándolle a un botón.

En calquera caso, os debates son lexítimos, positivos, cando se fan con rigor, sabendo canto custan as cousas e de onde saen os cartos. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu creo que non se pode mesturar a apertura dunha obra de interese xeral, como é o acceso ao porto exterior, co feito de que a AG-55 é unha estrada de pago ao usuario. A ninguén lle gustan as peaxes. A min por suposto que non me gustan as peaxes, para nada, pero temos que ser responsables, e para facer gratis algo sabemos que hai que sacar os cartos doutro lado. E hoxe –comenteino antes, eu creo que estaba vostede e que si o escoitou– o rescate da AG-55 e da AG-57 son 235 millóns de euros. Eu non sei por que lle molesta que lle pre-

gunte. Eu estou disposta a dialogar, a falar e a admitir propostas. ¿De onde sacamos os 235 millóns de euros? Eu creo que estar aquí con ánimo de dialogar non é malo. Parece que non lle gusta, pero, bueno. En calquera caso, non o imos sacar en ningún caso nin da sanidade nin da educación nin dos servizos sociais, porque son 235 millóns de euros da Administración con esas competencias.

Falar é doado, xestionar a realidade é moitísimo máis complicado, sábeo vostede perfectamente, que o teño como un deputado moi responsable, pero tamén é certo que se o Bipartito se decatou desta cuestión, tivo catro anos para facelo tamén; o Bipartito no que estaba o seu partido, e eu vin que non deu nin un paso para liberalizar a peaxe da AG-55.

Nós apostamos por ser o primeiro e único goberno nas bonificacións. As tarifas da AG-55 son das máis baratas de España. Nos tres últimos anos conxelámolas. Eu insisto: son 235 millóns de euros, pero, en calquera caso, estaremos abertos a negociar esas posibles alternativas.

Pero, señor Jorquera, queren parecer que apostan por autoestradas libres de peaxe, pero, cando as queremos facer, bloquéanas e lévannos á Fiscalía, incluso aos funcionarios. A pesar de vostedes, faremos a autovía da Costa da Morte libre de peaxe, a pesar de que vostedes nos levaron á Fiscalía.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos danos ocasionados ao patrimonio arqueolóxico da comarca da Mariña con motivo da explotación forestal do eucalipto

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes, señor conselleiro.

Entón, si que hai galegos de primeira e de segunda, porque hai autoestradas libres de peaxe e outras polas que se ten que pagar peaxe.

Levamos moitas horas de pleno e, se cadra, estou a sufrir alucinacións. Tamén escoitei o señor vicepresidente poñer de exemplo o Partido Popular en non outorgar subvencións en función da cor política. Eu creo que xa me están afectando tantas horas aquí, porque só tería que preguntar ao señor Diego Calvo ou ao señor Louzán para ver como outorgan as subvencións.

Señor conselleiro, coincidirá comigo en que no rural galego deberían de convivir as actividades forestais e agrarias coa conservación do patrimonio e coa conservación ambiental. Para o futuro do rural, para nós, é imprescindible que iso sexa así, hai espazo para todas elas e hai espazo para que convivan.

Houbo dous colectivos, Adegas e Mariña Patrimonio, que denunciaron uns cincuenta xacementos arqueolóxicos onde se produciron danos por operacións de plantación ou corta de

eucaliptos. Isto foi despois dun traballo arduo, de tratar de conseguir da Consellería de Cultura o inventario de xacementos arqueolóxicos. Tardaron creo que meses en conseguilo, segundo me informaron, e, unha vez que conseguiron o inventario, non foi máis que consultar a través do Sigpac os xacementos onde foron feitas estas plantacións ou cortas.

Este tipo de plantacións de tipo industrial utilizan maquinaria que traballa e remove o terreo a gran profundidade e necesitan un tipo de plantacións que utilizan maquinaria pesada para a cal teñen que abrir pistas que moitas veces danan os muros e fortificacións defensivas dos castros, e outras veces tamén nas plantacións hai danos en mámoas e en diverso patrimonio arqueolóxico.

Polo tanto, como non é unha cuestión que vaia ser puntual, posto que no país hai moitos miles de hectáreas de eucalipto e hai moitos centos de xacementos arqueolóxicos, eu creo que isto non debe de tomarse como un caso illado, senón que se a Consellería de Cultura quere protexer o patrimonio neste país debe de ter claro cales son as actuacións que deben de facer para compatibilizar ambas as dúas cousas.

Polo que informan estes dous colectivos, a actitude da Consellería de Cultura non foi moi proactiva para colaborar con estes dous colectivos. Están a facer un traballo valioso, e, polo tanto, o que lle preguntamos é: ¿que está a facer a Consellería de Cultura antes estes feitos? e ¿que é o que vai facer no futuro para corrixir esta actuación, que nós consideramos que é de descoido e de falta de vontade de protexer este patrimonio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, vostede pregúntanos que vai facer o Goberno galego perante as agresións ao patrimonio arqueolóxico. Eu teño que dicirlle que o importante non é o que vai facer senón que o importante é o que está facendo, porque o Goberno galego e esta consellería, señorías, están protexendo, como é o seu deber, o patrimonio do conxunto do país. E creo que disto xa se ten constancia neste Parlamento e xa se ten informado en moitísimas ocasións do traballo que se está a desenvolver.

Mire, cando estamos diante de agresións ao noso patrimonio, ao noso patrimonio arqueolóxico, cultural, arquitectónico, actuamos. Cando se detecta, neste caso concreto, que un propietario dun ben forestal ou dun ben agrario está danando ou está actuando sen autorización patrimonial, cando ten que facelo, pois tamén actuamos, e levámolo facendo sempre.

Vostede fala da Mariña lucense. Eu voulle dar uns datos simplemente das actuacións que se teñen desenvolto na Mariña lucense para a súa información. Mire, nos últimos cinco anos

–para que teñamos unha certa visión histórica– recibíronse 17 denuncias por presunta afección a xacementos arqueolóxicos debido a labores forestais, ben sexan repoboacións, ben sexan talas. Unha vez que se ten constancia, actúase. Documentouse en tres delas que non había xacementos arqueolóxicos, e nas 14 restantes tamén se puxo de relevo que non houbo afección. Si se detectou que en tres había xacementos inéditos que non estaban catalogados, que non estaban inventariados, e que foron, a partir de aquí, incorporados cos seus diferentes documentos de organización. Obviamente, supoño que estará de acordo comigo en que a Consellería de Cultura non só non permite ningunha actuación que poida danar un xacemento arqueolóxico, senón que, de xeito preventivo, ten unha serie de medidas cautelares que impón a aqueles agricultores, a aquelas comunidades de montes, que lexitimamente xestionan os seus recursos forestais ou recursos agrarios.

Estes condicionantes son informados aos cidadáns, aos propietarios, aos gandeiros, aos agricultores e aos propietarios forestais para que, en caso de compatibilizar ambas actuacións, non teñan lugar agresións que poidan ir en contra do valor patrimonial dos bens. Vostede, que tamén se preocupa do medio rural, entenderá que hai que compatibilizar ambas cuestións e que hai que prever as actuacións que poidan danar os bens arqueolóxicos. E cando se detecta –que nalgún caso se ten detectado– que, pese ao labor preventivo, pese ao labor informativo e pese ao labor vencellado ás acreditacións para proceder á tala, a repoboacións, etc., que hai algún tipo de agresión, a Consellería pon en marcha uns mecanismos sancionadores pertinentes.

O que si é certo, señoría, é que estamos traballando en favorecer unha mellor información...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que estamos traballando –a nova Lei de patrimonio así o posibilita– en que haxa un acceso á información patrimonial máis fácil e en que aqueles agricultores, gandeiros, propietarios de bens forestais, sexan privados ou sexan comunidades de montes, cando...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...desenvolven a súa actividade, teñan en conta a realidade dos bens patrimoniais e poidan compatibilizar ambas actuacións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica. Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois xa que saca o tema, señor conselleiro, tamén habería que preguntar por que a estas alturas non temos o inventario en formato dixital para que se poida consultar. Non sei se iso é unha actuación moi proactiva da súa consellería, pero a estas alturas, no ano 2016, na industria 4.0, da que tanto presumen, que non teñamos nin

sequera referenciados os xacementos arqueolóxicos en formato dixital é unha actuación bastante pobre, señor conselleiro, xa que mo di.

Vostede di que está actuando. Hai dúas cuestións que me fan cuestionar a súa resposta: unha, que en cinco anos houbera 17 denuncias... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, na Mariña, si, pero na Mariña xa sabemos a actividade de plantacións e cortas que hai, e en cinco anos paréceme moi pouca actividade, señor conselleiro, e moito máis cando de repente estes dous colectivos presentan 56 denuncias, das cales, unha vez inspeccionado, en 40 había xacementos. Polo tanto, é moito maior o labor desenvolvido por estes dous colectivos, que de xeito non oficial pero si cun labor importantísimo se preocupan de protexer o patrimonio, que a propia actuación da Consellería, que en cinco anos recibe 17 denuncias pero que non fai ningunha denuncia de oficio, non fai ningún labor previo de vixilancia. Iso é o que lle estamos dicindo.

Polo tanto, ¿que estamos facendo? Pois están facendo un esforzo bastante pobre. E tamén debería de explicar por que estes colectivos practicamente son tratados como sospeitosos cando están facendo un traballo valioso para este país, e por que tardan meses en recibir ese inventario, señor conselleiro. ¿Como é posible que estas persoas tarden meses en recibir un inventario de xacementos arqueolóxicos? Eu non lle vexo ningunha lóxica. Gustaríame crer que se está a facer ese esforzo, señor conselleiro, pero vostede sabe que non se está a facer. Aínda así, pode facer propósito de emenda e dicirnos que a partir de agora si que van traballar en serio para a protección do patrimonio. Por agora, señor conselleiro, as mostras non din iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor Sánchez, a protección do patrimonio hai que facela de pico e hai que facela de pa. Eu ás veces, escoitándoos a vostedes, a persoas do seu grupo, fóra dos ámbitos de xestión, teñen francamente moito pico para falar da protección do patrimonio, pero cando lles toca actuar no ámbito das súas competencias, nos ámbitos que teñen, municipais ou en calquera outro, pa ningunha. E voulle dar un exemplo.

Hai moi pouco, nun concello rexido por vostedes, no cal está ubicado este Parlamento, houbo unha tala feita por operarios municipais sen ningún tipo de permiso no Camiño inglés. Comunicóuselle –non, dígoo para que se vexa a diferenza que hai entre falar e xestionar– nese caso ao Concello, ao concelleiro –eu entendo que o concelleiro non tivera información ou que non o fixera de mala fe–, e non houbo nin unha absoluta resposta. Tivo que ser a Dirección Xeral de Patrimonio quen resolvese ese asunto, cando era unha competencia exclusiva do Concello, porque eran operarios municipais talando árbores no Camiño inglés, no camiño histórico, na traza histórica do Camiño inglés. Por iso digo que unha cousa é o pico e outra cousa é a pa.

E, mire, eu voulle dicir que os bens patrimoniais están inventariados, están catalogados e están reflexados no planeamento municipal. Iso quere dicir que cando un cidadán, un particular, un gandeiro, un agricultor ou unha comunidade de montes quere facer unha actuación no entorno dese ben patrimonial ten que solicitar unha habilitación, ten que solicitar unha licenza no Concello que lle vai habilitar poder pór en marcha esa actividade ou non. E aí o Concello, seguindo os requisitos en certa medida de Patrimonio, vai habilitar ou non vai habilitar ou vai posibilitar ou non a tala.

Claro, vostede di: é que só hai 17 denuncias. Pois, ¿que quere que lle diga? Son as que se plantexaron, e iso nin é malo nin bo. O que si é certo é que do que temos que ser conscientes é de que a Consellería de Cultura o que está facendo é, primeiro, reforzando a protección do patrimonio e poñendo á disposición dos servizos municipais a información pertinente para que cataloguen e carguen nos seus planeamentos municipais os bens patrimoniais, para que, cando se autorice algún tipo de intervención, a autorización dada polos concellos teña que, dalgún xeito, ter en conta esas premisas. Obviamente, pódese actuar. Vostede, que tamén defende o medio rural, pois ve que ao mellor un propietario dun bosque pode talar ese bosque sen permiso municipal. Obviamente, aí entenderá que a responsabilidade é de quen é. Ou tamén vostede poderá entender que, pese ás cautelas ou aos requirimentos plantexados, se faga unha intervención forestal e se dane un ben. Aí a responsabilidade é de quen é. Pero vostede non poderá negar..., porque seguro que se lles pregunta a gandeiros ou se lles pregunta a persoas que viven do forestal saberán que Patrimonio actúa, e actúa con bastante intensidade e, dalgún xeito, dirreciona moito a actividade de agricultores, de gandeiros e de propietarios forestais.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Polo tanto, señoría, eu volvo ao que dixen ao principio: unha cousa é o pico e outra cousa é a pa, e cando se fala só de pico e non de pa, pois realmente chegamos a conclusións erradas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e seis deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Sanidade respecto da situación da doazón e do transplante de órganos e tecidos en Galicia

A señora DEVESA BOUZAS: Grazas, presidente. *(O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.)*

Boa tarde, señorías. Tamén ao señor Fajardo, que non lle interesa a pregunta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Galicia sempre estivo moi involucrada e comprometida coa doazón e o transplante de órganos e tecidos, actividade que se leva a cabo dentro da sanidade pública nos nosos hospitais públicos, constituíndo un verdadeiro éxito no noso sistema sanitario.

As persoas que se vén beneficiadas pola xenerosidade doutras, ás que se lles permite seguir tendo ilusións, oportunidades, seguir tendo un futuro, saben ben da importancia desta gratitude, pero tamén da importancia da boa e efectiva xestión deste servizo.

Unha doazón é moito máis que cifras, é un xesto, unha acción que permite á persoa que recibe ese órgano ou tecido a posibilidade de ver mellorada a súa calidade de vida, e en moitos casos incluso de salvar a súa propia vida. No noso país contamos cun gran sistema de doazón e transplantes coordinado pola Organización Nacional de Transplantes, sendo España un referente mundial neste eido. En Galicia, en particular, realizamos por riba dos 100 transplantes de órganos por cada millón de habitantes. Contamos na nosa comunidade cun centro hospitalario de referencia na materia, como é o Hospital Universitario da Coruña.

Recentemente, fixéronse públicos os resultados do Programa de transplantes do ano 2015. Polo cal, formulámoslle a seguinte pregunta neste pleno: ¿como valora a Consellería de Sanidade a situación da doazón e do transplante de órganos e tecidos na nosa comunidade?

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Devesa.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados, señora deputada, moi boas tardes.

Salvar vidas é posible, e unha das formas máis gratificantes é mediante a doazón de órganos ou tecidos. O primeiro que quero destacar é que esta actividade, a doazón e o transplante, se leva a cabo dentro da sanidade pública, en hospitais públicos, un verdadeiro éxito do noso sistema.

Creo que podemos estar orgullosos deste logro de todos. No noso país temos un gran sistema de doazóns e transplantes. España é un referente mundial. En Galicia, en particular, realizamos máis de cen transplantes de órganos por cada millón de habitantes. O Servizo Galego de Saúde realizou durante 2015 un total de 338 transplantes de órganos nos seus hospitais, o que supón un incremento do 22 % con respecto ao ano pasado. En concreto, do total de transplantes, 168 foron do ril –deles 37 foron de doantes vivos–, 94 de fígado, 4 de páncreas, 25 de corazón e 47 de pulmón.

Quero salientar que no 2015 o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, como sinalaba vostede, realizou un total de 257 transplantes de órganos, e situouse como o centro que realizou máis transplantes en España.

Durante o 2015 continuou consolidándose o transplante de ril de doador vivo, do que no pasado ano se fixeron, como antes sinalei, 37, e 18 ata o mes de maio deste mesmo ano. Así, desde o 2001 fixéronse un total de 2.038 transplantes neste apartado. O 22,3 % do total de transplantes de ril de Galicia procede de doador vivo. En total, dende que se realizou o pri-

meiro transplante dende o ano 1981 ata o 31 de decembro de 2015 xa se levan feitos en Galicia un total de 6.948 transplantes de órganos. Se sumamos a estes os 148 transplantes realizados ata o 30 de xuño dese ano 2016, temos 7.096 transplantes.

Detrás destas cifras frías, tras cada unha destas máis de 7.000 intervencións, hai un paciente, unha persoa, da que quedou así salvada a súa vida ou que comprobou como a súa calidade de vida melloraba de xeito radical. Tamén hai un xesto solidario por parte dun doador, un acto xeneroso como hai poucos. Como conselleiro de Sanidade non podo máis que transmitir o meu máis profundo recoñecemento a eles, aos doentes, ás súas familias, que neste momento emocionalmente difícil son capaces de facer este xesto tan xeneroso.

Con respecto aos pacientes en espera, durante o 2015 descendeu o número de persoas que agardan por un transplante en Galicia, que era de 321, 3 de corazón, 29 de pulmón, 73 de fígado, 8 de páncreas e 208 de ril.

O número total de receptores en lista de espera diminuíu un 24,3 % con respecto ao balance anterior. A 30 de xuño de 2016, son 292.

Debemos salientar que Galicia, como o conxunto de España, é un referente mundial neste campo; sempre estivo moi involucrada e comprometida coa doazón do transporte de órganos e tecidos.

Quero, por tanto, recoñecer o magnífico labor da Oficina de Coordinación de Transplantes, así como o do conxunto de profesionais dos sistemas implicados tanto na doazón como no transplante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Devesa.

A señora DEVESA BOUZAS: Grazas, señor presidente.

Quero felicitar, en primeiro termo, os profesionais do servizo en Galicia, e tamén, señor conselleiro, a súa consellería polos datos relativos aos transplantes neste pasado ano 2015 na nosa comunidade.

Como vostede vén de sinalar na súa intervención, queda reflectido o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa sanidade pública, e, neste caso, coas persoas que precisan un transplante para mellorar a súa calidade de vida.

Se ben non poderíamos estar a falar destes datos se as persoas doadoras e as súas familias non tomasen esta decisión, en momentos especialmente sensibles e complicados, de ofrecer a outros unha nova oportunidade doando un órgano ou un tecido. Esa valentía de dicir que si, de dar vida ou mellorar a calidade de vida dun terceiro, ten que ser agradecida dende este Parlamento e recoñecida como un paso imprescindible para os transplantes e os doentes.

Por esta razón, dende o noso grupo parlamentario, gustaríanos que se especificaran as cifras de doantes, as características dos mesmos e as taxas de negativas familiares.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Devesa.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señora deputada.

Na miña primeira intervención abordei a actividade transplantadora; nesta segunda quero centrarme na doazón, o eslabón máis solidario do sistema.

O número de doadores de órganos cadáver en Galicia situouse en 109 en 2015, 57 na provincia da Coruña, 11 na de Lugo, 6 na de Ourense e 35 na de Pontevedra. Con este dato, Galicia rexistra o maior número de doadores nun ano. Foi un incremento do 20 % con respecto ao ano anterior e supón que en Galicia hai 39,9 doantes por millón de poboación.

No que atinxe ás causas de morte dos doadores, os motivos principais foron os accidentes cerebrovasculares, cun 74,3 %, seguido dos traumatismos cranioencefálicos e da anoxia – falta de oxíxeno nun tecido–.

Con respecto á idade media do doador, foi de 61,6 anos. E con respecto ao sexo, un 50,5 eran homes e un 49,5 mulleres. Houbo unha variación nestes últimos anos pola mellora da seguridade vial, e por iso agora mesmo o doante é un doante de certa idade, e, como dixen hai un momento, por accidentes cerebrovasculares máis que por traumatismos cranioencefálicos, como era ata hai moi pouco tempo.

A taxa negativa de familiares descendeu case 5 puntos durante o 2015, fronte ao anterior, pasando de 27,4 a un 22,7 neste 2015.

Se ben, esa cifra segue sendo alta e seguiremos traballando precisamente para involucrar a poboación a incrementalalo.

Quero facer, en nome do Servizo Galego de Saúde e meu en particular, unha felicitación á Oficina de Coordinación de Transplantes, e un recoñecemento público aos doadores e ás súas familias pola valentía, a fortaleza e a xenerosidade que amosan neses momentos difíciles. Nun momento acaban de dicirlles que unha persoa, un familiar, un fillo, un avó ou un pai perde a vida, e eles teñen a enteireza suficiente para ofrecerlla á sociedade e poder dar vida a outra persoa en dificultades. Todos eles fan realmente posible que o maior número de transplantes sexa unha realidade.

Actualmente en Galicia 101.908 persoas teñen a tarxeta de doador; destas, 3.061 son novas tarxetas realizadas en 2015 na Oficina de Coordinación de Transplantes, e hai un incremento dun 12 % sobre esta data ata o 1 de xuño.

Queremos, polo tanto, agradecer ao conxunto da sociedade, tamén aos profesionais dos hospitais galegos, estes resultados, xa que son os que posibilitan que as cifras de transplantes se manteñan en Galicia, grazas a eses 11 coordinadores que están nos hospitais galegos, aos doantes, aos receptores e, como dicía, á familia.

E tamén quero dicir que o novo documento xa involucrado dentro da historia clínica de vontades anticipadas facilitará poder ter máis doantes e que poidamos aínda mellorar estas cifras.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández e cinco deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a xestión levada a cabo polo Goberno galego en materia de sanidade pública

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Estamos xa no derradeiro pleno do período de sesións, e probablemente de lexislatura, e tocaba facer balance sobre a situación da sanidade pública. En sete anos o Partido Popular destrozou a nosa sanidade pública, xa o temos debatido en moitas ocasións, e vou facer un resumo breve nos minutos que teño.

Recorte orzamentario en termos nominais de 300 millóns de euros, 1.795 profesionais menos; eliminación do 20,5 % dos recursos de atención primaria; eliminación perpetua de 400 camas e peche sistemático durante todo o ano, especialmente no verán e nadal, e en torno a 1.000 camas durante estes meses de verán, cando se seguen incrementando, a pesar do que vostedes din, as listas de espera.

PFI de Vigo, que destrozou a xa de por si deficitaria sanidade na área de Vigo, cun custo de 1.400 millóns de euros, cun hospital que custaba 450, cun contrato cheo de incumprimentos e cun recorte de camas que permite que vostedes sigan mantendo o multimillonario concerto con Povisa; 90 millóns de euros anuais a unha empresa á que, ademais, lle permiten incumplir ratios de persoal, listas de espera e prestacións.

Os hospitais de Ourense e de Ferrol, entregados a Ferrovial para a xestión dos seus espazos e servizos; o compromiso de dotar o Lucus Augusti, incumprido; a alta tecnoloxía, privatizada durante oito anos; os sistemas de xestión de información, novas tecnoloxías, historia clínica, receita electrónica, fogar dixital e cita previa, todo absolutamente privatizado –debatémolo esta mañá–.

A saúde mental, practicamente abandonada; a atención ás drogodependencias, abandonada, e asfixiados os colectivos que se fan cargo; funcionamento totalmente vertical da súa consellería. Desprezo total e absoluto na toma de decisións a opinión dos profesionais, e é máis, incluso nalgúns casos ameazas cando estes se manifestan.

Repagos na farmacia, perda da universalidade na atención; ampliación de Montecelo, non feita durante sete anos; e esta mañá finalmente acaban de anunciar que abandonan vostedes o seu fantasioso proxecto do hospital público-privado de Monte Carrasco.

O CHUC, o hospital de Ferrol, cun plan director abandonado. Temos cinco plantas con habitacións que seguen sen ter baño –século XXI–; centros de saúde que caen en anacos; transferencias á Xunta, cero durante este mandato.

Galaria sen pasar ao público. O 061 deficitario, con traballadores e traballadoras traballando nunhas condicións realmente precarias.

Sanidade pública sen coordinación co Sergas, permisividade ante os incumprimentos da Lei de incompatibilidades dalgúns xefes de servizo; traslados á privada; intentos de privatizar a xestión clínica, a esterilización e a farmacia ambulatoria de dispensación en hospital.

Xestión nefasta tamén no tratamento da hepatite C, con dúas persoas imputadas na súa consellería ás que vostedes seguen sen cesar. Un suma e segue.

Señor conselleiro, ¿que vai facer e como xustifica ter deixado a sanidade pública o Goberno do Partido Popular nestas condicións sete anos despois? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señores deputados.

Señora deputada, podía empezar cunha frase que trouxen na intervención miña anterior; é dicir, «lanzar unha campaña de alarma con datos falsos e intereses descoñecidos nun discurso catastrofista». Isto dío un portavoz do Servizo Andaluz de Saúde ante palabras parecidas ás que vostede emprega. E vostede emprega e cre que iso é a realidade, e realmente o que fai é unha suma de frases que utilizan vostedes nas manifestacións, en todo tipo de mobilizacións políticas, que intentan o que intentan, chegar ao poder, pero realmente non saben o que é a xestión diaria, non coñecen a realidade de Galicia, non coñecen a realidade da sanidade e por suposto non van poder cambiala porque imos seguir gobernando nós. (*Aplausos.*)

Señoría, hai agora dous meses, o 11 de maio, noutra pregunta parlamentaria, falaba vostede do fracaso do modelo sanitario. Agora, cunha exposición de motivos moi similar, na que mestura todo, fálanos de abandono e de incerto futuro económico. Unha vez máis, non podo en ningún modo compartir o seu discurso, alonxado da realidade e ademais catastrofista.

Díxenlle entón e repítolle agora que a saúde da poboación galega non só é unha prioridade do Goberno da Xunta, senón que é a primeira prioridade. A proba indiscutible de que a sanidade constitúe a maior partida dos orzamentos é o feito de que a porcentaxe de orzamento

destinado á sanidade ascendese ata máis do 40 % do total da Xunta de Galicia; é o mellor indicador deste compromiso do Goberno co sistema sanitario público.

Xa entón lle acreditei mediante cifras obxectivas que poñían de manifesto a mellora substancial nos nosos indicadores asistenciais que de ningún modo se pode falar de abandono, máis ben o contrario. En 2015 fixemos 185.272 intervencións cirúrxicas, case 17.000 intervencións máis que en 2009. Consequimos baixar a lista de espera para os pacientes con patoloxías máis graves, a prioridade 1. Os cidadáns que as padecen esperan menos de 20 días para operarse.

O número de consultas hospitalarias en xornada ordinaria realizadas en 2015 foi de 4.237.280, que son 460.000 máis que en 2009. E os galegos esperan menos. En 2009 o tempo medio de espera era de 71 días, e agora é de 51,4, case 20 días menos. Dentro de pouco, na semana que vén, terán os datos actualizados do 30 de xuño deste ano, que son, como dixo o presidente, os mellores dos últimos anos.

Modernizamos de xeito moi importante as nosas instalacións, a pesar da crise que temos padecido. Equipamos e puxemos en funcionamento os novos hospitais de Lugo e Vigo. Continuamos co Plan director do Complexo Hospitalario da Coruña, e iniciamos a ampliación do Hospital do Salnés, do Hospital da Costa e do Hospital de Ourense.

Estamos a traballar no futuro hospital de Pontevedra, Ferrol e Conxo, e actuamos en 36 centros de saúde, 25 novos centros xa construídos e 11 reformados, con outros 9 en construción e mais en proxecto. Así, en 2016 serán 7 de cada 10 galegos os que contarán na súa área de influencia cun centro sanitario novo ou reformado.

Este é o abandono do Partido Popular coa sanidade galega. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, non me asusta o seu clasismo, realmente o que me produce é bastante desprezo.

Vostede fala das mobilizacións coma se foran algo desprezable, e ademais, obviamente, aí evidencia de onde vén vostede, porque é vostede o que non coñece a sanidade pública e non ten nin idea de como xestionala, porque non pisou a maior parte dos servizos.

Desgraciadamente, como eu son persoal eventual, bastante precario, ao que ameazaban – ao igual que ás miñas compañeiras – se non aceptaba algún traballo, pois, obviamente, seguramente coñezo moitos máis servizos ca vostede, e é moi probable que me falten moitísimos aínda por coñecer.

Sabe vostede, ademais, que esta deputada polo menos tivo a decencia de estar en todos os hospitais – fáltanme creo que tres – e en varios dos centros de saúde – que son moitísimos – da nosa comunidade falando tanto coas xerencias como cos traballadores e traballadoras.

Pero como non veño falar de min, señor conselleiro, senón preguntarlle pola súa xestión, e evidentemente por como a deixan, teño que lembrarlle que en todas as comunidades autónomas –e non é recente– o orzamento sanitario representa entre un 30 % e un 40 %; en todas, sempre. É histórico, non é que a Xunta de Galicia invista máis. É máis, acabo de darlle o dato concreto dos recortes en sanidade, que acumulan 300 millóns de euros en termos nominais; en termos reais é moitísimo máis.

Pero, ademais, señor conselleiro, vostedes deixan unha consellería sen fondos europeos para a construción de infraestruturas, contestáronmo vostedes mesmos na Comisión de Sanidade; deixan, ademais, compromisos de pago relativos ao hospital PFI de Vigo, ata dentro de dúas lexislaturas; e deixan comprometido todo o orzamento sanitario, con todos os recortes que nos van vir, obviamente, de Bruxelas, porque vostedes nin tan sequera cos recortes son capaces de xestionar a economía do noso país e do conxunto do Estado.

Señor conselleiro, néguelles vostede aos traballadores e traballadoras a realidade que acabo de afirmar. Non mo diga a min, dígallo a eles. Dígalles ás asociacións que traballan coas drogodependencias que todo está moi ben, dígallo aos de saúde mental, dígallo aos da hepatite C, dígallo aos que están nas listas de contratación, dígallo aos que teñen que dobrar turno; dígallo a todas as persoas que están na lista de espera.

Eu non sei se nós imos xestionar ou non a sanidade pública, pero o que teño ben claro é que vostede non merece estar nesa cadeira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Turno de peche. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Evidentemente, non estou nesta cadeira porque vostede o queira, iso está claro, e, dende logo, teño bastante máis formación e experiencia ca vostede, por moitos anos. *(Murmurios.)* Polo tanto, non me vai ensinar nada vostede do que é a sanidade española e a sanidade galega.

Pero mire, non hai argumentos, e, cando non hai argumentos, hai que ir á pancarta. É o que hai, non hai outra cousa. *(Risos.)*

Nós queremos un servizo sanitario público equitativo, suficiente e de calidade, utilizado de forma eficiente. Conseguilo exige unha actuación integrada no ámbito regulador da xestión, da asistencia, da investigación e da docencia.

Para iso é necesario transformar o modelo asistencial, pasando dun modelo de atención reactiva a un modelo proactivo, cuxos principais eixos serán a promoción da saúde e a prevención e a abordaxe da cronicidade, a autoxestión e o autocoidado da enfermidade, a promoción dun envellecemento activo e saudable.

Afrontaremos todos estes restos coa nova estratexia Sergas 2020. Garantiremos o futuro do sistema grazas ao esforzo dos profesionais e xestores que traballan na sanidade pública galega e ás medidas impulsadas pola Consellería, en xeral polo Goberno da Xunta.

Insisto, o feito de que a porcentaxe do orzamento destinado a sanidade ascendese ata máis do 40 % do total da Xunta de Galicia é o mellor indicador deste compromiso co sistema público sanitario. Olvida, señora deputada, o que dedica Andalucía, que está en 900 euros por cidadán dedicados á sanidade. Galicia está entre os seis primeiros, con 1.400 euros. Iso non

o coñece, non o coñece esta deputada. (*Murmurios.*) Hai compromiso e seguirá habendo compromiso da Xunta de Galicia.

Tamén é importante subliñar que a mellor garantía de futuro é o rigor da xestión das contas públicas, do diñeiro que os galegos poñen á súa disposición. (*A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Por iso, nós cumprimos co déficit marcado pola Unión Europea –das poucas comunidades que o cumprimos–, e por iso agora temos un superávit da responsabilidade, que estamos utilizando en investir e en mellorar o servizo sanitario.

E, dende logo, teño un exemplo destes días para que coñezan como funciona a sanidade galega e outras sanidades. A construción dun novo hospital no Servizo Vasco de Saúde, despois de 34 anos de transferencias, inaugurouse hai uns días. Despois de 34 anos, inaugúrase o primeiro hospital novo, que é un comarcal, de 148 camas. Despois de 6 anos de obra, inaugúrase só para consultas externas, e tardará ano e medio máis para facer ingresos e urxencias. (*A señora Solla Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)

Isto é a sanidade doutra comunidade autónoma; por certo, onde os partidos similares aos seus tamén poderán gobernar, e dende logo teñen unha influencia importante, pero en Galicia facemos as cousas moi serias, facemos infraestruturas hospitalarias, centros de saúde, novos servizos, e iso é grazas á implicación da Xunta, do presidente da Xunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados das medidas impulsadas polo Goberno central en relación coa situación do sector lácteo

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados, señora conselleira do Medio Rural,

O azar quixo que a primeira pregunta do primeiro pleno da primeira lexislatura na que estiven neste Parlamento me tocasse formulala a min, e tamén a última pregunta do último pleno da última lexislatura que vou estar neste Parlamento. Pero é que vai máis alá, a primeira pregunta que formulei era sobre a supertaxa que acababa de decretarse en relación cos gandeiros e gandeiras galegas.

Hoxe non nos enfrontamos a unha supertaxa, porque hoxe non temos sobreproducción sometida a sanción, pero sen embargo estamos ante unha situación que viven os nosos gandeiros en que a supertaxa llela están aplicando ás industrias a través da penalización abusiva nos prezos e nas relacións contractuais.

Mire, señora conselleira, hai dez meses que se acordou en Madrid un pacto sobre o sector lácteo. Sabe vostede perfectamente que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego

sempre discrepou co Goberno, e co Goberno do Estado, en que ese acordo fose ser realmente útil para resolver os problemas do sector lácteo. Nós sempre lle dixemos que o día que algunha desas medidas dese acordo tivese repercusión nos contratos e nas facturas dos gandeiros reconeceríamos que tiña algunha bondade e que nós estabamos equivocados.

Dez meses despois, señora conselleira, os gandeiros galegos están firmando contratos a 27,5 céntimos, tendo en conta que, ademais, entre o 30 % e o 40 % da súa produción están entregándoa a prezo de intervención, en moitos casos a menos de 20, a 18 céntimos.

Señora conselleira, sabe vostede, ademais, que moitos gandeiros no noso país sofren tal chantaxe que, ao mesmo tempo que asinan o contrato coa industria, asinan a renuncia ao dito contrato, porque se non hai renuncia non hai contrato.

Polo tanto, señora conselleira, eu preguntolle: ¿segue vostede considerando que o acordo do Ministerio e as presuntas medidas que ían dar lugar a ese cordo é o bálsamo de Fierabrás para o sector lácteo ou teñen pensado facer algunha cousa máis para sacar os gandeiros e as gandeiras, a ese sector estratéxico que está afogado, do pozo no que está somerxido?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señora Tareixa, pois para min tamén é un pracer que sexa neste último pleno quen me formule esta pregunta, independentemente de que tanto vostede coma min saibamos de primeira man cal é a realidade do sector lácteo e aínda que despois cada un ou cada unha teña as súas diferenzas e intentemos levar a xestión por camiños ben distintos.

Como ben saben, e como ben dicía vostede, para facer fronte á difícil situación do sector lácteo –que é obvio que existe e que ninguén a ocultou; situación complicada e agravada a partir do verán de 2015, cuxa causa principal foi a desaparición das cotas lácteas–, o Ministerio elaborou un plan de medidas para o sector lácteo que culminou o 23 de setembro de 2015 coa sinatura do denominado acordo lácteo, co fin de lograr un obxectivo último, e ese obxectivo é que a cadea de valor do sector lácteo fora máis equilibrada e que garantira a sostibilidade e o futuro do conxunto de operadores do sector.

Naquel momento, e tamén posteriormente, foron moitas as empresas, cooperativas e asociacións agrarias que se sumaron ao acordo, procedentes de todos os ámbitos da cadea, tanto da distribución como do sector industrial como do sector produtor. É máis, recentemente a maior organización, a máis representativa do conxunto galego, vén de asinalo, polo cal, tan malo non debe ser, independentemente de que hai momentos nos que un decide, por unha

causa ou por outra, asinar nun momento determinado ou noutro. Oxalá fora dende un principio porque así fariamos todos máis forza. Dende a firma deste acordo estanse a realizar por parte do Magrama un seguimento trimestral das consecuencias da implantación do mesmo.

O primeiro é dicir que, tras a sinatura do acordo, a distribución non só se comprometeu, senón que foi unha realidade poñer en valor, valorizar, o leite nos seus lineais, evitando prácticas de banalización; aquilo que antes era habitual agora simplemente é unha anécdota.

Mentres os prezos dos *commodities* lácteos e os prezos do leite a nivel europeo e mundial seguen en caída libre, en España estes prezos foron conténdose. Pero conter non quere dicir que nós esteamos aínda de acordo, pero están marcando o mercado eses prezos. Ademais, neste tempo procedeuse á homologación por parte do Magrama do contrato tipo promovido pola Inlac para dotar de seguridade xurídica as transaccións de leite cru e regular o obxecto do contrato.

Grazas a todo isto, quero dicirlles que fomos quen de sacar adiante o Real decreto que regula o sistema de información de fabricantes de leite, o denominado Decreto de cesión de prezos. Polo tanto, independentemente de que non esteamos de acordo co prezo –non o estamos en Galicia, non o estamos en España, e non hai máis que ver os prezos a nivel Europeo e a nivel internacional–, hai que dicir que se están asentando as bases de cara a un futuro prometedor do lácteo galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica. Señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, nas últimas semanas, moito escoitamos falar ao Goberno da Xunta de Galiza e ao Partido Popular do superávit da responsabilidade. Eu a vostede non lle vou pedir ningún superávit da responsabilidade, simplemente lle vou pedir un plus de responsabilidade a respecto do señor lácteo, un plus para que durante o tempo que lle quede a vostede á fronte da Consellería do Medio Rural, con independencia de que o Goberno de Madrid e o Goberno da Xunta estean en funcións, actúe.

As propostas do Bloque Nacionalista Galego non as vou repetir, son de sobra coñecidas, porque levamos moitos anos nesta Cámara presentando propostas adecuadas a cada momento polo que foi pasando o sector lácteo.

Eu só lle digo que se un goberno en funcións pode permitir que Ence siga na ría, ou evitar un informe de impacto ambiental para Reganosa, ben pode intensificar as inspeccións, ben pode intensificar os controis e ben pode intensificar a interlocución dentro do sector para paliar esta situación.

E permítanme, señores e señoras deputadas... Non creo que lle falle ao sector lácteo se o último minuto da miña intervención o dedico, en primeiro lugar, a agradecer a todos os deputados e deputadas, desta e das dúas anteriores lexislaturas, o traballo que desenvolvemos entre todos e todas, e sobre todo quero agradecer a todos os servizos da Cámara, empezando polos uxieres, servizos administrativos, xurídicos, etc., que nos facilitasen o traballo.

Tiven a honra, que creo que calquera galego me envexaría, de poder servir o pobo galego. Espero telo feito con humildade; con acertos, con erros, pero, en todo caso, con dedicación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Non sei se haberá réplica, pero a conselleira ten que pechar esta pregunta.

Turno de peche. Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Bueno, é difícil ter unha réplica despois de todo isto. Quero dicir que sempre son benvidas as propostas que se fan en positivo. Eu hai tempo que coñezo a señora deputada, Tereixa, por suposto eu sempre nunha bancada e ela noutra, pero teño que dicir que si é certo que sempre se interesaba polo medio rural, independentemente de que non estea de acordo nalgunhas das propostas.

O que si podo dicir é que, por suposto, mentres que estea aquí, traballarei por e para o sector gandeiro, traballarei por e para o agro, coas medidas que nós poidamos implementar dende Galicia e, por suposto, en coordinación co Ministerio, e, como non, coa Comisión Europea.

E sen máis, porque creo que todo está dito, simplemente quero desexarlles a aqueles que teñan vacacións que disfruten delas, porque a min, como conselleira do Medio Rural, non me vai tocar disfrutar das vacacións.

Boas noites, e o dito, ata que nos vexamos por aí.

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión, vou dicir que ata aquí os plenos ordinarios desta lexislatura. E eu, en nome da Mesa e en nome dos servizos da Cámara, quérolles trasladar o meu agradecemento por dúas ou tres cousas que considero fundamentais.

Así, sen facer moito ruído, fomos o Parlamento que máis traballou de España, eses son os datos. Esta Cámara foi a que máis produción lexislativa fixo no contexto do Estado español, e iso é grazas a todos vostedes.


Somos o Parlamento que logrou implantar –e fomos pioneiros niso– a participación cidadá. Fíxose aquí a primeira pregunta ao Goberno, e aprobouse aquí a primeira proposición non de lei feita por 2.500 persoas. Neste sentido, fomos pioneiros, e iso é mérito de todos vostedes.

Somos o Parlamento máis eficiente de España. O custo por deputado é o máis barato de todos os parlamentos, pero somos os que máis traballamos. Polo tanto, eu agradézollelo.

Eu deséxolles a todos sorte. Non vou facer hoxe un discurso longo, e ademais case, con toda seguridade, que moitos nos veremos; e aos que non nos vexamos aquí, seguirémonos vendo fóra, que iso é o que por enriba de todo prevalece. Eu o que lles desexo a todos é saúde, iso é o máis importante.

Levantamos a sesión. *(Aplausos.)*

Remata a sesión ás oito da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25